

Revista GaLEGa
de filoloxía

monografía 3

Os marcadores discursivos

Conectores
contraargumentativos
no galego escrito

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Revista GALEGA
de filoloxía
monografía **3**

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Os marcadores discursivos

*Conectores contraargumentativos
no galego escrito*

Índice xeral

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

Subdirector: Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña)

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C-2978/2005

ISBN: 84-9749-178-5

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

1. Introducción	7
2. Perspectivas teóricas para o estudo dos marcadores discursivos	13
2.1. A pragmática conversacional de Grice	13
2.1.1. O principio de cooperación	13
2.1.2. As máximas conversacionais	15
2.1.3. As implicaturas conversacionais	16
2.1.4. As implicaturas convencionais e os marcadores discursivos.....	19
2.2. A teoría da relevancia	21
2.2.1. Trazos caracterizadores	21
2.2.2. O principio de relevancia, a construción do contexto e o efecto cognitivo	23
2.2.3. A teoría da relevancia e os marcadores discursivos	26
2.3. A teoría da argumentación na lingua	32
2.3.1. Principios xerais da teoría da argumentación	33
2.3.2. A orientación argumentativa	35
2.3.3. Os conectores argumentativos	38
2.3.4. A forza argumentativa, as escalas argumentativas e os topos	43
2.3.5. A teoría polifónica da enunciación e a suficiencia argumentativa	49
3. Os marcadores discursivos	53
3.1. Algunhas propostas de definición	53
3.2. Delimitación e caracterización	58
3.2.1. Delimitación dos marcadores discursivos	59
3.2.2. Caracterización dos marcadores discursivos	71
3.3. Clasificación	77
4. Os marcadores discursivos en galego	85
4.1. Marcadores e outras unidades extraoracionais na tradición lingüística galega.....	85
4.2. Clasificación dos marcadores discursivos en galego	94

4.3. A interferencia nos marcadores discursivos	110
4.3.1. O caso de <i>bueno/boeno</i>	111
4.3.2. Os adverbios e conectores <i>entón, daquela e (e) logo</i>	131
4.3.3. Marcadores de procedencia verbal.....	147
4.3.4. Outros casos de interferencia	163
5. Os conectores en galego	171
5.1. Definición e clasificación	171
5.2. Os conectores aditivos	172
5.3. Os conectores consecutivos	177
6. Os conectores contraargumentativos	183
6.1. <i>Mais, pero, pro e porén</i>	185
6.1.1. Orixe e usos no galego-portugués medieval	187
6.1.2. Presenza no galego escrito moderno	190
6.1.3. O uso actual	195
6.2. Outros conectores introdutores de argumentos fortes.....	198
6.2.1. Os adverbios marcadores <i>non obstante, sen embargo</i> <i>e nembargante(s)</i>	198
6.2.2. Os conectores que expresan a noción de preferencia (<i>antes (ben), ora (ben) e máis ben</i>)	211
6.2.3. <i>Así e todo, con todo, aínda así, no entanto, iso si e emporiso</i>	217
6.2.4. <i>En troca</i> ou <i>en troque(s)</i> e outros conectores parentéticos de contraste.....	228
6.3. Conectores que introducen argumentos fracos	238
6.3.1. Conectores adversativos e concesivos	238
6.3.2. <i>Aínda que e anque</i>	239
6.3.3. <i>A pesar de (que) e pese a (que)</i>	245
6.3.4. Outros conectores concesivos	250
6.3.5. Conclusión	256
6.4. Supresores de relevancia: <i>de todas as maneiras</i> etc.	257
Referencias bibliográficas	263
Desenvolvemento das abreviaturas utilizadas para os textos	279

Nota preliminar

Resulta evidente que os estudos de lingüística galega teñen avanzado de maneira moi considerábel nos últimos tempos. Mais tamén é certo que, a pesar diso, aínda fica moito por facer, pois o punto de partida era, certamente, moi baixo por razóns xa ben coñecidas e explicadas. Se, por unha parte, houbo que facer un estudo de campo que nos puxese ao descuberto a realidade da nosa lingua e a súa rica variedade dialectal, por outra, converteuse tamén en imprescindible a elaboración de gramáticas que, desde diferentes perspectivas e con obxectivos tamén diferentes, procurasen sistematizar ese conxunto de coñecementos lingüísticos, superando o labor en precario realizado polos devanceiros, tarefa que as linguas do noso contorno tiñan xa cumpridamente realizado, o que lles permitiu avanzaren por outras vías a que a lingüística galega aínda non deu chegado.

Un deses aspectos que ocuparon a atención de linguas como o inglés, francés ou español, por exemplo, nos últimos tempos foi todo o referente á análise do texto e, máis en concreto, o estudo dos marcadores discursivos, certo tipo de palabras ou expresións que teñen unha extraordinaria importancia na lingua e que ficaran sistematicamente relegadas á máis absoluta marxinalidade nos estudos gramaticais e lingüísticos en xeral. Como resulta lóxico polo anteriormente comentado, os estudos sobre a lingua galega aínda non prestaron a debida atención aos marcadores discursivos, que, para alén da xeral importancia que teñen, igual que acontece nas demais linguas, presentan no noso caso o problema acrecentado da interferencia do español, lingua que está a condicionar gravemente a natural evolución do galego e que condiciona tamén a forma e as funcións destas unidades tan presentes na lingua.

Porén, semella igualmente evidente que un estudo profundo destas unidades lingüísticas precisaría da existencia dun corpus de galego oral importante, pois é no ámbito da oralidade onde estes marcadores máis son utilizados. Mais tampouco están ausentes dos textos escritos e, aínda que estes non se poden tomar como totalmente representativos da lingua falada, si nos orientan sobre os seus usos a través da historia. Para unha primeira aproximación a este tema o coñecemento de textos escritos de diferente natureza (de tradición popular e culta, narrativos, poéticos ou

teatrais etc.) e da realidade da lingua falada na actualidade fornece unha información suficiente para podermos describir o seu funcionamento na lingua, independentemente doutros estudos máis concretos e especializados que se deberán desenvolver no futuro. Como o tema fica necesariamente aberto a outras focaxes centrais na oralidade, limitarase aquí a unha introdución xeral aos marcadores discursivos e ao estudo dos conectores contraargumentativos no galego escrito, que basicamente constitúe a fonte de información utilizada.

Mais tendo en conta a importante presenza de textos da tradición oral-popular como fontes de estudo e, ao mesmo tempo, o carácter popular dunha boa parte da literatura culta, que por circunstancias coñecidas durante moito tempo non tivo máis modelo lingüístico que o da fala popular que non poucas veces procuraba reproducir con fidelidade, non parece moi probábel que o uso destas unidades lingüísticas nos textos escritos se afaste moito da realidade da fala nalgúns casos, aínda que si noutros, sempre a depender de xéneros, épocas e estilos persoais. Por outra parte, e perante a evidencia da omnipresenza na fala actual de marcadores discursivos tirados do español (caso de *bueno* ou *o sea*, por exemplo), talvez teña máis relevancia constatar o seu proceso de translación á lingua escrita.

Por último, cómpre deixarmos constancia das dificultades aínda hoxe existentes para podermos delimitar e clasificar con precisión o número de unidades que compoñen o catálogo dos marcadores discursivos, así como a súa definición e funcións, dificultades que se poñen ben de manifesto ao lermos a bibliografía existente sobre o tema. A depender das diferentes correntes teóricas, unhas unidades poden ser consideradas ou non marcadores discursivos por uns autores e por outros, fenómeno que se produce en calquera das linguas do noso contorno. É por iso que tampouco aquí se poderán resolver todas as dúbidas existentes ao respecto. Tamén non se poderán estudar todos os marcadores, tanto por esa dificultade de precisión como polo alto número de unidades existente. Após fixarmos as bases teóricas do estudo, procurarase unha definición, caracterización e clasificación xeral dos marcadores, para logo centrámonos no estudo dos conectores contraargumentativos. Así mesmo, prestarase unha especial atención aos que presentan algún problema de interferencia, co obxectivo de clarificar a súa presenza no galego actual. Parece, pois, chegado o momento de que a lingüística galega lle dedique tamén a atención necesaria a estas importantes unidades da lingua, que, en metáfora utilizada por varios estudiosos, veñen sendo, de modo similar ao que acontece cos sinais de tránsito na circulación viaria, os elementos que guían a interpretación do discurso. Perante a imposibilidade dun estudo en profundidade de todos os marcadores discursivos neste traballo, comezamos por nos centrar naqueles que, ao noso entender, máis precisan dunha revisión clarificadora das súas formas e funcións, na perspectiva de avanzarmos de modo decidido na fixación do modelo de lingua culta tamén neste relevante ámbito de expresión.

1. Introducción

O estudo dos marcadores discursivos adquiriu grande relevancia dentro da lingüística nas últimas décadas, como consecuencia do desenvolvemento das diferentes teorías do texto e dos seus antecedentes. Así, podemos remontarnos á teoría da enunciación (Benveniste 1966), á teoría dos actos de fala (Austin 1975 [1962]) ou á teoría da actividade verbal (Luria 1980) para contemplarmos a evolución da lingüística textual no século pasado, así como tamén o desenvolvemento da análise do discurso (Brown & Yule 1983, Pêcheux 1997), da análise da conversación (Marcuschi 2001) e, en xeral, das diversas correntes da pragmática (Levinson 1983, Escandell 1999). Todas estas teorías¹ foron pondo ao descuberto a inescusábel existencia do texto como unidade natural de expresión e a importancia dos elementos contextuais implícitos na comunicación, xeradores das inferencias que aseguran o proceso comunicativo. Unha vez comprobado que a comunicación humana é esencialmente inferencial, foron adquirindo relevancia uns elementos lingüísticos que até entón pasaran máis ben desapercibidos para os estudiosos e que, a partir dese momento, se comezaron a ver como fundamentais para a correcta análise e interpretación das mensaxes e dos textos, así como para a comunicación en xeral: trátase dos marcadores discursivos, que desencadearon un verdadeiro aluvión bibliográfico nas dúas últimas décadas,² aínda que este non alcanzase, certamente, o galego, a se impor cada vez máis a idea de que teñen un funcionamento dentro do texto equivalente ao dos sinais de tránsito na circulación vial (Montolío 2001: 21).

Nunha aproximación incial que sirva para presentar este tipo de unidades convén sinalar que existen certos usos dalgunhas palabras invariábeis, xenericamente cha-

¹ Unha síntese sobre os precursores da lingüística textual e sobre a lingüística textual en Europa pode verse en Fávero & Koch (2002). Véxase tamén Conte (1977). Por outro lado, ao pretender mostrar que os estudiosos dunha lingua poden contribuír ao coñecemento do seu uso, Portolés (2004: 158) conclúe que os “avances en gramática formal nos hicieron pensar que éramos físicos teóricos, la pragmática lingüística nos recuerda que también somos simples -y afortunados- profesores de lengua”.

² Véxanse, só a modo de exemplo, as referencias bibliográficas sobre marcadores discursivos en diferentes linguas recollidas ao final de cada artigo en Jucker & Ziv (1998); ou Cortés Rodríguez (1995a, 1995b), Martín Zorraquino & Montolío Durán (1998: 265-286) e Portolés (2001: 163-176).

madras ‘partículas’, que dificilmente se axustan á sintaxe propiamente oracional. Tamén fica claro que os conceptos de ‘adverbio’, ‘preposición’, ‘conxunción’ e ‘interxección’ non resultan suficientes para daren conta das propiedades de todas esas palabras gramaticais e locucións, de uso tan frecuente, con que conta unha lingua. Na realidade, trátase de elementos lingüísticos de carácter moi heteroxéneo, formados por unha ou máis palabras que, en principio, diremos que teñen a función de marcaren relacións que exceden os límites da sintaxe da cláusula. As dificultades para os agrupar e clasificar ponse de manifesto no momento mesmo de lles querermos atribuír unha denominación, entre as que se viñeron utilizando algunhas como *partículas (discursivas)*, *conxuncións* ou *locucións discursivas, conectores*³ (*discursivos*), *operadores pragmáticos, ordenadores do discurso, enlaces extraoracionais, relacionantes supraoracionais* (Fuentes 1998), *elementos de cohesión, marcadores textuais* ou *do texto, marcadores discursivos* ou *do discurso* etc.; esta última denominación tivo unha especial acollida desde a publicación de *Discourse markers*, de Deborah Schiffrin (1987), e con ela estamos a nos referir a elementos como os que se subliñan a seguir:⁴

- (1) **Primeiro**, hai que prepararse ben. **Despois**, xa se verá.
- (2) **Ben**, vexamos como está a situación actual.
- (3) Teremos de procurar outras solucións, **isto é**, debemos abandonar o proxecto inicial.
- (4) –**Entón**, ti que opinas diso?
- (5) –Ten moito mérito o seu traballo.
–**Pois** a min non me convence.

Todas esas palabras ou expresións resaltadas nos exemplos precedentes son elementos lingüísticos de diferente natureza que o locutor utiliza no seu discurso, ben

³ Portolés (2001: 35-36) ten reparado en que existen marcadores do discurso “que no conectan o que lo hacen sólo en ocasiones”, como podía ser o caso de *na realidade* ou *no fondo*. Por iso afirma que esa dificultade “para hallar un significado de conexión en ciertos marcadores me ha obligado a renunciar al término *conector* para referirme a toda esta clase de unidades. He preferido el más neutro de *marcador*”. Véxase tamén unha síntese das diferentes propostas terminolóxicas en Fraser (1999: 932): ‘cue phrases’, ‘discourse connectives’, ‘discourse operators’, ‘discourse particles’, ‘discourse signalling devices’, ‘phatic connectives’, ‘pragmatic connectives’, ‘pragmatic expressions’, ‘pragmatic formatives’, ‘pragmatic markers’, ‘pragmatic operators’, ‘pragmatic particles’, ‘semantic conjuncts’, ‘sentence connectives’.

⁴ Como criterio seguido no presente traballo, a exemplificación ordenarase numericamente por apartados de capítulos con dous díxitos, de modo que todos os exemplos incluídos en 2.1, por exemplo, seguirán unha mesma numeración, en canto que en 2.2 se iniciará unha nova. Así mesmo, co símbolo * indicase que unha construción non é gramatical e con # que, podendo ser gramatical, non é pragmaticamente adecuada.

para pór de manifesto a disposición que lle quixo dar ás diferentes partes que o constitúen, ou ben para lle transmitir ao interlocutor as indicacións precisas sobre a articulación do texto e sobre as relacións que se producen no seu interior, a asegurar desa forma o desenvolvemento da comunicación. Diremos, pois, de momento que as formas *ben*, *entón*, *isto é*, *pois*, *primeiro*, *despois* son marcadores discursivos por estableceren diferentes tipos de relacións semánticas e pragmáticas que exceden o ámbito das funcións intraclausais.

Nunha breve ollada retrospectiva aos diferentes modelos de lingüística textual e á súa relación cos marcadores discursivos, pódese observar que durante as décadas iniciais en que xurdiu esta, na segunda metade do século pasado, o interese se centrou nos elementos gramaticais propiciadores da cohesión e da coherencia textuais (véxase Halliday & Hasan 1976, por exemplo); aparecen tamén as primeiras gramáticas do texto polos anos 70 e 80, que poñen en relevo a presenza dos marcadores discursivos como recursos especiais que expresan sentidos ou funcións textuais, que coadxuvan na organización do discurso etc.; considérase a gramática do texto, e máis en concreto o estudo dos marcadores discursivos, como unha “ciencia auxiliar” indispensable para a lingüística do texto (Casado 1998: 61). A presenza de unidades ou secuencias conectoras, nesta perspectiva teórica, considérase como un procedemento de cohesión textual, xunto coa referencia, a substitución, a elipse e a cohesión lexical,⁵ a se concibir a conexión como o mecanismo encargado de especificar a relación semántica que establecen as cláusulas entre si.

Porén, no desenvolvemento posterior dos estudos sobre o texto foise pondo en evidencia que non era totalmente adecuada ou exacta a consideración dos marcadores discursivos como elementos que outorgan a cohesión. Por unha parte, a ausencia dos conectores non leva consigo necesariamente a desaparición da relación conxuntiva que expresan, pois dúas oracións relacionadas sen a mediación de conector e constitutivas dun enunciado global poden converter este en perfectamente coherente, como se pode ver en (7):

(6) *O Celso é de Vigo; por tanto, é do Celta.*

(7) *O Celso é de Vigo; é do Celta.*

(8) *#O Celso é de Vigo; porén, é do Celta.*

Se a presenza do marcador discursivo *por tanto* en (6) garante a relación consecutiva existente entre as dúas cláusulas, non semella que a súa ausencia en (7) impida esa mesma interpretación nin lle reste coherencia ao enunciado. Así mesmo, a

⁵ Véxase Halliday & Hasan (1976: 4), Vilela & Koch (2001: 467) ou Freixeiro (2003: 107-114).

presenza do marcador *porén* en (8) non garante de ningunha forma a interpretabilidade do enunciado nin a súa coherencia, pois, dado o valor contraargumentativo de *porén*, non se entende en que sentido o ser de Vigo se opón a ser do Celta. De aquí pódese deducir que a interpretación dun texto ou dun enunciado non depende das marcas de cohesión que contén e que esta, por conseguinte, non é condición necesaria para un texto ou enunciado resultar comunicativamente eficaz (Montolío 1998: 104).

Ao mesmo tempo, e partindo de que a cohesión e a coherencia⁶ teñen sido destacadas como as dúas grandes propiedades do texto, aínda que con zonas de imbricación entre ambas (Koch 2003b: 45), débese tomar en consideración que propiamente a coherencia non constitúe unha calidade do texto, senón que é resultado dunha construción feita polos interlocutores nunha determinada situación de interacción, mediante a actuación conxunta dunha serie de factores de orde cognitiva, sociocultural e interaccional; deste modo, a coherencia non está realmente no texto, senón que se constrúe a partir del (Koch 2003b: 53). Por iso que, aínda aparecendo no texto mecanismos de coherencia interna como os conectores, é posíbel que os vínculos non se establezan entre elementos explicitados lingüisticamente no texto, senón cunha información implícita non codificada na lingua, como se pode ver nos seguintes exemplos:

(9) Paulo: –*Mais... ti que fas hoxe aquí a estas horas?*

(10) Breixo: –*Eu penso que o profesor foi moi inxusto ao me pór só un aprobado no exame a min e darlle un sobresaliente á Uxía, que non sabe nada.*

Antón: –*Pois realmente hoxe está moi bo día e podíamos ir á praia.*

No exemplo (9) podemos imaxinarnos unha situación en que o Paulo entra ás oito da mañá, como todos os días, no seu gabinete de avogado, que compartilla cun compañeiro, e ao ver este xa sentado perante o computador, a traballar, lle formula, sorprendido, esa pregunta. Por unha parte, o marcador *mais* non une dúas secuencias textuais explícitas, senón o enunciado explícito cunha información implícita; e, por outra, a presenza do marcador obriga o compañeiro interpelado, para o correcto procesamento do enunciado, a acceder a certas suposicións implícitas só accesíbeis mediante o contexto cognitivo, como, por exemplo, que o día anterior cando se despediron lle comunicou ao Paulo que o día seguinte non podería chegar até á última hora da mañá, pois tiña de acudir a unha vista xudicial. No caso de (10), aínda que a réplica do Antón é incoherente a respecto do tema proposto polo Breixo, o que do punto de vista de Grice se podía entender como unha

⁶ Sobre a cohesión textual véxase Koch (2001) e sobre a coherencia Koch & Travaglia (2002a e 2002b); para a relación entre ambas as propiedades Koch (2003b: 53-57).

violación da máxima de relevancia, como logo se verá, porén, nunha situación comunicativa concreta, si se podería considerar como unha resposta con relevancia óptima; o Breixo podería interpretar que o Antón non lle entendeu o que dixo ou mesmo que se acha bébedo ou que está louco, dando por terminado o intercambio; ora, o máis verosímil é que o Breixo continúe a manter a hipótese de que o Antón pretende ser relevante e que con esa sorprendente mudanza de tópico intenta ser ostensivamente informativo, advertíndoo, por exemplo, de que o profesor ou a Uxía están próximos e os poden ouvir, ou de que é amigo da Uxía e non quere falar dese tema etc.

Nas situacións conversacionais espontáneas, mesmo por estaren inseridas nun contexto físico determinado, prodúcese frecuentes interrupcións e mudanzas bruscas de tópico que provocan unha aparente ruptura da coherencia discursiva, mais que poden formar enunciados totalmente coherentes desde a óptica da pragmática conversacional e da teoría da relevancia, para a que o comunicado non debe tanto estar relacionado coa información previa como ser esencial e caracteristicamente relevante.⁷ Desta forma, os enfoques textuais baseados na cohesión e na coherencia carecen dunha adecuada noción de contexto e da súa relación co texto, pois, como se acaba de ver, un enunciado non conectado formal ou semanticamente co anterior pode resultar optimamente relevante nun contexto determinado (Montolío 1998: 107).

Tamén convén sinalar que aínda existen a nivel xeral aspectos non totalmente claros sobre a definición, caracterización e clasificación destas unidades lingüísticas tan presentes no discurso oral e escrito. E, en concreto, no ámbito lingüístico máis próximo do galego, o do portugués, bótanse así mesmo en falta pesquisas clarificadoras ao respecto, en tanto que se pode constatar unha maior atención aos marcadores discursivos na bibliografía que ten como obxecto de estudo o español; porén, débese resaltar o estudo dos marcadores conversacionais levado a cabo por Marcuschi (2001: 61-75) para o portugués do Brasil, así como o estudo dos operadores argumentativos e outros marcadores realizado por Koch (2003a: 31-62), quen se lamenta da subordinación desta clase de palabras nos traballos gramaticais brasileiros, que adoitan consideralas como simples elementos de relación destituídos de calquera contido semántico (“palavrinhas”), cando na realidade son “as responsáveis, em grande parte, pela força argumentativa de nossos textos” (Koch 2003a: 40).

Pola importancia que posúen en calquera lingua tamén resulta conveniente dedicármolles unha atención específica en galego, sobre todo se tivermos en conta que

⁷ Véxase Montolío (1998: 106), onde ‘coherente’ se utiliza como sinónimo de ‘pertinente’, e ‘relevante’ é interpretado como ‘importante e informativo’; para Portolés (2001: 19), polo contrario, ‘relevancia’, de acordo coa procedencia inglesa do termo, debe entenderse como ‘pertinencia’ e non como ‘importancia’.

nunca foron obxecto de estudo particularizado, salvo contadas excepcións como Fernández Salgado (1992), Rodís Martínez (1997), Fernández Ferreiro (2002), ou Rosales (2005: 106-115). Este traballo pretende encher un oco existente na lingüística galega, que xa fora sinalado noutra ocasión (Freixeiro 2003: 139). Mais, antes de nos centrarmos no estudo dos marcadores discursivos en galego, parece conveniente prestármolles atención ao marco teórico xeral en que o seu estudo se desenvolveu e aínda se está a desenvolver neste momento.

2. Perspectivas teóricas para o estudo dos marcadores discursivos

De entre as achegas teóricas que máis teñen contribuído ao levantamento e estudo dos marcadores discursivos resaltaremos fundamentalmente tres: a pragmática conversacional de Grice, baseada no principio cooperativo, a teoría da relevancia, derivada da anterior, e a teoría da argumentación na lingua.

2.1. A pragmática conversacional de Grice

Tradicionalmente, desde Saussure, víñase explicando a comunicación como un proceso de codificación e decodificación de enunciados, de modo que un falante emitía unha mensaxe nunha lingua determinada (código) e o ouvinte, coñecedor dese código, decodificábaa e, en consecuencia, comprendía o que se lle quería comunicar. Porén, o filósofo da linguaxe Herbert Paul Grice (1975) xa advertiu que o dito non é todo o comunicado, pois calquera comunicación verbal consta dunha parte codificada e doutra parte que é produto de inferencias. Se as doutrinas de Searle (1969) sobre os actos de fala se podían situar na zona fronteiriza entre a semántica e a pragmática, as ideas de Grice céntranse no estudo dos principios que regulan a interpretación dos enunciados, a constituíren o punto de partida da concepción da pragmática máis estendida na actualidade (Escandell 1999: 77); a súa é unha pragmática baseada na conversación.

2.1.1. O principio de cooperación

A pragmática conversacional de Grice ten o seu fundamento básico no principio cooperativo, que se tentará explicar a partir do seguinte intercambio:

(1) Uxía: *–Liches o último libro de Fernán-Vello?*

Paula: *–Prefiro as novelas de aventuras sinxelas e divertidas.*

Após o dito pola Paula, a Uxía conclúe que a súa amiga non leu o libro do poeta e que tampouco gosta da poesía nin da literatura con certo grao de complexidade; mais, na realidade, ningunha destas conclusións a que ela chega foron explicita-

mente ditas, aínda que si forman parte da comunicación. Tales conclusións son as inferencias, ou ‘implicaturas’ na terminoloxía de Grice (1975: 43), que pertencen á comunicación na mesma medida que o enunciado expreso que as provocou, pois os falantes comunicámonos presentando o dito como un estímulo para desencadear as inferencias; a decodificación por si propia nunca será suficiente para a comunicación humana, que é esencialmente inferencial (Portolés 2001: 15).

Para alén do dito, necesítase, pois, un contexto que faga posíbel o proceso inferencial, contexto que nunha conversación ha de ser necesariamente mental e deberá estar formado polas crezas que residen na memoria e por aquelas outras derivadas da percepción inmediata da situación ou polo que se dixo con anterioridade.⁸ Así, se a Uxía se despide da Paula dicíndolle *As nove no portal*, nós non seríamos capaces de acudirmos a esa mesma cita por carecermos do contexto necesario que nos permitise saber se era ás nove da mañá ou da noite, se era hoxe ou outro día e de que portal se trataba, a pesar de decodificarmos sen problemas o enunciado; isto é, non poderíamos lograr as inferencias oportunas para que a comunicación fose eficaz.

Parece claro, pois, que non só se comunica o que se di, senón tamén unha serie de inferencias producidas polo contexto. Mais o contexto mental que calquera persoa posúe é inmensamente elevado, presentándose o problema de como é que del se selecciona aquilo que en cada momento permite conseguir as inferencias precisas. É a esta obxección que Grice pretende dar resposta coa enunciación do ‘principio de cooperación’. Este autor propón unha serie de principios non normativos que se supoñen aceptados tacitamente por todas aquelas persoas que voluntariamente participan nunha conversación e que no seu conxunto constitúen ese principio cooperativo. Para el os nosos intercambios comunicativos non consisten normalmente nunha sucesión de observacións inconexas, nin sería racional que así fose, senón que son resultado, polo menos en certa medida, de esforzos de cooperación en que cada participante admite un propósito ou conxunto de propósitos comúns, ou cando menos, unha dirección aceptada por todos. Este propósito ou dirección común pode ser fixado desde o inicio ou pode facerse durante o intercambio, aínda que en cada situación algúns dos posíbeis movementos conversacionais poderían ser rexeitados por seren conversacionalmente inadecuados. En función disto, formula un principio xeral (‘cooperative principle’) que se supón que observan os participantes na conversación e que viría a dicir: “Faga que o seu contributo á conversación sexa, en cada momento, o requirido polo propósito ou pola dirección do intercambio comunicativo en que está vostede involucrado”.⁹

⁸ Non nos detemos máis na explicación do contexto por térmolo xa tratado noutro lugar (Freixeiro 2003: 63-76). Véxase tamén Portolés (2001: 15) e Sperber & Wilson (1986: 38-46).

⁹ Ou literalmente: “Make your conversational contribution such as is required, at the stage at which it occurs, by the accepted purpose or direction of the talk exchange in which you are engaged” (Grice 1975: 45).

Máis do que un principio prescritivo trátase dun principio descritivo, pois é simplemente unha condición de racionalidade que resulta básica para que o discurso sexa intelixíbel e teña sentido, converténdose no fondo nunha especie de condición preparatoria que en boa lóxica se espera que os participantes observen para que a conversación non se transforme en inconexa e absurda (Escandell 1999: 78). Porén, o incumprimento deste principio de forma deliberada e malintencionada por parte dalgún dos interlocutores pode ocasionar certo tipo de sanción dos demais, que mesmo poden acabar por o expulsar do diálogo após os protestos e advertencias pertinentes.

2.1.2. As máximas conversacionais

Partindo, pois, de que os falantes respectan o principio de cooperación, Grice desenvolve outras normas de menor nivel a que denomina, seguindo Kant, categorías de cantidade, calidade, relación e modalidade, cada unha delas subdivididas en máximas máis específicas (Grice 1975: 45-47):

- a) cantidade: fai referencia á cantidade de información que se debe proporcionar (só aquela que resultar estritamente necesaria) e contén as seguintes máximas: (i) que a súa contribución sexa todo o informativa que requira o propósito da conversación e (ii) que a súa contribución non sexa máis informativa do requirido.¹⁰
- b) calidade: comprende unha supermáxima (“Intente que a súa contribución sexa verdadeira”) e dúas máximas máis específicas: (i) non diga nada que considere ser falso e (ii) non diga nada de cuxa verdade non tiver probas.
- c) relación: comprende unha única máxima, “sexa relevante”, isto é, diga cousas que sexan pertinentes, que veñan ao caso, pois semella lóxico esperar das persoas que participan na conversación que as súas intervencións garden relación con aquilo de que se está a falar.
- d) modalidade (modo, maneira): máis do que ao tipo de cousas que se din, a que se referían as anteriores, esta categoría fai relación ao modo de dicir as cousas; contén a supermáxima “sexa claro”¹¹ e as seguintes máximas: (i) evite a escuridade de expresión, (ii) evite a ambigüidade, (iii) sexa breve (evite a prolixidade desnecesaria) e (iv) sexa ordenado.

Estes principios que rexen os intercambios comunicativos que se producen na conversación tamén están presentes nas outras esferas das transaccións humanas, pois,

¹⁰ Segundo Grice (1975: 46) esta segunda máxima é discutíbel, pois a sobreinformación non supón a transgresión do principio cooperativo “but merely a waste of time”.

¹¹ “Be perspicuous” na expresión literal, aínda que non totalmente clarificadora, de Grice (1975: 46).

aproveitando os exemplos de Grice (1975: 47), se unha persoa axuda a outra a arranxar o seu vehículo e esta necesita catro parafusos, o que resulta esperábel é que lle entregue catro e non dous ou seis (categoría da cantidade); se lle axuda a facer unha bica e necesita azucre, o esperábel é que lle pase este e non sal (categoría da calidade); se está a mesturar os ingredientes para a bica, non espera que lle entregue un bo libro ou inclusive un pano para a meter no forno, aínda que esta poida ser unha contribución apropiada nunha etapa posterior (máxima da relación); por último, esa persoa espera que o seu axudante teña claro o tipo de contribución que está a facer e que a realice de modo razoábel (categoría de modalidade). Como se pode observar, a actividade lingüística non se presenta como algo diferente do conxunto das accións que as persoas realizan. Aínda que estas categorías teñen unha enunciación imperativa, o importante para a teoría de Grice non é tanto o cumprimento das máximas como o feito, moito máis interesante, de os interlocutores actuaren dando por descontado tal cumprimento, pois sen esta actitude dos falantes non habería implicaturas e talvez non sería posíbel a conversación (Reyes 2002: 41). A pesar de non seren de cumprimento obrigado, resulta esperábel, porén, que sexan observadas durante a conversación e o seu incumprimento provoca ou certos efectos de sentido ou certas sancións sociais acordes coa gravidade da transgresión, pois, como afirma Grice e remarca Escandell (1999: 80), non merece a mesma consideración infrinxir a máxima que manda ser breve do que infrinxir a que ordena dicir a verdade.

2.1.3. As implicaturas conversacionais

Véxase un exemplo, adaptado de Grice (1975: 43), onde se pon en evidencia a necesidade dun contexto que permita o proceso inferencial adecuado:

(2) A: *—Que tal lle irá ao Xoán no seu novo traballo no banco?*

B: *—Ah, coido que moi ben. Non se leva mal cos seus compañeiros e aínda non o meteron no cárcere.*

Segundo Grice, o que B quere dicir ou suxire mediante as súas palabras é diferente do que realmente di, pois o que de modo literal afirma por medio do significado convencional das palabras utilizadas é que o Xoán aínda non foi ao cárcere; mais o que quere dicir pode ser, por exemplo, que o Xoán é a clase de persoa que se deixa tentar demais polo diñeiro. Este significado adicional é unha ‘implicatura’ do dito, termo que Grice utiliza para se referir a un tipo de implicación pragmática que se opón ás implicacións lóxicas, os entaños e as consecuencias lóxicas, implicacións que exclusivamente derivan do contido lóxico ou semántico dunha expresión. O que se di corresponde fundamentalmente ao contido proposicional do enunciado, entendido do punto de vista lóxico e avaliábel nunha lóxica de tipo veritativo-condicional. Non é o mesmo o que se di que o que se comunica, como xa se

viu. O que se comunica é toda a información transmitida no enunciado, tratándose dun contido implícito que recibe o nome de implicatura.

Distínguense dous tipos de implicaturas, as convencionais e as non convencionais, as primeiras derivadas directamente do significado lingüístico e as segundas de determinados principios; vexamos en primeiro lugar estas últimas. As implicaturas non convencionais xéranse pola intervención interposta de certos principios, formando unha clase bastante extensa segundo for a natureza dos principios implicados; poden ser conversacionais e non conversacionais, estas últimas cando os principios que interveñen son de natureza estética, social ou moral. As implicaturas que lle interesan a Grice, e que son tidas en conta pola pragmática, son as conversacionais,¹² que se obteñen exclusivamente invocando os principios que regulan a conversación, isto é, o principio de cooperación e as máximas que o desenvolven.

As implicaturas conversacionais poden ser, pola súa parte, particularizadas e xeneralizadas, segundo dependeren directamente do contexto de emisión ou non. As implicaturas particularizadas prodúcense polo feito de dicir algo nun determinado contexto, isto é, a súa existencia e funcionamento dependen decisivamente do contexto, pois necesitan actuar sobre os coñecementos contextualmente compartillados. As implicaturas xeneralizadas prodúcense con independencia do contexto en que se emiten e dependen do significado das palabras, confundíndose facilmente coas implicaturas convencionais. Véxanse os seguintes exemplos:

(3) *Teño frío.*

(4) *O Xavier foi de copas cunha muller.*

En (3) podemos imaxinarnos un contexto en que varias persoas están nun cuarto e unha di que ten frío; alguén observa unha xanela aberta e vana cerrar. Unha implicatura particularizada de *Teño frío* é, pois, ‘Fecha a xanela’ nese determinado contexto. Se un pai estivese a pasear pola rúa co seu fillo pequeno levando na man o casaco deste e o neno lle dixese *Teño frío*, unha implicatura particularizada podería ser normalmente ‘Déixame o casaco’. Polo contrario, en (4), independentemente do contexto en que se pronunciar ese enunciado, a interpretación inmediata será que tal muller non é nin a esposa, nin a filla nin a nai do Xavier; trátase, por tanto, dunha implicatura xeneralizada.

Para Grice as implicaturas conversacionais deben posuír as seguintes características:¹³

¹² Un amplo estudo sobre a estrutura da conversación pode verse en Levinson (1983: 284-370); véxase tamén Marcuschi (2001).

¹³ Véxase Grice (1975: 57-58); tamén Levinson (1983: 119) e Escandell (1999: 86-88).

- a) cancelabilidade: unha implicatura conversacional xeneralizada pode ser cancelada nun caso particular mediante o acrecentamento dunha cláusula que a invalide de modo explícito ou ben pode ser contextualmente cancelada por medio da emisión do enunciado nun contexto que indique con clareza que se está a violar de maneira evidente o principio de cooperación, pois o falante deixa de colaborar; as implicaturas son cancelábeis cando poden eliminarse sen que se produza contradición. Así, a implicatura de (4) cancelábase con facilidade en (5):

(5) *O Xavier foi de copas cunha muller: a súa.*

- b) non separabilidade: as implicaturas conversacionais que non se basean na violación das máximas de modalidade (ou maneira) dependen do contido expresado e non do modo particular de o expresar; unha implicatura sería separábel se desaparecese ao se enunciar a expresión doutro modo. Nos exemplos (6), (7) e (8) todos os enunciados implican que ‘Henrique non conseguiu ser o director da empresa’, demostrando que as implicacións non son separábeis cando se infiren do significado e non da forma dunha expresión, isto é, que se se di o mesmo con outras palabras a implicación persiste, e tamén permitindo predicir que as substitucións sinonímicas non afectan o contido implicado:¹⁴

(6) *O Henrique tratou de acceder á dirección da empresa.*

(7) *O Henrique intentou acceder á dirección da empresa.*

(8) *O Henrique pretendeu acceder á dirección da empresa.*

- c) non convencionalidade: as implicaturas conversacionais non forman parte do significado convencional das expresións a que se ligan, isto é, non derivan do significado convencional do que se enuncia e son propiedades dos enunciados máis que das oracións, como se pode ver nos exemplos (3) e (4).
- d) non deducibilidade lóxica: as implicaturas conversacionais non son propiedades lóxicamente deducíbeis a partir do dito, senón que dependen máis ben do feito de dicir o que se di; esta propiedade vai moi unida á anterior e ambas explican que unha mesma oración poida provocar un número indeterminado de

¹⁴ Véxase Escandell (1999: 87), para quen o trazo da non separabilidade suxire a diferenza entre implicaturas conversacionais e presuposicións, que dependen decisivamente da aparición de certas palabras, en canto que as implicaturas dependen do seu significado, dicíndose por iso que a implicatura non pode separarse do seu contido. Por outra parte, para Reyes (2002: 45-46) as presuposicións son significados adicionais que están implícitos en determinadas expresións e que contan para avaliar a verdade da oración, feito que as diferenciaría das implicaturas convencionais; estas son separábeis e as presuposicións non, como demostrarían estes exemplos: (i) *Luís deixou de fumar* (‘antes fumaba’), (ii) *Luís xa non fuma* (‘antes fumaba’) e (iii) *Luís non fuma máis* (‘antes fumaba’).

implicaturas distintas. Así, no exemplo (9) pódense querer dicir cousas diversas, como que o rapaz é mao, espelido, intelixente, trasno etc.:

(9) *O fillo máis novo de miña irmá é o diabo.*

- e) indeterminación: debido a que poden ser diferentes os modos de conseguir restabelecer a vixencia do principio de cooperación e das máximas, as implicacións obtidas por medio da conversación posúen un certo grao de indeterminación.¹⁵

2.1.4. As implicaturas convencionais e os marcadores discursivos

As implicaturas convencionais derivan directamente dos significados das palabras e non de factores contextuais ou situacionais; por exemplo, en

(10) *O meu veciño é un home moi rico, **mais** xeneroso.*

prodúcese unha implicatura convencional que vai unida ao significado léxico de *mais*, de acordo co cal o segundo predicado non só se presenta como un contraste a respecto do primeiro, senón tamén como algo inesperado ou non habitual. Por tanto, as implicaturas convencionais forman parte do contido de certas expresións lingüísticas e, aínda que son significados adicionais, non se calculan ao viren incorporados no contido das expresións. Así, as inferencias que se poden deducir de (10) –que é boa persoa, que podemos contar con el, que nos vai apoiar na solución dunha causa nobre etc.– están ‘convencionalmente’ condicionadas por *mais*, aínda que o convencional se limita a que sexa o membro discursivo que segue a este conector, e non o anterior, o que orienta cara á conclusión que se ha de obter, como apunta Portolés (2001: 18), a exemplificar con enunciados do seguinte teor:

(11) *O Lois é feo **mais** é simpático.*

(12) *O Lois é simpático **mais** é feo.*

De os enunciados (11) e (12) seren proferidos por unha moza que acaba de acudir a unha primeira cita co Lois, a conclusión que este autor prevé para (11) é que a rapaza lle fará caso, en tanto que para (12) é que llo non fará. Mais de os mesmos enunciados seren emitidos por un encargado de selección de persoal para vende-

¹⁵ En palabras textuais de Grice (1975: 58): “Since, to calculate a conversational implicature is to calculate what has to be supposed in order to preserve the supposition that the Cooperative Principle is being observed, and since there may be various possible specific explanations, a list of which may be open, the conversational implicature in such cases will be disjunction of such specific explanations; and if the list of these is open, the implicature will have just the kind of indeterminacy that many actual implicatures do in fact seem to possess”.

dores a domicilio a conclusión que se pode obter de (11) é que o contrata e a de (12) que non o contrata. Así pois, o marcador discursivo *mais* orienta a conclusión, se ben que esta se obtén conversacionalmente por poder ser diferente segundo for o contexto.¹⁶ Por outra parte, as implicaturas convencionais non exercen ningunha influencia sobre o valor de verdade da oración en que aparecen, aínda que limitan o uso apropiado dunha expresión (Reyes 2002: 44):

(13) *O Iago conseguiu terminar a carreira de Enxeñaría Química.*

(14) *O Iago terminou a carreira de Enxeñaría Química.*

(15) *#A Xulia é viguesa, **por tanto** é alta.*

(16) *#A Xoana é intelixente, **mais** obtivo moi boas cualificacións.*

Tanto (13) como (14) teñen o mesmo valor de verdade, isto é, significan basicamente o mesmo, mais en (13) hai unha implicatura convencional que acrecenta un significado do tipo ‘o Iago tivo de facer un esforzo especial para terminar a carreira’. En (15) se a Xulia é de Vigo e mais é alta, o enunciado é verdadeiro, independentemente do significado implícito acrecentado por *por tanto*, que pon en relación de consecuencia o ser alta con ser viguesa; en (16) se a Xoana é intelixente e tivo boas cualificacións o enunciado é tamén verdadeiro, a pesar da contradición achegada por *mais*, que o converte en estraño ou pouco aceptábel do punto de vista pragmático.

As implicaturas convencionais non se poden anular con facilidade sen o falante entrar en contradición, aínda que, nun contexto adecuado, poden ser suspendidas no transcurso da conversa sen que o falante se contradiga, cando menos totalmente; en (17) o falante entra en contradición, mais non en (18):

(17) **O Henrique conseguiu deixar de fumar, **aínda que** non deixou de fumar.*

(18) *A súa muller di que o Henrique deixou de fumar, **aínda que** non deixou de fumar.*

A pesar disto, en principio resulta útil considerarmos que as implicaturas convencionais, xustamente para distinguirmos o convencional do conversacional, teñen a propiedade de non seren cancelábeis, para alén de tampouco seren calculábeis.¹⁷ No

¹⁶ Véxase Portolés (2001: 18). Porén, Reyes (2002: 44) afirma que as implicaturas convencionais se diferencian das conversacionais “en que no requieren ningún contexto específico, ya que están adheridas a las construcciones lingüísticas”.

¹⁷ Véxase Reyes (2002: 46), que cualifica as presuposicións e as implicaturas convencionais como non calculábeis e non cancelábeis, en tanto que as primeiras son non separábeis e as segundas separábeis;

entanto, as implicaturas convencionais, en contra do que acontece coas conversacionais, son separábeis, pois se se di algo co mesmo valor de verdade mediante unha expresión diferente (substituíndo, por exemplo, un marcador discursivo por outro), a implicatura desaparece. Nos dous exemplos seguintes a implicatura de carácter opositivo que se daba en (19) desaparece en (20):

(19) *O seu avó foi un comerciante rico **mais** honrado.*

(20) *O seu avó foi un comerciante rico **e** honrado.*

En síntese, a pragmática conversacional de Grice, baseada na diferenza entre o dito e o implicado, abriu o camiño para o estudo do papel dos marcadores discursivos, partindo de que as implicaturas convencionais se fundamentan na función desas unidades lingüísticas. Posteriormente, a teoría neogriceana da relevancia, de que se tratará a seguir, tamén contribuirá de forma decisiva ao impulso do seu estudo.

2.2. A teoría da relevancia

A partir da concepción de Grice, mais a modificárenla substancialmente, o antropólogo francés Dan Sperber e a lingüista inglesa Deirdre Wilson publican en 1986 o libro *Relevance. Communication and cognition*, onde expoñen a súa teoría da relevancia (coa acepción de ‘pertinencia’ e non de ‘importancia’),¹⁸ que se converteu na actualidade nun dos modelos máis influentes e máis atractivos dentro dos estudos de pragmática. A teoría da relevancia non pode ser tratada como unha simple extensión do programa de Grice, senón que propón unha forma diferente de explicar o proceso da comunicación lingüística, superando o modelo griceano en poder explicativo e dando satisfacción á intuición dos utentes da lingua sobre os procesos de comunicación verbal (Reyes 2002: 53).

2.2.1. Trazos caracterizadores

A teoría da relevancia conforma un modelo pragmático que se propón explicar o modo como os falantes interpretan os enunciados, a se apoiar nunha hipótese de carácter cognitivo sobre como os seres humanos procesamos a información lin-

canto ás implicaturas conversacionais, tanto particularizadas como xeneralizadas, son cualificadas, de acordo con Grice, como calculábeis, cancelábeis e non separábeis (véxase cadro sinóptico das implicaturas pragmáticas en Reyes 2002: 49).

¹⁸ Na realidade, o termo inglés *relevance* debe traducirse para as linguas romances por ‘pertinencia’, e así foi traducida a obra de Sperber & Wilson para o francés polo propio autor como *pertinence* e en italiano fábase de *pertinenza*. Porén, no ámbito dos estudos sobre o español e o portugués predomina a tradución por *relevancia* (véxase, por exemplo, Escandell 1999: 109, Reyes 2002: 53 ou Montolío 1998; e Vilela & Koch 2001: 425 ou Koch 2003a: 27), se ben que Portolés (2001:18) defende o uso de *pertinencia*.

güística: o procesador central da mente é sumamente eficaz no tratamento da información porque está orientado dun modo específico cara á busca da relevancia (Montolío 1998: 94). A relevancia convértese, así, no principio xeral que explica todos os actos comunicativos lingüísticos sen excepción: prestámoslle atención ao noso interlocutor porque damos por descontado que o que nos di é relevante. Se Grice partía de que os falantes somos cooperativos na conversación (e tamén noutras tarefas que realizamos en compañía), Sperber & Wilson acrecentan que o somos porque temos algo que gañar: coñecemento do mundo.

A súa teoría procura a simplicidade ao reducir as categorías de Grice a unha soa, a da relación, mais coa diferenza esencial de que o principio de relevancia que eles propugnan é un principio natural e non unha regra cultural como a máxima griceana. Trátase dun principio cognitivo que guía o comportamento comunicativo humano sen excepcións, pois tanto o falante como o ouvinte compartillan inescusabelmente ese mesmo principio. Polo feito de seren seres humanos, para todos os falantes de todas as culturas é o principio de relevancia o que guía o proceso de obtención de inferencias.¹⁹ Todas as nosas actividades informativas están orientadas cara á meta xeral e abstracta de mellorarmos o noso coñecemento do mundo (Sperber & Wilson 1986: 47) e todos os enunciados lingüísticos intencionais conteñen unha garantía de relevancia. Tal garantía permite afirmar que se unha persoa produce un estímulo verbal deliberado, este é merecente da nosa atención e do esforzo de o interpretarmos, porque vai producir uns efectos cognoscitivos que nos interesan a curto ou a longo prazo.

De acordo con algunhas das consideracións anteriores, Montolío (1998: 94-96) resume en tres os trazos caracterizadores da teoría da relevancia:

- a) é unha teoría neogriceana no sentido en que supón unha simplificación das máximas constitutivas do principio de cooperación, que agora fican subsumidas nunha soa, a de relación, que indica “sexa relevante”. Aínda que Grice xa advertira da conveniencia de os participantes no acto comunicativo achegaren información relevante ao intercambio, no sentido de o falante se adaptar dun modo pertinente ao tema da conversación, para Sperber & Wilson, porén, a relevancia alcanza unha maior amplitude, non só como adecuación ao tema, senón tamén como ‘relevo’ ou ‘ostensión’,²⁰ isto é, como importancia informa-

¹⁹ Véxase Sperber & Wilson (1986: 50): “We believe that is this principle of relevance that is needed to make the inferential model of communication explanatory”; tamén Portolés (2001: 19). Na mesma obra (Sperber & Wilson 1986: 31-38) analízase a teoría da conversación de Grice e as súas máximas; e, así mesmo, estes autores comentan as súas diferenzas con Grice (Sperber & Wilson 1986: 46-53). Para un estudo comparativo entre ambas as teorías véxase Yus Ramos (1998).

²⁰ Este é o termo en inglés utilizado por Sperber & Wilson (1986: 49) para se referiren a ‘comportamento ostensivo’: “We will call such behaviour -behaviour which makes manifest an intention to make something manifest- *ostensive* behaviour or simply *ostension*”.

tiva. Ao afirmaren que o principio comunicativo fundamental é a procura de relevancia, tamén manteñen que o noso sistema cognitivo está deseñado xeneticamente para seleccionar a información máis importante, a que máis destaca polo seu máximo nivel de informatividade nunha situación determinada.

- b) é unha teoría inferencial porque considera que os falantes non se limitan a interpretar a información lingüisticamente codificada, senón que interpretan de modo inferencial información que non se explicitou verbalmente. Por iso Sperber & Wilson (1986: 3-15) distinguen entre dous modelos explicativos da comunicación humana: o de código, que identifica comunicar con codificar e decodificar os fragmentos de código que constitúen o enunciado, e o ostensivo-inferencial, baseado na idea de que a comunicación se leva a cabo por medio de sinais que o falante fornece ao interlocutor para que este poida inferir a información non codificada e, en consecuencia, recoñecer as intencións comunicativas daquel. No seguinte exemplo a intervención de B constitúe ao mesmo tempo unha resposta negativa á pregunta de A, para alén da información codificada:

(1) A: *—Queres vir comigo de paseo?*

B: *—Teño unha ferida nun pé.*

- c) a teoría da relevancia é unha teoría sobre o funcionamento da comunicación humana e non unha disciplina dentro da pragmática, como poden ser as teorías da enunciación, da polifonía (Marques 2000: 84-117) ou da argumentación; neste sentido, tamén pretende explicar outros tipos de comunicación, como aquela en que intervén a linguaxe non verbal ou a cinematográfica, por exemplo, ancorándose así á ciencia cognitiva, que se ocupa dos procesos mentais humanos, entre os que está a linguaxe; por iso tamén se lle criticou estar máis próxima da psicoloxía do que da gramática.

2.2.2. O principio de relevancia, a construción do contexto e o efecto cognitivo

O principio de relevancia fundaméntase nunha característica básica da cognición humana, aquela que afirma que unha persoa, en interacción co medio, presta máis atención a uns fenómenos do que a outros; isto é, a atención humana, do punto de vista biolóxico, psicolóxico e cultural, é caracteristicamente selectiva. As pesquisas experimentais no campo da psicoloxía cognitiva consideran que a atención humana se basea nun dispositivo de análise da información endógeno, preinstalado xeneticamente e denominado ‘mecanismo de relevancia’, cuxo funcionamento, para alén de se interesar polos sinais sensoriais máis intensos ou peculiares, tamén obedece ao criterio das expectativas xeradas internamente polo propio sistema de procesamento. Isto é o que fai que os coñecementos almacenados na nosa memoria permitan,

por exemplo, non só recoñecemos e identificamos un rinoceronte, senón tamén sabemos que a súa presenza é esperábel nun zoo, mais non na cociña da nosa casa. Como suxiren Sperber & Wilson, os sistemas cognitivos eficaces centran a súa atención no signo ou fragmento de información máis relevante entre os dispoñíbeis, constrúen as representacións mentais máis pertinentes posíbeis dese fenómeno e procesan esas representacións nun contexto que potencia ao máximo a súa relevancia. En consecuencia, o funcionamento eficaz dun sistema cognitivo deberá ter como base a súa capacidade para maximizar a relevancia (Montolío 1998: 97).

Para os autores da teoría da relevancia a pragmática é a teoría da interpretación dos enunciados e nese proceso interpretativo desempeña un papel fundamental a inferencia, porque o chanzo que vai entre o dito e o implicado se salta mediante inferencias e non mediante máis decodificación. Se Grice elaborou un primeiro modelo do proceso inferencial, Sperber & Wilson foron máis lonxe e explicaron a comunicación mediante un principio único, máis xeral e máis explicativo, o principio de relevancia, que se pode postular como universal por ser cognoscitivo. Este principio inclúe calquera forma de cooperación, converte en superfluas as máximas griceanas e, por tanto, resulta suficiente para explicar a comunicación lingüística. O principio de relevancia aplícase a todos os actos de comunicación intencional, sen excepcións, e os falantes nin o respectan nin o poden violar; tampouco teñen de o coñecer ou aprender. Aínda que os falantes poden fracasar no seu intento comunicativo e non seren relevantes, é suficiente con que transmitan a presunción de que o seu enunciado é optimamente relevante, pois esa relevancia determina a súa interpretación (Reyes 2002: 56).

Sperber & Wilson (1986: 132-142) revisan, redefinen e amplían notabelmente a noción de contexto, sendo esta unha das achegas máis importantes da teoría da relevancia á investigación lingüística. Para a teoría da relevancia, que postula unha concepción cognitiva do contexto, este desempeña un papel decisivo na interpretación pragmática de todos os enunciados, non só dalgúns, e constrúese ao mesmo tempo que se interpreta, pois non está predeterminado ou dado por adiantado na mente do destinatario que debe procesar un enunciado. Trátase, pois, dun contexto cognitivo que engloba o contexto físico, o contexto lingüístico ou cotexto e todo un conxunto de coñecementos que participan na interpretación do enunciado (crenzas, saberes culturais, coñecemento enciclopédico do mundo etc.).²¹ O contexto na teoría relevantista defínese, de modo unitario, en termos psicolóxicos máis do que socioculturais ou discursivos. O importante é que os interlocutores partillen ou crean partillar unha versión parecida do contexto, de modo que o éxito da comunicación vai depender do que cada interlocutor sabe e do que sabe que o outro sabe. Repárese nos seguintes exemplos:

²¹ En Freixeiro Mato (2003: 65-76) xa tratamos do contexto de situación, do contexto cognitivo e do contexto sociolingüístico, de modo que non nos estenderemos máis aquí sobre esta cuestión; véxase tamén Koch (2003b: 32-36).

(2) A: *—Imos tomar uns vasos?*

B: *—Esta semana non pasei pola casa.*

(3) Irene: *—Tes algo que facer?*

Xosé: *—Non. Estou pasando o tempo.*

Imaxinemos que en (2) A e B son dous amigos que están estudando fóra da casa; pola resposta de B, A pode construír un contexto que B esperaba que construíse: esa fin de semana non foi ver os seus pais e, por tanto, estes non lle puideron dar cartos, de modo que nese momento non tiña diñeiro para pagar ningunha consumición. Os dous partillan o coñecemento de que para poder tomar uns vasos hai que os pagar e que para os pagar fan falta cartos. Mais os dous amigos tamén compartillan outra serie de coñecementos particulares que lles permiten guiar con éxito o proceso inferencial: A pode entender que B lle comunica nun principio que non vai saír, mais tamén B lle pode deixar aberta a posibilidade de que nesta ocasión pague el; segundo o que un sabe do outro, as interpretacións poden ser varias: non van saír porque A ten poucos cartos e precisaos para comer durante a semana, non van saír porque A sabe que, se paga el, B nunca lle devolverá os cartos ou nunca o convidará a el outra vez, si van saír porque A sempre ten cartos e é xeneroso, si van saír porque B non é nada aprofitado e lle vai devolver outro día todo o que gaste etc. Imaxinemos agora que en (3) a Irene e o Xosé son unha parella que partilla vivenda e que o Xosé, moi apurado na procura de terminar a súa tese de doutoramento, está nese momento traballando no seu computador. A Irene aproxímase del e comprobou perfectamente que estaba a traballar, polo que da súa resposta infire que nese momento ten moito que facer e non pensa noutras cousas. Do coñecemento mutuo que posúan, das experiencias vividas en común, do ton das intervencións etc. vai depender a interpretación que a Irene faga da resposta irónica do Xosé: pode consideralo un desplante e enfadarse, pode comprender que está moi agobiado e que necesita o tempo para traballar etc. Tanto en (2) como en (3) as respostas provocan máis de unha implicatura, como adoita acontecer cos enunciados que producimos na vida diaria.

O que os falantes esperan dos seus interlocutores é que teñan a intención de seren relevantes, isto é, de lles diciren algo que dalgún xeito contribúa a enriqueceren o seu coñecemento do mundo sen que iso lles exixa un esforzo de interpretación desmedido. Téndese ao equilibrio entre ganancia e esforzo, de modo que cantos máis esforzos cognoscitivos producir un enunciado e menos esforzo de interpretación exixir, máis relevante será.²² E, polo contrario, canto máis elevado sexa o gasto de enerxía que se empregar, menor será o grao de relevancia do enunciado.

²² Como afirman Sperber & Wilson (1986: 48): “When the processing of new information gives rise to such a multiplication effect, we call it *relevant*. The greater the multiplication effect, the greater the relevance”; véxase tamén Reyes (2002: 54).

Como contraprestación ao esforzo de procurarmos entender o que nos din, damos por descontado que imos recibir ‘efectos cognoscitivos’ (Reyes 2002: 55), isto é, unha modificación ou mellora do noso coñecemento do mundo. Os falantes aspiran a rendibilizar ao máximo os recursos cognitivos de que dispoñen no curso de calquera situación comunicativa en que participan, para o que intentarán gastar a menor enerxía posíbel no procesamento da información requirida para producir e interpretar enunciados. Isto quere dicir que os falantes teñen de intentar potenciar ao máximo o ‘efecto cognitivo’ (Montolío 1998: 100) que os seus enunciados poidan ter sobre o auditorio co mínimo custo de enerxía de procesamento posíbel.

Estamos, pois, perante unha presentación economicista da relevancia, baseada no feito de os procesos mentais, que se comportan como calquera outro proceso biolóxico, se realizaren empregando un esforzo ou gasto de enerxía determinado na súa execución. A relevancia concíbese, así, como unha propiedade gradual, pois o enunciado que producir efectos contextuais maiores, ou que requirir un esforzo de procesamento menor, será máis relevante, de acordo coa seguinte fórmula (Reyes 2002: 55):

$$\text{Relevancia} = \frac{\text{efectos cognoscitivos}}{\text{esforzo de procesamento}}$$

De acordo con isto, non son relevantes os enunciados que achegan información xa coñecida, os que non teñen nada que ver co tema de que se está a tratar e aquelas informacións que resultaren contraditorias con suposicións ou coñecementos contextuais de maior evidencia. Como consecuencia, unha información non é relevante por si mesma, senón en relación co contexto mental a respecto do cal se interpreta, e o valor informativo dun mesmo enunciado non é absoluto e inmutábel, senón que varía cando muda ese contexto.

2.2.3. A teoría da relevancia e os marcadores discursivos

O principio de relevancia, como se viu, resúmese en que calquera enunciado comunica ao seu destinatario a presunción da súa pertinencia óptima e os falantes interpretamos a información que nos rodea orientados pola procura da relevancia, pois doutro modo fariámos perdidos na maraña de inferencias posíbeis. Para a teoría da relevancia a utilización dun marcador discursivo só será pragmaticamente adecuada se se puiden achar no contexto físico, lingüístico ou cognitivo algunha información que viñer a explicar a razón por que se establece unha determinada relación entre dous segmentos informativos. No exemplo (4) resulta moi difícil achar un contexto en que se poida producir oposición entre as dúas cláusulas concorrentes, razón por que podemos considerar o enunciado como pragmaticamente inadecuado,

cuado, en tanto que en (5) é moi fácil ver esa relación contraargumentativa entre ser de Segovia e ser mariñeiro, de modo que a interpretabilidade do enunciado está garantida e, por tanto, tamén a súa adecuación pragmática:

(4) *#O Farruco é galego; porén, é mariñeiro.*

(5) *O Fernando naceu e viviu até aos vinte anos en Segovia; porén, é mariñeiro.*

Foron, de todas as formas, os discípulos de Sperber & Wilson os que máis directamente se teñen ocupado dos marcadores discursivos e, en especial, Diane Blakemore (1987, 2000, por exemplo), discípula da segunda e especialista no estudo dos marcadores do discurso desde a teoría da relevancia. Esta considera os marcadores como sinais ou pistas que o falante utiliza para dirixir cooperativamente o proceso interpretativo do seu interlocutor, da mesma maneira que os sinais de tránsito indican como hai que circular por unha cidade. A linguaxe verbal pon en circulación unha información e os marcadores discursivos funcionan como sinais de balizamento que guían o percorrido do proceso interpretativo dun enunciado ou dun texto. Esta concepción dos marcadores como axudas para o percorrido inferencial, ou como conxunto de instrucións para interpretar enunciados, constitúe un punto de confluencia coa teoría da argumentación (Montolío 1998: 109), como se verá no seguinte apartado.

A función máis importante dos marcadores discursivos, para Blakemore, consiste en serviren de guía no proceso de interpretación que debe levar a cabo o interlocutor, mediante a especificación de certas propiedades do contexto e dos efectos contextuais.²³ Os conectores imponen restricións a respecto de cal ha de ser o contexto en que o enunciado en que aparecen debe de se interpretar e, por tanto, guían a traxectoria para acceder a ese contexto mediante o reforzamento dunhas inferencias ou a eliminación doutras que erradamente se puideren supor; con outras palabras, os marcadores discursivos concíbense como instrucións metapragmáticas para procesar a información nova no contexto cognitivo adecuado (Montolío 1998: 110). Aínda que moitos destes elementos conectivos non sexan utilizados para pór en conexión dous segmentos do texto, si poden utilizarse para limitar a interpretación dun enunciado (Blakemore 1992: 138). Nos seguintes exemplos a presenza dos marcadores discursivos restrinxe as posibilidades de interpretación dos enunciados que os conteñen:

²³ Como afirma Blakemore (1992: 137), de acordo co marco relevantista, “hearers interpret every utterance in the smallest and most accessible context that yields adequate contextual effects for no unjustifiable effort. This means that if a speaker wishes to constrain the interpretation recovered by a hearer, he must constrain the hearer’s choice of context”.

- (6) *O Anxo é un futbolista de baixa estatura, **aínda que** vai moi ben de cabeza.*
- (7) Ana: *–Hoxe non me acho con moito ánimo.*
Brais: *–**Ou sexa**, que non vas vir á festa comigo.*

En (6) o marcador *aínda que* contén a instrución de procesamento de suprimir aquelas inferencias que puideren deducirse de forma inadecuada do segmento informativo que o precede; por exemplo, que o Anxo non pode xogar de dianteiro ou que non vai marcar goles de cabeza. No caso de (7) a presenza do reformulador *ou sexa* indica que a conclusión a que chega o Brais constitúe a interpretación máis relevante do que a Ana quixo dicir, restrinxindo outras posíbeis, como que ela desexaba ir de festa para se animar un pouco, xusto a contraria, ou que se achaba realmente mal e necesitaba a axuda do Brais.

A teoría da relevancia puxo de manifesto que todos estes tipos de marcadores discursivos, bastante diferentes entre si do punto de vista gramatical (Martín Zorraquino 1998), posúen a característica semántico-pragmática común de non presentaren un significado conceptual que puiden ser analizado en termos lexicais e, por tanto, desglosábel en trazos sémicos, senón que se caracterizan por teren un significado procedimental ou procedural, isto é, por serviren de guía para o seguimento do camiño inferencial adecuado no proceso de interpretación. Blakemore retoma a diferenza de Grice entre implicaturas conversacionais e convencionais para incidir en que estas se deben ao peculiar significado das unidades lingüísticas que as ocasionan. Así, en tanto que substantivos como *mesa*, adxectivos como *veloz* ou verbos como *comprar* posúen un significado conceptual e, por tanto, contribúen ás condicións de verdade da proposición semántica que se encerra no enunciado, outras unidades como *porén*, *inclusive* ou *por tanto* teñen un significado de procesamento dos enunciados en relación co contexto e, para alén de non representaren conceptos (de non posuíren un significado de tipo representacional, senón computacional), non contribúen ás condicións de verdade dos enunciados que os conteñen, a ficaren así á marxe dunha semántica lóxica ou conceptual (Blakemore 1987: 143-144). Nos exemplos seguintes, tanto en (8) como en (9), as condicións de verdade das dúas proposicións son idénticas:

- (8) *O Pepe é de Lugo e, **por tanto**, é comedor.*
- (9) *O Pepe é de Lugo e, **porén**, é comedor.*

Ambos os enunciados serán verdadeiros se se der a circunstancia de o Pepe ser de Lugo e de ser comedor, e en caso contrario serán falsos; mais as inferencias que se obteñen son diferentes en cada caso: de (8) deducimos que o Pepe é comedor porque os de Lugo o son, e de (9) que o Pepe é comedor a pesar de que os de Lugo

non o son. En consecuencia, *por tanto* e *porén* contribúen á realización dunhas inferencias determinadas a partir da relación entre o dito e o contexto, isto é, contribúen ao procesamento dos enunciados, mais non contribúen ao significado conceptual destes nin ás súas condicións de verdade (Portolés 2001: 22).

A escola relevantista reorientou a súa liña de pesquisa a raíz dos estudos de Blakemore sobre os conectores, dirixindo o seu interese xa non tanto cara ao funcionamento da comunicación humana en xeral, senón, de modo máis concreto, cara á maneira en que a forma lingüística inflúe no modo de os falantes procesaren e interpretaren os enunciados; neste sentido, xa resulta moi significativo o título “Linguistic form and relevance” (Wilson & Sperber 1993). A teoría da relevancia deixou establecido que o modelo de código non constitúe o único procedemento para comunicar información, pois tamén existe a comunicación de tipo inferencial; mais a mesma teoría relevantista reivindica que a forma lingüística ou código constitúe a forma máis económica de transmitir información. Isto é o que explica o seu crecente interese pola análise de unidades lingüísticas concretas, a se introducir así nun ámbito que semellaba reservado en exclusiva á gramática (Montolío 1998: 114).

A base da última orientación do modelo relevantista radica en que os enunciados posúen unha información de tipo conceptual ou representacional e outra información procedimental ou computacional, que é unha información pragmática sobre a maneira de procesar o contido conceptual do enunciado. Isto quere dicir que os enunciados conteñen restricións de procesamento que están baseadas no principio de relevancia e que deben dirixir eficazmente a traxectoria interpretativa daqueles (Wilson & Sperber 1993). Os marcadores discursivos semellan ser os elementos que mellor encarnan esa interacción entre a información proposicional e a procedural que un enunciado transmite. O feito de non posuíren significado conceptual e si procedimental vén a explicar a dificultade dos falantes non nativos para manexaren con acerto os marcadores discursivos. Mais, para alén dos marcadores discursivos, a teoría da relevancia tamén permitiu desenvolver unha nova perspectiva no tratamento do significado non condicionado veritativamente, prestando atención a outros elementos lingüísticos como partículas conectivas de diferente tipo, expresións referenciais, tempos e modos verbais etc.

Porén, Portolés (2001: 22-25) considera que a diferenza de Blakemore entre unidades de significado conceptual e unidades de significado procedimental simplifica nalgunha medida os feitos lingüísticos, a pesar de resultar orientadora, pois as primeiras tamén poden condicionar o procesamento e as segundas conservan, cando menos en parte, un significado conceptual. No primeiro caso exemplifica coa diferenza no español entre *acarreaba/atesoraba muchos recuerdos de su infancia*: con *acarrear* inferiríase que os recordos eran desgrazados e con *atesoraba* prateiros, a restrinxiren, pois, estes dous verbos as posíbeis inferencias. Canto á existencia de marcadores con significado conceptual, fai notar que a maior parte

deles son unha evolución histórica de unidades con tal significado, caso de *en consecuencia*, *por conseguinte*, *polo contrario* etc. Como conclusión, aínda a admitir a clara diferenza entre unidades cos dous tipos de significado, afirma que esta debe ser tomada con precaución e que o significado procedimental dos marcadores frecuentemente posúe unha evidente relación co significado conceptual das unidades que o orixinaron.

Mais tamén os propios impulsores da teoría relevantista (Wilson & Sperber 1993) teñen advertido de que non se debe establecer un paralelismo estrito entre significado condicionado veritativamente e significado non condicionado veritativamente, por unha parte, e entre significado conceptual e significado procedimental, por outra. Como exemplo do primeiro poñen o caso dalgúns adverbios e secuencias modalizadoras supraoracionais (*evidentemente*, *claramente*, *en confianza*, *de muller a muller* etc.), que codifican información conceptual, o que os distinguiría dos marcadores discursivos, e que, por representaren conceptos, poden ser verdadeiros ou falsos; ora, pódense distinguir dous tipos de adverbios oracionais (Montolío 1998: 116), os de ‘evidencia’ (*evidentemente*, *claramente*), que forman parte do contido veritativo da oración, e os ‘illocutivos’ (*en confianza*, *de muller a muller*), que non forman parte do contido proposicional do enunciado en que aparecen, senón que funcionan noutro nivel do proceso de interpretación ao contribuíren a recuperar ‘explicaturas de alto nivel’, na terminoloxía de Wilson & Sperber.

O termo ‘explicatura’ é complementario de implicatura: en tanto que esta fai referencia ao significado implícito ou inferido, a primeira está ligada ao realmente dito, isto é, á proposición completa que expresa o falante. As explicaturas constitúen unha fase do proceso de interpretación do enunciado que vai desde a recuperación do significado convencional até a interpretación do realmente dito. Así pois, o dito está formado non só polos significados convencionais, senón tamén polo resultado da asignación de referencias, a desambiguación e o enriquecemento dalgunhas expresións, de maneira que se poden distinguir tres niveis de significado: (i) o significado convencional da oración, (ii) o dito e (iii) o comunicado. Se os modelos griceanos e neogriceanos se centraron no paso do nivel segundo ao terceiro, consistente na recuperación de significados implícitos, a teoría relevantista céntrase no nivel segundo e propón que o paso do primeiro ao segundo se realiza tamén mediante un proceso inferencial semellante ao requerido para o paso do dito ao comunicado. Os procesos inferenciais de desambiguación, asignación de referencia e enriquecemento deben considerarse, pois, parte do dito, aínda que esa parte do significado non se manifeste explicitamente (Reyes 2002: 59).

Segundo o exposto, após a decodificación, ou en paralelo con ela, debe de entrar en funcionamento un proceso inferencial que consta de tres subáreas (Escandell 1999: 123):

- a) desambiguación: utiliza a información que ofrece o contexto situacional para asignar un significado concreto a palabras ou expresións polisémicas; a desambiguación incorrecta provoca conflitos no proceso comunicativo e pode ser fonte de comicidade. En (10) e en (11) son os termos *banco* e *gato*, respectivamente, os que deben ser desambiguados por medio da inferencia adecuada, coa axuda da situación e do contorno, en tanto que en (12) se produce unha desambiguación incorrecta:

(10) –*Onde vai o Uxío?*

–*Está naquel banco da esquina.*

(11) –*Onde está o gato?*

–*Está ao lado da porta.*

(12) –*Ao neno puxémoslle lentes.*

–*Que nome máis feo!*

- b) a asignación de referente: consiste en decidir acerca de que ente concreto é sinalado por unha expresión lingüística determinada, para o cal tamén se precisa información situacional. Se alguén recibir unha orde como a recollida en (13), deberá decidir cal é exactamente o informe requirido:

(13) *Pásame o informe.*

- c) o enriquecemento (ou especificación de referencia de expresións imprecisas): é o proceso por que se completa a información que non está suficientemente detallada. No seguinte exemplo só a información anterior pode axudar a inferir en que sentido se fala do libro da Iria (o libro que escribiu, o que comprou, o que lle tocou nun sorteo, o que está a ler, sobre o que está a facer un traballo etc.):

(14) *O libro da Iria é moi interesante.*

A decisión que se toma en cada caso é practicamente automática, pois nin tan sequera hai conciencia de que existan outras posibilidades: en (10) pensarase inmediatamente que se trata do banco de sentarse se o Uxío tiver cinco anos, pois non é habitual que un neno se meta nunha entidade financeira, mais acontecerá o contrario se o Uxío tiver trinta e cinco anos; en (11) pensaremos no instrumento metálico se estivermos mudando unha roda do automóbil á beira da estrada e no animal se nos acharmos na cociña da casa. Algo semellante ocorrerá en (13) coa identificación do informe ou en (14) coa determinación exacta da relación entre *libro* e *Iria*. Así pois, para outorgar un referente a *banco*, *gato*, *informe* ou *libro* non só hai

que decodificar os sinais emitidos, senón que tamén debemos seguir un percorrido inferencial para derivar implicaturas; tal percorrido ha de estar guiado polo principio de relevancia: decidimos que o gato en (11), por exemplo, non é un animal porque estamos na estrada a quitar a roda picada do vehículo e, por tanto, resúltanos cognitivamente máis económico supor que se trata do obxecto que nos permite desmontala, pois isto exíxenos un menor custo de procesamento.

En consecuencia, pódese definir a explicatura dun enunciado como a proposición que resulta do expresado convencionalmente e dos procesos de desambiguación, enriquecemento e asignación de referencia. Mais a interpretación non se esgota coa determinación da forma proposicional do enunciado ou explicatura de baixo nivel, senón que tamén debe ter en conta a intencionalidade ou actitude ilocutiva do interlocutor, que constitúe a explicatura de alto nivel (Montolío 1998: 118). Só após ter realizado estas operacións, se necesarias, é que o ouvinte ten unha proposición completa, de onde tirará as implicaturas que corresponderen.

É na recuperación das explicaturas de alto nivel onde funcionan algúns adverbios oracionais con valor de marcadores discursivos, do tipo de *en confianza*, *confidencialmente* ou *de muller a muller*, que achegan información sobre a intención comunicativa do falante, tamén útil para a interpretación do enunciado. Aínda que unha parte dos marcadores discursivos contribúe á recuperación das explicaturas máis do que á das implicaturas, a teoría relevantista asumiu a noción de Blakemore de que aqueles son elementos de significación procedimental que restrinxen as inferencias.

En resumo, o contributo máis importante da teoría da relevancia ao estudo dos marcadores discursivos é a súa caracterización semántico-pragmática como unidades de significado procedural que guían a obtención das inferencias precisas para a correcta interpretación dos enunciados. Os procesos inferenciais que conducen á interpretación da mensaxe están guiados por certas palabras que restrinxen o número de posíbeis interpretacións, sendo os conectores as máis importantes delas e ocupando, por tanto, a centralidade na teoría da relevancia.²⁴

2.3. A teoría da argumentación na lingua

Hai xa tempo que no campo dos estudos lingüísticos se vén postulando a necesidade de ampliar a noción chomskyana de competencia para dar cabida nela ao

²⁴ Véxase ao respecto Pons Bordería (1998a: 21), quen, após indicar que tal centralidade está subliñada polo feito de que foron estudados desde os desenvolvementos máis recentes da teoría (Blakemore, Bass), remarca tamén que na última versión desta (Wilson & Sperber 1993) o estudo dos conectores continúa ligado aos principios da teoría. Por outra parte, Andersen (1998: 147), a propósito do estudo do marcador pragmático do inglés *like*, mantén que “relevance theory provides an adequate set of tools for the description of markers in terms of their pragmatic function”.

coñecemento do modo de operar da lingua no contexto social, alén do coñecemento das regras gramaticais, pondo así en relevo a función social da linguaxe. Esta pasa, desa maneira, a ser encarada como forma de acción sobre o mundo, dotada de intencionalidade e vehicularizadora de ideoloxía, caracterizándose, en consecuencia, pola argumentatividade. En tanto que a semántica se encarga do relacionamento entre as persoas e a linguaxe como representación do mundo, é a pragmática a que estuda a interacción social das persoas na linguaxe e por medio da linguaxe. E é a argumentatividade a que fundamentalmente caracteriza esa interacción social (Koch 2002: 17).

Se a teoría da relevancia xurdiu no ámbito anglosaxón, a teoría da argumentación na lingua vaino facer no francés, sendo o libro *L'argumentation dans la langue*, publicado no ano 1983 por Jean-Claude Anscombre e o seu mestre Oswald Ducrot, o que funciona como texto fundacional desta teoría (Anscombre & Ducrot 1994).²⁵

2.3.1. Principios xerais da teoría da argumentación

Así como a pragmática de base anglosaxoa centraba a atención nos principios que determinan a adecuación dos enunciados á situación externa en que se emiten e que condiciona a súa interpretación, a teoría da argumentación na lingua céntrase máis ben nos principios que determinan a adecuación dos enunciados ao contexto lingüístico en que aparecen, representando un enfoque interno e discursivo. O habitual no discurso é que se encadeen dúas ou máis cláusulas nunha mesma dirección ilocutiva e unha das formas de se encadearen é o que se denomina ‘argumentación’. A argumentatividade non constitúe algo acrecentado ao uso lingüístico, senón que o uso da linguaxe é inherentemente argumentativo. A significación dunha frase é un conxunto de instrucións codificadas, de natureza gramatical, relativas ás estratexias utilizadas na decodificación do enunciado polo cal tal frase²⁶ se actualiza, permitíndolle percorrer as lecturas posíbeis; existe, por tanto, un valor retórico ou argumentativo na propia gramática (Koch 2002: 102).

A partir dunha definición inicial de ‘argumentar’ como achegar argumentos a favor dunha determinada conclusión, o que nos pretende demostrar esta teoría é que os principios que rexen os encadeamentos argumentativos dependen principalmente da pro-

²⁵ Cítase pola edición española por constituír un libro novo e actualizado a respecto da primitiva versión francesa, cun interesante prólogo de Marta Tordesillas. Outras obras de interese sobre diferentes aspectos da argumentación na lingua son Eemeren & Grootendorst (1983), Eemeren, Grootendorst, Jackson & Jacobs (1993), Guimarães (2002), Koch (2002), Gonçalves (2002a: 163-281), Gutiérrez Ordóñez (2002) ou Fuentes Rodríguez & Alcaide Lara (2002). Sobre o ethos e a argumentación véxase Pinto (2004); e a respecto dos afectos e a lóxica na argumentación véxase Plantin (2004).

²⁶ Débese ter en conta que Anscombre & Ducrot (1994: 76-77) distinguen entre frase como entidade abstracta da gramática e enunciado como realización dunha frase nun momento dado.

pia estrutura lingüística dos enunciados e non só do seu contido. O punto central da teoría vai ser pór ao descuberto os elementos, as regras e os principios que determinan a organización externa e a interpretación das argumentacións. O que intentarán os seus autores é estudaren a maneira en que a forma lingüística inflúe ou determina os encadeamentos posibles e unha parte da interpretación, optando deste modo por unha orientación teórica totalmente diferente das anteriores e a se converter así esta teoría nunha semántica ampliada, que tamén abranxe polo menos unha parte da pragmática (Escandell 1999: 92). Inscríbese, pois, esta teoría dentro da semántica argumentativa, unha das tendencias da lingüística moderna que tomou o discurso como obxecto central de estudo e que se preocupa pola construción dunha macrosintaxe do discurso, postulando unha pragmática integrada na descrición lingüística, como un nivel intermediario entre o sintáctico e o semántico, mais a considerar os tres niveis como indisolubelmente interligados, e a postular tamén, en consecuencia, que a argumentatividade está inscrita no nivel fundamental da lingua (Koch 2002: 19).

A teoría da argumentación na lingua é, por tanto, unha teoría semántica que estuda a forma en que os enunciados condicionan polo seu significado a continuación do discurso, de modo que serán os propios elementos lingüísticos, e non os feitos que puideren representar, os que van encamiñar a argumentación. Entre eses elementos lingüísticos teñen unha grande importancia os operadores argumentativos ou discursivos, que determinan o valor argumentativo dos enunciados.²⁷ Non se argumenta coa lingua, co que a lingua representa, senón que se argumenta na lingua, co que a lingua di, segundo afirma Portolés (2001: 88), de quen adaptamos os seguintes exemplos:

- (1) *O Carlos bebeu **un pouco**. Non debe conducir.*
- (2) *O Carlos bebeu **pouco**. Pode conducir.*

Supondo que os dous enunciados corresponden a un mesmo feito e son emitidos por dous falantes diferentes, o uso da unidade lingüística *un pouco* ou *pouco* condiciona a continuidade do discurso, conducindo a conclusións opostas, aínda dando por sentado que a cantidade de bebida alcohólica ingerida é exactamente a mesma. O feito pode ser, pois, o mesmo, mais a continuación do discurso é diferente porque a fixa a lingua, neste caso as dúas formas adverbiais. Tamén pode ser un marcador discursivo o que a fixe:

- (3) *O rapaz é alto, **mais** é lento.*
- (4) *O rapaz é lento, **mais** é alto.*

²⁷ Véxase Koch (2002: 103): “É a macrosintaxe do discurso -ou semántica argumentativa- que vai recuperar esses elementos [operadores argumentativos], por serem justamente eles que determinam o valor argumentativo dos enunciados, constituindo-se, pois, em marcas lingüísticas importantes da enunciação”.

Se os enunciados (3) e (4) fosen proferidos por un treinador de baloncesto após ter observado as posibilidades de un determinado rapaz para entrar a formar parte da súa equipa, poderíase tirar en conclusión de (3) que non ten posibilidades de ser contratado, en tanto que de (4) se podería concluír o contrario. Tales conclusións non se poden explicar pola representación da realidade, pois en ambos os enunciados se di o mesmo, que o rapaz é alto e que é lento, senón por razóns estritamente lingüísticas: o significado de *mais* e a posición dos membros do discurso que este pon en conexión.

Preocúpase, pois, esta teoría de como se constrúen os significados na lingua, pasando a segundo plano tanto a explicitación das categorías gramaticais como as funcións sintácticas dos elementos estudados, e inclusive tamén as súas funcións pragmáticas dentro da conversación. Como teoría esencialmente semántica, a teoría da argumentación inscríbese dentro da semántica estruturalista, pois desvincúlase da realidade como soporte do significado e procúralle unha base exclusivamente lingüística. Mais en tanto que o estruturalismo coseriano é basicamente paradigmático, esta teoría é na súa orixe sintagmática.

Para esta corrente ‘argumentar’ é fundamentalmente dar razóns a favor dunha conclusión e a ‘argumentación’ é un tipo particular de relación discursiva que liga un ou varios argumentos cunha conclusión. Mais o termo argumentar non debe entenderse como demostrar formalmente a validez dunha conclusión, senón presentar algo como se fose unha boa razón para chegar a unha conclusión determinada, aínda que realmente non o sexa. A argumentación é un tipo de acto ilocutivo realizado por un emisor cando quere facer admitir unha determinada conclusión ao seu interlocutor. Para Anscombe & Ducrot (1994: 48) pretender orientar a secuencia do diálogo é parte constitutiva do sentido dun enunciado.

En síntese, no modelo destes autores é a propia forma lingüística dos enunciados a que determina o seu carácter argumentativo, máis do que elementos de tipo contextual. Así pois, esta teoría vaise ocupar dos medios formais que fornece a lingua aos falantes para orientaren argumentativamente os seus enunciados, e, ao mesmo tempo, dos medios formais que serven ao interlocutor para construír a súa interpretación (Escandell 1999: 94).

2.3.2. A orientación argumentativa

Partindo do postulado de que a argumentatividade está inscrita no uso da linguaxe, pódese afirmar que a argumentación constitúe unha actividade estruturante de calquera discurso, pois este progresa precisamente por medio das articulacións argumentativas. Deste modo, a orientación argumentativa dos enunciados que compoñen un texto pode considerarse como un factor básico tanto da cohesión como da coherencia textual (Koch 2002: 21). Se considerarmos como constitutivo dun

enunciado o feito de se presentar como orientador da secuencia do discurso, de modo que determine os encadeamentos posíbeis con outros enunciados capaces de o continuaren, deberase admitir tamén que existen enunciados cuxo trazo constitutivo é o de orientaren o interlocutor para unhas determinadas conclusións e para a exclusión de outras; para a descrición de tales enunciados tórnase necesario determinar a súa orientación discursiva, isto é, as conclusións para que pode servir de argumento.²⁸ Como os enunciados poden favorecer unhas continuacións do discurso e impediren outras, tamén se pode afirmar que están orientados argumentativamente nunha determinada dirección, mais tendo en conta que é a significación das frases a que favorece tales continuacións. Así se pode ver nos seguintes exemplos:

- (5) *Vai moito frío. Leva posto o casaco.*
- (6) *O teatro está lonxe. Apañarei un taxi.*
- (7) *Levo moito tempo traballando na casa. Vou dar un paseo.*

Como se ve, as segundas cláusulas dos enunciados manteñen a orientación argumentativa das primeiras, pois por norma xeral cando vai moito frío abrigámonos (5), se nos temos de trasladar a un lugar distante dentro dunha grande cidade apañamos un taxi (6) e se unha persoa leva moito tempo encerrada na casa sae a dar un paseo (7). A orientación argumentativa das primeiras partes dos tres enunciados correspóndense con conclusións como as que figuran nas súas continuacións, e non coas contrarias, segundo se pode ver nos seguintes exemplos:

- (8) *#Vai moito frío. Non leves o casaco.*
- (9) *#O teatro está lonxe. Non apañes un taxi.*
- (10) *#Levo moito tempo traballando na casa. Non vou dar un paseo.*

Estes enunciados parécennos estraños ou pragmaticamente inadecuados. Mais tamén pode acontecer que a continuación do enunciado supoña unha conclusión contraria á esperada e, ao mesmo tempo, o enunciado nos resulte perfectamente aceptábel:

- (11) *Vai moito frío. **Porén**, non leves o casaco.*
- (12) *O teatro está lonxe, **mais** non apañes un taxi.*
- (13) *Levo moito tempo traballando na casa. **Así e todo**, non vou dar un paseo.*

²⁸ Véxase Koch (2002: 102), quen afirma que desta forma “dentro de uma *pragmática integrada* à descrição lingüística, introduz-se uma *retórica integrada* que se manifesta por meio de uma relação de tipo bem preciso entre enunciados: a de *ser argumento para*. (-> 3)”.

Nestes casos pódese dicir que os marcadores discursivos *porén*, *mais* e *así e todo* ligan a primeira cláusula coa segunda e indican, polo seu significado, que esta é unha conclusión que, contrariamente ao esperábel, non segue a orientación argumentativa da primeira, isto é, que está antiorientada a respecto dela. Son, pois, os marcadores discursivos os que, polo seu significado, fornecen unha serie de instrucións para a construción do sentido dos enunciados en que aparecen, como tamén podemos ver nestes exemplos:

- (14) *A Antía é ourensá. Non gosta da cociña francesa.*
- (15) *A Antía é ourensá. **Porén**, non gosta da cociña francesa.*

Como non semella que o significado de ser de Ourense estea orientado argumentativamente cara a gostar ou non da cociña francesa, vai ser a presenza ou ausencia do conector *porén* a que indique a orientación argumentativa da primeira cláusula a respecto da segunda. De acordo con isto, o sentido de (14) é que os ourensáns non gustan da cociña francesa e o de (15) é todo o contrario.

Así pois, pódese manter a orientación argumentativa ou tamén se pode producir a súa ruptura. Rompen coa orientación argumentativa conectores como *porén*, *non obstante*, *polo contrario*, *antes ben* ou *ora ben*, entre outros, que presentan o segmento do discurso en que se achan como contrario á orientación dun membro anterior do discurso. Manteñen a orientación argumentativa do primeiro segmento do discurso conectores como *así pois*, *por tanto*, *alén diso*, *entón* etc. Mais non sempre un marcador discursivo posúe unha significación que indique unha orientación argumentativa explicitamente determinada, como é o caso do conector *e*, que normalmente liga segmentos do discurso coorientados, aínda que tamén pode pór en relación segmentos antiorientados (Portolés 1998a: 79), como mostran os seguintes exemplos:

- (16) *O Afonso está gordo e non come case nada.*
- (17) *Estuda moito e non consegue aprobar ningunha materia.*
- (18) *A Paula e a Lidia son colegas e amigas.*

Nalgúns destes casos son posíbeis tanto a coorientación como a antiorientación dos dous membros, o que fica patente ao acrecentarmos outros conectores que especifican a relación, como *porén*, que indica que o segmento en que aparece está antiorientado a respecto do anterior, e *por tanto*, que presenta o segundo membro como unha consecuencia do primeiro:

- (19) *O Afonso está gordo e, **porén**, non come case nada.*
- (20) *O Afonso está gordo e, **por tanto**, non come case nada.*

(21) *A Paula e a Lidia son colegas e, porén, amigas.*

(22) *A Paula e a Lidia son colegas e, por tanto, amigas.*

2.3.3. Os conectores argumentativos

Para a teoría da argumentación a continuación dun discurso non se basea nin nos feitos aparentemente representados nin nos motivos contextuais ou de coñecemento do mundo, exclusivamente, senón que está lingüisticamente condicionada, pois argúmentase na mesma forma lingüística dos enunciados. Aínda que nunha primeira fase da súa teoría os autores distinguían entre uns elementos que informaban, ao posuíren condicións de verdade, e outros elementos que argumentaban, os conectores nomeadamente, na posterior fase da súa teoría, que denominan de ‘argumentatividade radical’ (Anscombe & Ducrot 1994: 206-215), sosteñen que todas as unidades lingüísticas posúen, dalgunha forma, unha significación argumentativa; calquera enunciado, polo feito de favorecer unha serie de continuacións do discurso e dificultar outras, argumenta. Para esta corrente conectores argumentativos non son só aqueles que presentan argumentos dirixidos á obtención dunhas conclusións, senón que todos os conectores son argumentativos, a equivalentes, por tanto, segundo as escolas, a conectores pragmáticos, discursivos ou textuais. A significación dos conectores preséntase como un conxunto de instrucións semánticas que, desde a frase, guía o sentido que se ha de obter dos enunciados en que aparecen (Portolés 1998a: 76).

Mais primeiramente convén facermos referencia á distinción levada a cabo pola teoría da argumentación entre operadores argumentativos e conectores argumentativos (Ducrot 1983, Moeschler 1985: 60-64). Ambos son marcadores argumentativos, isto é, elementos lingüísticos que serven para marcaren a orientación argumentativa dun enunciado, e ambos son tamén responsábeis ‘externos’ da existencia dun acto argumentativo (Escandell 1999: 97), mais en tanto que os operadores argumentativos afectan un único enunciado, os conectores argumentativos ligan dous ou máis.²⁹

²⁹ Para unha revisión do concepto de conector nos diversos estadios do sistema teórico de Ducrot e da súa equipa véxase Gonçalves (2002b), quen remarca a relevancia dos estudos sobre *mais*: “Com efeito, se, como é sabido, os anos 1975 e 1976 assinalam uma significativa alteração nas preocupações teóricas do autor enquanto correspondem à passagem do destaque concedido à pressuposição (1972-1975) em benefício do lançamento das bases da TAL [Teoría da Argumentación na Língua] (1976), manifestam, de igual modo, redobrada atenção relativamente aos conectores, bem patente no aparelho teórico que convocam para esclarecer o valor semântico destes significantes. As diversas descrições semânticas propostas, por exemplo, para *mais*, são disso exemplo elucidativo e não deixa de ser sintomático que seja exactamente a propósito deste morfema que Ducrot utilize, pela primeira vez, o termo conector” (Gonçalves 2002b: 214). Sobre o conector francés *mais* véxase tamén Anscombe & Ducrot (1977) e Van de Voorde (1992).

Un operador argumentativo é unha unidade morfológica (como *ben*, *case*, *un pouco* etc.) que, aplicada a un enunciado, transforma o potencial argumentativo do seu contido, de modo que o abano de posibilidades de utilizar un enunciado concreto como argumento fica modificado pola adición do operador argumentativo.³⁰

A maior parte dos operadores argumentativos non forman parte dos marcadores discursivos, segundo a concepción que deles ten, por exemplo, Portolés (1998a: 80, 2001) e que hoxe parece ser maioritariamente aceptada, por se acharen integrados gramaticalmente no sintagma en que aparecen. Tanto o adxectivo *mero* como o morfema descontinuo *non... máis que* son operadores argumentativos por mudaren a potencialidade argumentativa do seu enunciado:

(23) a) *Foi un accidente.*

b) *Foi un mero accidente.*

(24) a) *Son as dez.*

b) *Non son máis que as dez.*

A partir do enunciado (23a) o discurso pode ter como continuación dúas consecuencias contrapostas: foi un accidente e por tanto pódense pedir responsabilidades, ou por se tratar dun accidente non se poden pedir responsabilidades. Mais a presenza de *mero* en (23b) restrinxen a posíbel continuación do discurso á segunda interpretación; é, pois, un operador argumentativo, mais non un marcador discursivo por carecer de fixación morfolóxica e de independencia sintáctica. Se nos fixamos nos dous enunciados de (24), ambos afirman o mesmo, mais en tanto que (24a) permite tanto unha continuación como ‘aínda hai tempo’ ou ‘xa non hai tempo’, (24b) elimina a segunda posibilidade. Tamén *pouco* e *un pouco* son operadores con potencial argumentativo oposto:

(25) *O teu fillo estudou pouco: coido que non pode aprobar.*

(26) *O teu fillo estudou un pouco: coido que pode aprobar.*

Os conectores argumentativos son unidades (adverbios, locucións, conxuncións etc.) que articulan dous ou máis membros do discurso que interveñen nunha estratexia argumentativa única. Se os operadores argumentativos actúan desde o interior dun enunciado, os conectores converten un conxunto de enunciados nunha unidade argumentativa; e aínda que para Portolés (1998a: 80) só unha

³⁰ Véxase Moeschler (1985: 62), que considera os operadores argumentativos unha subclase dos operadores semánticos: “Un opérateur argumentatif limite donc les possibilités d'utilisation à des fins argumentatives des énoncés qu'il modifie. Et comme leur portée est interne au contenu de l'énoncé, ils constituent donc bien une sous-classe des opérateurs sémantiques”.

parte dos primeiros son marcadores discursivos, todos os conectores argumentativos o son.³¹

Os conectores poden clasificarse de acordo con criterios diferentes, que se poden concretar en tres: a función, a valencia e a orientación argumentativa (Escandell 1999: 98-103; Moeschler 1985: 62-64). Canto á función do conector, débese ter en conta se o enunciado que introduce é un argumento ou unha conclusión, porque a relación argumentativa liga ambos, podendo aparecer unha orde argumento(s)-conclusión ou conclusión-argumento(s):

(27) *Como* teño moito traballo pendente, non vou saír hoxe.

(28) Teño moito traballo pendente, *así que* non vou saír hoxe.

Os dous enunciados teñen o mesmo contido, pois expresan o mesmo estado de cousas e relacionan o mesmo argumento (*Teño moito traballo pendente*) coa mesma conclusión (*Non vou saír hoxe*), mais en (27) o conector introduce o argumento e en (28) introduce a conclusión, de acordo cos esquemas “*como* + argumento, conclusión” e “argumento, *así que* + conclusión”. O tipo de conector usado pode impor as súas propias restricións canto á orde de aparición dos diferentes elementos, pois nin en (27) nin en (28) se pode alterar a orde dos segmentos:

(29) **Non vou saír hoxe, como* teño moito traballo pendente.

(30) **Así que* non vou saír hoxe, teño moito traballo pendente.

Mais non é necesario que os argumentos precedan a conclusión, como se pode ver en (31), dependendo a orde de aparición das propiedades lingüísticas do conector utilizado:

(31) *Non vou saír hoxe, pois* teño moito traballo pendente.

³¹ Koch (2003a: 30-46), por súa parte, nunha concepción ampla do termo, fala dos ‘operadores argumentativos’ como elementos da gramática dunha lingua que teñen a función de indicaren a forza argumentativa dos enunciados, “a dirección (sentido) para o qual apontam”, e distingue: (i) operadores que sinalan o argumento máis forte dunha escala orientada no sentido de determinada conclusión (*até, mesmo, até mesmo, inclusive*), (ii) operadores que suman argumentos a favor dunha mesma conclusión (*e, tamén, aínda, nin (= e non), non só... mais tamén, tanto... como, alén de..., alén diso..., a par de...*), (iii) operadores que introducen unha conclusión relativa a argumentos presentados en enunciados anteriores (*por tanto, logo, por conseguinte, pois, en decorencia, consecuentemente*), (iv) operadores que introducen argumentos alternativos que levan a conclusións diferentes ou opostas (*ou, ou entón, quer... quer, sexa... sexa*), (v) operadores que establecen relacións de comparación con vistas a unha dada conclusión (*máis que, menos que, tan... como*), (vi) operadores que introducen unha xustificación ou explicación relativa ao enunciado anterior (*porque, que, xa que, pois*), (vii) operadores que contraponen argumentos orientados para conclusións contrarias (*mais, porén, con todo, no entanto, aínda que, a pesar de (que)*), (viii) operadores que teñen por función introduciren no enunciado contidos presupostos (*xa, aínda, agora*), e (ix) operadores que se distribúen en escalas opostas (*un pouco, pouco; case, apenas, só, soamente*).

Segundo o criterio da valencia (Moeschler 1985: 62-63), entendida como a necesidade de un núcleo se combinar cun determinado número de elementos exixidos por el, hai conectores que precisan de dous elementos (a súa valencia é 2) e conectores que precisan de tres (a súa valencia é 3). Os exemplos (27), (28) ou (31) mostran conectores que necesitan dous elementos; tamén os seguintes, acordes cos esquemas “conector + argumento, conclusión” (32), “conclusión, conector + argumento” (33) e “argumento, conector + conclusión” (34):

(32) *Xa que* gañei o premio, convidote a xantar.

(33) Convidote a xantar, *pois* gañei o premio.

(34) Gañei o premio, *de modo que* te convido a xantar.

Polo contrario, outros conectores ligan tres elementos e teñen, por tanto, valencia 3, como se ve nos seguintes exemplos, onde se reproduce o esquema “conclusión: argumento + conector + argumento”:

(35) Gosto moito da casa de teu irmán: *é grande e, alén diso, parece nova*.

(36) Vou comprar a quinta do Cibrán: *está preto da praia e, aínda por riba, véndea barata*.

Aínda que propiamente os conectores de (35) e (36) enlazan dous argumentos, estes van unidos a unha conclusión, de modo que a valencia é 3 por seren necesarios tanto aqueles como esta. Ora, tamén posúe valencia 3 *mais* en (37) e (38) por funcionar como conector de tres elementos, aínda que só están explícitos dous, pois tanto os argumentos como as conclusións poden estar implícitos:

(37) O teu amigo *é espelido, mais* *é* nugallán.

(38) O libro *parece interesante, mais* *non o vou comprar*.

No caso de (37) o conector *mais* está a ligar dous argumentos que apuntan cara a conclusións opostas, marcando a maior forza argumentativa do segundo e, en consecuencia, a conclusión del derivada: nun suposto dunha posíbel contratación laboral, ao argumento explícito *O teu amigo é espelido* corresponderíalle unha conclusión parcial implícita *Vouno contratar*; mais do segundo argumento explícito *É nugallán* derivaríase unha conclusión final implícita *Non o vou contratar*, que prevalecería por ser consecuencia do argumento máis forte introducido por *mais*. O conector introduce, pois, neste caso un argumento, en tanto que a conclusión fica implícita. O caso de (38) é diferente, pois *mais* introduce unha conclusión e non un argumento, existindo unha conclusión parcial implícita que é rexeitada perante a maior forza da conclusión

introducida polo conector: o argumento *O libro parécese interesante* implica unha conclusión parcial implícita *Vouno comprar*, mais prevalece a conclusión final explícita *Non o vou comprar*, introducida por *mais*. En tanto que en (38) o conector *mais* pode ser substituído por *porén*, en (37) non semella posíbel, pois ambos os conectores se opoñen por o primeiro poder introducir tanto un argumento como unha conclusión e por *porén* só poder introducir unha conclusión:

- (39) #*O teu amigo é espelido, porén é nugallán.*
(40) *O libro parece interesante; porén, non o vou comprar.*

O terceiro criterio de clasificación dos conectores é o da orientación argumentativa. Cada conector fornece instrucións bastante precisas sobre a interpretación que o destinatario debe facer dos enunciados. Segundo xa se viu con anterioridade, dous argumentos estarán coorientados cando foren na mesma dirección, a favoreceren, por tanto, a mesma conclusión; e estarán antiorientados se foren en direccións diferentes, favorecendo conclusións distintas. Nos exemplos (37) e (38) o conector *mais* introduce elementos argumentativos antiorientados, tanto que sexan argumentos (37) como conclusións (38). Outros conectores só se poden utilizar no caso de os argumentos estaren coorientados, como acontece con *alén diso* en (35) e con *aínda por riba* en (36).

Sinteticamente, e de acordo con Moeschler (1985: 64) e Escandell (1999: 103), pódese establecer o seguinte esquema dos conectores argumentativos con relación aos criterios anteriores:

Función	Valencia 2	Valencia 3	
		Coorientados	Antiorientados
Introducen argumento	<i>pois</i> <i>dado que</i> <i>porque</i> <i>xa que</i>	<i>e alén diso</i> <i>e por riba</i> <i>e aínda por riba</i>	<i>mais</i> <i>(pero)</i>
Introducen conclusión	<i>por tanto</i> <i>logo</i> <i>entón</i> <i>en consecuencia</i>	<i>decididamente</i>	<i>mais</i> <i>(pero)</i> <i>porén</i> <i>ao final</i>

2.3.4. A forza argumentativa, as escalas argumentativas e os topos

Para alén de teren unha orientación determinada, os argumentos tamén posúen unha ‘forza argumentativa’ maior ou menor. Véxanse os seguintes exemplos:

- (41) *Vai moito frío, mais necesito un respiro.*
(42) *Estudou moito durante o curso. Con todo, non deu aprobado o exame.*

En (41) o conector argumentativo *mais* une dous argumentos, *Vai moito frío* e *Necesito un respiro*, dando unha secuencia que suxire unha conclusión do tipo de *Vou dar unha volta*, determinada polo segmento en que aparece o conector *mais*; de *Vai moito frío* derivaríase a conclusión contraria, *Non vou dar unha volta*. A conclusión esperada é a orientada por *mais*, de onde se deduce que o argumento que introduce este marcador posúe maior forza argumentativa que o que figura en primeiro lugar. En (42) o argumento introducido por *con todo* está antiorientado con relación ao anterior, pois a conclusión lóxica de *Estudou moito durante o curso* debería ser que aprobou o exame; mais o significado de *con todo* non só mostra esa antiorientación, senón que tamén presenta o primeiro membro da secuencia como un argumento forte, aínda que insuficiente.

Ducrot (1995) repara nas cualidades argumentativas dalgúns modificadores de núcleos sintácticos partindo da súa influencia na orientación e na forza argumentativa destes; trátase nomeadamente de modificadores de nomes e verbos, distinguindo entre os ‘modificadores realizantes’ (aqueles que acrecentan a súa forza) e os ‘modificadores desrealizantes’ (aqueles que a rebaixan ou a inverten). Véxanse os seguintes exemplos, adaptados de Ducrot (1995: 148) e Portolés (1998a: 83):

- (43) *O Bieito é un parente. Vaime axudar.*
(44) *O Bieito é un parente próximo. Vaime axudar.*
(45) *O Bieito é un parente lonxincu. Non me vai axudar.*

A orientación argumentativa que se dá en (43) mantense, reforzada, en (44) pola presenza do modificador realizante *próximo*, de modo que a conclusión esperábel será *Vaime axudar*. Mais en (45) a presenza do modificador desrealizante *lonxincu* debilita a orientación argumentativa de *parente*, inducendo unha conclusión do tipo de *Non me vai axudar*. Tamén non son alleos a este comportamento os marcadores discursivos; por exemplo, *ademais* e *por riba* poden introducir un modificador realizante, mais resultan estraños cun modificador desrealizante:

(46) *O Bieito é un parente e, **ademaís** / **por riba**, próximo.*

(47) *#O Bieito é un parente e, **ademaís** / **por riba**, lonxincuo.*

Polo contrario, *mais* e *iso si* poden introducir un modificador desrealizante, resultando estraños cun realizante:

(48) *#O Bieito é un parente, **mais** / **iso si**, próximo.*

(49) *O Bieito é un parente, **mais** / **iso si**, lonxincuo.*

Tamén é posíbel utilizar varios argumentos para apoiar unha mesma conclusión; neste caso dise que os argumentos están coorientados, constituíndo unha ‘clase argumentativa’. Mais non todos os argumentos dunha clase posúen a mesma forza argumentativa, o que nos permite deducir que as clases argumentativas teñen unha certa organización interna, pola cal os argumentos aparecen ordenados de maior a menor segundo a súa forza. O conxunto de argumentos dunha clase argumentativa ordenados desa forma constitúe unha ‘escala argumentativa’ (Escandell 1999: 103).³² As escalas nacen dun ordenamento de argumentos coorientados segundo a súa forza argumentativa para a prosecución do discurso nunha dirección determinada. Segundo se for ascendendo na escala, a forza argumentativa será tamén maior. Así, para chegarmos á conclusión de que *A Xoana aprobará as oposicións* (50) podemos partir de varios argumentos ordenados nunha escala, e o mesmo acontecerá para chegarmos á conclusión contraria (51):

(50) + FORZA

- *A Xoana estudou moito.*
- *A Xoana estudou bastante.*
- *A Xoana estudou un pouco.*

(51) + FORZA

- *A Xoana non estudou nada.*
- *A Xoana estudou pouco.*

Como se ve, só forman parte dunha mesma escala argumentativa os predicados que teñen a mesma orientación argumentativa. Isto é a razón de que *A Xoana estudou un pouco* se ache na mesma escala argumentativa que *A Xoana estudou moito*, mais en escala diferente que a de *A Xoana estudou pouco*, de onde se deduce que *un pouco* e *pouco* orientan en direccións contrarias:

³² Sobre as escalas argumentativas véxase fundamentalmente Ducrot (1980), Anscombe & Ducrot (1994: 75-113), Portolés (1998a: 84-86; e 2001: 96-97); tamén Ruiz Gurillo & Pons (1996).

(52) *A Xoana estudou **un pouco** / **moito**. Pode aprobar.*

(53) *A Xoana (non) estudou **pouco** / **nada**. Non pode aprobar.*

A orde nestas escalas vén fornecida polo propio sistema lingüístico, como o uso de cuantificadores nos exemplos precedentes. Outro recurso lingüístico que posúe a lingua para ordenar as escalas é o uso de determinados operadores argumentativos especializados nesa función, como é o caso de *nin sequera*, *inclusive*, *até* ou *e* (*moito*) *menos*.³³

(54) *O mozo da Uxía non estudou unha carreira e **nin sequera** acabou o bacharelato.*

(55) *Na festa de fin de curso cantaron a Marta, a Rosalía, o Luís e **até** / **inclusive** o profesor.*

(56) *A María non sabe falar francés, nin inglés e **moito menos** chinés.*

(57) *#A María non sabe falar chinés, nin francés e **moito menos** inglés.*

En (54) *nin sequera* ordena os argumentos mostrando que é máis fácil facer o bacharelato que unha carreira e que para poder ter esta primeiro hai que terminar aquel; trátase dun operador argumentativo por limitar a potencialidade argumentativa do membro do discurso en que se acha. En (55) e (56) *até*, *inclusive* e *e moito menos* son tamén operadores argumentativos que organizan escalas, de acordo co noso coñecemento das cousas e coa realidade cultural en que vivimos; así, nunha festa de estudantes resúltanos máis normal que cante o alumnado antes que o profesor e no noso ámbito cultural semella máis normal podermos falar en francés ou en inglés do que en chinés. É por iso que a escala que o operador argumentativo crea en (57) nos resulta estraña.

Ora, tamén algúns marcadores discursivos serven para ordenaren escalas argumentativas, como acontece con *aínda máis* ou *máis aínda*:

(58) *O Paulo é un lacazán. **Aínda máis**, non vale para nada.*

(59) *O Fuco estuda moito. **Máis aínda**, está sempre a estudar.*

Estes marcadores orixinan unha escala argumentativa en que os argumentos aparecen ordenados segundo a súa forza argumentativa para a prosecución do discurso nunha determinada dirección, situándose eles no membro con maior forza: en (58) *non vale para nada* posúe máis forza do que *é un lacazán*, e en (59) pasa o mesmo

³³ Para un estudo das partículas escalares *incluso* e *hasta* en español véxase Schwenter (2000).

con *está sempre a estudar* a respecto de *estuda moito*. De aí que nos resulten estraños estes mesmos enunciados co argumento máis forte en primeiro lugar e cos marcadores situados no argumento máis débil:

(60) #O Paulo non vale para nada. *Aínda máis*, é un lacazán.

(61) #O Fuco *está sempre a estudar. Máis aínda*, estuda moito.

Mais tamén convén observarmos que existen outras escalas que nacen directamente do noso coñecemento do mundo e que non precisan de medios lingüísticos especiais que as ordenen:

(62) O Alexandre sabe moito: *ten a licenciatura e terminou o doutoramento*.

Para concluírmos que unha persoa sabe moito a sociedade ten asumido que posuír o título de doutor é un argumento máis forte do que ser licenciado; e, alén diso, sabemos que para obter o doutoramento primeiro cómpre estar licenciado.

A organización dos enunciados en escalas argumentativas constitúe unha das bases fundamentais da explicación da lóxica discursiva, aínda que o funcionamento da argumentación se afasta en moitos sentidos das regras que rexen a dedución lóxica, pois os actos argumentativos posúen a súa ‘lóxica’ propia, cuxa validez é exclusivamente discursiva. Existe, por tanto, unha lóxica argumentativa baseada na conxunción das escalas e dos tópicos (Ducrot 1980: 11). A teoría da argumentación, nunha primeira etapa, incidía en que os enunciados estaban orientados argumentativamente, o cal levantaba o problema de intentar determinar o fundamento da orientación. E, para resolver isto, a teoría acode ao concepto aristotélico do ‘topos’, definido como un principio argumentativo que serve de garante para pasar dun argumento a unha conclusión (Anscombe & Ducrot 1994: 217). Tal concepto de topos constitúe o fundamento do que estes autores teñen definido como a segunda etapa da teoría da argumentación na lingua, tamén designada por eles como ‘argumentativismo radical’.³⁴

O razoamento argumentativo sérvese de ‘tópicos’ ou lugares comúns que están admitidos por unha determinada sociedade e que establecen certos vínculos entre enunciados. No caso de (62), aínda sendo conscientes de que para saber moito non é imprescindible pasar pola universidade e de que se pode ter un título universitario sen saber moito, a sociedade en que vivimos acepta sen problemas o tópico de que unha persoa que estudou na universidade sabe moito. En tal tópico é no que se fundamenta a argumentación de (62), da mesma forma que a de (63) se basea no de que o diñeiro produce a felicidade:

(63) *Meu tío gaña moito diñeiro. Que contente está!*

³⁴ Véxase a este respecto o capítulo V de Anscombe & Ducrot (1994: 193-215).

Tamén se pode definir o ‘topos’ como unha regra xeral que se supón que é aceptada polo sentido común e que ten un carácter gradual. Aínda que o interlocutor sempre ten a posibilidade de rexeitar un determinado tópico, parece correcta a idea de que os topos (ou *topoi*) se presentan e funcionan como principios básicos e fundamentais na regulación das relacións argumentativas (Escandell 1999: 106). Os topos teñen tres características principais, de acordo con Anscombe & Ducrot (1994: 218):

- (i) son crenzas comúns a certa colectividade, de que forman parte, cando menos, o locutor e o alocutario,³⁵ que compartillan inclusive antes da súa utilización no discurso; máis do que unha achega, os topos son o soporte do discurso argumentativo, polo que teñen moitos puntos en común cos presupostos; unha mesma colectividade pode compartillar topos opostos (por exemplo, que o diñeiro produce a felicidade e que o diñeiro non produce a felicidade).
- (ii) o topos preséntase como xeral, no sentido de que é válido para moitas situacións diferentes da situación particular en que o discurso o utiliza; por exemplo, se se di

(64) *Vai calor. Vaíamos á praia!*

suponse que non só o bo tempo dese día fai que a praia resulte agradábel, senón que a calor é un factor de agrado para a praia en xeral.

- (iii) o topos é gradual, primeiro porque pon en relación dous predicados graduais, dúas escalas, como son a da temperatura e a do agrado en (64); en segundo lugar, porque non só os predicados tópicos son escalares, senón que a relación que os une no interior do topos é tamén gradual, o que quere dicir, seguindo co exemplo anterior, que as variacións na calor teñen por corolarios variacións no agrado.

A tese fundamental da teoría dos topos é que falar consiste en utilizar un ou varios topos. Así, falar non é describir o mundo, senón construír unha imaxe tópica dese mundo. Os topos poderían explicarse desde fóra da lingua con base na memoria extralingüística, mais os autores da teoría da argumentación optan por os explicaren desde a propia lingua, o cal os conduce a daren conta da significación das unidades lingüísticas como feixes de topos, isto é, o conxunto dos topos cuxa aplicación autoriza esta unidade, de modo que utilizar unha palabra ou outra supón auto-

³⁵ A respecto das voces que interveñen na enunciación véxase tamén Marques (2000: 84-117), que distingue entre locutor e alocutario nun primeiro nivel de polifonía, e entre enunciadore e destinatarios nun segundo nivel, defendendo a necesidade teórica e lingüística de diferenciación entre locutor / enunciadore e alocutario / destinatario; tamén é de interese Marques (2004). Sobre as modulacións polifónicas no discurso de opinión véxase Carreira (2004).

maticamente autorizar uns topos e rexeitar outros.³⁶ A teoría dos topos considera que debaixo das palabras se encontran, non obxectos, senón ‘guións’ ou máis ben ‘esquemas de guións’ (‘scripts’ en inglés); desta forma, a teoría dos topos está próxima dunha teoría dos ‘estereótipos’.³⁷

A un mesmo topos pódennlle corresponder dúas formas tópicas segundo o primeiro membro <P> se presentar con forza argumentativa para lograr o consecuente <Q> ou non. Véxanse estes exemplos (Portolés 1998a: 88):

(65) *O meu salario é de 1.000 euros. Que alegre estou!* (<+P, +Q>)

(66) *O meu salario é de 1.000 euros. Que triste estou!* (<-P, -Q>)

O topos utilizado para as dúas conclusións pode ser o mesmo –‘gañar diñeiro produce felicidade’–, mais, como as cantidades non están marcadas lingüisticamente nas escalas argumentativas, 1.000 euros pode ser unha cantidade suficiente para conducir á felicidade (65) ou insuficiente e provocar a tristeza (66); trátase, pois, de formas tópicas recíprocas. Ora, como, segundo se viu, na sociedade poden convivir topos inversos, se utilizarmos o topos ‘gañar diñeiro non produce felicidade’, obteremos tamén dúas formas tópicas recíprocas segundo o falante considerar os 1.000 euros <P> como marcados con + ou –:

(67) *O meu salario é de 1.000 euros. Que triste estou!* (<+P, -Q>)

(68) *O meu salario é de 1.000 euros. Que alegre estou!* (<-P, +Q>)

Como se pode observar, a partir de *O meu salario é de 1.000 euros* pódese chegar á mesma conclusión de alegría ou tristeza a través de dous topos diferentes. Da mesma forma, dado que os operadores argumentativos, como se viu, limitan as

³⁶ Véxase Anscombe & Ducrot (1994: 234): “Por otro lado, hemos dicho con frecuencia que el sentido fundamental de una palabra o de una unidad léxica era un haz de *topoi*. Utilizar tal o cual palabra, es *ipso facto* autorizar ciertos *topoi*, y apartar otros. La cuestión que se plantea entonces es saber si los *topoi* que utilizamos en el discurso son exclusivamente aquéllos vinculados a las palabras (y que llamaremos *topoi* intrínsecos) o si no existen otros (*topoi* extrínsecos) que servirían para la articulación del discurso propiamente dicho”.

³⁷ Véxase Anscombe & Ducrot (1994: 236); tamén Anscombe (2001a: 72): “On notera que les stéréotypes et les *topoi* ont en commun d’être des principes généraux faisant l’objet d’un consensus au sein d’une communauté linguistique plus ou moins étendue. Le locuteur qui les convoque ne s’en présente jamais comme l’auteur, mais comme un simple utilisateur. Les deux procédés font donc partie de ce qu’on appelle habituellement *les lieux communs*. Dès ce niveau cependant, une différence fondamentale apparaît: alors que les schémas et formes topiques sont des entités abstraites, les phrases stéréotypiques sont à l’inverse des phrases de la langue”. A respecto do tratamento de *surtout* e *particulièrement* no marco da teoría dos estereótipos véxase Anscombe (2001b). Sobre o concepto de estereotipo e os estereótipos na lingua portuguesa actual véxase Vilela (2000).

potencialidades argumentativas dos enunciados, os operadores *case* e *apenas* restrinxen as formas tópicas a dúas cada un:

(69) *O meu salario é de case 1.000 euros. Que alegre estou!* (<+P, +Q>)

(70) *O meu salario é de case 1.000 euros. Que triste estou!* (<+P, -Q>)

(71) *O meu salario é de apenas 1.000 euros. Que triste estou!* (<-P, -Q>)

(72) *O meu salario é de apenas 1.000 euros. Que alegre estou!* (<-P, +Q>)

2.3.5. A teoría polifónica da enunciación e a suficiencia argumentativa

A teoría polifónica da enunciación, desenvolvida por Ducrot (1999: 175-238), que proclama a existencia dun suxeito empírico, un locutor e un enunciador en cada acto de fala, tamén contén algúns elementos teóricos de utilidade para o estudo dos marcadores discursivos. O suxeito empírico é de natureza extralingüística, en tanto que o locutor e o enunciador son personaxes exclusivamente lingüísticas. Se o suxeito empírico é a persoa real que fala, o locutor é a quen se lle atribúe a responsabilidade da enunciación no mesmo enunciado. Portolés (1998a: 90) exemplifica con *ora ben* (*ahora bien* en castelán), que adoita aparecer nos monólogos e non nos diálogos, o interese da distinción entre ambas as personaxes para o estudo dos marcadores:

(73) Pai: –*Túa nai e mais eu decidimos deixarte ir de excursión.*

Nai: –*Ora ben, antes terás de aprobar todas as materias do curso.*

Aínda que neste exemplo existen dous suxeitos empíricos, o pai e a nai, lingüisticamente compórtanse como se se tratase dun único locutor, o que explicaría que *ora ben* comece unha intervención. Isto quere dicir que as dúas intervencións conforman unha unidade discursiva de que se faría responsábel un único locutor.

Ducrot (1999: 208) tamén observa a existencia de diferentes puntos de vista nun mesmo enunciado, isto é, a aparición de voces diferentes da do locutor; esas personaxes que supostamente se expresan a través da enunciación, sen que por iso se lles atribúan palabras precisas, son os enunciadores.³⁸ Así, un enunciado negativo é unha especie de diálogo entre dous enunciadores que se opoñen un ao outro:

(74) *A Pilar non se retira da vida política.*

³⁸ Para Ducrot (1999: 209-210) o enunciador é ao locutor o que a personaxe é ao autor. O locutor, responsábel do enunciado, dá existencia por medio deste a uns enunciadores cuxos puntos de vista e actitudes el organiza. A súa posición pode manifestarse mediante a asimilación a un dos enunciadores ou ben facéndoo aparecer significativamente, aínda que el non se asimile a eles.

Ao lermos este enunciado inmediatamente pensamos que alguén puido defender que a Pilar se retiraba da vida política e que iso motivou que o locutor de (74) o negue. Existen, pois, neste enunciado dous puntos de vista, ou dous enunciadores, o que afirma e o que nega. O locutor identifícase con este último.³⁹

Un último contributo para o estudo dos marcadores discursivos que, dunha maneira máis ou menos directa, garda relación coa teoría da argumentación na lingua é o concepto de ‘suficiencia argumentativa’ (Portolés 1998c, 2001: 97-102). Aínda que un argumento estea coorientado para unha determinada conclusión, pode que non sexa suficiente; por exemplo, ser autor dun bo libro, sen ser un argumento antiorientado, é insuficiente para alguén ser considerado o mellor escritor do mundo. O marcador discursivo *mais*, para alén de indicar que o membro do discurso que o segue é o que guía as conclusións, tamén mostra que o precedente é un argumento insuficiente para chegar á conclusión que el orienta; introduce, pois, un segundo membro do discurso antiorientado a respecto do primeiro; este segundo membro pode ser directamente unha conclusión contraria (contraargumentación directa), como en (75), ou ben un argumento que orienta cara a esa conclusión contraria (contraargumentación indirecta), como en (76), onde se podería concluír, por exemplo, que o rapaz vai ser contratado para unha equipa de básquet:

(75) *O teu fillo estudou pouco, mais pode aprobar.*

(76) *O rapaz non é habilidoso, mais é alto.*

Tamén se poden achar usos de *mais* (ou *pero*) con membros coorientados, podendo ir acompañados de *sobre todo* ou *alén diso*, como se pode observar nos exemplos seguintes:

(77) *Dille que veña ao meu gabinete, mais canto antes.*

(78) *Era amábel con todos, mais sobre todo trataba moi ben os empregados.*

Na realidade, segundo Portolés (2001: 100), o que indica o significado deste marcador non é que o segundo membro estea antiorientado con relación ao primeiro, senón que é o segundo membro, e non o primeiro, o que condiciona a prosecución do discurso pola súa maior forza. Aínda que o máis habitual é que a orientación do primeiro membro sexa oposta á do segundo, como acontece en (75) e (76), tamén pode suceder que o primeiro membro estea ben orientado, mais que constitúa un

³⁹ Sobre a negación véxase tamén Anscombe & Ducrot (1994: 222-225). Sobre a figura do emisor na argumentación véxase Fuentes Rodríguez & Alcaide Lara (2002: 109-157).

argumento insuficiente para chegar ás conclusións desexadas, como en (77), onde se podería concluír que ‘ten de realizar unha tarefa urxente’, e (78), onde a conclusión podía ser ‘era un empresario modélico’.

Outro marcador discursivo que vincula polo seu significado dous membros do discurso e que presenta o membro precedente como un argumento suficiente para chegar a unha determinada conclusión é (*aínda*) *por riba*; o segmento que o segue serve para reforzar a argumentación:

(79) *O Xavier é moi bo estudante. Asiste con atención a todas as aulas e aínda por riba realiza traballos voluntarios.*

(80) *Debo estudar tres horas ao día e por riba facer os traballos.*

(81) *Regaleille un anel de ouro e por riba quéixase.*

En (79), para poder concluír que o Xavier é moi bo estudante é argumento suficiente que asista con atención a todas as aulas, aínda que o feito de realizar traballos voluntarios veña a reforzar tal argumento. Para a persoa que emite o enunciado (80) estudar tres horas ao día é argumento suficiente para poder concluír que está a cumprir coa súa obriga, sen necesidade de facer traballos. No caso de (81) o feito de lle regalar un anel de ouro considérase un argumento suficiente para unha conclusión do tipo de ‘debe estar contente’.

En conclusión, a teoría da argumentación na lingua da escola francesa de Ducrot e Anscombe realiza importantes achegas para o estudo dos marcadores discursivos. Na súa versión dos anos 80 os conectores (ou ‘connecteurs argumentatifs’) son considerados como os elementos que posibilitan a consecución dun efecto argumentativo por mor das restricións de encadeamento que impoñen sobre a interpretación dos enunciados unidos por eles. No seu desenvolvemento dos anos 90, a pesar do deslocamento da base da argumentación cara aos topos e da extensión da argumentación ao ámbito da palabra, os conectores conservaron o carácter de elementos centrais da teoría.⁴⁰

⁴⁰ Como sinala Pons Bordería (1998a: 21), a proposta de Ducrot realizada nun curso de doutoramento en Madrid no ano 1997 e consistente en eliminar os metapredicados subxacentes aos topoi por argumentacións en *donc* e *pourtant*, dous tipos de conectores argumentativos, “muestra hasta qué punto argumentación y conectores están indisolublemente unidos desde el punto de vista teórico”.

3. Os marcadores discursivos

Aínda que xa no apartado inicial, a modo de introdución, se realizou unha primeira e necesaria aproximación ao concepto de marcador discursivo antes de procedermos á análise do contributo das principais perspectivas teóricas para o seu estudo, cómpre agora aprofundarmos un pouco máis na súa definición e caracterización, séndomos tamén conscientes, como se sinalaba na mesma introdución, dos problemas aínda existentes e dos diferentes posicionamentos teóricos a ese respecto.

3.1. Algunhas propostas de definición

Alén da diversidade de termos hoxe existente para designar este tipo de unidades lingüísticas, tampouco existe aínda o suficiente acordo entre especialistas a respecto de que elementos concretos nunha lingua específica deberían ser considerados como marcadores discursivos (Jucker & Ziv 1998: 2). No intento por os definir téñense adoptado criterios diferentes, uns máis amplos e outros máis restritivos. Os primeiros son máis propios da lingüística norteamericana, que aceptou a proposta nominativa de Schiffrin (1987), en tanto que os segundos son de procedencia europea, onde se adoita concibir o termo de ‘marcador discursivo’ como un hiperónimo do de ‘conector’, que tamén engloba outras categorías pragmáticas. Como afirma Pons (1998a: 22), actualmente o concepto de marcador discursivo pode ser tomado como un sinónimo de conector ou como un hiperónimo referido a case calquera clase de palabra sen significado proposicional.

Resulta evidente que no proceso de estudo destas unidades foi xurdindo unha confusión terminolóxica aínda non resolvida na súa totalidade. Así, unidades como a galego-portuguesa e francesa *mais*, a española *pero* ou a inglesa *but* poden ser clasificadas como conxuncións de acordo coas súas propiedades gramaticais, como enlaces extraoracionais ou conectivos interfrasais polas súas capacidades textuais, como conectores argumentativos (véxase 2.3.3) ou conectores interactivos en función das súas instrucións argumentativas e como marcadores discursivos polas súas propiedades pragmáticas. Esta última denominación é cada vez máis aceptada,

aínda que existan diversas perspectivas para a súa delimitación e, por tanto, múltiples e diferentes definicións deste concepto.⁴¹

Así, Pons (1998a: 37-47), aínda a falar de ‘conectores’ (e ‘conexión’), mais abrangendo na práctica os marcadores discursivos como termo hiperónimo daqueles, chega a catalogar, segundo os diferentes autores, setenta tipos de definicións distintas destas unidades, que clasifica en catro grupos: (i) definicións que implican máis do que a unión, (ii) definicións centradas na unión (unhas especificamente referidas á conexión, outras centradas na conexión textual, as centradas na unión de argumentos e as centradas en usos específicos da unión), (iii) definicións relacionadas coa unión (expletivos e valor modalizante) e, por último, (iv) definicións relacionadas coa estrutura da información. De tal proliferación de definicións non será fácil, pois, facermos unha síntese adecuada, optando por nos referirmos a algunhas que poden ser tomadas como máis representativas.

Schiffrin (1987: 31) define os marcadores discursivos como elementos secuencialmente dependentes que ligan unidades de conversación; e considera que a súa análise forma parte doutra máis xeral, que é a análise da coherencia do discurso, isto é, o modo como os falantes e os ouvintes, conxuntamente, integran formas, significados e accións para lle dar un sentido global ao que se di (Schiffrin 1987: 49). Foi esta autora quen propiciou a extensión da denominación de ‘marcador discursivo’ nos Estados Unidos, adxudicándolle un abano de unidades máis amplo do que adoita ser habitual en Europa e considerándoa como unha clase de elementos tanto verbais

⁴¹ Véxase Jucker & Ziv (1998: 2): “Thus, the multiplicity in the terminology reflects on the one hand the broad range of elements in different languages with broadly comparable functions, and, on the other hand, it reflects distinct theoretical perspectives. We have chosen ‘discourse marker’ as a convenient cover term because it seems to be the one with the widest currency and with the least restricted range of application; one that enables us to include a broad variety of elements under a single conceptual umbrella”. Véxase así mesmo Montolío (2001: 20-21): “[...] elementos lingüísticos especializados en conectar frases que llamamos *conectores*, *expresiones* o *secuencias conectivas* –y que la bibliografía reciente denomina también *marcadores del discurso*–. A lo largo de estas páginas utilizaremos, casi indistintamente, una u otra denominación”. Para unha distinción entre os conectores e outros marcadores do discurso en español véxase Portolés (1993), quen considera os primeiros como unha clase incluída dentro dos segundos. Briz (1993a, 1993b) prefire, na súa análise do español coloquial, a denominación de ‘conectores pragmáticos’, que equipara coa máis xeral de ‘transicións de fala’ ou de ‘marcadores do discurso’ (Briz 1993a: 147). Cortés Rodríguez (2000), por súa vez, distingue tres elementos do discurso diferenciados: ‘conectores’ (se a restrición inferencial é bidireccional), ‘marcadores do discurso’ (se a restrición inferencial é unidireccional) e ‘organizadores’ (se a restrición inferencial non existe); mais tamén admite que estes “diferentes términos, sin embargo, se han mezclado habitualmente, hasta el punto de que uno de ellos, marcador del discurso, ha llegado a adquirir una condición hipercategorica al aplicarse a cualquier forma cuya función primaria y convencional sea organizar dicho discurso y facilitar la interacción” (Cortés Rodríguez 2000: 539). Coutinho (2004: 287), por súa parte, atribúe aos organizadores textuais as seguintes funcións na planificación textual: conectar, marcar responsabilidade(s) enunciativa(s) e orientar argumentativamente.

como non verbais.⁴² Porén, para Fraser (1999: 933) os criterios utilizados por Schiffrin na delimitación dos marcadores discursivos son demasiado amplos: dos once marcadores que esta autora estuda en detalle (*and, because, but, or, so, then, well, now, I mean, oh, y'know*),⁴³ el desbota os catro últimos, aínda que, curiosamente, máis adiante no mesmo traballo cita *I mean* entre os marcadores discursivos (Fraser 1999: 948). Tamén Jucker & Ziv (1998: 2) sinalan contradicións entre Schiffrin, Schourup e Blakemore no tocante á consideración de determinadas unidades como marcadores.

Redeker (1991), após unha demorada análise da proposta de Schiffrin, conclúe que esta non resolve de modo satisfactorio o problema da definición e delimitación da clase dos marcadores discursivos, propondo unha revisión do modelo na procura dunha clara definición da clase xeral dos operadores do discurso como sinais lingüísticos das ligazóns da coherencia textual; observa a necesidade dunha definición dos compoñentes da coherencia textual máis clarificadora e dun marco xeral máis amplo que abranxa todas as expresións conectivas e que non se restrinja só a unha selección arbitraria delas (Redeker 1991: 1167). O modelo de coherencia do discurso que esta autora propón distingue tres compoñentes da coherencia: (i) estrutura ideacional (dúas unidades do discurso están ideacionalmente relacionadas se a súa emisión nun determindio contexto levar consigo o compromiso do falante coa existencia desa relación no mundo que o discurso describe), (ii) estrutura retórica (dúas unidades do discurso considéranse retoricamente relacionadas se a relación máis forte se producir non entre as proposicións expresadas nas dúas unidades, senón entre os propósitos ilocucionarios que elas transmiten) e (iii) estrutura secuencial (as transicións secuenciais son relacións paratáticas ou hipotáticas entre segmentos adxacentes do discurso relacionados ideacional e retoricamente só de forma leve). Co propósito de delimitar de forma conveniente este tipo de expresións e tendo en conta que as ligazóns proposicionais constitúen con moito a clase máis grande e máis frecuente delas, opta pola denominación de operador discursivo (‘discourse operator’), que considera máis apropiada que a de marcador discursivo, achegando a seguinte definición: un operador discursivo é unha palabra ou frase que ten a función primaria de facer presente no ouvinte un tipo particular de ligazón da expresión que a segue co contexto discursivo contiguo.⁴⁴

⁴² Véxase Schiffrin (1987: 41): “I define markers at a more theoretical level as members of a functional class of verbal (and non verbal) devices which provide contextual coordinates for ongoing talk”.

⁴³ Algúns destes tamén son tratados por Jucker & Smith (1998: 197), que consideran “that discourse markers are a way for conversationalists to negotiate their common ground. They do not convey information directly but they issue instructions and provide advice as to how information is being processed or is to be processed”.

⁴⁴ Véxase Redeker (1991: 1168): “A *discourse operator* is a word or phrase –for instance, a conjunction, adverbial, comment clause, interjection– that is uttered with the primary function of bringing to the listener’s attention a particular kind of linkage of the upcoming utterance with the immediate discourse context. An utterance in this definition is an intonationally and structurally bounded, usually clausal unit”.

Por outra parte, Fraser (1999: 938-946)⁴⁵ define os marcadores discursivos como unha clase pragmática formada por expresións lexicais tiradas das clases sintácticas das conxuncións, dos adverbios e das frases preposicionais, que impoñen unha relación entre algún aspecto do segmento do discurso de que eles forman parte (S2) e algún aspecto dun segmento anterior do discurso (S1), contribuíndo á interpretación da secuencia máis do que ao seu contido proposicional. A forma canónica do marcador discursivo (MD) estaría representada pola fórmula <S1. MD+S2>, sendo tamén posíbeis as variantes <S1, MD+S2> e <MD+S2, S1>:

- (1) *O Xoán non anda moi ben de saúde. **Porén**, continúa a beber en exceso* (S1. MD+S2)
- (2) *A Carmela traballa moito, **mais** non obtén os resultados necesarios* (S1, MD+S2)
- (3) ***En canto** está a traballar no computador, non fai caso a ningún* (MD+S2, S1)

O mesmo autor (Fraser 1999: 938) afirma que un marcador discursivo non precisa necesariamente introducir S2, senón que tamén pode aparecer en posición medial ou final; aínda que a maioría ocupa a primeira posición do segmento, uns poucos concorren en posición medial, sendo aínda menos os que o fan ao final. Se ben que este autor se basea no inglés, tamén é posíbel en galego acharmos algún marcador, como é o caso de *porén*, que para alén da posición inicial vista en (1), admite as outras dúas, como acontece con *sin embargo* en español (Martín Zorraquino 1998: 41), embora a final (5) poida resultar un tanto estraña:

- (4) *O Xoán non anda moi ben de saúde. Continúa, **porén**, a beber en exceso.*
- (5) *#O Xoán non anda moi ben de saúde. Continúa a beber en exceso, **porén**.*

Aínda que a definición de Fraser inclúe os dous elementos que adoitan aparecer noutras moitas definicións, a non contribución ás condicións de verdade ('non-truth-conditionality') e a conectividade, porén non foi universalmente aceptada, principalmente por ser demasiado inclusiva, como afirma Schourup (1999: 239), quen define o marcador discursivo como unha expresión sintacticamente opcional que non afecta as condicións de verdade asociadas ao enunciado que el introduce e que se utiliza para pór en relación este co enunciado inmediatamente precedente (Schourup 1999: 234). Ou, máis sinteticamente, unha expresión conectora, opcio-

⁴⁵ Aínda que neste traballo o autor acepta e utiliza a denominación de 'marcadores discursivos', en traballos anteriores (véxase Fraser 1996) ten feito uso da expresión 'marcadores pragmáticos' (ou 'pragmatic markers').

nal do punto de vista sintáctico, que non afecta o contido verocondicional do enunciado.⁴⁶

Antonio Briz (1993a: 145), a se centrar no estudo da conversa coloquial, considera os marcadores ou 'conectores pragmáticos' como elementos que favorecen a cohesión e a coherencia nese ámbito, e que, para alén de encadear unidades da fala, aseguran a transición de determinadas secuencias do texto falado e colaboran na manutención do fío do discurso e da tensión comunicativa. Os marcadores preséntanse como articuladores frácticos e transfrácticos ao mesmo tempo, vinculándose o seu papel predominantemente á actividade argumentativa como conectores argumentativos e á actividade discursiva como marcadores metadiscursivos. No primeiro caso teñen a propiedade funcional de marcaren actos argumentativos, monolóxicos e/ou dialóxicos, cunhas consecuencias conversacionais determinadas e diferentes en cada circunstancia. No segundo caso constitúen unha especie de técnica para articularen e dispoñen dun modo ou doutro un discurso producido cara a cara nun espazo e tempo determinados, actuando como elementos demarcativos e trazos reguladores da actividade formulativa, así como do desenvolvemento e progresión dunha conversación; isto é, son controis da situación de fala, controis da mensaxe e/ou controis do contacto, que poñen en relevo "de qué modo hablamos lo que decimos al que nos escucha" (Briz 1993b: 52).

Para Martín Zorraquino os marcadores discursivos son elementos periféricos que teñen a función de comentaren, precisaren ou contrastaren o significado de toda a cláusula, ou ben teñen a función de marcaren a orde e relación dunha cláusula coas precedentes e subsecuentes no discurso.⁴⁷ Para Fuentes (1998b: 13) os marcadores ou conectores pertencen a un grupo dos adverbios ou expresións adverbiais, os relacionantes supraoracionais, que son aqueles cuxa misión é conectaren dúas unidades textuais, ben sexan dous enunciados, dous parágrafos etc. Como conectores que son, están á marxe do contido proposicional que se comunica e a súa misión é estableceren unha orientación semántica sobre o contido dos segmentos que ligan, establecendo así mesmo, como calquera conector, unhas relacións fóricas entre o que vén antes e o que prosegue. Non teñen contido semántico designativo propio e non poden focalizarse nin seren afectados pola negación.

Montolío (1998: 109) considera, desde o marco da teoría da relevancia (véxase 2.2), que os marcadores discursivos realizan un contributo esencial no proceso de

⁴⁶ Véxase Schourup (1999: 257): "DMs may be seen as syntactically optional connective expressions which do not affect the truth-conditional content of utterances". Ou tamén: "The term DM typically refers to a more or less open class of syntactically optional, non-truth-conditional connective expressions" (Schourup 1999: 242).

⁴⁷ Véxase Martín Zorraquino (1998: 24), a se apoiar na definición de Alcina & Bleca, que nos ofrece unha perspectiva dos marcadores discursivos máis ampla da contemplada, por exemplo, en Báez San José (2002: 160) ou en Portolés (2001: 25).

interpretación textual, a se comportaren como sinais ou ‘pistas’ que o falante utiliza para dirixir cooperativamente o proceso interpretativo do seu interlocutor; isto é, debido a que os conectores teñen como valor básico a función de sinalaren de maneira explícita con que sentido se van encadeando os diferentes fragmentos oracionais do texto, para así axudaren o receptor na súa interpretación, os marcadores discursivos virían a ser como os sinalizadores que guían o percorrido do proceso interpretativo daquel, da mesma forma que os sinais de tránsito nos indican como debemos circular por unha cidade.⁴⁸

Por último, seguindo un criterio restritivo e considerando que a comunicación humana é esencialmente inferencial, Portolés (2001: 25) afirma que os marcadores do discurso son unidades lingüísticas invariábeis que non exercen unha función sintáctica no marco da predicación oracional e que posúen un cometido coincidente no discurso: guíaren, de acordo coas súas diferentes propiedades morfosintácticas, semánticas e pragmáticas, as inferencias que se realizan na comunicación.

A partir das dúas últimas definicións, sobre todo, pódese concluír que os marcadores discursivos son unidades lingüísticas invariábeis que, sen desempeñaren unha función sintáctica dentro da cláusula, guían o proceso inferencial que se produce na comunicación, posibilitando desta forma a adecuada interpretación do texto. A pesar de non posuíren función clausal nin poderen ser núcleo dunha resposta a unha pregunta, resultan, porén, necesarios na comunicación para indicaren o sentido da conexión, ligando segmentos maiores ou menores do discurso.

3.2. Delimitación e caracterización

Aínda que a definición desta clase de unidades, ou de calquera outra, vai sempre necesariamente moi ligada á súa caracterización, trataremos aquí de examinar aquelas características que lles foron atribuídas nalgúns dos máis relevantes estudos, na procura dunha síntese clarificadora ao respecto, após intentarmos previamente establecer algúns criterios para delimitar as unidades. Se non achamos aínda o necesario consenso canto á definición da clase e á delimitación das unidades, tampouco existe unanimidade, como resulta lóxico, no referente á caracterización.

⁴⁸ Véxase tamén Montolío (2001: 21): “A partir de ahora, pues, entenderemos que los conectores funcionan en un texto como señales de balizamiento que un escritor eficaz va distribuyendo a lo largo de su discurso, a fin de que su lector siga sin esfuerzo ni dificultades el camino interpretativo trazado”. Por outra parte, González Condom (2000) establece unha relación directa entre forza ilocutiva e marcador pragmático, abrindo unha nova vía de análise a partir do modelo de estrutura textual do xénero do relato oral: os marcadores pragmáticos indican a traxectoria e intencionalidade discursiva do narrador ao longo dos diferentes estadios que conforman a estrutura do relato; suxire, así mesmo, a presenza recorrente de certos marcadores en determinados estadios do relato.

3.2.1. Delimitación dos marcadores discursivos

Alén dunha visión máis ampla dos marcadores discursivos, como a que se pode inferir de autores como Vilela (1998), Martín Zorraquino (1998) ou Casado (1998), que permite incluír dentro destas unidades os chamados adverbios oracionais e os sinais ou marcadores conversacionais, onde poden entrar a práctica totalidade das interxeccións, porén, existen outras perspectivas máis restritivas, aínda que non suficientemente clarificadoras en xeral. Así, Schiffrin (1987: 328) di que (i) teñen de ser sintacticamente separábeis dunha cláusula, (ii) teñen de aparecer xeralmente na posición inicial dun enunciado, (iii) deben posuír un contorno prosódico propio (acento tónico seguido de pausa, redución fonolóxica), e (iv) deben ser capaces de operaren a nivel local e global do discurso, así como en diferentes planos deste (sen teren significado, posuíndo un significado vago ou sendo ‘reflexivos’).

Blakemore (1992: 138-141) considera que os marcadores discursivos non teñen significado representacional da mesma forma que o teñen as expresións lexicais, senón que teñen só un significado ‘procedural’ consistente en fornecer instrucións sobre como manipular a representación conceptual dun enunciado; para isto sinala catro vías: (i) poden permitir a derivación dunha implicación contextual (*por tanto, en consecuencia, tamén*), (ii) poden reforzar un suposto precedente fornecéndolle mellores probas (*despois de todo, alén diso, outrosí*), (iii) poden contradicir un anterior suposto (*porén, mais*), e (iv) poden especificar o papel dun enunciado no discurso (*de todas as formas, a propósito, finalmente*).

Para Fraser (1999: 944) os marcadores discursivos teñen un significado central que é procedimental e a súa interpretación máis específica en cada caso é ‘negociada’ polo contexto, tanto lingüístico como conceptual; o marcador discursivo relaciona dous segmentos do discurso mais non contribúe ao significado proposicional de ningún dos dous; para el as conxuncións coordinadas (*e, mais, ou*) funcionan principalmente como marcadores discursivos, aínda que non exclusivamente, e o mesmo acontece coas subordinadas (*porque, logo, en canto*): funcionarán como marcadores sempre que puxeren en relación dúas mensaxes, mais non se se tratar dunha mensaxe única.⁴⁹ Exclúe tamén por este mesmo motivo algúns adverbios oracionais como *francamente, obviamente, estupidamente*, a que denomina ‘commentary pragmatic markers’, partículas focalizadoras (‘focus particles’) como *inclusive, só, xusto*, marcadores de pausa (‘pause markers’) como *Ben..., Oh..., Ah...*, as partículas modais (‘modal particles’), e os vocativos ou interxeccións que

⁴⁹ A modo de exemplos, sobre a posíbel consideración de certas conxuncións como marcadores discursivos, dentro da polifuncionalidade dalgunhas delas, poden verse os seguintes estudos: no ámbito peninsular, Rubio (2000) a respecto de *se*, Parroche (2000) sobre *nin*, Parroche (1998) sobre *que* e *se* (tamén *é que*) e Montolío (2000) con relación a *como*; no ámbito do inglés, Stenström (1998) sobre *because* (*cos*), Andersen (1998) sobre *like* ou Gillon (1997) a propósito de *or*.

constitúen unha mensaxe completa e diferente, que deben ser tratados como locucións pragmáticas ('pragmatic idioms') (Fraser 1999: 942-943). Xa con anterioridade este mesmo autor (Fraser 1996) cualificara a 'categoría gramatical' de marcadores discursivos como unha subclase dos marcadores pragmáticos ('pragmatic markers'), que son como pistas lingüisticamente codificadas que sinalan as potenciais intencións comunicativas do falante e que non contribúen ás condicións de verdade do enunciado. Fraser postula catro tipos de marcadores pragmáticos: (i) marcadores básicos ('basic markers'), que especifican a forza da mensaxe básica da proposición (*hai que admitir que, por favor, talvez* etc.); (ii) marcadores pragmáticos de comentario ('commentary pragmatic markers'), expresións lexicais que teñen un significado representacional que especifica unha mensaxe enteira e un significado procedimental que sinala que esta mensaxe é para funcionar como un comentario sobre algún aspecto da mensaxe básica (*francamente, estupidamente, segundo as informacións, supostamente, a modo de explicación* etc.); (iii) marcadores paralelos ('parallel markers'), cuxa función é sinalar unha mensaxe adicional á mensaxe básica (marcadores de vocativo como *camareiro, damas e cabaleiros, Sr. Presidente* etc., marcadores de desagrado do falante como *condenado (de rapaz), por amor de Deus, agora mesmo* etc., e marcadores de solidariedade como *meu amigo, de ti para min* etc.); e (iv) marcadores discursivos ('discourse markers'), que sinalan a relación da mensaxe básica co discurso precedente, sen contribuíren ao significado representacional da cláusula, senón só ao significado procedimental, en contra do que acontece cos outros marcadores pragmáticos (verase a clasificación de Fraser dos marcadores discursivos en 3.3).

A respecto das interxeccións, Cueto & López (2003: 77-82), dando por válida a definición de marcadores discursivos realizada por Portolés, tratan de clarificar a súa relación con estes. Para as dúas autoras interxeccións e marcadores son unidades gramaticais non destinadas a codificaren conceptos, senón a guiaren inferencias, mais as interxeccións carecen dalgúns trazos semánticos consubstanciais ao funcionamento pragmático dos marcadores discursivos. Existen similitudes entre as interxeccións e algunhas unidades gramaticalizadas como marcadores discursivos, tanto do punto de vista gramatical (invariabilidade, autonomía entoativa, certa mobilidade na cadea sintagmática, seren unidades inventariábeis a pesar de se tratar de clases abertas) como semántico (posúen un significado procedimental como guías do proceso inferencial nun determinado sentido). Porén, marcadores discursivos e interxeccións diferéncianse notabelmente no comportamento pragmático, pois interveñen en fases distintas do proceso interpretativo: en canto que a interxección non contribúe, en principio, ao proceso de xeración de implicaturas, actuando tan só como elemento que restrinxa a intencionalidade do emisor, isto é, guiando o receptor na interpretación do que segue de acordo cunha determinada actitude expresada por ela, o marcador discursivo opera na recuperación das implicaturas.

Por outra parte, e tamén segundo as antecitadas autoras, o marcador discursivo sinala sempre na mesma dirección e o seu contido instrucional está asociado de maneira estábel e permanente ao significante, sen variacións contextuais, en tanto que o valor da interxección vai vir subministrado polo falante na situación de uso, caracterizándose pola súa plasticidade ás condicións extralingüísticas. A estas diferenzas acrécentase o valor cohesivo dos marcadores discursivos, consubstancial ao seu funcionamento pragmático, pois son unidades que posúen valor anafórico e enlazan distintos bloques informativos, sinalando unha instrución direccional concreta; isto non acontece coas interxeccións, aínda que algunhas, en circunstancias textuais determinadas, poidan manifestar un certo valor discursivo que non teñen codificado, ao contrario que os marcadores discursivos. Nalgún caso as interxeccións propias poderían remitir a datos anteriores, mais en termos xerais, surxindo moitas veces a relación lóxica entre dous bloques informativos da situación comunicativa máis que da interxección, caso de *ah!* (Gonçalves 2002a: 363-430), por exemplo, en ... *o bar, a partida de cartas, os amigos... ah! o de sempre*, onde se podería suprimir sen por iso anular o valor recompletorio do segmento final. Si admiten estas autoras a presenza dun contido pragmático próximo ao dos marcadores discursivos nas interxeccións impropias, como *bon, vaia, en fin* etc., mais para elas neste caso xa non se trataría de verdadeiras interxeccións, senón de unidades procedentes de formas interxectivas, case sempre impropias, que no seu proceso de gramaticalización como marcadores discursivos perderon a categoría primitiva. Trataríase, pois, de unidades multicategoriais e polifuncionais que só nalgúns casos funcionan como interxeccións.⁵⁰

En Báez San José (2002: 160) sinálanse tres características taxativas para os marcadores discursivos: (i) estaren separados por pausas do resto do enunciado, a constitúen un grupo fónico independente, (ii) teren mobilidade dentro do enunciado, aínda que algún deles poida adoptar unha posición fixa, e (iii) situárense no segundo enunciado xustaposto ou na segunda parte da estrutura encadeada por coordinación, dado que presupoñen, polo menos, dous enunciados correspondentes a dous actos de falar sucesivos.

Por outra parte, Portolés (2001: 49), empeñado en delimitar un "grupo relativamente homogéneo" de unidades, sitúa o criterio fundamental de definición dos marcadores discursivos non na gramática, senón na pragmática: os marcadores guían o procesamento inferencial; e para limitar a clase de unidades establece, como características secundarias, dúas restricións gramaticais: unha de natureza

⁵⁰ Véxase Cueto & López (2003: 82): "En suma, pese al contenido procedimental de la interjección y su comportamiento como contextualizador, su funcionamiento como marcador discursivo dista bastante de estar demostrado. Existen, no obstante, numerosas interjecciones impropias que en nuestra lengua han derivado hacia usos puramente discursivos; pero el estatuto gramatical de *vamos, bueno, vaya, en fin...* en estos casos no es interjetivo". Para un profundo estudo da interxección en portugués desde unha abordaxe en semántica discursiva véxase Gonçalves (2002a).

morfolóxica ao cualificar os marcadores como unidades invariábeis, e outra de natureza sintáctica ao definilos como elementos periféricos na predicación. Así mesmo, Portolés indica que os marcadores pertencen só ás categorías gramaticais da conxunción, do adverbio e da interxección, aquelas que son consideradas invariábeis pola gramática tradicional, coa excepción da preposición. A razón por que exclúe as preposicións está en que estas posúen significado conceptual, en tanto que os marcadores teñen significado de procesamento, que non contribúe ás condicións de verdade dunha proposición.

A respecto das conxuncións, as coordenantes (*e, mais, pero, senón*) “son, posiblemente, los marcadores más evidentes” para el (Portolés 2001: 51); ora, das subordinantes só considera normal incluír *aínda que* entre os marcadores pola súa proximidade significativa a *pero*, mais non así outras como *porque* ou *para que*, independentemente do grao de integración da cláusula que encabezaren a respecto da principal, pois en ningún caso observa unha mudanza dun significado conceptual a procedimental. Para a distinción entre unha conxunción e un adverbio que son marcadores discursivos sinala as seguintes diferenzas: (i) dúas conxuncións non vinculan sintacticamente as mesmas unidades, mais si poden aparecer unha conxunción e un adverbio marcador nun mesmo membro discursivo (**e pero, *aínda que mais / pero ademais*); (ii) as conxuncións son palabras átonas e sitúanse na posición inicial do seu membro discursivo, sen estaren delimitadas pola entoación, en tanto que os adverbios marcadores son palabras tónicas e adoitan ter unha maior mobilidade e un contorno entoativo propio (*mais / non obstante*), aínda que en xeral os marcadores teñen clara preferencia por se situaren ao inicio do seu membro discursivo; (iii) a conxunción *que*, no estilo indirecto, non pode preceder os marcadores que son conxuncións coordenantes, mais si os que son adverbios (**que pero / que, non obstante*). Considera este autor (Portolés 2001: 55) o marcador *pois* como un caso especial, xa que ten tres usos diferentes: (i) *pois* causal como conxunción que introduce unha cláusula que xustifica outra anterior, (ii) *pois* como adverbio marcador discursivo con significado consecutivo, que é tónico, evita a posición inicial do membro do discurso en que se inclúe e vai delimitado pola entoación, e (iii) o *pois* comentador, o máis complexo categorialmente, pois non se acomoda ben dentro das conxuncións nin dos adverbios, que é máis frecuente no discurso oral do que no escrito, que se sitúa na posición inicial do seu membro, e que presenta este como un comentario novo a respecto do discurso precedente, sendo unha forma átona que non vai seguida de pausa:

- (1) *Pon moito atención ao que di, **pois** é importante* (conx. causal).
- (2) *Non me fixeron ningún caso. Que se atean, **pois**, ás consecuencias* (adv. marcador consecutivo).
- (3) *Cando chegou á casa, **pois** resulta que estaba ferido* (comentador).

A respecto dos adverbios que son marcadores discursivos, Portolés (2001: 56) considera como tales *non obstante, por tanto* ou *ora ben*,⁵¹ para os que só por prudencia non crea unha nova clase de palabras, caracterizándoos por seren palabras invariábeis, o que permite diferencialos de sintagmas con capacidade de flexión (*por tanto / por este motivo*), que fican excluídos da nómina de marcadores por contener un elemento anafórico e posúen usos vedados aos adverbios marcadores, como seren autónomos nun turno de palabra ou desempeñaren unha función sintáctica na cláusula:

- (4) A: *–Por que o fixeches?*
B: *–Por este motivo / *–Por tanto.*
- (5) a) *Castigárono e iso aconceulle **por este motivo**.*
b) **Castigárono e iso aconceulle **por tanto**.*

Porén, tamén Portolés advirte de que a maior parte das formas que se utilizan como adverbios marcadores poden aparecer con outras funcións diferentes:

- (6) a) *Non hai por que contestar **así**.*
b) ***Así**, non hai por que contestar.*
- (7) a) *Póñame unha salada **con todo**.*
b) ***Con todo**, póñame unha salada.*
- (8) a) *Diréivolo **nunha palabra**.*
b) ***Nunha palabra**, diréivolo.*
- (9) a) *O rei entrou **por un lado** e o presidente **por outro**.*
b) ***Por un lado**, entrou o rei e, **por outro**, tamén se acercou alí o presidente.*

Nos exemplos precedentes só os elementos destacados en (b) teñen función de marcadores discursivos ao careceren das posibilidades de flexión e combinación que posúen nos exemplos (a). Precisamente, os adverbios marcadores proceden da evolución de sintagmas que foron perdendo as súas posibilidades de flexión e combinación, abandonando tamén o seu significado conceptual e especializándose no procedimental. Se tal proceso se pode dar practicamente por completado no español *sin embargo*, aínda non o está de todo en *non obstante*, onde o seu significado

⁵¹ En español *sin embargo, por tanto* e *ahora bien*; tamén Rouchota (1998: 100) denomina ‘adverbial discourse connectives’ marcadores como *nevertheless, however, moreover, furthermore, then* ou *after all*, afirmando: “Adverbial discourse connectives are set apart from other discourse connectives by a set of properties which assimilate them to sentence adverbials and parenthetical expressions in general”.

procedimental garda unha estreita relación co significado conceptual do verbo *obstar*. Menor grao de gramaticalización se observa en *aínda máis* ou *máis aínda*:

- (10) a) Traballa quince horas ao día e **aínda máis**.
 b) Traballa doce horas ao día e, **aínda máis**, até quince.
 c) **Aínda máis**, traballa quince horas ao día.

No exemplo (b) o valor de *aínda máis* pode resultar ambiguo, pois está próximo do do sintagma en combinación libre (a), mantendo en todos os casos o mesmo significado que cando desempeña unha función na cláusula. Por outra parte, *aínda* que, a diferenza da maior parte dos adverbios, os que son marcadores discursivos non teñen a posibilidade de recibiren especificadores e complementos (*lonxe*, *lonxe de ti* e *moi lonxe* / *en calquera caso*, **en calquera caso daqueles* e **moi en calquera caso*), existen algunhas excepcións como *ademaís (de)*, *a propósito (de)*, *á parte de* ou *alén de*:

- (11) a) A túa filla é moi alegre e, **ademaís**, ten unha grande capacidade de traballo.
 b) **Ademaís de** ter unha grande capacidade de traballo, a túa filla é moi alegre.
 (12) a) Temos de ir a Vigo. **A propósito**, cando viaxamos xuntos por última vez?
 b) **A propósito de** facermos unha viaxe, temos de ir a Vigo.
 (13) **Á parte de** seren moi traballadoras, son boas persoas.
 (14) **Alén de** ter moitos cartos, posúe unha quinta ao lado da praia.

Acrecenta Portolés (2001: 63-64) que no caso de se situar o adverbio marcador nunha oración, pode comprobarse que se trata dun elemento periférico, pois os sintagmas que se integran nela poden constituír o resto dunha elisión, en tanto que os adverbios marcadores, ao non estaren integrados na oración por ocuparen unha posición periférica con relación aos demais complementos verbais, non o poden constituír:

- (15) a) O señor rexeitaría o premio por esa razón e, **por este motivo**, tamén.
 b) **O señor rexeitaría o premio por esa razón e, **por tanto**, tamén.*

É, así mesmo, tal falta de integración a que impide que o adverbio marcador se destaque por medio dunha construción ecuacional ou clivada, de modo contrario ao que acontece con outros sintagmas da oración, como se pode ver en (16); e tam pouco pode ser negado como estes (17):

- (16) a) *Este asunto tiña, **non obstante**, unha fácil saída.*
 b) *Era este asunto o que, **non obstante**, tiña unha fácil saída.*
 c) *Era unha fácil saída a que, **non obstante**, tiña este asunto.*
 d) **Era **non obstante** como este asunto tiña unha fácil saída.*
 (17) a) *Non chegou, **pois**, o director en tren, senón en avión.*
 b) **Non chegou, **pois**, o director en tren, senón **ao fin e ao cabo**.*

Por outra parte, deberase tomar en consideración o problema dos adverbios modificadores da oración e a súa posíbel inclusión dentro dos marcadores discursivos. O propio Portolés (2001: 65) indica ao respecto que as últimas probas sinaladas por el para a diferenciación dos adverbios marcadores aproximan estes dos adverbios oracionais e, en especial, dos adverbios oracionais da enunciación ou adverbios ilocutivos (*sinceramente*, *francamente* etc.): ambos poden aparecer cunha oración interrogativa (18), mais os segundos poden integrarse nunha oración co mesmo significado e os primeiros non (19), posuíndo os adverbios da enunciación un significado conceptual que lles permite seren interrogados (20), negados (21) ou parafraseados (22), en contra do que acontece cos adverbios marcadores:

- (18) a) **Sinceramente**, como puidiches facer iso?
 b) **Por tanto**, como puidiches facer iso?
 (19) a) *Falou **sinceramente**.*
 b) **Falou **por tanto**.*
 (20) a) A: **Sinceramente**, áchote moi ben de aspecto.
 B: **Sinceramente?** De verdade?
 b) A: **Por tanto**, irei contigo a Roma.
 B: ***Por tanto?** De verdade?
 (21) a) A: **Sinceramente**, áchote moi ben de aspecto.
 B: *Non é certo, non o dis **sinceramente**.*
 b) A: *Tiven un problema e, **por tanto**, non irei contigo a Roma.*
 B: **Non é certo, non o dis **por tanto**.*
 (22) a) *Áchote moi ben de aspecto e isto dígocho **sinceramente**.*
 b) **Non irei contigo a Roma e isto dígocho **por tanto**.*

Casado (1993: 32), so a denominación xeral de ‘marcadores de función transoracional’, distingue dous grupos: adverbios modificadores da cláusula e marcadores

de función textual. A función dos primeiros non se corresponde coa de aditamento (ou complemento circunstancial) e non é conmutábel por un proadverbio:

- (23) a) *O curso acabou **felizmente**.*
 b) *O curso acabou, **felizmente**.*

En (a) o adverbio cumpre a función de aditamento e é conmutábel polo proadverbio de modo *así*, en tanto que en (b) isto non é posíbel. Sería, pois, neste último caso cando se trataría dun marcador textual, xa que non determina o contido léxico do verbo, senón que afecta a cláusula na súa totalidade, introducindo comentarios externos a esta e a desempeñar un papel contextualizador. Os adverbios modificadores da cláusula fonicamente (e por norma xeral tamén graficamente) van entre pausas, non admiten a substitución por adverbios interrogativos nin a súa integración na unidade enfatizada de estrutura ecuacional, non poden coordinarse con adverbios ou frases en función de complemento circunstancial (aínda que si combinárense con eles), e distribucionalmente deslócense con liberdade dentro da cláusula:

- (24) a) ***Infelizmente**, a Uxía non tivo en conta os meus consellos.*
 b) *A Uxía, **infelizmente**, non tivo en conta os meus consellos.*
 c) *A Uxía non tivo en conta, **infelizmente**, os meus consellos.*
 d) *A Uxía non tivo en conta os meus consellos, **infelizmente**.*

Os modificadores da cláusula poden clasificarse (Casado 1993: 33-34) en función do comentario que realizaren, o cal pode expresar:

- a) a actitude do falante a respecto do contido do enunciado, como *certamente, verdadeiramente, claramente, realmente, naturalmente, felizmente, infelizmente* etc.:

- (25) *Os feitos desenvolvéronse, **realmente**, como recollen os xornais.*

- b) a produción mesma do enunciado (a ‘enunciación’), tanto do punto de vista do falante como do ouvinte; é o caso de *honradamente, sinceramente, francamente, honestamente* etc.:

- (26) *Non me interesa nada do que dixeches, **honradamente**.*

- c) referido ao texto como tal, podendo ser metatextual (*brevemente, esquematicamente, resumidamente* etc.), temático (*formalmente, estilisticamente* etc.) e de orde ou relación lóxica (*primeiramente, posteriormente, simultaneamente, consecuentemente, finalmente* etc.):

- (27) ***Resumidamente**, non gostei da súa exposición* (metatextual).

- (28) ***Estilisticamente**, a obra contén aspectos interesantes* (temático).

- (29) ***Primeiramente**, falaremos con el e, **posteriormente**, decidiremos* (de orde).

Os marcadores de función textual constitúen, para Casado (1993: 35), un conxunto numeroso e aberto de pezas lingüísticas, non facilmente catalogábeis nos repertorios tradicionais de clases de palabras, que se caracterizan pola súa “acusada” multifuncionalidade, o que dificulta a delimitación entre o seu valor xeral de lingua e os diferentes usos ocasionais. Estabelece este autor un amplo catálogo de funcións textuais (‘aclaración’, ‘adición’, ‘advertencia’, ‘afirmación’, ‘aprobación’, ‘asentimento’, ‘atenuación’ etc. etc., até ‘topicalización’ e ‘transición’), cos seus respectivos marcadores. A heteroxeneidade de expresións contempladas non permite unha delimitación clarificadora destas unidades.

Por súa parte, Vilela (1999: 261-274) arrinca do concepto de ‘partícula’ para, após falar de partículas de realce ou de palabras ‘bordões’ como ‘verbos de encher’ (*non é, na certeza, pois, así* etc.), distinguir entre partículas gradativas ou seriativas (*só, apenas, exclusivamente, simplesmente, meramente, mesmo, precisamente, sobre todo, polo menos, case, aproximadamente, tamén, aínda, máis, máis aínda* etc.) e partículas modais típicas,⁵² aquelas que se refiren ao contido total da cláusula, ou a unha parte importante dela, e transportan un xuízo de valor por parte do enunciador. Entre os exemplos que nos achega, volven a aparecer palabras como *mais, apenas, também* etc., xa citadas nos grupos anteriores, pois “uma mesma palavra ou expressão pode ser levada para tratamentos e funções diferentes: ou se situa na categoria advérbio propriamente dito, ou na categoria conjunção, ou na categoria de conector (‘marcador’) discursivo, ou na categoria partícula modal” (Vilela 1999: 263), mostrando a súa preferencia pola designación común de ‘adverbial’. Após insistir en que a partícula modal comporta o punto de vista do enunciador con relación ao contido proposicional e que hai adverbios que son partículas modais (homónimos de adverbios) e que transmiten unha modalización que ten o seu punto de partida na subxectividade do produtor do enunciado, admite que estes adverbios

⁵² Algunhas das partículas “tidas seguramente como *partículas modais*” son para Vilela (1999: 264) *acaso, afinal, cá, lá, mas, não, sempre, então, também*, en coincidencia con Franco (1990), quen distingue entre partículas modais, adverbios e adverbios de cláusula, terminando o seu traballo con estas palabras: “A análise dos empregos de *afinal, sempre* e *então* en enunciados interrogativos, nas situacións respectivamente descritas, revelou que as PMs [partículas modais] têm a ver, entre outras coisas, com subentendidos e pressuposições pragmáticas do falante e com as suas expectativas e que, além disso, desempenham uma função anafórica ou, se se quiser, de relação entre um acto de fala ou uma situação anterior (ou não imediatamente anterior) ao acto de fala em que respectivamente ocorrem -o que faz delas uma espécie de conectivos conversacionais” (Franco 1990: 196). Para unha descrición lingüística completa das partículas modais no portugués e no alemán, véxase Franco (1991). Outros estudos parciais de comparación co alemán canto ao uso de marcadores discursivos en portugués poden verse en Schmidt-Radefeldt (1993) e en Brauer-Figueiredo (1995).

tanto poden ser colocados no dominio das partículas modais “por exprimirem a avaliación subjectiva do enunciador, como no dominio dos marcadores discursivos por remeterem para o contexto anterior” (Vilela 1999: 264).

Previamente, este mesmo autor tiña distinguido entre adverbios intrafrásicos, que afectan o verbo e simultaneamente calquera dos seus actantes, e adverbios extrafrásicos ou adverbios de enunciación, que son semanticamente exteriores á cláusula, non participan na referencia clausal e son produto da intervención do enunciador, podendo un mesmo adverbio funcionar como intrafrásico ou extrafrásico (Vilela 1999: 245):

- (30) a) *O director sempre fala **francamente**.*
 b) *O director é **francamente** intelixente.*
 c) ***Francamente**, o director levaba razón.*
- (31) a) *O director falou moi **sinceramente**.*
 b) *O director, **sinceramente**, falou moi ben.*

En (30a) e (30b) o adverbio (‘adverbio propiamente dito’) é intrafrásico e depende, respectivamente, do verbo e do adxectivo, en canto que en (30c) funciona como adverbio de enunciación; en (31a) o adverbio está integrado no nó actancial e en (31b) funciona como exofrásico. Vilela (1999: 246-247) clasifica os adverbios extrafrásicos en función da súa forma de incidencia na enunciación:

- a) adverbios que inciden no *dictum* (información proposicional contida no enunciado e colocada a disposición do interlocutor): son os avaliativos e asertivos, os primeiros a apuntaren para a avaliación ou apreciación do enunciador sobre o contido proposicional (*estrañamente, naturalmente, curiosamente, miraculosamente, (in)felizmente, (des)afortunadamente* etc.) e os segundos reportándose ao valor de verdade e comportando un valor epistémico –certeza ou incerteza a respecto do contido proposicional– ou alético –necesario ou contingente– (*certamente, seguramente, posibelmente, probabelmente, indubitabelmente, incontestabelmente*):

- (32) ***Estrañamente**, el non apareceu por alí* (avaliativo).
 (33) ***Probabelmente**, desta vez gañaremos as eleccións* (asertivo).

- b) adverbios que inciden no *dicere* (escollo de unidades léxico-gramaticais e de estruturas sintáctico-enunciativas): son os adverbios que implican unha ordenación discursiva (*primeiramente, seguidamente, finalmente, antes, despois*), unha determinada distribución (*respectivamente, sucesivamente*), analoxía

(*igualmente, simultaneamente, paralelamente*), oposición (*contrariamente*) etc., a se inclúiren tamén neste grupo os adverbios metalingüísticos, tanto relativos á forma lingüística do texto (*textualmente, concretamente, literalmente, brevemente*), como á súa reformulación (*máis exactamente, máis precisamente*); tamén inciden no discurso os ‘adverbios de encadramento nocional’, que definen o campo nocional en que se insiren ou punto de vista de que se parte (*politicamente, moralmente, comercialmente, cientificamente* etc.):

- (34) ***Seguidamente**, falaremos do problema pesqueiro.*
 (35) *Chamouille parvo, **literalmente**.*
 (36) *É unha persoa, **cientificamente**, moi competente.*

c) adverbios que inciden no *velle dicere* (ou *querer dicir*): son adverbios que tratan da intención comunicativa, isto é, din algo sobre o acto ilocutorio (*francamente, sinceramente, honestamente, seriamente, persoalmente, confidencialmente* etc.):

- (37) *Eu non confío nel, **honestamente**.*
 (38) *Dime, **seriamente**, o que é que pasou.*

Para alén destes adverbios exofrásicos, que el mesmo admite situárense no ámbito dos marcadores discursivos, Vilela (1999: 265) trata tamén dos ‘marcadores da coherencia/cohesión discursiva’, que virían sendo para el os marcadores do discurso propiamente ditos, “un dos medios privilegiados para ordenar, hierarquizar, ligar, tornar mais fluído o movemento fórico construtor do discurso”, xuntamente cos pronomes, repeticións, sinonimia, hponimia, anáfora asociativa etc. Estes marcadores proveñen de adverbios ou locucións adverbiais, de conxuncións, de adxectivos, de verbos e doutras combinacións varias, mais sempre funcionan en bloque como expresións total ou parcialmente lexicalizadas, sen máis función que a fórica, relacionando o que precede co que segue no texto. Sen establecer unha clasificación propiamente dita, indica que a súa función organizadora do texto se sitúa no plano interdiscursivo (*bon!, por unha parte, entón, por certo* etc.), no plano de interacción enunciador-interlocutor (*pois, bon, non é?* etc.) ou no plano meramente enunciativo (*ora ben, por iso, quere dicir, para terminar* etc.), a se situaren outros no plano directamente nocional (con valor argumentativo, aditivo, contraargumentativo, causal, temporal ou organizador da información textual) ou con valor de reformulación (*ou sexa, mellor dito, quere dicir, isto é* etc.). Aínda no apartado dedicado polo autor ás interxeccións e outros marcadores de expresividade (Vilela 1999: 269-274) se achan frecuentes referencias ás

funcións textuais que cumpren, cualificando as primeiras como “marcadores conversacionais”.⁵³

Koch (2003a: 30-58), para alén dos ‘operadores argumentativos’ a que xa se fixo referencia (véxase 2.3.3), distingue os marcadores de presuposición (verbos que indican mudanza ou permanencia de estado, verbos factivos e certos conectores circunstanciais como *desde que*, *antes que*, *despois que*, *visto que*), indicadores modais ou índices de modalidade (como *talvez*, *probabelmente*, *certamente*, *posibelmente*, *seguramente*, *indubitabelmente*), indicadores actitudinais (*infelizmente*, *francamente*, *pesarosamente*), índices de avaliación (*excelente*, *extremamente feliz*) e índices de dominio ou modo (*politicamente*, *xeograficamente*, *resumidamente*, *concisamente*).

En conclusión, existen moitos elementos na lingua que non cumpren estritamente funcións oracionais e que se aproximan das funcións dos marcadores discursivos. Mais tamén existen posicionamentos diversos e claras discrepancias canto á delimitación das unidades. Perante a necesidade de adoptar algún criterio orientador, débese ter en conta que o marcador discursivo pode ser tomado como un sinónimo do termo conector ou como un hiperónimo referido a case calquera clase de palabras sen significado proposicional (Pons 1998a: 22). Tanto os conectores como as partículas modais⁵⁴ son dúas categorías pragmáticas que se caracterizan por non contribuíren á estrutura proposicional do enunciado en que se insiren, mais que se diferencian pola súa función: os conectores son elementos especializados en indicaren a relación de unión existente entre dous constituíntes lingüísticos, ou entre un constituínte e as circunstancias da enunciación, e as partículas modais marcan a actitude do falante a respecto da mensaxe transmitida. Tanto uns como outros, xunto con algúns operadores argumentativos, certos adverbios modais, determinados usos das interxeccións e os elementos que marcan o carácter interactivo da conversación, entre outros, poden considerarse cohipónimos dunha clase superior que é a dos marcadores discursivos (Ferrer & Pons 2001: vii).⁵⁵

⁵³ Véxase Vilela (1999: 270): “As interjeições fazem parte de um conjunto de processos que devemos designar como *marcadores conversacionais*. É a intervenção do componente expressivo no discurso: realçando, reforçando e intensificando de forma global o enunciado ou um dos fragmentos desse enunciado. Podemos imaginar a pluralidade de meios de que o ser humano dispõe para levar a cabo essa parte da comunicação”.

⁵⁴ Sobre as partículas modais en alemán e a posíbel equivalencia en español véxase Ferrer (2001), quen considera como tales algunhas conxuncións (*mais*, *pois*, *e*), adverbios (*acaso*, *entón*, *xa*, *non*, *sinxelamente*, *simplemente* etc.), vocativos (*ouve*, *díme/dígame*, *home*, *vaia* etc.), locucións (*é que*, *por certo*, *a propósito*), ‘tags’, retrousos ou apéndices (*non?*, *verdade?*, *eh?*, *non é?*, *non é certo?*, *(non) está vostede de acordo?*), certos tempos e modos verbais (futuro hipotético, perífrases como *ir* + infinitivo), e mecanismos de reforzo pragmático (trazos suprasegmentais como a entoación ou o acento enfático sobre certos lexemas) (Ferrer 2001: 106-107).

⁵⁵ Tamén Portolés (1993, 2001) considera o termo ‘marcador discursivo’ como un hiperónimo en que inclúe conceptos do tipo de ‘conector’, ‘operador discursivo’, ‘reformulador’, ‘marcador de control de contacto’ etc. Para unha perspectiva xeral da relación entre conectores e marcadores discursivos véxase tamén Pons (2001).

3.2.2. Caracterización dos marcadores discursivos

A respecto das características xerais dos marcadores discursivos, unha das máis citadas é a da súa heteroxeneidade canto á categoría gramatical: trátase de conxuncións, adverbios, interxeccións, locucións prepositivas, conxuntivas ou adverbiais etc., que constitúen unha especie de caixón de xastre onde tales conceptos resultan claramente insuficientes para daren conta das propiedades que todos eles posúen. Martín Zorraquino (1998: 52) pregúntase se non estaremos perante novas clases de palabras ou categorías gramaticais, pois se ben é certo para ela que os marcadores do discurso non constitúen unha clase de palabras, tamén o é que as entidades lingüísticas que os integran non se axustan totalmente ás categorías de que habitualmente se ocupa a gramática oracional.

Outra característica que con frecuencia se adoita atribuír aos marcadores discursivos é a da invariabilidade no plano formal como norma xeral. As unidades simples, como partículas que son, non admiten morfemas flexivos, producíndose tamén un proceso de gramaticalización cara á invariabilidade en certos sintagmas preposicionais e formas verbais, como *na realidade*, *no fondo*, *en calquera caso*, *mira*, *olla*, *escoita* etc. Para Martín Zorraquino (1998: 45-48) a invariabilidade é a propiedade máis característica de todos os marcadores discursivos, pois tamén é o trazo máis distintivo dos adverbios, preposicións e conxuncións de onde aqueles polo xeral proveñen. A invariabilidade permite determinar o estatuto de marcador discursivo para moitas unidades que poden funcionar na lingua con outro valor gramatical, a través dun proceso de gramaticalización; para Portolés (2001: 57) esta propiedade distingue os marcadores dos sintagmas que conservan a capacidade de flexión e combinación dos seus membros; deste modo, *por tanto* sería un marcador discursivo, mais non *por isto*, *por iso*, *por este motivo*, *por esta razón*, *por esta causa*, *a causa disto* etc., aínda que poidan desempeñar a función de tales.

En relación coa anterior, a gramaticalización⁵⁶ total ou parcial en moitos casos é outra característica destas unidades. Así, por exemplo, cando no texto conversacional se usa *bon*, nada ten que ver coa ‘bondade’; o *antes* e *despois* discursivos refírense ao precedente ou subsecuente no enunciado e non ao tempo; formas verbais como *ou sexa*, *digamos*, *isto é* etc. perden a ligazón co seu paradigma verbal para se converteren en conectores textuais; en *por un lado*, *por outro lado* ou *por unha parte*, *por outra parte* desaparece calquera referencia espacial (Vilela 1999: 267-268) etc. O contido vén, pois, marcado por propiedades relacionais e pragmáticas máis do que referenciais e denotadoras, polo que resulta difícil en moitos casos esta-

⁵⁶ O que Casado (1993: 31) chama “(casi) total lexicalización” dos marcadores discursivos, é na realidade para Vilela “uma deslexicalização completa”, pois trátase da “gramaticalização (e respectiva dessemantização) de determinados elementos que perderam as suas características funcionais, valorizando apenas a sua função conectora” (Vilela 1999: 267-268).

belecer o significado subxacente nos diferentes usos discursivos; unha mesma unidade pode ter distintos valores, de forma que a imprecisión semántica e a multifuncionalidade tamén caracterizan algunhas destas unidades. Portolés (2000b) incide en que o significado dos marcadores é un significado de procesamento, consistente nunha serie de instrucións semánticas que guía as inferencias. Distingue instrucións argumentativas, reformulativas e de estruturación da información, que se concretan en marcadores con significado informativo que teñen a posibilidade de organizar os comentarios (como *pois ben* ou *por unha parte / por outra parte*); e marcadores que combinan de maneira distinta o significado informativo co argumentativo ou o reformulativo e que conteñen instrucións relativas á estruturación da información (como *máis aínda*, *antes ben*, *ou sexa*, *en todo o caso* ou *polo contrario*).

Por outra parte, canto ás súas propiedades distributivas, aínda que existe unha ampla marxe de liberdade na combinación de marcadores, tamén se producen restricións, existindo a posibilidade de acumulación dalgunhas unidades, con tendencia das conxuncións a ocuparen o primeiro posto: *pois ben*, *mais entón*, *logo daquela*, *ou sexa que*, *mais na realidade* etc. En principio, como consecuencia da marxinalidade dos marcadores a respecto do núcleo da cláusula, poden aparecer en posición inicial, medial ou final do enunciado, aínda que tal liberdade na realidade afecta só un grupo deles e, en xeral, todos teñen a súa posición condicionada por certas regras de distribución. A versatilidade ou mobilidade distribucional, porén, véñse sinalando como unha das características destas unidades:

(39) a) **Porén**, considero que ti non tiñas razón.

b) Considero, **porén**, que ti non tiñas razón.

Tamén se resalta a importancia das propiedades fónicas (acento, entoación, cantidade silábica) na matización do significado: os trazos suprasegmentais determinan, en moitos casos, o sentido dos marcadores textuais, aínda que non resulta fácil sistematizar as relacións entre ambos; normalmente, constitúen un grupo entoativo propio e ocorren isolados por pausas:

(40) Faremos o que tiñamos pensado, **de todos os modos**.

(41) **De feito**, o alcalde, **por exemplo**, non asistiu.

Fuentes (1998b: 11-14) trata dos ‘relacionantes supraoracionais’ e considéraos xeralmente pertencentes á clase dos adverbios ou das expresións adverbiais,⁵⁷ mais

⁵⁷ Tamén Pons (1998a: 29-30) alude á proposta de inclusión dos conectores como un subgrupo dos adverbios e, máis en concreto, dos adverbios de frase; porén, “la base de comparación sigue siendo débil” e a heteroxeneidade do adverbio como clase de palabras fai “poco deseable el aumento de dicha categoría con la adjunción de los conectores a la misma”.

constituíndo un grupo homoxéneo como categoría con características sintácticas propias e con contidos significativos máis amplos do que as conxuncións. Atribúelles os seguintes trazos sintácticos:

- a) a súa misión específica é conectaren dous enunciados ou grupos de enunciados, indicando o sentido da conexión.
- b) diferéncianse dos adverbios que posúen contido designativo en que non modifican ningún elemento da estrutura oracional nin desempeñan, pois, ningunha función na oración, non podendo ser focalizados como a información máis importante da oración nin seren resposta a unha interrogativa parcial.
- c) sitúanse na marxe oracional, aparecendo xeralmente entre pausas e formando un grupo entoativo á parte.
- d) teñen mobilidade dentro do enunciado sen por iso perderen o valor conector.
- e) poden combinarse con conxuncións ou entre eles (*mais*, *de todos os modos*; *de feito*, *por exemplo*).

Convén, así mesmo, sinalar que os marcadores discursivos, a pesar de posuíren unha grande importancia na lingua oral e no rexistro informal da lingua (Pons 1998a), porén non son exclusivos destes ámbitos, senón que teñen así mesmo presenza na lingua escrita e formalizada, aínda que uns son máis propios dun rexistro que do outro ou se usan preferentemente nun deles. Se ben Pereira (1995: 43) afirma que, en principio, os marcadores discursivos “são elementos lingüísticos típicos da modalidade de língua oral” e Briz (1993a) fala dos conectores pragmáticos como “unidades del habla”, Montolío (2001), por exemplo, céntrase no estudo dos marcadores na lingua escrita e, máis en concreto, nos conectores característicos do rexistro formal.

Schourup (1999: 230-234), por outra parte, fai unha análise crítica dalgunhas das principais características atribuídas aos marcadores discursivos:

- a) conectividade: esta característica figura como a máis importante na definición dos marcadores discursivos que realizan autores como Fraser ou Schiffrin, por exemplo, ao resaltaren que se usan para poren en relación enunciados ou outras unidades discursivas. Aínda que frecuentemente se considera unha característica necesaria, porén é concibida de diferentes maneiras, pois en canto uns a entenden entre unidades do texto, outros, como Blakemore, por exemplo, amplíana ao contexto extralingüístico. Con todo, a conectividade pode ser utilizada para distinguir os marcadores doutros elementos iniciais como os adverbiais ilocucionarios (*francamente*, *confidencialmente*), os adverbiais actitudi-

nais (*afortunadamente, tristemente*) ou as interxeccións propias (*ai, oh*). De todas as formas, a conectividade por si mesma é insuficiente para distinguir os marcadores discursivos doutros elementos nexuais intraoracionais.

- b) opcionalidade: adoita admitirse xeralmente que os marcadores son sintacticamente opcionais no sentido de que a súa eliminación non altera a gramaticalidade da oración en que aparecen e, máis aínda, no sentido de que non amplían as posibilidades de relación semántica entre elementos ligados por eles. En consecuencia, se un marcador discursivo for omitido, a relación que el indica permanecerá dispoñible para o ouvinte, aínda que non expresamente sinalada; así, os enunciados seguintes poden ser entendidos aproximadamente da mesma maneira:

(42) a) *Eles van para Ourense. **Porén**, eu vou para Vigo.*

b) *Eles van para Ourense. Eu vou para Vigo.*

Aínda así, ninguén considera que esta opcionalidade dos marcadores os converte en inservíbeis ou redundantes, pois guían o ouvinte cara a unha particular interpretación e simultaneamente evitan interpretacións non desexadas: o ouvinte de (42a) non dispón da mesma liberdade que o de (42b) para a interpretación do enunciado. Se ben é posíbel que os marcadores discursivos máis ben reflectan conexións proposicionais xa existentes, antes do que as crearen, no entanto, tamén é certo que reforzan ou dan pistas para a interpretación proxectada polo falante.

- c) condicionalidade de non verdade: os marcadores discursivos non contribúen en nada ás condicións de verdade do enunciado, característica que os distingue das palabras con significado lexical, incluídos adverbios de modo como *tristemente*, e de formas disxuntivas que afectan as condicións de verdade, como certos adverbios oracionais de evidencia e suposición, do tipo de *evidentemente* ou *supostamente*.
- d) débil ligazón coa cláusula: se as tres características anteriores son con frecuencia consideradas como atributos necesarios dos marcadores discursivos, esta e as seguintes non o son na mesma medida. Adoita afirmarse que os marcadores fican fóra da estrutura sintáctica do enunciado ou debilmente ligados a ela, pondo esta leve ligazón con frecuencia en relación coa súa independencia fonolóxica. Aínda que en moitos casos constitúen unidades tonais independentes, a se separaren da cláusula principal por unha pausa, porén a ausencia desa integración entoacional non é unha característica necesaria dos marcadores discursivos, pois algúns que concorren en posición inicial da cláusula poden estar integrados entoacionalmente dentro dela:

(43) *El chegou tarde ao traballo. **Mais** o xefe non lle dixo nada.*

(44) *–**Pois** non me parece ben o que dixeches.*

- e) inicialidade: prototipicamente os marcadores discursivos introducen o segmento marcado por eles, mais tamén poden aparecer parenteticamente no interior das cláusulas con funcións fundamentalmente idénticas:

(45) a) ***De feito**, hai que pagar o que nos mandaren.*

b) *Hai que pagar, **de feito**, o que nos mandaren.*

Aínda que a posición inicial raramente é considerada como un criterio para adquirir o status de marcador discursivo, moitos destes aparecen con preferencia nesa posición, tendencia probabelmente relacionada coa súa función de restrinxir a interpretación contextual dun enunciado, pois semella lóxico comunicativamente restrinxir os contextos antes de que a interpretación puiden resultar equivocada. Schourup (1999: 233) afirma que as unidades que aparecen exclusivamente en posición final, por careceren claramente de conectividade, non son polo xeral incluídas nos marcadores discursivos, contradicindo así a opinión de Watts (1989: 210-211), quen distingue entre marcadores en posición inicial ('lefthand') e en posición final ('righthand') segundo iniciaren ou puxeren fin a unha unidade tonal, e dubidando da existencia de marcadores discursivos que sexan "purely righthand". No entanto, entre os chamados marcadores de control de contacto (véxase 4.2) non é raro acharmos algúns que adoitan aparecer en posición final (Portolés 2001: 145, Romero 1997, Silva & Macedo 1992, Chodorowska 1997):

(46) *–Teu tío ten moitos cartos, **non é**?*

(47) *–Agora tócame falar a min, **entendes**?*

- f) oralidade: como xa se viu, aínda que se adoita considerar que os marcadores discursivos aparecen principalmente na lingua oral, non se pode negar a súa importante presenza na lingua escrita, sendo moi rara á estrita adscripción dunha unidade a un deses ámbitos, que depende máis do seu carácter formal ou informal. A asociación dos marcadores co discurso oral talvez só reflecta o feito de os primeiros traballos sobre eles se centraren nas unidades conversacionais e de a maior parte dos estudos se basearen en datos da oralidade.
- g) multicategorialidade: tense afirmado con frecuencia que os marcadores discursivos constitúen unha categoría funcional que é heteroxénea a respecto da clase sintáctica. Baixo esta perspectiva, o seu status é independente da categorización

sintáctica, de modo que unha determinada unidade conserva a que posuía como non marcador discursivo e asume outros ‘deberes’ como conector que non contribúe ás condicións de verdade e que mantén unha unión pouco estreita coa estrutura da cláusula. As categorías a que se lles atribuíu unha función extrínseca de marcador discursivo inclúen adverbios, conxuncións coordenantes e subordinantes, interxeccións, verbos (*mira, escoita*) e cláusulas (*quere dicir, isto é*). Cando se lles adxudica aos marcadores discursivos o status de categoría sintáctica, como é o caso de Zwicky ou Fraser, a multicategorialidade é contemplada desde unha perspectiva diacrónica, considerando que os marcadores van xurdindo desde outras categorías a través de procesos históricos.⁵⁸

Mais, após este repaso por algunhas das características atribuídas aos marcadores e para non prolongarmos en exceso a nómina de autores, semella oportuno acudirnos á exhaustiva análise, realizada por Pons (1998a: 47-60), das características destas unidades que figuran nos diversos traballos sobre elas e que atende aos diferentes planos da lingua, embora haxa que tomar en consideración que o material analizado procede de moi variadas perspectivas teóricas e mesmo de linguas tamén moi diferentes, de modo que non resultará estraño que se produzan diverxencias e mesmo contradicións entre unhas e outras. Por iso mesmo, Pons (1998a: 56) realiza algunhas engádegas de detalle ao modelo resultante que, sen o modificaren de forma substancial, serven para o melloraren: (i) en linguas tipoloxicamente afastadas do español, de que o autor parte, o marcador pode ser un morfema, converténdose a atonicidade nunha característica prototípica; (ii) non será marcador aquela unidade que posuír significado lexical, aínda que nalgún caso o esvaciamento semántico non sexa total;⁵⁹ (iii) prodúcese unha unidade entre os usos como conector e outros usos non conectivos, de modo que poden existir unidades homófonas mais funcionalmente diferentes; e (iv) dado o seu valor relacional e non lexical, non se integran na estrutura proposicional do enunciado en que aparecen, isto é, non acrecentan información proposicional. Con estas modificacións, o prototipo de marcador ou conector ficaría caracterizado da seguinte forma:

- a) características fonolóxicas: pode ser tanto átono como tónico, mais neste caso sitúase entre pausas e posúe unha curva entoativa propia.

⁵⁸ Para Zwicky (1985: 302) os marcadores discursivos constitúen unha categoría gramatical de acordo coa súa distribución, prosodia e significado. Fraser (1990: 389) fai referencia á súa tendencia a concorreren en posición inicial, á opcionalidade semántica e á súa propiedade semántica compartillada de sinalaren unha relación secuencial discursiva, afirmando que se poden distinguir facilmente doutras categorías sintácticas próximas: das interxeccións pola súa dependencia sintáctica, e destas e mais dos vocativos pola conectividade.

⁵⁹ Trataríase de unidades que posúen valor temporal ou espacial, onde o significado lexical se pode converter en significado deíctico, suavizado ou atenuado, como no caso de *entón*. Por outra parte, Pons Bordería (1998a: 57) cita tamén o camiño suxerido por Traugott para o desenvolvemento dun marcador discursivo: “C[lause-internal]Adv > SentenceAdv > DM”.

- b) características morfolóxicas: é invariábel; pertence a un paradigma semiimprodutivo; consta de unha palabra, en cuxo caso é unha forma libre, ou de varias; pode ser un morfema noutro tipo de linguas.
- c) características sintácticas: é un elemento externo á estrutura sintáctica da cláusula, pois non desempeña funcións dentro dela; indica a existencia dunha unión; pode unir segmentos simultáneos ou non simultáneos; segmenta as unidades da fala; permite a continuidade da mensaxe lingüística.
- d) características semánticas: posúe un significado relacional ou lexical reducido; indica os tipos de relación semántica existentes entre enunciados; só será marcador de non posuír significado lexical pleno; existe unha unidade entre os usos como conector e outros usos non conectivos; non se integra na estrutura semántica da proposición.
- e) características textuais: pode establecer relacións extraoracionais; adoita posuír valor deíctico; é un instrumento da cohesión textual e como tal xerar-quiza as oracións ou outros compoñentes do texto, así como tamén se pode habilitar para indicar mudanza de tópico.
- f) características pragmáticas: establece lazos de unión co contexto lingüístico precedente; pode unir a mensaxe lingüística coas circunstancias da enunciación; marca o texto como estratexia; asigna valor a enunciados dentro da estrutura argumentativa; ordena a información emitida polo falante; dirixe o proceso interpretativo do ouvinte; habilitase para exercer usos relacionados coa planificación discursiva (tomada de turno, manutención de turno etc.).
- g) características distribucionais: aparece en posición inicial do enunciado; é membro dunha clase funcional; posúe diferentes funcións segundo o plano do discurso analizado; non pode ser resposta a interrogativas parciais nin totais; non pode ser focalizado; pode combinarse con conxuncións copulativas; pode combinarse con outros conectores; a súa capacidade de unión non está restrinxida pola modalidade das oracións que une; non se pode coordinar con outro conector; non se pode parafrasear; pode asumir valores enfáticos.

3.3. Clasificación

Canto á clasificación dos marcadores textuais, son varias as perspectivas que se poden adoptar, sen que resulte unha tarefa fácil a súa sistematización. Por unha parte, Martín Zorraquino (1998: 52-53) distingue catro grandes grupos en función da súa distribución e do seu alcance pragmático con relación ao núcleo oracional a que se refiren:

- a) unidades que proveñen do conxunto das conxuncións: trátase de elementos que gozan de menor autonomía e que apuntan ao valor ilocucionario da cláusula (*que*), á estruturación das cláusulas ou do discurso como reflexo da sucesión de actos de fala diversos (*e, mais*), ou á distribución da información dentro da relación tópico-foco (*pois*).⁶⁰
- b) unidades que proceden de preposicións máis ou menos gramaticalizadas (*até*) e de adverbios e locucións adverbiais (*inclusive, especialmente, sobre todo*); introducen unha valoración engadida sobre os constituintes da cláusula ou sobre a cláusula completa.
- c) adverbios ou locucións adverbiais que afectan cláusulas enteiras e que poden pór en relación enunciados diferentes; é o grupo máis heteroxéneo; uns, os máis vinculados co concepto de modalidade, parecen afectar exclusivamente unha cláusula (*verdadeiramente, francamente, felizmente*), en canto que outros conectan obrigatoriamente dúas ou máis secuencias (*por conseguinte, ou sexa, ora ben*).
- d) marcadores discursivos con estatuto próximo ao das interxeccións; son os que teñen máis autonomía do punto de vista fónico e canto á distribución, sendo compatíbeis cos dos tres grupos anteriores:

- (1) **Ben, pois** marchou.
- (2) **Ben, até** a min me interesa.
- (3) **Ben, felizmente**, ti tiñas razón.

Por súa vez, Fraser (1999: 946-950) sinala dúas principais clases de marcadores discursivos: os que relacionan mensaxes e os que relacionan tópicos. Os primeiros poñen en relación algún aspecto das mensaxes expresadas polos segmentos S2 e S1, e poden dividirse nas seguintes subclases:

- a) marcadores contrastivos ('contrastive markers'), que mostran que a interpretación explícita de S2 contrasta con unha interpretación de S1; é o caso de *aínda que, mais, á inversa, a pesar disto/diso, porén, en comparación (con isto/iso), en contraste (con isto/iso), en lugar de (facer) isto/iso, non obstante, polo contrario, por outra parte, mellor que (facer) isto/iso, aínda así, en canto que* etc.:

- (4) *Marchamos tarde da casa. Non obstante, chegamos a tempo ao acto de inauguración.*

⁶⁰ Para o estudo semántico dunha serie de conxuncións do portugués, onde se pon en relevo o seu papel decisivo na constitución do sentido e na organización textual, con especial atención ao aspecto argumentativo da linguaxe, véxase Guimarães (2002).

- (5) *A Antía pesa 60 quilos. En comparación, o Xurxo debe pesar 70.*
- (6) *O Nuno ten moito carácter. Mais lévase ben cos amigos.*

- b) marcadores elaborativos ou colaterais ('elaborative markers'), que indican unha relación en que a mensaxe de S2 garda paralelismo coa de S1, coa posibilidade de acrecentar ou clarificar esta; trátase de marcadores como *e*,⁶¹ *sobre todo, tamén, ademais, mellor aínda, alén disto/diso, por riba, máis aínda, quero dicir, en particular; a saber, entre parénteses, isto é, é dicir, de modo análogo, de forma parecida, en correspondencia, igualmente, da mesma forma, do mesmo modo/xeito, así mesmo, doutro modo, de non ser así, ou, sexa como for, dito isto* etc.:

- (7) *Esta festa é un fracaso. Case non hai ninguén. A bebida acabou. Alén diso, agora ponse a chover.*
- (8) *Deberías ser máis amábel cos convidados. Sobre todo, deberías portarte con educación.*
- (9) *Eles non quixeron asistir ao casamento da nosa filla. En correspondencia, nós non iremos ao da súa.*

- c) marcadores inferenciais ('inferential markers'), que mostran S2 como unha conclusión baseada en S1; son *por tanto, por suposto, por conseguinte, en consecuencia, consecuentemente, como conclusión lóxica, como resultado, por isto/iso, por esta/esa razón, en conclusión, pode concluírse que, neste/nese caso, nestas/nesas condicións, tendo isto/iso en conta* etc.:

- (10) *Está chovendo moi forte. Nestas condicións, non deberías saír de viaxe.*
- (11) *Hoxe é día festivo. Por esa razón, os comercios están fechados.*
- (12) *Estudou moito durante o curso. Como consecuencia, aprobou todas as materias.*

- d) outras subclases de marcadores que teñen un número de unidades relativamente menor son, para Fraser, a dos que especifican que S2 fornece unha razón para

⁶¹ Para Fraser (1999: 939) as conxuncións coordinadas como *e* (tamén *ou, mais*) funcionan como marcadores discursivos cando unen ou relacionan dúas cláusulas independentes (*O Xosé traballa moito, e a Uxía estuda todo o día*), mais non en cláusulas elípticas do tipo de *O Xosé e a Uxía traballan moito*; no primeiro caso trataríase de dúas mensaxes diferentes e no segundo dunha única mensaxe. Por outro lado, canto á conxunción subordinante *que* en casos como *O presidente dixo que buscaría unha solución ao tema escolar*, tampouco funcionaría como marcador discursivo por non pór en relación dúas mensaxes diferentes ao estar S2 incrustado en S1 e, por tanto, tratarse así mesmo dunha soa mensaxe (Fraser 1999: 940, nota 12).

o contido presentado en S1, como *porque, por esta/esa razón, dado que, despois de todo, ao fin e ao cabo*, a dos marcadores que especifican o tempo de S2 con relación a S1 (*antes, despois, mentres*) ou a de marcadores compostos como *se... entón*:

(13) *Hoxe convídote a cear fóra. **Despois de todo**, é o noso aniversario.*

(14) *Procura acabar canto antes, **porque** se nos fai tarde.*

(15) *Se conseguires destacar na túa carreira, **entón** terás un futuro brillante.*

Canto á segunda clase de marcadores, os que relacionan tópicos ('topic relating discourse markers'), implican un aspecto da dirección do discurso, de modo que é o tópico a que S1 está a contribuír, máis do que a súa mensaxe, o que está relacionado co tópico presentado en S2; trátase de marcadores de mudanza de tópico ('topic change markers') como *volvendo ao tema inicial, mudando de tema, antes de que me esqueza, a propósito, de paso, falando de X, iso recórdame que, mentres penso niso, a respecto de, con relación a, canto a* etc.:

(16) *Estás moi elegante esta noite. **A propósito**, en que tenda compraches o vestido?*

(17) *Por fin terminou o pesadelo en que estabas metido. **Iso recórdame que** existe tamén un problema sanitario importante.*

(18) *O problema da pesca está a se agravar. **A respecto da** agricultura, a situación tampouco mellora.*

A clasificación de Fraser é bastante xeral e inclúe unidades tan diferentes que resulta difícil a súa delimitación. Schourup (1999), após unha revisión crítica da definición, caracterización e delimitación dos marcadores discursivos en xeral, pondera esta última clasificación de Fraser e observa algunha semellanza, mais tamén moitas discrepancias a respecto doutras,⁶² para terminar concluíndo que os estudos comparativos e históricos existentes aínda deben de ser complementados por descrições sincrónicas máis exactas de marcadores discursivos individualizados, pois os significados e as propiedades de moitos marcadores comúns aínda non foron determinados con precisión e as conclusións difiren inclusive a respecto de elementos que xa foron estudados con algunha profundidade (Schourup 1999: 262).

⁶² En concreto, Schourup contrasta a clasificación de Fraser coas de Halliday & Hasan e Quirk *et alii*: "There are broad content similarities among the three systems of classification considered here. All three systems include major categories which are, roughly, additive, inferential, and contrastive, but beyond this superficial similarity lies a maze of disagreements".

Por outra parte, Fuentes (1998b), baixo a denominación de 'relacionantes supraoracionais' ou 'enlaces extraoracionais', clasifica os marcadores discursivos en: (i) relacionantes aditivos (*máis aínda, aínda máis, inclusive, á parte, alén diso* etc.); (ii) relacionantes de oposición, que poden ser restritivos (*non obstante, con todo, porén, ora (ben), polo contrario* etc.) e exclusivos (*máis ben, antes ben* etc.); (iii) relacionantes de causalidade (*entón, pois, así pois, por tanto, por conseguinte, en consecuencia* etc.); (iv) relacionantes temporais (*nun principio, antes que nada, inmediatamente, ao instante, máis tarde, noutra ocasión, entre tanto, ao mesmo tempo, paralelamente, simultaneamente, á vez* etc.) e ordenadores discursivos, que poden ser ordenadores en xeral (*para comezar, despois, por outra parte* etc.), enumerativos (*en primeiro lugar, en segundo lugar, a seguir* etc.), conclusivos (*por último, finalmente, por fin, en resumo, en fin* etc.), iniciadores ou introdutores (*ante todo, a propósito, o caso é que, bon, ben, pois, home, mira* etc.) e continuativos (*ben, pois, entón, eu que sei, xa che digo* etc.); e (v) relacionantes reformulativos (*ou sexa, é dicir, por exemplo, ben, mellor dito* etc.). Esta clasificación presenta o problema da multifuncionalidade que pretende evitar a de Portolés, como logo se verá, pois unha mesma unidade pode aparecer en grupos diferentes, para alén de deixar fóra unidades tan frecuentes como *claro, por suposto, desde logo*, que inclúe noutros medios de conexión ao lado de *eu penso, eu coido, non sei* etc. (Fuentes 1998b: 67).

Finalmente, aludiremos a dúas clasificacións sobre que máis adiante volveremos (véxase 4.2 e 5) por as considerarmos máis clarificadoras, ambas en certo modo próximas. A máis sinxela é a de Montolío (2001), que se centra nos marcadores ou conectores⁶³ contraargumentativos, consecutivos e aditivos (organizadores da información e argumentativos), se ben que con subdivisiones internas que a complementan e matizan a partir da distinción xeral entre conectores parentéticos e integrados, os primeiros situados entre pausas e con grande independencia sintáctica e mobilidade dentro da oración (Rouchota 1998), a se combinaren xeralmente con verbos en indicativo, e os segundos integrados na oración por conteren na súa formación algún elemento subordinante (conxunción *que*, preposición *de* etc.), que non teñen a mesma capacidade de mobilidade e que se combinan con verbos en indicativo ou subxuntivo, segundo os casos.

A clasificación talvez máis completa e coherente é a de Martín Zorraquino & Portolés (1999: 4081-4199) e, con pequenas diferenzas, a de Portolés (2001: 135-146), quen tenta evitar o feito de unha mesma unidade aparecer en diferentes gru-

⁶³ Para esta autora ambas as denominacións designan as mesmas unidades: "la relación lógico-semántica que pueden establecer entre sí dos o más frases resulta clara, perspicua y no ambigua (lo que cualquier interlocutor agradece enormemente) si aparece en la oración uno de estos elementos lingüísticos especializados en conectar frases que llamamos *conectores, expresiones* o *secuencias conectivas* —y que la bibliografía reciente denomina también *marcadores del discurso*—" (Montolío 2001: 20-21).

pos de marcadores con valores tamén distintos; a se basear na teoría da pertinencia, establece uns criterios máis restritos (os marcadores discursivos só poden pertencer ás categorías gramaticais de adverbio, conxunción ou interxección) para chegar á seguinte clasificación: (i) estruturadores da información (comentadores, ordenadores e digresores), (ii) conectores (aditivos, consecutivos e contraargumentativos), (iii) reformuladores (explicativos, rectificativos, de distanciamento e recapitulativos), (iv) operadores discursivos (de reforzo argumentativo, de concreción e de formulación), e (v) marcadores de control de contacto.⁶⁴ Exclúe este autor (Portolés 2001: 65) da nómina de marcadores discursivos os adverbios oracionais e, máis en concreto, os ‘adverbios oracionais da enunciación ou adverbios ilocutivos’, como *francamente* ou *sinceramente*, tanto pola posibilidade de se integraren nunha cláusula co mesmo significado (*Falou francamente / *Falou por tanto*) como por posuíren un significado conceptual que lles permite seren interrogados, negados ou parafraseados. Porén, Martín Zorraquino (1998: 36-37), no caso de *francamente*, *sinceramente*, *naturalmente* etc., distingue o seu uso como “adverbios de incidencia verbal” (*Faleille sinceramente*) do seu uso como “marcadores” (*Faleille, sinceramente*): os primeiros poden ser sometidos a interrogación parcial e os segundos non, os primeiros admiten a coordinación con elementos equifuncionais en tanto que os marcadores non, estes non son focalizábeis ou enfatizábeis por medio dunha ‘perífrase de relativo’ como acontece con aqueles etc.⁶⁵

De acordo co visto anteriormente, nunha interpretación ampla do concepto, tanto os adverbios modificadores oracionais como os conectores e os marcadores conversacionais poden incluírse dentro da nómina dos marcadores discursivos. Para alén destes, caracterizados principalmente pola súa invariabilidade e gramaticalización, existen outras expresións que, sen teren a consideración de marcadores por posuíren variación formal ou por se non ter completado o proceso de gramaticalización, eventualmente poden desempeñar a función propia dos marcadores discursivos:

(19) *Por tanto*, chegarei tarde.

(20) *Por este motivo*, chegarei tarde.

En (19) *por tanto* é un marcador discursivo, mais non propiamente *por este motivo* en (20), pois admite variacións como *por aquel motivo*, *por estes motivos*, igual

⁶⁴ Outra clasificación restritiva pódese tamén achar en Báez San José (2002: 159-174), proposta por M. P. Garcés Gómez, que estrutura os marcadores discursivos en marcadores de ‘non consecuencia’ e de ‘consecuencia’, os primeiros, por súa vez, divididos en ‘de adición’ (uns implican orde linear do enunciado e outros non) e ‘de non adición’.

⁶⁵ Poden verse usos discursivos dalgúns adverbios en *-mente* como *exactamente* ou *efectivamente* en Muniz (2000) e Fuentes (1994).

que acontece con *por esta causa*, *por esta razón* etc. Mais en (20) *por este motivo* está a desempeñar unha función equivalente á de marcador discursivo, de modo similar ao que acontece coa expresión *resumindo o dito* con relación ao marcador discursivo *en resumo*. Por outra parte, os adverbios modificadores oracionais, do tipo de *francamente*, *realmente* etc., xa tratados con anterioridade, na súa condición de tales poderían considerarse marcadores discursivos nunha interpretación ampla do concepto, mais non o son de ningún modo cando funcionan como complemento circunstancial ou aditamento dentro da cláusula:

(21) *Sinceramente*, eu non coido que el vaia falar.

(22) *Eu non coido que el vaia falar sinceramente*.

En (21) *sinceramente* podería incluírse, de acordo con algúns criterios xa vistos, entre os marcadores discursivos, en tanto que en (22) non. De calquera maneira, este tipo de adverbios non se deben incluír nun catálogo de marcadores discursivos que sistematicamente funcionan como tales.

En conclusión, e tendo en conta todas as consideracións feitas con anterioridade, de acordo co que aquí nos interesa adoptarse, como criterio de prudencia, a clasificación de Portolés para o estudo dos marcadores discursivos en galego (véxase 4.2), prestando tamén atención, por criterios pragmáticos, á clasificación que establece Montolío para os conectores contraargumentativos (véxase 6).

4. Os marcadores discursivos en galego

Após se teren examinado diferentes propostas de definición, delimitación, caracterización e clasificación dos marcadores discursivos en xeral, así como algunhas perspectivas teóricas especialmente válidas para o seu estudo, é o momento de focarmos a análise destas unidades na lingua galega, tanto co obxectivo de fixarmos as súas formas e valores, como de examinarmos o seu percurso histórico na lingua escrita e distinguirmos, dese modo, aquelas formas xeradas dentro do propio sistema daquelas outras que son produto da interferencia do castelán. Trátase, en fin, de tentarmos pór tamén un pouco de orde e clareza neste ámbito da expresión lingüística tan importante e tan sensíbel á influencia alleadora.

4.1. Marcadores e outras unidades extraoracionais na tradición lingüística galega

Son escasas as referencias, na tradición lingüística galega, a aquelas unidades da lingua que sobrepasan o ámbito da cláusula e que cumpren algún tipo de función discursiva, como os marcadores textuais, os adverbios modalizadores ou as interxeccións, aínda que, eventualmente, non faltan algunhas notas relativas a certas partículas ou expresións que non encaixan ben nas clases de palabras convencionais e que, aínda sen seren nalgúns casos propiamente marcadores discursivos, non teñen un cometido expreso dentro da oración e cumpren funcións pragmáticas similares ou próximas das destes.

Así, por exemplo, Saco Arce (1868: 124) refírese a *madia*, *ande* e *nô* como palabras “de natureza ambigua, participando á la vez de adverbios, conjunciones é interjecciones, siendo verdaderas oraciones elípticas”; afirma da última, (*nô*), que é unha palabra “expletiva, muy frecuente en la conversación” e que “incluye de ordinario algo de contradicción ó restricción de lo dicho anteriormente”. Canto ás conxuncións, alude á súa función conectora cando afirma que “denotan las relaciones que median entre los pensamientos” (Saco Arce 1868: 134), ofrecendo a seguir unha clasificación en que transparecen algunhas das funcións textuais: identidade (copulativas), incompatibilidade (disxuntivas), contrariedade (adversativas),

dependencia (determinativas), concesión (concesivas), causa (causais), condición (condicionais), ilación (ilativas), comparación (comparativas), tempo (temporais); tamén cita vocábulos “de natureza ambigua” como *adomais*, *orasme* e *conforme*, a que chama adverbios conxuntivos “porque presentan este dobre carácter”. Ao tratar das interxeccións (Saco Arce 1868: 138-141) afloran valores tamén próximos de certas funcións textuais, como ‘sorpresa’ (*ai!*), ‘admiración’ (*hou!*), ‘desgosto, menosprezo’ (*bô!*) etc., idea tamén presente en Lugrís Freire (1931: 83-84), cuxo traballo neste campo concreto, e tamén en xeral, non nos achega moitas novidades a respecto do realizado polo relixioso ourensán. Da locución *e logo* Saco Arce (1868: 192) afirma que se pode considerar á vez como adverbio interrogativo e conxunción, empregándose para manifestar “cierta sorpresa por alguna cosa cuya causa ó explicación se inquires, y tambien para redargüir”; achega os seguintes exemplos deste elemento discursivo:

- (1) a) *Caíu o Ministerio –¿E logo?*
 b) *Eu iso n’o fago –E logo, non dixeche onte que o farías?*
 (Saco Arce 1868: 192)

Aínda cita este mesmo autor a seguir o caso de *el* ou *il* “usado adverbialmente” como “principio de toda interrogación, cualquiera que sea el sujeto del verbo”, de modo que na realidade funcionaría como un marcador da función textual ‘pregunta’; e pouco máis adiante (Saco Arce 1868: 194) alude a que o adverbio *elí* (variante de *alí*) “se emplea tambien al principio de la frase, especialmente cuando se quiere hablar con cierta vaguedad”, palabras que vai repetir máis ou menos Carré Alvarellos (1967: 144) moito despois; ambos dan os seguintes exemplos de *alí* como marcador conversacional:

- (2) a) *¿Qué quírias, rapaz? –Elí, díxome meu pai que viñese xunto de vosté pra pidirl’ un favor.*
 (Saco Arce 1868: 194)
 b) *–Alí, seique o seu fillo Xurxo, disque veu do servicio.*
 c) *–¿E ti que é o que queres, neno? –Alí, señora, eu queríalle pedir se me dera unha mazán.*
 (Carré 1967: 144)

O mesmo Carré (1967: 144-145), após reiterar este valor discursivo de *alí*, amplía os de *e logo* á variante *ai logo!*, aludindo tamén aos casos en que o adverbio *non* “no expresa negación, sino que puede considerarse expletivo o enfático” nas fórmulas discursivo-conversacionais *non é certo?* ou *non si?* A respecto das conxun-

cións, son dignas de se resaltaren algunhas das súas observacións, como que *pero* “se usa pocas veces en gallego, prefiriéndose el empleo de *mas* o *mais*” (Carré 1967: 170-173), e que *porén* perdeu moito uso na conversa corrente e “sólo se emplea algo en formas literarias”; de *pois* resalta os seus usos discursivos cando afirma que é a única conxunción que pode empregarse despois do verbo (3a), que ao inicio da cláusula responde ou fai relación a outra anterior (3b), que como conxunción continuativa se utiliza “en las transiciones para apoyar o continuar una oración” (3c), ou cando combina con *e* precedente equivalendo a ‘por que non?’ (3d) e cando *e pois* se utiliza “para iniciar una relación” (3e), achegando os seguintes exemplos:

- (3) a) *Se te deixas amorriñar estás perdido, tenta pois espilirte.*
 b) *Pois por acolá andaba.*
 c) *Os contos populares galegos, pois, son do mais rico en cantidade e variedade.*
 d) *–¿Ti fuche tamén â festa? –¿E pois daquela!*
 e) *E pois, el era unha vez un home que tiña catro fillos...*
 (Carré 1967: 171-172)

Tamén recolle este autor (Carré 1967: 126-129) unha ampla listaxe de interxeccións, con observacións que frecuentemente e de forma máis ou menos indirecta apuntan para funcións textuais. Así, alude á actitude do emisor cando define a interxección como a palabra con que se expresa “un afecto vehemente del alma” polo xeral de forma repentina e espontánea, constituíndo por si mesma unha “oración completa en forma sintética” e a manifestar “alegría, admiración, tristeza, burla, espanto, enojo etc.”, substantivos que se repiten con frecuencia cando pasa a explicar cada unha delas. Acrecenta, así mesmo, que algunhas poden expresar diferentes valores, mesmo contrarios, en función do ton de voz empregado ou “aparentemente” coa mesma entoación. E subliña a intensificación emotiva que supón a frecuente repetición de interxeccións, como *vaites, vaites!* (dúbida, desconfianza e ironía), *boh, boh, boh!* (incredulidade, desprezo, indiferenza e mesmo negación), *xa, xa!* (conformidade ou acordo) etc., para terminar aludindo á posibilidade de certos vocábulos, especialmente adverbios e verbos, asumiren valores interxectivos (*axiña!*, *ben!*, *amodo!*, *fuxe!*, *corre!* etc.), alén da existencia de expresións co mesmo valor (*Así Deus m’axude!*, *Que o demo me leve!* etc.).

Na gramática de Carballo Calero podemos achar tamén algunhas afirmacións isoladas que apuntan para valores textuais ao tratar sobre algúns adverbios e nexos. De *ben* di que pode modificar “a toda una oración” e de *case* ou *cuase* resalta o seu uso como “adverbio modal ponderativo” (*¿case tardan os rapaces!* ‘canto tardan

os rapaces!') e o seu frecuente sentido irónico (*¡case compriches a palabra!* 'que ben cumpriches a palabra!') (Carballo 1979: 326), este último valor tamén destacado por Saco Arce (1868: 198). Repara, así mesmo, Carballo (1979: 328) nas formas *velaquí* e *velaí*, "que pueden considerarse adverbios de lugar, pero que llegan a tener valor de adverbios de afirmación o de interjecciones", igualmente citadas por Saco Arce (1868: 195) como *vel-eiqui*, *vel-ehi*, *vel-elí*; en tanto que o primeiro as equipara coas francesas *voici*, *voilà*, o segundo faino coas expresións españolas *he aquí*, *ahí tienes tu*, *¡he ahí lo que son las cosas!*⁶⁶ Incide Carballo (1979: 328-329), por outra parte, nos valores conectivos da locución conxuntiva "de tipo adversativo o simplemente ilativo o continuativo o expletivo" *e mais*, para a que achega os seguintes exemplos:

- (4) a) *semella bo, e máis non o é* (= 'porén')
 b) *e máis hoxe non veu teu pai* (= 'por certo que')
 c) *e máis non foches à festa* (= 'así que')
 d) *e máis non* (= 'pois non')
 e) *e máis si* (= 'sí, por certo')
 f) *e máis fai ben* (= 'a pesar de todo')
 g) *e máis tes razón* (= 'pois, ben mirado, resulta que')
 h) *e máis ben* (= 'así é, tes moitísima razón')
 i) *e máis inda máis* (= 'e tamén')

(Carballo 1979: 329)

De (4d) e (4e) di que negan e afirman con sorpresa "como adverbios de aseveración modal", igual que (4h), en tanto que de (4i) di que se usa, após se teren utilizado con anterioridade outros nexos copulativos, cando se quere engadir un novo sumando. Trata tamén da adverbialización de *mesmo*, exemplificándoa con verdadeiros usos discursivos desta palabra:

- (5) a) *mesmo entrar non quixera na glória sen primeiro pasar por aí.*
 b) *mesmo da glória ve-la.*
 c) *esta nena é mesmo a sua nai.*
 d) *mesmo onte llo dixen.*

(Carballo 1979: 330)

⁶⁶ Véxanse exemplos da "funcionalidade pragmática" de *velaquí* e *velaí*, tirados dos textos literarios galegos, en Sánchez Rei (2002: 413-415).

En (5a) e (5b) prodúcese un uso discursivo ao afectar todo o texto, non sendo tan claro en (5c) e (5d). De *e logo?* destaca o seu valor interrogativo para preguntar pola causa e o valor de adverbio de afirmación, con estes exemplos:

- (6) a) *onte rifei con Xan. -¿E logo?* (pregunta pola causa)
 b) *vas moi elegante hoxe. -¿E logo?* ('pois claro que sí, como non?')

(Carballo 1979: 330)

Presta Carballo (1979: 330-331) unha atención especial a unha partícula discursiva moi utilizada en galego, principalmente como marcador conversacional: o "adverbio de duda interrogativo" *ho*, apócope do substantivo *home* "en vocativo", ás veces "prolongado en *hou*", até se confundir coa interxección *oh*, *ouh*, e en ocasións utilizado como *home* ou *hom* "vulgarmente" aínda falando con mulleres; para Carballo "este *ho* interrogativo, vaciado de sustancia significativa, y gramaticalizado como un mero indicador enfático de carácter inquisitivo de la frase, carece también de toda referencia sexual", achegándonos estes exemplos:

- (7) a) *¿es a filla do alcalde, ho?*
 b) *¿poderei hoxe te ver à noite, ho?*

(Carballo 1979: 331)

En (7a) tradúceo para o español por *¿no?* e en (7b) por *¿no es así?*, indicando que ten este mesmo uso a locución galega *non si?* Acrecenta este autor unha casuística de locucións formadas coa partícula *nó* [nɔ],⁶⁷ tamén citada por Saco (véxase *supra*), que son *nó, pois; nó, logo; nó, ser; nó, tamén*; o primeiro elemento *nó* funcionaría como un adverbio que "de algún modo enerva o neutraliza, o adversamente califica una afirmación de nuestro interlocutor", adquirindo as diferentes expresións "un sentido variable, que depende del contexto y de la situación psicológica de los hablantes, por lo que no se pueden dar fórmulas para su versión castellana". De todas as formas, Carballo acode ao dicionario de Rodríguez González na procura dunha translación ao castelán. Neste dicionario amplíase a lista a *nò, por eso...; nò, ti...; nò, vosté...; e*, após afirmar de *nò* que inclúe "de ordinario algo de contradicción o restricción de lo que anteriormente se dijo por persona que habla o por otra con quien se habla", pon o seguinte exemplo:

- (8) *Este neno non crece. Nò, pois él, comer ben come.*

(Rodríguez González 1961: 23)

⁶⁷ Esta forma posibelmente sexa consecuencia da crase de *non* + *ho*. Na zona de Bergantiños, cando menos, tamén é moi frecuente a fórmula de negación enfática *Non ha, ho!* (e *Si ha, ho!* de afirmación enfática): *Ti vas vir comigo. -Non ha, ho!*

Da gramática publicada por Galaxia na década dos 80, descritivamente máis completa que as anteriores, só destacaremos algún aspecto moi concreto. Por unha parte, ao tratar de *logo* resáltase a importancia da entoación tanto no establecemento dos seus valores adverbiais como de “partícula ilativa ou resultativa”:

- (9) a) *Iso facémolo logo.*
- b) *Primeiro entrei eu, e logo entrou o Marcial.*
- c) *Logo, imos.*
- d) *Logo imos.*
- e) *Imos logo.*

(Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 438)

En (9a) o adverbio *logo* equivale a *despois*, mais de (9b) afirman que se se pronuncia “facendo unha breve pausa na entoación despois do *logo*, dámoslle o valor de ‘máis tarde, despois’, mentres que se o pronunciamos de seguido asignámoslle o senso máis concreto de ‘en seguida, de seguida’, pero cando menos na escrita é ambiguo”. En (9c) e (9d) “o seu valor depende da entoación do enunciado”, sendo en (9c) unha partícula resultativa equivalente a ‘pois, entón’ ou ‘despois’, e en (9d) temporal equivalente a ‘axiña’. En (9e) “prodúcese unha oración con dous posibles significados, xa que non hai ningunha diferenza de pronunciación entre ámbalas dúas”, podendo equivaler a ‘axiña’, ‘despois’ ou ‘pois’.

Por outra parte, estes autores (Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 469-475) definen a interxección como “a expresión dunha emoción ou a apelación á atención ou ós sentimentos alleos” e, após excluíren frases e palabras doutras clases, sinalan como interxeccións galegas máis frecuentes *ah, aí, bah, ca, canté, eh, ei, fou* ou *fo, hala, ho, oi, ola, ouh* e *vaites*, cada unha con diferentes valores que encaixan dentro das funcións textuais e case todas moi frecuentes como sinais conversacionais, nomeadamente en contextos coloquiais. Citaremos só algún caso non sinalado con anterioridade; de *ca* dise que serve para negar o que “o interlocutor acaba de afirmar ou para manifestar incredulidade”, con estes exemplos:

- (10) a) *–Xa me estás pagando eses cinco mil pesos.*
–Ca, nin o soñes.
- b) *–Disque pasa dos quince ferrados.*
–¡Ca! Non fagas caso de todo o que che din.

(Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 472)

En relación con *ho*, a que xa nos referimos, citan as formas *che, ne* e *aieu*, a primeira para apelar “a aquelas persoas que se trata de *tí*”, implicando familiaridade, a segunda “oponse a *ho* por apelar a persoas de sexo feminino ou a nenos”, e a terceira “supón tratamento de cortesía”:

- (11) a) *Non, che, estás moi enganado comigo.*
- b) *Ai, ne, bótame unha man aquí, que eu xa non estou afeito.*
- c) *Aieu, ¿pódeme dicir se imos ben para Sanxenxo?*

(Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 474)

Por último,⁶⁸ na gramática de Álvarez & Xove (2002), trátanse por extenso os adverbios que poden desempeñar funcións extraoracionais, alén dos usos que posúen certas preposicións, conxuncións e interxeccións como elementos textuais. Dentro das funcións do adverbio distinguen estes autores (Álvarez & Xove 2002: 600-609) a de constituínte oracional (complemento circunstancial, complemento predicativo, complemento preposicional, atributo), constituínte da frase (modificador do núcleo dunha frase adverbial ou adxectiva, ou modificador nunha frase nominal) e, por último, modificador da oración ou de constituíntes oracionais, función asimilábel en moitos casos á dos marcadores textuais. Os que desempeñan esta última función son clasificados en tres grupos:

1. Adverbios que inciden sobre toda a predicación (“oracionais”):⁶⁹ son periféricos e non cumpren ningunha función oracional básica; por súa vez, poden subdividirse en:

- a) adverbios conectores: son aqueles que axudan “a relacionar e concatena-las distintas partes de que se compón un texto”, como *por certo, así, finalmente, ao cabo, despois de todo* etc., establecendo con frecuencia unha relación consecutiva (*daquela, entón, logo, consecuentemente, así, por iso, xa que logo* etc.), consecutiva (*con todo, por iso, así e todo* etc.) ou adversativa (*agora, agora ben* etc.).
- b) adverbios presentadores: presentan ou localizan no contexto extraverbal, podendo tamén se referiren ao contexto lingüístico; son as formas invariábeis

⁶⁸ Da gramática publicada pola editora Vía Láctea é digna de se resaltar a innovadora clasificación dos adverbios, cun grupo de declarativos, especificadores (de identificación e de realce) e incorporadores (de inclusión) onde están insinuadas diferentes funcións textuais (Costa, González, Morán & Rábade 1988: 247-253). En Freixeiro (2000: 515-540, 569-576 e 595-620) aparecen referencias aos marcadores discursivos sobre todo ao tratar da rendibilidade expresiva dos adverbios, preposicións e conxuncións, en tanto que en Freixeiro (2003: 137-174) se lles dedica un capítulo extenso.

⁶⁹ Viríanse a corresponder cos adverbios con función extraoracional ou extrafrásicos, segundo Casado e Vilela, respectivamente (véxase 3.2.1).

velaquí, normalmente para anunciar algo que está a seguir, e *velaí*, polo xeral referido a algo dito con anterioridade e reforzando a expresión de causa, e as formas analíticas variábeis *velo aquí*, *velos aí*, *vela aquí*, *velas alí*, *velo acolá* etc. (véxase tamén Sánchez Rei 2002a).

2. Adverbios que funcionan a nivel da cláusula: poden incidir sobre a predición en xeral ou sobre algún constituínte en particular (unha frase ou unha cláusula dependente); subdivídense en:

- a) adverbios de negación e de afirmación: excluídas as respostas concisas ás preguntas, os de afirmación *si* e *si que* só se usan cando se quere pór en relevo o significado afirmativo, pois non son necesarios; os de negación son *non* e *nin*, cumprindo outros adverbios negativos como *nunca*, *nada* ou *ningures* función oracional ou frástica.
- b) adverbios modalizadores: para alén dos morfemas verbais, o modo tamén se pode expresar mediante certos adverbios, como *seica* ou *disque* (para indicar que as aseveracións están fundadas nas palabras doutros), *se cadra*, *quizais* ou *seguramente* (para atenuar unha aseveración), *máis ben*, *ou mellor*, *mellor dito* ou *canto máis* (para introducir rectificacións ou anunciar melloras da información), ou *polo menos*, *sequera*, *cando menos*, *como moito* etc. (para facer valoracións a respecto da existencia); outros adverbios funcionan como marcas de ‘modalidade oracional’ desiderativa (*se*, *así*, *oxalá*, *que*) ou imperativa (*que*).
- c) adverbios aspectuais: o adverbio *aínda* é continuativo, pois expresa a manutención da situación, e *xa* indica unha mudanza e un resultado desa mudanza.
- d) adverbios inclusivos e exclusivos limitadores: os primeiros marcan a inclusión dentro dun grupo máis amplo, servindo tamén para reforzaren a coordinación copulativa entre frases ou cláusulas (*até*, *mesmo*, *aínda*, *tamén*, *tampouco*, *inclusive*, *ademais*, *amais*, *por riba*, *a maiores*, *de por parte* etc.); os exclusivos limitadores restrinxen o grupo ao elemento mencionado, con exclusión doutros (*só*, *soamente*, *unicamente*, *simplemente* etc.); polo xeral, uns e outros actúan como focalizadores.

3. Adverbios que sempre inciden sobre un constituínte da cláusula: sitúanse no exterior das frases a que acompañan, particularizándoas ou identificándoas, como *maiormente*, *mormente*, *especialmente*, *máxime*, *sobre todo*, *xusto*, *exactamente*, *precisamente* etc.

Por outra parte, estes mesmos autores (Álvarez & Xove 2002: 643-645), ao tratan das preposicións, afirman que tamén poden indicar “relacións de tipo lóxico”, sendo moi utilizadas para introduciren cláusulas que expresan causa (*por*, *de*, *con*, *por mor de*, *por amor de*, *por causa de*, *a causa de*, *por cousa de*, *por culpa de*, *a*

resultas de, *de resultas de*, *co gallo de*), condición (*de*, *con*, *sen*, *(en) caso de*, *con tal de*), concesión (*malia*, *con*, *a pesar de*), fin (*para*, *a*, *por*, *por norte de*, *co adaxo de*, *a fin de*, *co gallo de*), e contraposición (*en vez de*, *en troques de*, *en lugar de*, *no canto de*, *no sitio de*). Nestes casos, por introduciren cláusulas, as preposicións ou locucións prepositivas estarían a funcionar como conectores. Así mesmo, sinalan algunhas preposicións (*para*, *segundo*, *consonte*, *conforme*, *de acordo con*) que poden introducir sintagmas que funcionan como modalizadores, “marcando a posición dun dos participantes respecto dos feitos relatados”, con estes exemplos:

(12) a) **Para** min, todo o que dixo o conferenciante eran banalidades.

b) **Segundo** o conselleiro, as autovías van estar rematadas antes de que acabe o milenio.

(Álvarez & Xove 2002: 644)

Outras preposicións e locucións, como *sobre*, *acerca de*, *en relación con*, *verbo de*, *respecto a/de*, *canto a*, *tocante a*, introducen sintagmas “que funcionan como ‘relacionadores’ dos argumentos, restrinxindo e centrando o ámbito ó que é de aplicación o contido da mensaxe”, con exemplos como:

(13) a) **Sobre** oceanografía, ninguén sabe máis ca Pepe.

b) **Tocante ó** asunto da festa, estou de acordo [...].

(Álvarez & Xove 2002: 645)

Canto ás conxuncións, para alén do seu valor normal de conectores interclausais, sinalan outras funcións “que non son propiamente de relación intraoracional” ou mesmo a posibilidade de careceren “de toda función sintáctica” (Álvarez & Xove 2002: 650); para alén dos casos de *que* e *se*, convertidas en adverbios modalizadores (véxase *supra*), citan as que “contribúen á progresión do discurso, pero non coordinan nin subordinan o sintagma que introducen co precedente”, sendo principalmente conxuncións copulativas ou de significado adversativo, concesivo e consecutivo, polo xeral situadas ao inicio dunha cláusula, como *pois*, *e*, *pero*, *polo tanto*, *e logo*; dan os seguintes exemplos:

(14) a) **–Pois** agora vaiche de Deputado para o Hórreo. **–¿E** de que lado se vai sentar?

b) **¿Pero** de onde sacaches iso?

c) *Ti es Braulio e estás nunha mala situación.* **Polo tanto**, tes que falar.

d) **–¿E logo** que novidades traes? **–Pois** que a Carmela casa no outono.

(Álvarez & Xove 2002: 650)

A respecto do significado das interxeccións (Álvarez & Xove 2002: 670), distínguense tres grupos:

- a) as que indican reacción, moitas veces emocional, do locutor perante determinados feitos, a expresaren “alegría, tristeza, sorpresa, dor, decepción, alivio, menosprezo, noxo, incredulidade, reserva mental, admiración...”, como *ah, aí, aleluia, andá, anda, bah, boh, buf, ca, canté, coiro, epa, fou ~ fo, miau, hum, hurra, ó, oh, oi, ou, puf, vaítes, vaia* etc.
- b) as apelativas, relacionadas co alocutario: unhas chaman a súa atención ou procuran asegurarse da comprensión (*ei, ai, eh, ou*), outras son imperativas ou exhortativas (*ala, ale, anda, ei, opa, upa, úpalas, veña*), interrompen o alocutario (*che, eh, xo, alto, basta*), conteñen unha advertencia ou ameaza (*ai, eh, che*), ou avisan dun perigo (*eh, alerta*); tamén as hai que se dirixen a animais (*churra, gache, mis, arre, xó, xo, isca, so, to*).
- c) voces de resposta para faceren notar unha presenza (*ei, eh*) ou para dar conformidade (*amén, madia, vale*).

Na nosa tradición lingüística non faltan, pois, referencias máis ou menos explícitas ao uso de marcadores e outros elementos lingüísticos que desempeñan funcións discursivas, superando o ámbito da cláusula; obsérvase isto nalgúns adverbios extraoracionais, nas conxuncións e nalgúns preposicións, ambas a funcionaren como conectores interclausais, e nas interxeccións.

4.2. Clasificación dos marcadores discursivos en galego

Tomando como base a clasificación de Portolés (2001: 137-146), procurarase ofrecer unha clasificación dos marcadores discursivos propiamente ditos en galego, realizada, prudentemente, con criterios restritivos. O conxunto de elementos lingüísticos que, eventualmente, poderían ser marcadores discursivos e algunhas das expresións que en ocasións poden desempeñar a función propia deles xa viñeron sendo sinalados ao longo das páxinas precedentes. A enumeración das diferentes unidades lingüísticas que veñen a seguir realízase sen afán de exhaustividade e a exemplificación tirárase de textos literarios modernos:

1. Estructuradores da información: son unidades que non posúen significado argumentativo e que permiten a creación de tópicos⁷⁰ e comentarios, contribuíndo

⁷⁰ Pereira (1995: 54) fala dos ‘marcadores de tópico’ e clasifícaa en introdutores, secuenciadores e finalizadores: “São vários os marcadores responsáveis pela organização do texto: *bom, bem, agora, então, e, aí. Bom, bem, agora* funcionam como introdutores. *Então* pode funcionar como introdutor, seqüenciador e finalizador. *E* tem emprego amplo. *Aí*, além de ter exercido a função de dêitico, ocorre como seqüenciador e finalizador”.

a regularen a organización informativa do texto. Entre eles pódense sinalar tres grupos:

- a) comentadores: introducen un novo comentario, distinto do anterior; os máis habituais son *pois, pois ben* (Gonçalves 2002a: 431-503), *así as cousas, dito iso* etc.:

- (1) a) **Pois** as xirigonzas
e mais os meneos
que os brazos das mozas
fan con os cabecos
así os facían
aqueles mancebos
con seus braseiriños

(Sarmiento, *C* 257)

- b) –*N’eso non vexo que haxa pecado.*

–**Pois** a cartilla dí: –non fornicar.

–*¡Tes razón, home, téz razón! Pois mira: non forniques mais en tod’a tua vida*

(G. Barros, *CT* 61)

- (2) Antonio: –*Estou agardando a que me digas algo... Pra iso eres home de letras.*

Nogueira: –*¡E con anteollos! Pois ben, imos por orden.*

(Dieste, *AFV* 25)

- (3) **Pois ben**, o Lordanas morréu por fato. Dous anos despois soupérase todo.

(Fole, *ALC* 36)

- b) ordenadores: teñen, por un lado, a función de indicaren o lugar que ocupa un membro do discurso no conxunto dunha secuencia discursiva ordenada en varias partes, e, por outro lado, presentan o conxunto da secuencia como un único comentario en que cada parte constitúe un subcomentario; indican ao destinatario como está estruturada a mensaxe para lle facilitar a súa comprensión, posuindo como única función informativa a de marcaren as partes de que se compón o texto, pois aínda que os enunciados en que se integren puidesen presentarse como argumentos xustificativos dunha afirmación anterior, a sinalización de tal relación argumentativa correspóndelle a conectores que se sitúan diante deles (Garcés 2000: 561). Hai tres clases de ordenadores:

- (i) marcadores de apertura: serven para abriren unha serie no discurso, como *en primeiro lugar, primeiramente, por unha parte, por un lado, por unha banda, dunha parte, dun lado, dunha banda* etc.:

(4) *Primeiramente*, tomaba un bó almorzo nun café calquera de Broadway. Despóis, camiñaba cara ao Riverside Park

(Gonsar, CTS 128)

(5) *Compara, miña filla, e cavila no que che espera con un e co outro. D-unha banda, o rir, e da outra, o chorar.*

(Castelao, Vello 62)

- (ii) marcadores de continuidade: indican que o membro que acompañan forma parte dunha serie de que non é o elemento inicial; son *en segundo (terceiro, cuarto etc.) lugar, por outra (parte, banda), por outro (lado), por súa parte, doutra (parte, banda), doutro (lado), de igual forma (modo, maneira, xeito), así mesmo, igualmente, logo, despois* etc.; de iren precedidos da conxunción copulativa *e* adoita entenderse que fechan unha lista:

(6) *O Lueiro finóu por se non entender. Dun lado, o esprito con esta interrogación incontestábel –“¿Para qué o vivir?”–. Do outro, o corpo resistíndose –“¿Para qué o morrer?”*

(Amado Carballo, OPV 52)

- (iii) marcadores de encerramento: indican o final dunha serie discursiva; son *por último, en último lugar, en último termo, en fin, por fin, finalmente, polo demais* etc.⁷¹

(7) a) *Por fin os navios
è barcos dos pescos
se ven navegar,
è mais se están quedos.*

(Sarmiento, C 118)⁷²

⁷¹ Unha aproximación a algúns marcadores coa función textual de ‘resumo’, ‘conclusión’ e ‘encerramento’ pode verse en Vázquez Veiga (1994/1995). Sobre a ordenación do discurso e as series correlativas véxase Garcés (2000); para o uso das formas *fulano, mengano, zutano* e *perengano* como ordenadores do discurso en español véxase Casado (2000); a respecto dos organizadores da conversación en español véxase Llorente (1996).

⁷² Para alén de varios casos de *por fin*, nas *Coplas* de Sarmiento rexístranse tres ocorrencias de *por fin* e *por postre* e outras tres de *por/á postre* co mesmo valor de marcadores de encerramento: *Por fin è por*

- b) *Dempóis foi identificado este culto, según Diodoro Liciliano, co de Baco, de donde ven o nome de Libredón, donde foi sepultado Sant-Yago.*

En fin, a vaca encerra un gran hermetismo.

(Amado Carballo, OPV 56)

- c) digresores: introducen un comentario lateral a respecto da planificación do discurso anterior; son *por certo, a propósito, a todo isto, a todo iso* etc.⁷³

(8) a) *Este, pois, me dixo
ò que já, por certo,
vos teño contado,
sen falta nen erro*

(Sarmiento, C 146)⁷⁴

- b) *O conto é que se casa e que se libra de quedar com-as irmáns de Don Saturio. Por certo: quen sería ese home de carreira que se quixo casar con ela? Sería Don Saturio?*

(Castelao, Vello 28)

- c) *A miña comadre non é ningunha trampalleira. Ela é unha muller de ben. Moi honrada por certo!*

(Castelao, Vello 48)

- (9) a) *E o Belga rompéu en risadas ante aquela perspectiva de millós de planetas perplexos.*

–A propósito –preguntoume logo–, ¿tes idea de cantos satélites artificiales foron postos en órbita hastra hoxe?

(Gonsar, CTS 20)

postre, / mal e que cansemos, / se vende, se merca / de todo sem termo (C 122); *E que este, por postre*, / ouvira que á hum crego / llo estaba contando / hum señore quedo (C 147); *Por fin è por postre* / seguía ao enterro / muyta gafuàlla, / grandes é pequenos (C 172); *Por postre* chegòu / ò dito pasèu / à donde eu ó vim / nõ dito regueiro (C 194); *Por fin è por postre* / de todo ò paseo / viña tanta gente / que era hum contento (C 207); *E que viña á postre* / a cabalo un neno / que viña caíndo / é que o viñan tendo (C 208). En Sarmiento (1970: 357) afirmase: “*Por fin* e *por postre*. Esto equivale a finalmente. *Fin* de *finis*. *Postre* del latín *post* y de su derivado *posterus*, que es el último o *postrero*”.

⁷³ Sobre a digresión, a súa relación coa coherencia do texto, e os tipos de digresión (case digresións, digresións baseadas no enunciado, secuencias inseridas e digresións baseadas na interacción) véxase Koch (2003b: 147-154). Para o estudo dos digresores en español véxase Acín (2000) e Mateo (1996); este autor céntrase no digresor *por cierto*, a que lle atribúe o valor xeral de lingua ‘digresión’ (caracterizada pola ruptura, motivación e non relevancia) e os seguintes usos discursivos: énfase, adición e digresión retórica.

⁷⁴ Até once ocorrencias deste marcador parentético se chegan a rexistrar nas *Coplas* de Sarmiento; en parte delas, ou en todas, non é descartábel o significado de ‘certamente’; *por certo* como digresor podería ter a súa orixe no castelán.

- b) *Falas ben compadre, que as nosas liortas para nada mais sirven que para engordar as xâsticias: e así ende bén que se acabase á cousa. E a todo eso ¿que soupéchedes de novedás?*

(DA 2)

2. Conectores:⁷⁵ son marcadores discursivos cuxo significado fornece instrucións argumentativas que orientan as inferencias derivadas do conxunto dos membros relacionados; os conectores vinculan semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha suposición contextual de fácil acceso (véxase 5.1); poden ser de tres clases:

- a) conectores aditivos (véxase 5.2): a un membro discursivo anterior acrecéntase-lle outro coa mesma orientación argumentativa, permitindo así a inferencia das conclusións pertinentes; hai dous grupos:

- (i) os que vinculan dous membros discursivos que se ordenan nunha mesma escala argumentativa, como *até* (ou *ata*), *mesmo*, *inclusive* (e *incluso*), *aínda máis* ou *máis aínda* (Acín 1998):

- (10) *Explicoume que levaba moitos anos vivindo como estranxeiro. Máis aínda: pensaba que soio podía vivir como estranxeiro.*

(Gonsar, CTS 14)

- (ii) os que vinculan dous membros discursivos que non se ordenan nunha mesma escala argumentativa, como *alén diso*, (*para*) *alén de*, *ademais* (*de*), *amais de*, *por riba*, *aínda por riba*, *aínda por cima*, *de por parte* ou *á parte*.⁷⁶

- (11) *Vello namoradizo, que ten, ademáis, a desgracia de chamarse Saturio.*

(Castelao, Vellos 12)

⁷⁵ Sobre o concepto de 'conector' nos diferentes estadios da teoría da argumentación na lingua de Ducrot, que utilizou por primeira vez o termo a propósito de *mais* en francés, véxase Gonçalves (2002b). Unha clasificación provisional dos conectores en español pode verse en Portolés (1993), onde se establece unha distinción entre estes e outros marcadores discursivos; sobre os conectores na mesma lingua na conversa coloquial véxase Briz (1993a e 1993b), e na lingua escrita Montolífo (2001). Por outra parte, Mateus *et aliae* (2003: 104-105) falan de "conectores adverbiais e preposicionais", ofrecendo unha listaxe de formas e valores en portugués, e a acrecentaren que "também expressões adjectivais e frases não finitas podem ser utilizadas como conectores": *primeiro*, *segundo*, *a seguir*, *continuando*, *para comezar*, *para terminar*, *concluindo*, *recapitulando*, *resumindo* etc.

⁷⁶ Sobre o estatuto categorial de *ademais* e as súas propiedades distribucionais, incluíndo a comparación con *tamén*, véxase Cuartero (1995); a respecto dos marcadores do español *encima* e *además* véxase García Negroni (2001).

- (12) a) *Un vello que xa non rexe coas pernas! Valente comenencia me dábadés! Non; é outro... outro máis novo. E de por parte bó mozo; pero que non me entrou pol-os ollos, e velahí.*

(Castelao, Vellos 27)

- b) *De por parte, segundo informes fidedignos, parece que um dos fugidos foi visto pola zona de Santa Cecília.*

(Carvalho, SC 261)

- (13) a) *Avia trompetas
largas; á mais deso,
outras muy redondas
cum funil no extremo.*

(Sarmiento, C 250)

- b) *É isso possível, dada a nossa situação geográfica? Alén disto, eu som um pobre campesino leonês cuja primeira vocação foi a eclesiástica*

(Carvalho, SC 262)

- c) *O direito penal do inimigo do que temos falado aquí. Alén diso, a pretensión de ser unha lei integral apenas serve para contaminar con criterios de dereito punitivo ámbitos normativos como o dereito de familia*

(M. Cidrás: "Máis do de sempre",

ANT 10-16/6/2004, p. 40)

- b) conectores consecutivos (véxase 5.3): presentan o membro do discurso en que figuran como unha consecuencia dun membro anterior; son *pois* (cando posúe valor consecutivo), *así* (*pois*), (*pois*) *entón*, *logo*, e *logo*, *daquela*, *por tanto* (Guimarães 2002: 149-168), *xa que logo*, *por conseguinte*, *de aí*, *en consecuencia* etc.:

- (14) a) *Agora, pois, vamos
dicindo nos versos
que cousas falaron,
que cousas dixerón.*

(Sarmiento, C 131)

- b) *Así, pois, Minguña,
para ó teu enxemplo
do que á moxiganga
será ao seu tempo*

(Sarmiento, C 283)⁷⁷

- (15) *Pois entón compre que o meditemos, porque para casar..., pa-ra ca-sar, gostaríame un home con cabeza.*

(Castelao, Vellos 15)

- (16) A morte: *—Xa se vé que aínda non se che arrufiou o corpo. Lela engañábate, parvo!*

O boticario: *—Entón fixen ben en matarme.*

(Castelao, Vellos 31)

- c) conectores contraargumentativos:⁷⁸ establecen tal vinculación entre dous membros do discurso que o segundo se presenta como supresor ou atenuador dalgunha conclusión que se puiden deducir do primeiro; Portolés sinala os seguintes tipos (aínda que no apartado 6 se ampliará esta clasificación):

- (i) aqueles que presentan un contraste ou contradición entre os membros vinculados, como *en troca, en troque(s), antes ben, pola contra* ou *polo contrario* (Portolés 1998b):

- (17) a) *En troques, cando pasaba por ela un señorito, bó mozo e ben fardado, anque fose coa muller; íase pra il e decíalle con moito mimo*

(Blanco-Amor, AE 134)

- b) *—¿Qué fixeches no mundo?*

—Nada, Señor —respondía ela tremando de medo.

—En troque, pecaches moito.

(Amado Carballo, OPV 43)

⁷⁷ É frecuente nas *Coplas* de Sarmiento a aparición deste *pois* parentético, normalmente precedido de *así*: *Ansi, pois, ansi, / gardando ó respeito / as cousas de Christo / vos poño hum enxemplo* (C 162); *Así, pois, cò grande / juntando ó pequeno / poño á comparanza / que sirva de enxemplo* (C 174); *Así, pois, Maruxa, / non me estès rengendo / porque cousas grandes / conteín por extenso* (C 176) etc.

⁷⁸ Sobre os marcadores e a argumentación véxase Anscombe & Ducrot (1994), Fernández Ferreiro (2002: 67-69) e Padilla (2001); tamén Koch (2003: 29-46; 2002: 102-108; 2001: 65-70). Un estudo sobre os que a autora denomina 'conectores argumentativos' pode verse en Maingueneau (1996: 61-87), onde se presta unha especial atención a *mais*, ao lado de *pois ben, pois, porque, xa que*; tamén trata dos 'conectivos argumentativos', desde a óptica do francés, en Maingueneau (1997: 159-185). A respecto das conxuncións como operadores de argumentación véxase Guimarães (2002: 33-186).

- (ii) os que introducen conclusións contrarias ás esperadas dun primeiro membro, como *porén, non obstante, con todo, así e todo, ora ben* etc.:

- (18) *Con todo, non o soltéi e xuntos chegamos ao alpendre e xuntos baixamos o cómaro que o arrodea*

(Blanco-Amor, AE 138)

- (19) *Parecía envexablemente relaxado. Así e todo, non poiden deducir o seu sono dun dos síntomas máis claros*

(Gonsar, CTS 87)

- (iii) os que atenúan a forza argumentativa do membro anterior, como *mais, pero* (Fernández Ferreiro 2002) ou *iso si*.

- (20) *Mais hei de adevertir a todos, inantes de seguir adiante, que Don Froilán era home de moita caridade.*

(Fole, ALC 47)

- (21) *Escoita: ter sido mariñeiro é para min algo máis, moito máis, que ter deixado de ser probe. Pero iso ti non-o entendes*

(Dieste, AFV 36)

- (22) *¿Mais tí, gaita da terra nosa, heraldo das belas festas e ruadas da mocedá, por qué ves turbar a pas tristeira da casa da caridade, soando cal vos profana que fala das cousas que non voltarán?*

Mais, non, tí cantas na noite leda do Nadal porque sabes que hai ouvidos que recollen atentos a túa canción de saudade.

(Amado Carballo, OPV 50)

3. Reformuladores: introducen un membro do discurso que realiza unha nova formulación daquilo que se pretendía dicir con un membro anterior; tal formulación pode ir desde a explicación dun primeiro membro mal comprendido até á súa rectificación.⁷⁹ Se no caso dos conectores hai que ter en conta os dous membros do discurso para a súa continuidade de sentido, no caso dos reformuladores é a nova formulación a que vai prevalecer no texto. Poden subdividirse en:

⁷⁹ Sobre as operacións de reformulación (e os reformuladores) en francés, en confronto co italiano, véxase Rossari (1997); en catalán, véxase Bach (2000); a respecto dos conectores reformuladores tamén Roulet (1987) e Olivares (2001). Canto a *quero decir* como marcador de reformulación en español véxase Fernández Bernárdez (2000).

- a) reformuladores explicativos: introducen unha reformulación que explica ou clarifica o que se quixo dicir con outro membro anterior que puidese resultar algo difícil de comprender; son *isto é, é dicir, ou sexa, a saber, (dito) noutras palabras, (dito) con outras palabras, (dito) noutros termos, (dito) con outros termos, (dito) doutra maneira, (dito) doutro xeito, (dito) doutra forma, (dito) doutro modo* etc.:

(23) a) –¿E *quén é don Marcial?*

–O Saltapalletas, **ou sexa** o adeministrador. ¡Ten máis mal xenio que o diaño que o fixo!

(Blanco-Amor, AE 61)

- b) *Era a súa traxedia. Este convencemento producíalle un permanente desacougo e infelicidade.*

Ou seña, explicábame ela, eu considéroo como o meu mellor amigo, como un irmán; pero non o podo aceptar como un amante...

(Gonsar, CTS 70)

- c) –¿De que te gustaría traballar?

–Eee... **ou sexa**... non sei. Ata fai un mes traballaba de mozo nun supermercado, pero non sei [...].

–Ben, ¿e que opinas do tema que tratamos?

–... Non sei. Paréceme ben, **ou sexa** é unha cousa boa, **ou sexa** un rollo bo, ¿non?

(S. de Toro, CD 50)

- (24) *Así e todo, non poiden deducir o seu sono dun dos síntomas máis claros, **a saber**: os ollos pechados, pois tampouco se sacara as gafas.*

(Gonsar, CTS 87)

- b) reformuladores rectificativos: introducen unha reformulación que corrixe ou mellora a formulación contida no primeiro membro; son *(ou) mellor dito, (ou) máis ben, quere dicir* etc.

- (25) –Pois iso é unha estrucia, **ou mellor dito**, unhas estrucias que ténden ó desenrolo dos órganos do corpo humano

(G. Barros, CT 222)

- (26) *Os outros ían diante sen deixaren de disputar. **Mellor dito** non levaban retesía senón que Aladio o Milhomes, baduaba e baduaba coma se falase pra unha parede*

(Blanco-Amor, AE 105)

- (27) *Non é de tesis, non. Trátase apenas d-unha síntesis artística, **ou mais ben**, artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes*

(Castelao, Vellos 9)

- c) reformuladores de distanciamento: introducen unha nova formulación que priva de pertinencia a contida no membro anterior do discurso, facéndoa irrelevante para a continuidade deste; son *en calquera caso, en todo o caso, de todos os xeitos, de todas as formas, de todos os modos, de calquera forma, de calquera xeito, de calquera maneira, de calquera modo* etc.⁸⁰

- (28) a) *Sin saber moi ben por qué, eu figureime de seguida que debía de ser belga, ou algo polo estilo. **De todas maneiras**, se tendo en conta o aspecto podía ser orixinario de calquera nación europea, tendo en conta o inglés, en cambio, habería que exceptuar, polo de pronto, as illas británicas.*

(Gonsar, CTS 15)

- b) *Era indudable, **de calquera maneira**, que todos aqueles movementos xurdiran de novas xeneracións rebeldes, ávidas de esnaquizar todos os prexuicios e normas tradicionais*

(Gonsar, CTS 56)

- d) reformuladores recapitulativos: presentan o membro do discurso que introducen como unha conclusión ou recapitulación a partir de un ou de varios membros precedentes; uns poden introducir membros recapituladores que manteñen a mesma orientación argumentativa dos anteriores, como *en resumo, en conclusión, en síntese* ou *en suma*, e outros, alén disto, poden introducir membros con orientación oposta, como *en fin, despois de todo, en resumidas contas, en definitiva, ao cabo, ao fin e ao cabo, no fin de contas, en resumidas contas* etc.⁸¹

⁸⁰ Véxase, con todo, 6.4, onde algúns destes marcadores (*de todos os xeitos / modos / maneiras / formas*) son estudados tamén dentro dos contraargumentativos. A respecto de *en calquera caso* e *en todo (o) caso* véxase Portolés (1998b).

⁸¹ Existe tamén un uso de *total* como reformulador recapitulativo que posibelmente sexa un decalque do castelán, aínda que teña atestación literaria: Micaela -*Eu non o desprezo, Don Ramonciño, porque vos tede non é com-os demais. Boa proba lle dín onte! Boa proba lle dín!* / Don Ramón: -**Total** un bico (Castelao, Vellos 51).

(29) *En suma, que partimos xuntos para Times Square. Un ponto moi diferente é o de se demos chegado ou non deica este famoso nó neoyorkino.*

(Gonsar, CTS 14)

(30) *Era, **despóis de todo**, a koiné do noso tempo e da nosa xeneración*

(Gonsar, CTS 15)

(31) Bart. *Eneso fixô ven; porque **á o fin** é ó cabo...*

Farr. *¡Como que fixô ben!*

(DA 4)

Fernández Salgado (1992: 74-75), que estuda a corrección como acto de reformulación conversacional, afirma que unha relación semántica de contraste non vén dada só pola estrutura do enunciado fonte e do enunciado reformulador, senón que tamén se pode establecer a través dun “marcador ou iniciador de corrección”, podendo ser este de natureza prosódica (pausas, interrupcións, prolongamentos de vogais, entoación, acentuación, vacilacións, intensidade de voz etc.), máis frecuente na lingua oral, ou unha expresión verbal, máis propia da escrita. Estaríamos neste último caso perante os “marcadores verbais”, constitutivos dunha clase bastante heteroxénea formada por dous grupos: (i) expresións verbais estereotipadas, máis propias doutras formas de reformulación que de corrección (*é dicir; isto é, por exemplo*); e (ii) adverbios, conxuncións e interxeccións como *nó*, “marcador por excelencia da corrección total”, *bueno, que ho? e ou*. Por outro lado, Koch (2003b: 88-90) distingue entre ‘reformulación retórica’, cuxa principal función é reforzar a argumentación, e ‘reformulación saneadora’, que pode ocorrer baixo a forma de correccións ou reparos e de repeticións ou paráfrases saneadoras. Bach (2000), por súa parte, após analizar a división entre reformulación parafrástica (*é dicir; ou sexa, mellor dito, dito doutra maneira*) e non parafrástica (*de feito, de todos os modos/xeitos/maneiras, en todo o caso, na realidade, en calquera caso, en definitiva, ao fin e ao cabo, en fin*), propón unha tipoloxía xeral válida para todos os ‘conectores reformulativos’ sobre unha única base tipoloxizadora: (i) non variacionais (conectores de reformulación expansional como *ou sexa* ou *de feito* e conectores de reformulación redutivos como *en calquera caso* ou *é dicir*), e (ii) variacionais (conectores de reformulación virante como *é dicir* ou *de todos os modos* e conectores de reformulación permutante como *na realidade* ou *en todo o caso*). Para esta autora tal tipoloxía xustifica a consideración de todas estas unidades dentro dun único grupo de funcionamento a través do cal se transmite unha mesma instrución de base, a reformulación e a organización discursiva, pois están especializadas tanto na función reformuladora como na organizadora do texto.

4. Operadores discursivos: tamén chamados operadores argumentativos (Martín Zorraquino & Portolés 1999: 4139), condicionan, polo seu significado, as posibilidades discursivas do membro do texto en que se inclúen ou que afectan, mais sen o relacionaren significativamente con outro membro anterior. Poden distinguirse os seguintes grupos:

a) operadores de reforzo argumentativo: o seu significado reforza como argumento o membro do discurso en que se acharen, fronte a outros argumentos posibles, tanto explícitos como implícitos, que se verán así limitados como desencadeadores de conclusións; uns mostran o membro discursivo en que aparecen como unha realidade ou un feito certo, fronte a outros argumentos posibles, como *na realidade, no fondo, de feito* ou *de facto* (Lopes 2004), *con efecto, efectivamente* (Fuentes 1994), *a verdade* ou *en rigor*; outros presentan o membro discursivo en que figuran como evidente, caso de *claro, e logo!, desde logo, e máis si, entón!, pois claro, pois si, xaora* ou *de certo*.

(32) a) ***En realidade**, ¿el era posíbel o morrer? ¿Sería posíbel o desaparecer ese sentimento de vida que era a alma mesma?*

(Amado Carballo, OPV 52)

b) ***Na realidade**, cada um vê as pessoas, os acontecimentos, do seu ponto de vista, através do seu próprio prisma.*

(Carvalho, SC 82)

(33) a) *—¡**Craro**, señor! Eso eu non llo preguntaría a ningún cristiao destas terras...*

(Blanco-Amor, AE 32)

b) *—Okay, quizáis tés razón; pode que señamos do mesmo país, se é eso o que queres decir.*

*—¡**Pois claro** que teño razón!*

(Gonsar, CTS 109)

c) *—¡**Claro** que teño razón! —repetín.*

(Gonsar, CTS 110)

d) *Tí, ¡**xa ora!** d’a Vila non contas nada*

Pro com’as veces volves tan colorada

(Noriega, RU 12)

(34) –“*Eí está, eí está...*”

Nefeito, tras dunhas matas de follas mestas e grandieiras, viase a fermosa dona cheia de luar

(Blanco-Amor, AE 117)

(35) *Vostede qué di? E logo non é certo que os boticarios compoñen feitizos de namorar? I entón xa non hai remedio para a miña doenza?*

(Castelao, Vello 22)

(36) *Como tantos outros, tiñamos un inglés elemental e pluridefectuoso como linguaxe común. E, desde logo, podíamos entender aquel inglés incoloro cen veces mellor que o inglés auténtico da xente de fala inglesa.*

(Gonsar, CTS 15)

García Represas (1992: 48), por unha parte, considera *por suposto e así é* como “pouco tradicionais” e, por tanto, “innecesarios”, dándolle a *xaora* o valor de *claro* (*xaora que si, xaora que non*). Por outra parte, a *claro* e *xaora* outórgalles o trazo [+evidencia] e considera *abofé, abofellas* e *de certo* como as “formas máis neutras de confirmación de certeza” que acrecentan unha enfatización, en tanto que cualifica *pois si, si tal e xa tal* como formas de contradición; *entón!* e *e logo!* son consideradas formas de enfatización “que presentan o afirmado como algo evidente” (García Represas 1992: 55-57); *e máis si* é caracterizada polos trazos [+confirmación] e [+sorpresa] (García Represas 1992: 50, 54); na expresión *pois si* acha o autor dous signos diferentes, un cos trazos [+confirmación] e [+acordo] (*–Vés alá? –Pois si*), e outro co trazo [+contradición] (*–Non vés alá. Non non? –Pois si*) (García Represas 1992: 51).

b) operadores de concreción: presentan o membro do discurso en que figuran como unha concreción ou exemplo dunha xeneralización que pode ou non aparecer nun membro anterior, como *por exemplo, en especial, en particular, en concreto* ou *verbi gratia*.⁸²

(37) *Tamén dista devoción deriváronse moitos nomes. Tourón, Touredo, Touriñán, etc. o mesmo que os procedentes da raíz vasca Cecen (Touro), verbigracia, Cecebre, Ceceda, etc.*

(Amado Carballo, OPV 56)

⁸² Os ‘marcadores textuais de exemplificación’ son estudados para o español en Fernández Bernárdez (1994/1995).

(38) *Así, por exemplo, a escea verde –das dez mulleres– que aparece unha vez en cada lance, debe ser moi ancha*

(Castelao, Vello 83)

c) operadores de formulación: presentan un membro do discurso como unha formulación que transmite satisfactoriamente a intención comunicativa do falante, feito que permite a súa maior independencia a respecto do discurso precedente, favorecéndose así o seu uso como modificador ou renovador da planificación discursiva; é o caso de *ben* ou *bon*.⁸³

(39) *–Sigue co Amigo Alemán.*

–Ben, pois desde este punto de vista... xenealóxico, o caso do Amigo Alemán –igual que o do Amigo Inglés, do que xa che falaréi– era enteiramente distinto.

(Gonsar, CTS 53)

5. Marcadores discursivos de control de contacto: son aqueles que poñen de manifesto a relación entre os participantes da conversación e a destes cos seus enunciados, podendo servir tamén como reforzo ou xustificación dos razoamentos do locutor, como elementos retardatarios na comunicación, como chamadas de atención para manter ou comprobar o contacto, ou *ben* como fórmulas exhortativas e apelativas que implican o alocutario de forma activa, estes últimos usos xustificados por procederen de vocativos ou imperativos. Admiten certa variación morfolóxica e capacidade combinatoria, mais non posúen unha liberdade sintáctica ou de flexión completas; son *ho, home, muller* (Portolés & Vázquez 2000a, 2000b); *anda* e *ande, mira, mirade, mire* e *miren*; *olla* (Gonçalves 2002a: 505-571), *ollade, olle* e *ollen*; *ouve, ouvide, ouza, ouzan* (ou *oe, oíde, oia, oian*) etc.,⁸⁴ xunto con *non é?, non si?, sabe?, sabes?, entendeu?, entendiches?* ou *entendes?* (Silva & Macedo 1992, Chodorowska 1997):

⁸³ Portolés (2001: 144) considera que o único operador de formulación en español é a interxección *bueno*, tamén totalmente presente no galego (Fernández Salgado 1992: 75), aínda que rexeitábel por ser un caso de interferencia. Parécenos que *ben* e *bon* poden cumprir ese papel en galego, como acontece en portugués (Scotti-Rosin 1984: 205). Véxase ao respecto 4.3.1.

⁸⁴ De acordo con Portolés (2001: 145). En Martín Zorraquino & Portolés (1999: 4143-4199) en lugar de marcadores de control de contacto fálanse de marcadores conversacionais, que se subdividen en: de modalidade epistémica (*claro, desde logo, polo visto* etc.), de modalidade deóntica (*bon, ben*), enfocadores da alteridade (*home, olla, mira, ouve* etc.) e metadiscursivos conversacionais (*bon, eh, este* etc.). A respecto de *oye* e *mira* en español e os límites da conexión véxase Pons (1998b). Sobre os sinais conversacionais de alternancia de vez en portugués véxase Rodrigues (1998); tamén Rodrigues (2004).

(40) O boticario: *–As boticas son para sandar e non para matar. Entendeu?*

A morte: *–O que eu quero é sandar, señor.*

(Castelao, *Vellos* 23)

(41) *Xa che teño dito que cando te presentes diante de min debes quitál-a gorra. Entendiches?*

(Castelao, *Vellos* 44)

(42) *Nunca lle dín un bico a ningún home. Abofé que vostede levou o primeiro...! pero eu teño medo, sabe? Teño medo de perdel-o sentido e que despois vostede... que é un raposo... porque unha tamén é de carne e ten corazón, sabe?*

(Castelao, *Vellos* 51)

(43) *–¿Si hom! ¿Canto che dan pol-o cabalo?*

–Sete pesos.

–Pois ahí téis, ho: Co-ises cartos, compras o aparello

(G. Barros, *CT* 150)

(44) *–Pois mira, ho: Eu non sei que che diga, pero, estáseme acurrindo unha idea que poderás acoller anque non sexa mais que así por en canto.*

–¿Ai ho! ¿E que é iso?

–Pois mira: Agora ven o tempo do antroide

(G. Barros, *CT* 180)

A este tipo de marcadores de control de contacto Marques (2002) chámalles ‘conectores fáticos’, que define como “recorrências quase cíclicas, de carácter automático, que pontuam o discurso sem dele parecerem fazer parte” e que caracteriza por (i) chamaren a atención para a mensaxe que está a ser transmitida seguindo unha estratexia discursiva de “getting-attention”, (ii) teren unha función social que regula un uso que o locutor tende a omitir nun rexistro máis formal, e (iii) seren unha marca de cortesía (Marques 2002: 35). Trata esta autora o caso particular do conector fático portugués *ouviu?*, coas variantes gramaticais *ouviste?* e *estás a ouvir?*, que testemuñan a compresenza física dos locutores e que ratifican os papeis comunicativos asumidos por eles, focalizando o alocutario. Tamén serven para comprobar que o canal comunicativo está a funcionar e marcan unha relación interaccional cortés que tenta captar a benevolencia do alocutario cando ocorren no inicio do enunciado ou nun enunciado autónomo; de ocorreren en final de cláusula,

teñen un funcionamento e funcións diferentes, a marcaren a existencia dun conflito entre os interlocutores en que transparece unha relación asimétrica caracterizada pola autoridade do locutor sobre o alocutario. Acrecenta Marques que estes marcadores en posición final transmiten unha “agresividade” derivada do feito de o locutor cuestionar o alocutario valéndose do seu excesivo poder sobre el e, ao mesmo tempo, deseñan o estado emocional do locutor, incapaz de cumprir a norma social de ser cortés, de modo que *ouviu?* “não constitui nunca um acto de pergunta, é sempre uma ameaça que maximiza o valor ilocutivo do acto de linguagem realizado”. Marques (2002: 37-38) tamén resalta a presenza do conector fático como fundamental, pois inflúe tanto no nivel microdiscursivo como macrodiscursivo, a exercer unha función reguladora da imaxe dos interlocutores, da relación que establecen entre si e da continuidade do discurso, “na medida em que todo o eixo da argumentatividade própria do discurso fica condicionado pelas imagens que aí se constroem”; reforzar a imaxe positiva ou negativa dos interlocutores significa marcar unha relación que condiciona a argumentatividade do discurso e que, por tanto, intervéñ na construción do sentido. Os marcadores de control de contacto, pola función discursiva que desempeñan, son propios dun discurso que implica a compresenza e a relación recíproca e asimétrica dos interlocutores. Establecen así mesmo unha relación entre interlocutores identificados e identificábeis, feito que vén a explicar a ausencia deste tipo de marcadores en textos escritos que seleccionan un alocutario universal.

Por outra parte, Romero Trillo (1997) fala de “attention-getting devices”, ou marcadores que serven para atraer a atención sobre aquilo que se está a dicir, en español e en inglés, marcadores que son utilizados para captaren a atención do interlocutor; para a primeira lingua cita os casos de *oye, oiga, mira, mire, fíjate, fíjese, escucha, escuche*, e para a segunda *look e listen* (Romero Trillo 1997: 209). Do estudo destes marcadores nas dúas linguas tira as seguintes conclusións: (i) o falante tende a omitilos nun rexistro formal, onde se adoitan utilizar outros mecanismos pragmáticos para captar a atención do interlocutor; (ii) úsanse con máis frecuencia nas dúas linguas *look* e *mira*, o que pon en evidencia que os verbos con capacidade visual cumpren un papel pragmático importante no proceso da fala; (iii) o español fai un maior uso destes marcadores do que o inglés, pois esta é unha lingua máis orientada prosodicamente, en tanto que aquela necesita expresións lexicais para subliñar a información máis pertinente; por último, resalta a importancia deste tipo de análises, pois favorecen a comunicación e promoven a interacción verbal entre persoas de diferentes linguas (Romero Trillo 1997: 220-221).

Chodorowska (1997), á súa vez, trata da “polite function” de *¿me entiendes?* en español, que pode ser usado como “an interpersonal discourse marker”, equivalente ao inglés *you know* e ao portugués *entendeu?* (Chodorowska 1997: 368), se ben que non pode ser usado como marcador discursivo en posición inicial da cláusula; mais si pode ser gramaticalizado como marcador discursivo para codificar a dis-

tancia interpersonal só na posición medial ou final dun enunciado (Chodorowska 1997: 369). Así mesmo, Silva & Macedo (1992) estudan os seguintes marcadores discursivos no portugués falado de Río de Janeiro: *né?* (contracción de *não é?*, en inglés ‘isn’t it?’), *sabe* ‘you know?’,⁸⁵ *entendeu?* ‘did you understand?’, *aí* ‘then’, *ah* ‘oh’, *bom* ‘well’, *olha* ‘look’ e *assim* ‘like’; para estas autoras *né?* ocorre moi frecuentemente na argumentación como petición de reacción (*feedback request*), *aí* nas narracións e procedementos como marcador de secuenciación (*sequencing marker*), *ah*, *bom*, e *olha* nos diálogos e citacións como iniciadores (*iniciators*), *assim* en todos os xéneros agás nas citacións directas como marcador de explicación (*marker of explanation*) (Silva & Macedo 1992: 238). En galego existe tamén unha fórmula peculiar de “certeza afirmativa”, *non si?*, que ten outra correlativa (*non non?*) para a expresión de “certeza negativa”, moi viva cando menos na fala de Pontearreas (García Represas 1992: 51); ambas funcionan como marcadores discursivos de control de contacto.

4.3. A interferencia nos marcadores discursivos

Como palabras gramaticais ou partículas invariábeis, os marcadores discursivos son instrumentos gramaticais na construción do texto, e teñen unha grandísima frecuencia de uso tanto na lingua oral como na lingua escrita. Igual que acontece en xeral con todas as clases de palabras gramaticais (os diferentes tipos de pronomes, as preposicións, certos adverbios, as conxuncións), que constitúen inventarios normalmente reducidos, ou relativamente reducidos en comparación coas palabras lexicais, os marcadores discursivos, aínda dentro da súa heteroxeneidade, conforman tamén un conxunto máis ou menos limitado de unidades de aparición moi frecuente en calquera tipo de construción textual. Tal frecuencia de uso conduce a un alto grao de polisemia, como, por exemplo, acontece no campo dos sufixos, onde *-ño* entre os apreciativos e *-eiro* entre os nocionais, por seren os que teñen un maior índice de aparición, son así mesmo os que acaban por asumir máis valores ou funcións. A multifuncionalidade dos marcadores discursivos tamén se fai tanto máis alta canto maior é a súa frecuencia de uso.

É iso o que explica que algúns marcadores do galego pasasen a ser usados no castelán falado na Galiza, previa adaptación ou tradución. Mais moitos máis son, de certo, os casos inversos, aqueles en que os marcadores discursivos do castelán se introducen no galego, coas súas formas e funcións. É a súa alta rendibilidade a que lles confire unha especial relevancia no avanzado proceso de castellanización en que a lingua galega se acha na actualidade e a que os converte en símbolos representativos da desnaturalización que está a padecer o galego. Desde a óptica da

⁸⁵ Para o estudo do marcador *y’know* en inglés, que “gains attention from the hearer to open an interactive focus on speaker-provided information”, véxase Schiffrin (1987: 267-295).

interferencia lingüística, os marcadores discursivos poden distribuírse en varios grupos: (i) tirados directamente do español (*bueno*, *o sea*, *vamos a ver*, *sin embargo*, *hombre*, *en primer lugar*, *de todas formas*, *de todos modos*, *misimo*, *hasta*, *sin duda*, *verdaderamente* etc.), (ii) parcialmente adaptados ao galego (*é decir* ou *quere decir*, *de todos xeitos*, *mentras*, *anque* etc.), (iii) marcadores de dubidosa galegitude, nalgún caso, e perfectamente prescindíbeis (*entonces*, *sen embargo*, *en cambio*, *pese a (que)*, *esto é*, *eso é*, xa desbotados da norma, *pero* etc.), (iv) marcadores en que alternan formas coincidentes co castelán de uso maioritario e outras diferencialistas (*en efecto / con efecto*, *con respecto a / a respecto de*, *en realidade / na realidade*, *en canto a / canto a*, *ademais / alén de* etc.), (v) marcadores plenamente galegos, mais preteridos no uso normal (*porén*, *en canto*, *en tanto*, *entre tanto*, *até* etc.), e (vi) sinais conversacionais calcados do español (*veña!*, *vale!* etc.). De todos estes casos, veremos a seguir algúns dos máis significativos.

4.3.1. O caso de *bueno/boeno*

Deixando á parte *pero*, que se tratará máis adiante (véxase 6.1), de todos os castellanismos introducidos neste importante ámbito da expresión lingüística, non hai dúbida de que o máis frecuente e chamativo, debido tamén á súa multifuncionalidade, é *bueno*, verdadeiro retrouso onnipresente en calquera acto conversacional, popular ou culto, formal ou informal, desenvolvido en lingua galega e inclusive tamén nos monólogos da máis diversa condición; a interferencia deste marcador prodúcese igualmente noutras linguas peninsulares como o catalán e o éuscaro. Casado (1993: 38-41) analiza algúns dos casos máis relevantes de multifuncionalidade dos marcadores discursivos no español; uns son partillados, máis ou menos, polo galego e outros nesta lingua son produto da interferencia, como acontece con *bueno*, hoxe utilizado en galego cos mesmos valores do que en castelán. Os textos literarios galegos dan boa conta da súa presenza na nosa lingua escrita, tanto coa forma directamente tirada do español como so a forma alterada *boeno*:

- (1) a) *–Pero eu puxen-as puntas e mais axudei.*

–Bueno, pero a tuxeira é miña, e como o ichó está na miña, a perdís e para min.

(G. Barros, CT 71)

- b) *–Bueno, comer comerásme, pero antes debemos ir ver un abogado, para ver a quén lle dá a razón.*

(CLU 31)

- c) *A tía Ramona arrastróu a silla, achegándose ondia estaba meu tío, que acababa de sentarse. Decateime de que tiña algo de intrínseco que decirlle, porque ollóu en redor seu pra asegurarse de que ninguén escoitaba.*

–**Bueno**. Non hai naide. Voulle contar ó tío Pepe unha visión que tiven ista noite, que me fai cavilar moito.

(Fole, ALC 114)

d) –“¿E qué me ía decir?” contestou a outra, querendo disimular, anque víase ben que algo lle quedaba no papo.

–“**Boeno**, ídevos, e teño dito. Ise vaivos a denunciar...”

(Blanco-Amor, AE 89)

e) –Sí, señor, sí, xa sigo. Déixeme aturar un anaquiño que co isto de... póiñenselle a ún roucas as falas... e... **Boeno**, pois, coma xa dixer, eu non andaba de parranda

(Blanco-Amor, AE 15)

f) –E é lástima qu’a tua engañe, Maripepa, que de verdá que a tés bonita.

–**Bueno**! Véñaseme xa con lérias.

(G. Barros, CT 103)

g) Cando chegou Arxemiro cáseque non o coñecía, pois viña queimado do sol.

Bueno... Viña outra vez á miña casa, pois meus pais querfano moito, e quixeron que pasase aquiles días de permiso connosco.

(Fole, ALC 54)

h) Coma dí o Farón dos Novaes, Dios nos arrede das língoas vespertinas.

Bueno... Foise a Varisa á feira i-alí víu á Subela, que tiña as tres pitas arroubadas metidas nun queipiño de bravádegos.

(Fole, ALC 119)

i) O que penséi dimpóis púdeno pensar entón, pro o certo é que non o penséi, eiséi me parta un raio eiquí mesmo. **Bueno**, agora xa foi marica non chores. Total, todo se foi pra o carano...

(Blanco-Amor, AE 81)

Estes son só algúns exemplos da proliferación deste marcador trasladado do español para o galego literario do século XX. N’Os vellos non deben de namorarse (1953) Castelao, a pesar do seu coidado na depuración lingüística e levemente modificado en *boeno*, tentando así ocultar o ditongo crecente *ue* característico do castelán, utilízao en cinco ocasións, feito que vén a demostrar a súa consolidación na lingua escrita a meados do século pasado:

(2) a) O carabineiro: **Boeno**, amiguiñas. A conversa é moi divertida; pero eu teño que deixalas. A carabina chama por min.

Lela: Imonos logo e deixemos a estas boas pezas a rexoubaren de nós. Teñen un alferrón!

Muller 1ª: De tí sempre dixemos o que merecías.

Muller 2ª: E do teu carabineiro non se diga.

O carabineiro (Erguéndose): **Boeno**. Xa saben, eh? Farruco Rodríguez, para servilas.

(Castelao, Vellos 27)

b) O rapaz: Pois díxome a Micaela que como hoxe é domingo de antroido e a xente anda con contos e marmuracións, que hoxe non apareza pola súa casa.

Don Ramon: **Boeno**. Xa está. Agora hisca, hisca lixeiro. (Cólleo e vaino botando fora).

(Castelao, Vellos 44)

c) Don Ramon (Coa lingua trabada): Eu son un vello ladroeiro... un rachador... Ja, ja, ja. **boeno**, un pirata... un pirata que non se ten de pé. Estas condenadas pernas non me rexen. (Falando consigo mesmo). Ei, Ramonciño: Tente! Tente, pirata!

(Castelao, Vellos 54)

d) A nai: Serás quén de desbotares o consello de teus pais? Unha filla tan boa coma ti...! Deixa ese mozo, Pimpinela!

Pimpinela: Non!

A nai: **Boeno**, miña filliña, **boeno**. Xá o pensarás mellor.

O pai: Xa o creio que o pensarás!

(Castelao, Vellos 62)

Se inclusive aqueles autores máis preocupados pola autenticidade lingüística non foron quen de refrearen a penetración de tan evidente castelanismo nos seus textos, xa nos podemos imaxinar a vitalidade que atinxiu na fala, facilmente deducíbel da súa proliferación en obras que procuran imitar o modelo de lingua oral popular, como é o caso de *Contiños da Terra*, de García Barros, *Á lus do candil*, de Ánxel Fole, *A esmorga*, de Blanco-Amor, ou os *Contos populares da provincia de Lugo*. As mostras son tan evidentes que non semella necesario achegarmos máis exemplos demostrativos. A todos eles aínda cabe acrecentarmos a propia experiencia como falantes e ouvintes, que pon en evidencia o incuestionábel predominio de tal unidade lingüística no galego falado no século pasado e na actualidade. Só fica por

sabermos cando é que esta forma *bueno* penetrou no galego e cando se comezou a usar como marcador do discurso.

Previamente, a respecto de posíbeis referencias a usos discursivos de *bo-bon/bueno* nos estudos de carácter lingüístico só achamos unha non moi precisa en Cuveiro (1868: 36), que cita *bo*, traducido para o castelán por ‘bueno’, entre os adverbios de modo, ao lado de *casique*, *boamente* e todos os acabados en *-mente*; e outra de Saco Arce (1868: 139) un tanto sorprendente, pois menciona *bô!* entre as interxeccións en galego, dándolle o significado de “disgusto, indiferencia, menosprecio” e en nota acrecenta: “Es el mismo adjetivo *bo*, bueno, usado antifrásicamente y con la *o* más abierta”; realmente, non semella que teña nada que ver co adxectivo, pois Ferreiro (1999: 373), a se referir tanto a esta como a outras interxeccións (*boh*, *bah*, *ah*, *eh*, *ouh* etc.), considera que son “en xeral de orixe onomatopeica e de significación basicamente contextual”.

Canto á aparición nos textos escritos, cómpre dicir que non se acha documentada nos do galego medio a forma castelá *bueno/a* nin con valores discursivos nin como adxectivo.⁸⁶ Será no século XIX cando imos achar as primeiras mostras documentais do uso desta forma na lingua escrita, mais de modo escaso, fundamentalmente como adxectivo, e en contextos de marcada castelanización, con frecuencia indicada mediante letra itálica. Así, nos diálogos do primeiro terzo do século, propicios para a aparición deste tipo de marcador polo seu carácter popular e conversacional espontáneo, só ten usos adxectivos:

- (3) a) *e outra por cada testigo sin contar un baso de viño que tiven que pagarlle o ome **bueno**: con que xâ ves ti [...]*

Bart.: –*Sea **enhorabuena**, é nos alegramos.*

(DA 2)

- (b) Cura: –*Dios los guarde, amigos.*

Farr.: –*Santos y **buenos** dias lle dé Dios y la Virgen.*

(DL 5)

- c) *Despois foi criado da xênte do Sr. Ballesteros; tomouno este da sua conta, é fixô home como vedes: arrimate á los **buenos**... ecetera.*

(TP 2)

⁸⁶ Véxase *REG*, *SEI* ou Sarmiento C, por exemplo; trátase, así e todo, dunha aproximación provisional ao tema; só hai unha mención indirecta de Sarmiento (1970: 215) ás “peras de buen cristiano” na glosa á copla 21, sen referencia ao seu uso na Galiza, aínda que despois nos dicionarios decimonónicos de F. J. Rodríguez (*buen cristian*) e M. Valladares (*bon-cristian*) se acabase por galeguizar parcial ou totalmente, a propósito da entrada “pigarza” (Pensado 1976: 306-307).

Pódese dicir, por tanto, que non aparece esta forma nos textos do primeiro terzo do XIX, salvo moi contados casos como adxectivo normalmente en expresións castelanizadas; e tampouco aparece, calquera que sexa o seu valor, n’*A Casamenteira*, n’*A Gaita Gallega*, nin na obra de Pondal ou Curros;⁸⁷ tampouco nas novelas de López Ferreiro, por exemplo. Mais na segunda metade do XIX Pardo Bazán xa utilizaba a forma *boeno* (*la boena vida se da*) entre os moitos ‘castrapismos’ da súa obra castelá (González & Soto 2000: 122). No cancionero de Pérez Ballesteros achamos algúns casos moi similares aos que aparecen nos diálogos da primeira parte do século:

- (4) a) *de postres compota
e tamén castañas
boenas y bien grandes
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.*

(CPG II, 5)

- b) *Trae-lo sombreiro ô torto
porque eres fillo d’un rico:
tenja usté moi **narabuena**
qu’eu d’usté non necesito.*

(CPG II, 108)

- c) –*¡Ó tendeiro devolve!*
*tivèrao eu por vergonza;
nin eso fixeras ti,
preciada de **boena** moza.*

(CPG II, 124)⁸⁸

- d) *Ela quèr quèr que lle traya un pañuelo,
ela quèr quèr que sea moi **bueno**;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla
con que contos ela me vèn*

(CPG III, 202)

⁸⁷ Por exemplo, non aparece na obra de Curros, nin por tanto na súa lenda “A Virxe do Cristal”, mais si hai moitas ocorrencias de *boeno* como marcador discursivo na versión para teatro que desta asina Roxelio Rodríguez Díaz en 1948 (véxase o apéndice a Ferreiro & Sanmartín 2002: 125-195).

⁸⁸ O propio recompilador anota a rodapé a propósito de ‘boena moza’: “A veces aparece en los cantares alguna palabra castellana, alterada ó sin alteración”.

- e) *Sendo ti tan boa nena
e filla de **buenos** padres
non sei como non frorece
a escoba con que ti barres.*

(CPG III, 236)

Estes son os únicos casos en que aparece tal forma no cancionero e ningún é como marcador. Nalgún destes exemplos e noutros xa citados é posíbel acharmos certa intención enfática no uso de *bueno*, como fórmula intensificadora da calidade de bondade, utilización moi frecuente no galego actual, onde na oralidade se pode distinguir entre *bo*, *bueno*, *moi bueno* (xa en 4d) e mesmo *buenísimo*, *buenismo* ou *moi buenismo*. Porén, estas formas superlativas en *-ísimo* non se trasladaron por norma á lingua escrita; así, non as achamos rexistradas nos textos decimonónicos e non resulta doado darmos con exemplos no século XX.

Noutras obras do último terzo do XIX tamén aparece *bueno* ou *boeno*, con función adxectiva, nas fórmulas de saudación, tanto en textos intencionalmente en castrapo como en galego:

- (5) a) *–Boenos dias nos dé Diós
moza del dengue encarnado.
–Téngalos usté muy **boenos**,
mozo del sombrero branco.*

(Pérez Placer, CR 26)

- b) *–Santas y **buenas**
Noites teñan mis señores...
Xesús! seica estan de festa*

(Rosalía, FN 182)

- c) *–Teñan vostedes boas tardes.
–**Boenas** y santas. E logo
¿qué quería, señorriña?*

(Rodríguez González, FO 213)

- d) *–Tío Farruco, escusa de vir Perucho, que vou eu co señor Abade de
camiño que me vou pra a casa. Conque, ás **buenas** noites.*

(PPR 152)⁸⁹

⁸⁹ Esta cita corresponde á peza teatral de Laureano Guitián Rubinos *Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo. Costumbres Gallegas* (1877), onde o Sr. Cura se expresa en castelán e utiliza en varias ocasións *bueno* como marcador discursivo, o que vén a demostrar a súa consolidación como tal no español falado na Galiza da altura.

No entanto, conseguimos dar con algúns exemplos de uso discursivo de *bueno* en textos escritos en galego na obra de Lamas Carvajal, un na de Benito Losada combinado con *¡boo!*, que non semella ter nada que ver con aquel, e con *ben*, outro na poesía de Eladio Rodríguez ligado con *pois* e outro máis nunha peza teatral en castrapo:

- (6) a) *Matou Xan Ferrer un porco,
e de pois de desfacelo,
botando as súas contas, dixo:
“¿Fixen a matanza? **Bueno**;
pois vamos a ver agora
o que me queda do cerdo.*

(Lamas Carvajal, PG 378)

- b) *o que se di será verdade,
eu non o dubido, **bueno**,
esquécese dos seus bes
por servir os dos alleos,
e pola mor da política
manda, contrariando o xenio*

(Lamas Carvajal, PG 427)

- c) ***Bueno**, pois xa que non se poida conseguir polo de agora que a
maior parte dos pródicos que se pubrican en Galicia se escriban
todos en gallego, ó menos valerse algo deles e converterse todos ou
casi todos en publicar unha das seuciós sempre en gallego.*

(Lamas Carvajal, OLX 288)

- d) *–Dí que me queres...
–Ti, que eres meigo
¿non ó adiviñas?
¡boo!... cabe quedo...
esa man tira
d'o teu meu homebreiro...
–¿Vaste meu fillo?
–Non, xa me quedo
miña vidiña,
meu pensamento.
Pidinch'un bico...
(dasell'a un neno)
¿non queres dar mo?
ben, roubareicho.*

¿E si ch'o roubo?
*—Destonces, **bueno**;*
sendo roubado
culpa non teño

(Losada, *PO* 176)

- e) *—Vou pidindo unha limosna...*
*—¡Ah, vai pidindo!... Pois **boeno**.*
—¡E non me dá un ichaviño!...

(Rodríguez González, *FO* 211)

- f) Bartolo: *—Ela que e unha meiga que me ten sempre mal querencia.*
 Tío Mar: *—**Bueno** (a Bartolo). Ti cala a boca y entérate d'un oficio que deje sobre o mostrador*

(G. Cuevas & Caruncho, *M* 11)

En toda a obra dun poeta intersecular como é Noriega Varela só aparece unha vez a forma *boena* como adxectivo utilizado con intencionalidade irónica, nun texto de fins do século XIX en que tamén figura a forma galega *bon*:

- (7) *—¿Qu'estás falando, cañón?*
*—Que sodes de **boena** terra...*
—Avomaría de gracia,
¡Non serán com'as vilégas
—O de Dios quen ten n-a casa
¡Comam'o Cuzo! ¡Ai, Carméla!
*—Estás un **bon** pelengrin.*
—¡Ei che vou dar un-has fregas!

(Noriega, *LF* 9)

Mais non aparece na obra deste autor ningún caso de *bueno* como marcador, a pesar de que o seu modelo xeral de lingua ten como base a fala popular e en varios dos seus textos se reproducen diálogos que a tentan recrear. De todas as formas, o feito de Noriega escribir fundamentalmente poesía podería implicar en certo modo unha menor tendencia ao uso dun castelanismo tan evidente como este; porén, nas pezas teatrais *A lagarada*, de Otero, e *O bufón d'el-rei*, de Risco, non aparece ningún caso de *bueno* a pesar da forma dialogada, mais ten 16 ocorrencias en *Donosiña* de Quintanilla (*DO*) e dúas no teatro de Luís Manteiga (*TG*). Aínda así, noutro autor que cultivou maioritariamente a prosa cun modelo plenamente inserido na fala popular, como é Manuel García Barros, tampouco achamos nos seus textos correspondentes á primeira década do século XX máis que un exemplo de *bueno* como

adxectivo nun poema en castrapo de 1909 e outro como marcador discursivo nun texto en prosa de 1908, en tanto que nas obras narrativas posteriores (*Contiños da Terra*, *As aventuras de Alberte Quiñoi*), así como na correspondencia de posguerra do autor, o uso de *bueno* como marcador discursivo prolifera; estes son os dous exemplos:

- (8) a) *Gasús, Gosé y Maria*
nos axuden coal queremos
y lles dén felices pascuas
a la gente qu'está dentro
*d'esta **buena** y noble casa*
vivienda de caballeros,
*y lles dén **buen** aninovo*
e lles peten no seu peito.

(G. Barros, *CPT* 129)

- b) *—Pois inda non che hay pouco qu'estudiar pr'aprender á dicir eso.*
—O caso é que inda non-o teño ben aprendido.
*—**Bueno**, pois eso non importa; vamos ó grao.*

(G. Barros, *CPT* 180)

Con estes exemplos é suficiente para concluírmos que o castelanismo *bueno* aparece na lingua escrita na primeira parte do século XIX como adxectivo en fórmulas de saudación e outras expresións de respecto castelanizadas, non sendo até á última parte do século que adquire usos como marcador discursivo, se ben que aínda con escasa presenza na lingua galega escrita da altura (si xa de forma significativa no español interpolado en textos galegos). Na oralidade a situación talvez non fose moi diferente do que é na actualidade canto ao uso de *bueno* nas expresións ritualizadas (*buenos días*, por exemplo) ou con valor enfático, mais non así na súa utilización como marcador discursivo, onde o uso non debía pasar de incipiente, moi lonxe da extraordinaria vitalidade que posúe actualmente.⁹⁰ C. García (1985: 142) xa recolle *bueno* nun glosario de voces galegas actuais como interacción na área de Compostela, traducíndoo para o castelán por “ya está bien”.

Por se tratar dun españolismo tamén é interesante coñecermos cando é que aparece como marcador no castelán. Neste sentido, Martín Zorraquino (1994: 407) suxire que *bueno* como marcador aínda non era frecuente no español falado no primei-

⁹⁰ Aínda que tal vitalidade é evidente na oralidade de hoxe e non precisa moita demostración, porén pode tamén constatarase nalgũa transcripción de textos orais, por exemplo Álvarez-Cáccamo (1993, 1996) ou Fernández Ferreiro (2002).

ro terzo do século XIX ou que, cando menos, o seu uso non resultaba canónico en tal altura na dimensión pragmática, deducindo o emprego discursivo a partir da utilización como adverbio asociado ao contexto sintáctico ‘ben está’, que implica unha especialización semántico-pragmática (‘de acordo’) e, como consecuencia dela, o desenvolvemento doutros sentidos, a comezar polo contrario (‘en desacordo’); esta e outras unidades lingüísticas teríanse constituído en unidades pragmáticas no seo do proceso dinámico que representa a conversación, o que viría a pór en evidencia o interese da estratexia conversacional na fixación de estruturas sintácticas e de valores sintácticos e pragmáticos asociados a elas.

Se se produciu a interferencia desta forma lingüística no galego, tamén era lóxico que se incorporase cos valores e funcións que ten na lingua de orixe. Fuentes (1993: 218) sinala os valores confirmativos e conectores de *bueno* en castelán, a partir dos que se desenvolverían os continuativos e reformulativos (aclarativos, correctivos etc.). Como conector *bueno* indica ‘fin do anterior e mudanza de tema’, isto é, confírmase ou acéptase o anterior, mais pásase a algo que o falante considera máis importante; tal valor é o predominante cando se utiliza ao inicio dunha resposta ou dun discurso, ligándoo co anterior; esta mesma autora (Fuentes 1998a: 191) pon en relación os usos de *bueno* cos de *vamos* (véxase 4.3.3). Por súa parte, Briz (1993a: 155) considera *bueno* como marcador de resposta indirecta e, alén diso, como indicador de ruptura, de mudanza de tema, como prefacio para modificar algo do dito ou para concluír o tema ou a conversación.

Martín Zorraquino (1994: 410-411) resalta varios aspectos no referente aos valores de *bueno* en español. En primeiro lugar, esta partícula reflicte, como operador pragmático, o resultado dun proceso de recategorización: de adxectivo pasou a partícula ilocutiva con valor próxima do dunha interxección pola súa autonomía ilocutiva (vai entre pausas), pola capacidade de recibir marcas suprasegmentais de entoación que permiten matizar estados de ánimo e diferentes actitudes lingüísticas, pola posibilidade de reiteración (*bueno, bueno, bueno*) e pola súa combinabilidade con elementos conxuntivos (*pero bueno*). En segundo lugar, o uso de *bueno* require unha situación comunicativa de coñecemento implícito ou explícito dos interlocutores, non podendo utilizarse para iniciar unha interacción cun interlocutor con que non se partilla o acordo de entrar en contacto. De aquí deduce, en terceiro lugar, o valor fundamental de ‘aceptación para facer uso da palabra’, en certo modo tamén conectado co que ten como adxectivo na acepción de ‘adequación dunha entidade á idea que se ten dela’. En cuarto lugar, sinala esta autora que o valor principal de *bueno* como operador pragmático radica na expresión da aceptación do falante para tomar parte na conversación e para determinar o seu transcurso cara a diante e en relación co anterior, o cal explicaría os seguintes usos: (i) como fórmula para indicar que o falante inicia a conversación (véxase o exemplo 1c), (ii) como fórmula para indicar a conclusión da conversa (véxanse exemplos 1d, 2a ou 2b), (iii) como

fórmula para indicar que a conversación adquire novas direccións ou que comeza o turno dun novo interlocutor (exemplos 6a ou 8b). Por último, acha a autora que é a combinación no discurso con diversas entidades lingüísticas ou con fenómenos de orde psicolóxica o que permitiría tipificar os seguintes valores de sentido de *bueno*: (i) conformidade parcial ou resignada en resposta a unha pregunta, suxestión, orde ou constatación asertiva (véxase 2d), (ii) estrañeza perante un xuízo ou pregunta, e (iii) desacordo perante un xuízo, orde ou pregunta.

Bauhr (1994) sinala tres funcións principais para *bueno* en español: a pragmática, a metadiscursiva e a expresiva. Como marcador pragmático considérase unha partícula de conformidade, coas variantes contextuais de aceptación, asentimento, consentimento e concesión. Como ordenador metadiscursivo pode ser, por unha parte, unha partícula que ordena o discurso alleo (función rectificativa) ou propio (función autocorrectiva), e por outra parte, unha partícula de ruptura a respecto do discurso inmediatamente anterior, que indica asemade a continuidade temática ou a transición a outra secuencia discursiva. Como indicador modal (función expresiva) exprime impaciencia ou enfado e tamén dúbida ou vacilación. Pregúntase este autor (Bauhr 1994: 120) se todas estas funcións, por veces contraditorias, obedecen a un mesmo valor básico e conclúe que o máis admisíbel é o de ‘conformidade’, evidente nas funcións pragmáticas e non tanto nas demais. Porén, no caso da función metadiscursiva de rectificación, por exemplo, considera que o uso de *bueno* pode verse como unha manifestación da tendencia xeral do discurso a preferir o acordo ao enfrontamento conflitivo; en autocorreccións iniciadas por outra persoa *bueno* pode verse como expresión da conformidade do falante coa obxección do interlocutor, e na autocorrección autoiniciada o marcador serve para aceptar a obxección tácita dun interlocutor finxido. Cando o falante quere dar por terminada unha secuencia lateral ou preparar o terreo para unha intervención iniciativa ou conclusiva, a utilización dun marcador de conformidade como *bueno*, que apela ao consenso dos interlocutores, permítelle pór fin con facilidade á actividade en curso e pasar a outra. Canto ás funcións expresivas, a utilización de *bueno* para expresar impaciencia e enfado talvez poida explicarse, segundo Bauhr, como unha figura retórica de ironía; non acha este autor, no entanto, unha razón aparente que poida explicar o uso de *bueno* para indicar vacilación.

Para Llorente (1996: 229-236) *bueno* é un claro exemplo da capacidade multifuncional dos operadores discursivos, no sentido de que o seu valor depende da súa situación contextual e de que un mesmo operador pode realizar máis de unha tarefa simultánea. Descarta esta autora dos usos de *bueno* como operador discursivo os casos en que se utiliza para expresar fastío, sorpresa ou incredulidade aparente, indignación etc. Mais outórgalle utilidade construtiva na organización do discurso cando serve para a reparación, redireccionamento ou reformulación de mensaxes previamente emitidas, a conxugar este potencial reformulativo coas funcións de

servir de elemento retardante ('staller') e de recheo ('filler'); é, por tanto, normal que apareza en momentos de vacilación ou cando se producen dificultades na construción do enunciado. Tamén garda relación con ese papel reformulativo o feito de que poida utilizarse para introducir un enunciado que serve como culminación e resumo valorativo do dito anteriormente, carácter conclusivo que se manifesta de forma máis clara aínda cando se utiliza para marcar un límite no progreso da conversación, rompendo o esquema seguido polo outro interlocutor; a partir desta capacidade de *bueno* para marcar límites discursivos pódese explicar facilmente o seu uso como sinalador do final do nó da conversación e como introdutor de movementos de preclusura ou clausura, tarefa en que compite con outros operadores como (*moi*) *ben* ou *ótimo*. Por outra parte, *bueno* é un operador pragmático que indica conformidade, aquiescencia ou aceptación de calquera tipo de 'elicitacións' e 'mandos', que pode ser só parcial, transmitindo, de todos os modos, as respostas de conformidade con *bueno* menos entusiasmo ou aceptación que outras posíbeis, como *moi ben* ou *de acordo*.

De todas estas funcións e valores que resaltan Bauhr ou Llorente, entre outros, resulta doado acharmos exemplos no galego escrito; véxanse algúns tirados dun libro de contos populares e dunha escolma de literatura popular:

- (9) a) *Logo chegou o demo por alí, que encontróu ao home diante da porta, i ao velo, díxolle:*

–**Bueno**. Veño polo prometido.

Díxolle o home que pasase, que a tiña na cama, e, cando o demo chegou alí, díxolle a muller:

–**Bueno**, xa sei o que che prometéu o meu home, pero o pequeno tamén é meu. Antes de levalo, tes que poñer dreito este pelo.

(CLU 97)

- b) –*¿E logo? ¿Pra ónde vas cos bois, Antón?* –díxolle ela.

–*Vou arar ao leiro do lameiro.*

–**Boeno**, pois eu vou ir contigo.

–*¿I a qué has de vir si os bois andan ben?*

– **Boeno**. Inda que anden, eu vou e nada máis.

(CLU 101)

- c) –*Vente comíngo e vasme contestando ás oracións que eu diga.*

–*Pero, señor cura, eu nin sei latín nin sei o que lle hei de contestar.*

–**Bueno**, home, ti ven, e, cada vez que eu diga unha oración, ti contestas 'amén', porque o que aquí anda debe ser o demo.

(CLU 110)

- d) –*Pois tes que devolverllo ao dono* –dixo o cura.

–*Tome, logo.*

–*¿Ai, non, non! ¿Tesllo que dar ao dono dil!* –dixo o cura.

–**Boeno**, tómeo usté –dixo o pequeno.

Pero o cura non quixo, e logo díxolle o pequeno:

–**Boeno**, logo. Pero non o diga a nadie.

–*Non teñas medo, que me condeno* –respondéu o cura.

(CLU 112)

- e) *O día que acabou de coser, déronlle a merenda. Así que merendóu, díxéronlle que se fora, que non estaba o amo e non lle podían pagar, pero que xa pasaría por xunto dil ao día seguinte pra pagarlle. Pero o xastre, que xa sabía o que facían naquela casa, dixo:*

–**Boeno**, pois eu non lle teño prisa. Espero hasta que veña.

Pero os da casa, que querían que se marchara, díxéronlle que si cuadra, non viña aquíl día. E o xastre, que viu que, efectivamente, o querían botar da casa, dixo:

–**Boeno**, pois como ustedes queiran, pero eu, hasta que me pague, non me vou dequí, e por cada día que estea, hanme de pagar igual que se traballara.

(CLU 119)

- f) *Os da casa, tentados do moito traballo que esperaban dil, déronlle a cena. O xastre coméuna, e, cando rematóu, dixo:*

–**Boeno**, desde se cena, xa non se traballa. Vóume, logo, pra casa, e deica mañán.

(CLU 120)

- g) –*E ¿cómo non coséu máis, señor?*

–*É que se me acabou o fío* –dixo o xastre.

–**Boeno**, señor, **boeno**. Todos decían que usté roubaba o fío, pero xa vexo que é mentira.

(CLU 120)

- h) –*¿Ai, que bon xastre! ¿Usté é o Noso Señor! ¿E pra cinco chegaría tamén?* –dixo ela.

–*Chega, señora, chega.*

–**Boeno**, pois logo fágame cinco iguais pra os meus cinco pequenos.

(CLU 121)

i) *E por fin o home dixo:*

–**Bueno**, voucho decir, pero ti non digas nada a naipe [...].

–*Eu non sei quen era: eu sei que me deu eses cartos e que me dixo que non o descubrise.*

–**Bueno**, pois anda que non hemos decir nada a ningún.

(ESC 258)

Tamén se refire Llorente (1996: 236-247) á secuencia *bueno, pois*, que se pode utilizar como introdutora do movemento de resposta a unha pregunta explícita (neste caso *bueno* semella posuír como función constante, para alén de valores máis concretos, anunciar un límite na construción ou progreso da conversación e fixar provisoriamente un novo rumbo, mostrándose especialmente adecuado para orientar doutra maneira a interacción), como reemprendedora ou ‘return marker’ coa función primaria de reasumir o tópico após algún acto de digresión a respecto da liña central do discurso (ponse aquí en evidencia o carácter limitador e clausurador que subxace en boa parte dos usos discursivos de *bueno*) ou como sinal ou aviso de preclusura nas secuencias de encerramento, de acordo coa capacidade xeral de *bueno* para servir de elemento conclusivo ou de encerramento que prelude unha mudanza na dirección do discurso (téñase en conta que *bueno* é o recurso máis utilizado na conversación para anunciar ao interlocutor que se debe ir pondo fin á actividade). A frecuencia desta secuencia *bueno, pois* no galego escrito, así como os valores indicados, pode constatarase nos exemplos (9b), (9e), (9h) e (9i) precedentes.

Esta forma *bueno* de procedencia castelá desprazou en grande medida a forma galega *ben* e talvez chegou a impedir o desenvolvemento de *bon* ou *bo* como marcadores,⁹¹ pois é moi posíbel que o paso de adxectivo a marcador se producise nun período de castelanización avanzada, de modo contrario ao que aconteceu no portugués con *bom*, que posúe valores equivalentes aos do marcador castelán, dando inicio á intervención dun dos interlocutores e transmitindo normalmente nocións de dúbida e espera, moitas veces seguido dunha pausa que reforza a súa función retardante (Scotti-Rosin 1984: 205).⁹²

⁹¹ Débense tomar con precaución certas formas *bo, boo* que aparecen en textos decimonónicos, seguramente correspondentes á interxección, talvez de orixe onomatopeica, *boh*: *-Ti, que eres meigo / ¿non ó adiviñas? / ¡boo!... cabe quedo... / esa man tira / d'o meu homebreiro...* (Losada, PO 176); *-Sei que tes ganas de lería! / fala neniña, ¿tes medo? / -¡Boo!... xa sei que me non comes / pois teño duro o pelexo* (Losada, PO 181).

⁹² Brauer-Figueiredo (1995: 42-43) inclúe *bom*, ao lado de *e, mas, bem, também, agora, quer dizer, depois, vá lá, sim, pronto(s)*, entre os ‘marcadores iniciais’ nos procesos conversacionais prospectivos; mais non o cita, nos fenómenos de “hesitação”, entre as “pausas cheias”, onde repiten algúns dos anteriores, tendo sempre en conta o corpus limitado sobre que traballa; Vilela (1999: 266-269) inclúe *bom* entre os marcadores da coherencia/cohesión discursiva, a indicar, por exemplo, “uma aceitação, ou

Por outra parte, a forma *ben* como marcador discursivo podería ter a súa orixe, segundo Fuentes (1993: 217), no significado como adverbio, a indicar que ‘algo se adapta perfectamente ao requirido, á norma, ten bondade’, pasando así ao uso como resposta confirmativa a unha pregunta, suxestión ou orde; de aí derivaría o uso dialóxico como iniciador de resposta e compartillaría con *bueno* o valor de aceptación do anterior, que tamén implicaría a súa utilización na mudanza de tema; o paso ao valor puramente continuativo non sería máis do que outro grao do proceso de gramaticalización; produciríase, pois, unha progresiva perda do valor de bondade, que pasaría ao de asentimento ou conformidade e logo ao de simple conexión. Mais *ben* tamén aparece formando parte, como segundo constituínte, doutros marcadores da lingua escrita que teñen unha máis temperá atestación no galego: *pois ben* con valor conclusivo ou como iniciador do rema, *ora ben* para indicar oposición ou contraste centrado na enunciación, ou tamén *antes ben*, (ou) *máis ben* etc. (véxase 6.2.2).

Así, *ben* aparece como marcador discursivo nos textos escritos do galego medio, mais formando locución con outras partículas e non en solitario; hai un caso de *ora ben* n’*A contenda dos labradores de Caldelas* e outro de *antes ben* nun poema do Cura de Fruíme:⁹³

(10) a) *Ora ben, isto está feito,
eles están afogados,
nós do feito mui pagados*

(SEI 91)

b) *De esto non hai que estrañarvos;
antes ben, facendo gala
desta nación, estimala*

(SEI 154)

uma forma de ‘tomada de vez’ [turn-taking] na conversação”, ou coa función de organizar o texto, situándose tanto no plano interdiscursivo (ao lado de *então, por uma parte, por certo* etc.) como no plano de interacción enunciativo-interlocutor (ao lado de *pois, não é*). Fernández Salgado (1992: 75), por súa parte, considera *bueno* en galego como “marcador por excelencia da corrección total”, ao lado de *que ho?* e *ou*, acrecentando que estes marcadores “sinalan as dúbidas ou dificultades do falante para proseguir no discurso e permítenlle, por outra parte, asegurarse certo tempo para a reelaboración do seu discurso”.

⁹³ Non hai ningún exemplo nas *Coplas* do Padre Sarmiento en que apareza *ben* como marcador isoladamente nin formando parte dunha locución. Por outra parte, igual que pasa con *bo/bon*, tampouco achamos casos de *ben* como marcador discursivo nunha revisión superficial de textos medievais en prosa, aínda que si contextos en que *ben*, como adverbio de modo, serve de resposta a unha pregunta e, dalgunha maneira, actúa de precedente de futuros valores discursivos: *-Don Galaaz -disseron eles- ¿como vos foi depois que vos partistes de nós? -Ben -disse el-, mercee a Deus* (PLM 89); *-Blioblerís, ¿como vos sentidos vós? -Ben -diss’el-, aa mercee de Deus, segundo como o preito é* (PLM 158).

Tampouco proliferan os casos nos textos decimonónicos; só demos con un de *pois ben* na gramática de Mirás, un de *antes ben* e dous de *ou máis ben* n'A *Casamenteira* etc., para alén dalgún caso isolado de *ben* simplemente, o que nos pode facer sospeitar da súa aparición principalmente en locucións e máis raramente en solitario:

- (11) a) *Larpeiro, dotes de putas,
nunca a medrar chegarán,
antes ben agoirarán
a-as facendas que se xúntan.*
(Fandiño, C 128)
- b) *que che he tarabeleada,
ou mais ben cousa de nenos*
(Fandiño, C 133)
- c) *pois ben, dixo un,
eu pajaréi todo*
(Mirás, CGG-C 133)
- d) *Pidinch'un bico...
(dasell'a un neno)
¿non queres darlo?
ben, roubareicho.*
(Losada, PO 176)
- e) “¿Que quer que lle levanten n'o val unha capilla?
¿Que quer que d'arrudilla lle recen e lle canten?”
Pois ben, querida, **ben**.
Pero... calóuse...¡axiña! ¡Xa non, xa non a escoito!
(Curros, AMT 35)
- f) *Vamos, rapaza, se boa
e dime axiña, n'un verbo,
cal é o nome que n'a pía
os padriños te puxeno.
–Pois ben; chámome Xuana,
Marica, Pepa, Remedios*
(Losada, PO 182)

- g) *–Y-estoutro?... –Por unha leira
Vendéu sua filla á un indiano,
Como unha vaca n'a feira.
–Pois ben, ises foraxidos
Que á raza humana deshonran,
D'o mesmo inferno saídos*
(Curros, DS 101)
- h) *Pois ben; este Pedro de Veriis estaba facendo á cada paso remesas
de viño aa Rochela para a Inglaterra, Frandes e outros sitios.*
(López Ferreiro, Castelo 37)

Nos textos literarios do século XX xa non é tan raro acharmos exemplos de *ben* como marcador discursivo por si propio:

- (12) a) Don Miguel: *–¡Deixemos iso aparte!*
Antonio: *–Ben, deixémolo aparte... Facendo, digo eu, ise arremedo
de cadro, o don Miguel de don Miguel, poida que non se mova do seu
ser...*
(Dieste, AFV 52)
- b) *¿Que non che gusta a corbata que levo? Xa mo dixeste outro día.
¡Ben! Poreime a corbata que queiras. ¿Prefírela roxa?*
(Dieste, AFV 31)
- c) *–Pero, ademáis de concreto e detallado, ¿é ou non verdadeiro?
–Ben, atende –empezóu o Belga como esforzándose en presentarme
dunha maneira clara e sinxela un asunto máis ben entrambilicado–.
Ti non dudarás que esta noite te atopéi agardando por un autobús e
que agora estamos falando.*
(Gonsar, CTS 77)
- d) *–Non divagues, fai o favor. É moi importante o que che pregunto.
–Ben, non lín ningunha saga.*
(Gonsar, CTS 109)
- e) *–Ben, díganos ¿que opina vostede do chiquiteo? Ponlle o micro.
Paco olla para a cámara serio.
–Ben eu... o chiquiteo. Mira para o locutor: ¿O chiquiteo? Ollada
interrogadora.
–Si, aclara o presentador; o costume de tomar viños denantes de
xantar ou cear. O costume de andar de bares.
–Xa, xa, asinte coa testa Paco. Ben, eu... non sei, sempre me gustou
tomar uns viños a esta hora.*
(S. de Toro, CD 47)

Mais, sendo certo que *ben* pode en galego substituír en moitos casos o españolismo *bueno* como marcador discursivo,⁹⁴ tamén hai que ter en conta que ambos os marcadores non son equivalentes en todos os casos na lingua castelá. A este respecto, Fuentes (1993: 218-219) afirma que *bien* e *bueno* partillan contextos comúns como a resposta confirmativa, o valor continuativo ou o feito de apareceren ao inicio dunha resposta, mais tamén posúen unha diferenza destacada: en tanto que *ben* supón un valor de aceptación consciente e voluntaria, *bueno* supón unha condescendencia ou concesión, cun contido máis atenuado que o de *ben*, dentro do seu valor sémico orixinario de bondade; pode dicirse que con *bueno* o falante se acomoda aos desexos do outro interlocutor e con *ben* acepta sen máis. Nos seus usos como conectores, *bueno* é puramente continuativo ou, todo o máis, sinala o final dun tema e o paso a outro considerado máis importante, mais sen unha conexión estreita entre eles, e *ben* introduce unha conclusión após unha recapitulación anterior ou introduce o rema após a exposición do tema; aínda que tanto con *bueno* como con *ben* o segundo enunciado é o máis importante, con aquel non pasa de aí e con este é porque está ligado directamente a el por ser a súa consecuencia ou o que segue após a exposición das condicións previas. No uso continuativo ambos coinciden no contexto do diálogo, aparecendo ao inicio da resposta, mais *bueno* posúe simplemente valor continuativo e *ben* supón unha reordenación das ideas ou unha retomada consciente da pregunta para contestar; en tanto que *bueno* é un simple iniciador ou introdutor que resta violencia ao inicio, a se usar tamén como continuativo en calquera outra posición, non só na resposta, e tomando así mesmo valores como reformulativo⁹⁵ (explicativo, elemento retardatorio de pausa para pensar...) que non posúe *ben*, este pode utilizarse para pedir, de modo insistente ou apremiante, ao interlocutor que fale continuando algo anterior ou expresando as conclusións ou consecuencias. En síntese, para Fuentes (1993: 219) *bueno* está máis avanzado no seu proceso de gramaticalización, perdeu máis o seu contido

⁹⁴ Non parece ter *ben*, por exemplo, o valor de *bueno* para “exteriorizar el desacuerdo total” (Casado 1993: 40). Canto a *bem* en portugués, Scotti-Rosin (1984: 205) di que ten a función de “introdução de respostas e assim aparece muitas vezes quando um dá lugar a outro locutor ou no início de um novo pensamento”; canto a *bom*, di este mesmo autor que dá “início ao depoimento de um dos interlocutores e traduz normalmente hesitação e espera. Muitas vezes segue-se-lhe ainda uma pequena pausa que reforça a função retardante”. A respecto do inglés *well*, poden verse algúns usos no ámbito deportivo en Greasley (1994), onde tamén se acha unha introdución xeral sobre o emprego discursivo e conversacional desta palabra (Greasley 1994: 477-481); véxase así mesmo Watts (1989), Jucker (1993), De Fina (1997) e Calvo (2001).

⁹⁵ Briz (1993b: 46-47) considera *bueno* como un dos típicos reformuladores da conversación coloquial, dándolle os seguintes valores: (i) reformulador que explica, matiza ou corrixe o dito anteriormente, marcando ás veces a posición errónea ou a atenuación dun acto; (ii) reformulador que muda o tema ou que o recupera após unha precisión; (iii) reformulador argumentativo dentro dun movemento concesivo en combinación con *pero*, como preludio concesivo que anuncia a argumentación antiorientada posterior; e (iv) reformulador e reforzo ponderativo dunha conclusión argumentativa, moi próximo dunha exclamación.

sémico⁹⁶ e especializouse como conector fundamentalmente continuativo, con valores reformulativos do discurso; *ben*, polo contrario, semella posuír aínda certos trazos adverbiais e úsase após unha serie de elementos anteriores (ou un enunciado na pregunta), aceptándoos mais pedindo ou introducindo o que se segue diso, ben sexa a consecuencia, a resposta, a continuación dunha narración, ou o rema (o novo).

Existe, pois, un problema no galego: en tanto que *bueno* debe ser radicalmente rexeitado por espurio, un dos posíbeis substitutos, *ben*, non pode asumir algúns dos seus valores (aceptación simplemente condescendente ou resignada nas respostas, valor puramente continuativo como iniciador de resposta e en calquera outra posición, valores reformulativos). Faise, por tanto, preciso outro substituto que complemente os valores de *ben*. Neste sentido, en galego temos dúas formas para o adxectivo masculino singular, *bo* e *bon*. No século XIX a alternancia de *bon* / *bo* como adxectivo aínda se mantén nos textos escritos, con solucións diverxentes: en tanto que nos textos en prosa do Prerrexurdimento parece dominar o uso de *bo* (Mariño 2003: 178), no cancionero de Pérez Ballesteros hai predominancia da solución con consoante nasal (10 casos de *bon* e 6 exemplos de *bo*), de modo análogo a como é preferida por Curros Enríquez (López Varela 1998: 242), contemporáneo daquel. Outro coetáneo, Saco Arce (1868: 34), é consciente da existencia das dúas posibilidades, que recolle na súa gramática, mais a lle conceder unha certa preferencia ao resultado sen consoante nasal, segundo se desprende desta observación: “*Bô* viene de la forma latina *bono*, sincopada *boo*, contracta *bô*: la *a* de *boa* corresponde á la *o* perdida de *boo*. Dícese también *bon* en lugar de *bô*”. Tamén Cuveiro Piñol (1868: 9) repararía na existencia de *bon* e *bo*, aínda que proporcionándonos uns datos, baseados no español, en que se afirma existir unha distinción funcional a respecto das dúas variantes, cousa que non é certa na nosa lingua: “En *bueno*, así como en castellano se dice buen hombre, hombre bueno, en gallego *bon home*, *home boo* (o prolongada ó dos oes máis bien), de suerte que *bon*, aunque es lo mismo que *boo*, se tiene en cuenta su colocación”.

Os traballos gramaticais e lexicográficos precedentes non recollen o castelanismo *bueno* nin tampouco *bo* ou *bon* como marcadores discursivos,⁹⁷ como tamén acontece nos dicionarios e gramáticas actuais, no caso de *bueno* por se tratar dun evidente castelanismo e no de *bo/bon* por non ter asumido, posibelmente, eses valores, para alén do feito de este tipo de traballos non adoitaren recollelos, de todas as formas. O caso é que no galego moderno conviven as dúas formas *bon* e *bo* en distribución dialectal (Fernández Rei 1991: 45) como adxectivo, se ben as normas oficiais optaron pola segunda (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 82).

⁹⁶ Véxase Vilela (1999: 267): “quando no texto conversacional usamos *bom!*, nada tem a ver com ‘bondade’ do ‘bom’”.

⁹⁷ Véxase, por exemplo, Real Academia Gallega (1913: 331-332, s. v. “bon, boa”); ou Rodríguez González (1958: 360-361, s. v. “bo, boa”); en ambos se recollen múltiples valores desta forma lingüística, mais ningún fai referencia, nin tan sequera indirecta, á súa función de marcador discursivo.

Mais, como se dixo, talvez ningunha das dúas formas chegou a se gramaticalizar en galego como marcador discursivo pola incorporación para ese uso do españolismo correspondente, nun momento en que calquera incorporación lexical, ampliación semántica ou mudanza de significado estaba fortemente condicionada polo castelán. Sendo esta a situación, e dada a consagración de *bo* como adxectivo na norma, non semella desaconsellábel a recuperación de *bon* como marcador discursivo a complementar os usos de *ben* na lingua escrita (e tamén na oral canto posíbel), pois a forma *bo*, pola súa proximidade fónica da interxección *boh*, que posúe outros valores diferentes, non resulta a máis adecuada para substituír o castelanismo *bueno*. Así o teñen ensaiado xa, semella que con suceso, os escritores Blanco-Amor e Suso de Toro, por exemplo, nalgunha obra literaria, a combinar con *ben* e sen conseguir evitar, de todos os modos, o recurso ao castelanismo, que aínda perdura en obras de recente edición:

(13) a) *—Tes razón, craro que tes razón.*

—Bon, xa chega de divagar, ¿non che parece?

(Blanco-Amor, XL 258)

b) *—Bon, imos ao que importa. Fai tres días que facemos vez de noite*

(Blanco-Amor, XL 269)

c) *—¿Que outros temas abordan?*

—... bon, pois un pouco de todo. O outro día estábamos reunidos todos e saíu o tema da suba da gasolina [...].

—¿E díganos, síntese vosté cómodo neste establecemento?

—Ben. Naturalmente. E un ambiente acolledor.

(S. de Toro, CD 49)

d) *—Vale, di o outro, suspira e empeza. Empezou todo co de Casas o martes. Preguntámoslle e non soubo explicar por que o fixo. Bon, o tipo dixo literalmente “que se lle encheron as pelotas”. Suspirou outra vez, saca un pano e seca as mans. Xa sábe-lo historial de Casas, quince anos en plantilla, serio, temperado, pai de catro fillos... O ministro move dous dedos á maneira de tixeiras, para que abrevie. O outro segue.*

—Ben, dímoloo de baixa. O xoves no noticieiro do mediodía vai Ernesto e fai a súa. Dou unha explicación do tipo da do outro.

(S. de Toro, CD 70)

e) Casta: *—Eu non digo nada que denantes non dixera quen sabe máis ca min...*

Albito: *—¡Iso si que é ben certo...!* (Outro lóstrego seguido dun forte trebón irrómpelle o parlamento. Mira asustado e discúlpase)

¡Boeno...! (Tuse) *Quero dicir que iso, pouco máis ou menos, é o que facemos todos...*

(Taxes, CA 50)

f) *Pero seguen a preguntar, porque non o acaban de crer (son vostedes peor cós galegos do tópico), ‘pero ¿que vai pasar?’. Xa entendo, sei ben a qué se refiren.*

Bo, polo de agora temos que soportar unhas autoridades sen autoridade, as mesmas que causaron a desgraza e que permaneceron impasíbeis, esa administración a quen Nunca Máis xa sentou no banco dos imputados nun xulgado en Corcubión.

(S. de Toro, ET 108)

Tamén se ensaia, sobre todo após a última revisión normativa que consagra *bo* como adxectivo, con esta forma como marcador en (13f), mais neste caso o resultado non parece moi convincente.

En conclusión, *bueno*, e a súa variante *boeno*, é un castelanismo que penetrou no galego escrito no século XIX, primeiro como adxectivo, frecuentemente con valores enfáticos e/ou de respecto, e posteriormente con valores pragmático-discursivos, campo en que acabou por alcanzar unha grande frecuencia de uso. Eliminado en xeral da lingua escrita e da fala culta como adxectivo, pervive no entanto como marcador discursivo, sobre todo na oralidade.

4.3.2. Os adverbios e conectores *entón*, *daquela* e *(e) logo*

Outro marcador que ten diferentes funcións no texto e que presenta variantes formais, con posíbel interferencia do español no avance dalgunha delas, é *entón*, que convive con *daquela* e *(e) logo* tanto na expresión adverbial de tempo como no papel de marcador discursivo; curiosamente, as dúas últimas unidades penetraron como galeguismos no castelán utilizado na Galiza. Non parece difícil acharmos un vínculo entre todos os seus valores a partir do orixinario adverbial común, aínda que cada unha das formas teña a súa propia evolución na lingua.

Entón partilla os usos discursivos en galego cos que ten en español *entonces*, forma tamén usada por aquel. No galego medieval existían as formas *entō*, *entonce*, *estō*, *estonce* (Lorenzo 1975: 558-560) e tamén *antón*, *entonces*, *estonces* (Ferreiro 1999: 219); Huber (1986: 256) recolle *entom* (*enton*) e *entonce* entre os adverbios

de tempo da lingua antiga, mais tamén *enton* u como conxunción temporal (Huber 1986: 268), e Nunes (1989: 345) *entonce*, *estonce* e *entom* só como adverbios temporais. No galego medio achamos casos de *entón* (dous nas coplas de Sarmiento) e *entonces* (dous na poesía de Cornide), sempre con valor adverbial de tempo:

- (14) a) **Entòn** nosa dona
deceuse á pè quedo
do seu carricoche
(Sarmiento, C 181)

- b) **Entòn** toda à gente
que avia à milleiros
dixo “viva, viva
don Fernando Sexto!”
(Sarmiento, C 214)

- c) *solo me podo acordar,
dando ó acordo un sudor,
que Afectos de odio e amor
entonces ll’oín chamar.*
(SEI 175)

- d) *s’entonces viras saltar
un Domínguez no sobrado,
dijeras: “Hola, cuidado
qu’este fandangua ben!”*
(SEI 177)

No galego escrito moderno conviven as formas *entón*, *entonces*, *estonces*, *estoncias*, *estonzas* ou mesmo *destonces*, *destoncias* (García de Diego 1909: 148), presentes no século XIX e XX. Nos textos decimonónicos temos múltiples exemplos delas, con predominio de *estonces*, *entonces* e *entón*; Saco Arce (1868: 122) só recolle na súa gramática *entón* e *estonces* entre os adverbios de tempo, e Valladares (1970: 106) unicamente *entón*; o dicionario incompleto de Porto Rey (2000: 384), elaborado a fins do século XIX, xa recolle a entrada ‘entón’ cos dous valores, o de adverbio de tempo e o de conector consecutivo (“Siendo así, con tal motivo, en tal caso”). Aínda que non achamos ningunha destas formas n’A *Casamenteira*, na obra de Mirás, por exemplo, temos casos de *entonces* (6 ocorrencias) e da variante *estonces*, predominante con 39 ocorrencias. Véxanse só algúns exemplos:

- (15) a) *á muller que puxeche o meu lado,
con esa minjuada froita me brindou,
e entonces enjullin ese bocado
sin saber á rabecha que me dou*

(Mirás, CGG-C 67)

- b) *de modo que todo o mundo era un rio;
estonces si cos homes conoseron
os pecados que contra Dios fixeron.*

(Mirás, CGG-C 72)

- c) *–Destonces, bueno;
sendo roubado
culpa non teño*

(Losada, PO 176)

- d) *Arrecadei o meu faco,
pois o chan e moy barrento,
e entonces pidium’o corpo
botar un grolo, e boteino.*

(Losada, PO 180)

- e) *Destonces nosos páis eran dichosos
aunque estaban escasos de fortuna*

(Rodríguez González, FO 144)

Na obra poética de Curros (*Aires da miña terra* e *O Divino Sainete*), polo contrario, achamos un uso predominante de *entón* (27 ocorrencias), con 12 ocorrencias de *estonces* (e dúas de *destonces*) e ningunha de *entonces*. En *Cantares gallegos* de Rosalía só se rexistra a forma *estonces*, con 11 ocorrencias, tamén predominante n’A *tecedeira de Bonaval* con 36 ocorrencias, fronte ás 21 de *entonces*, as únicas que aparecen nesta obra. No cancionero de Pérez Ballesteros só se atesta a forma *entonces* en tres ocasións. Nun poema decimonónico de Noriega achamos a forma *destoncias* e mais *entón*, en tanto que en toda a súa obra aparece máis unha vez *entón* e outra vez *entonces*, nalgún caso con valor consecutivo, como tamén acontece nun exemplo tirado de López Ferreiro e en varios de Fernández y Morales e de Eladio Rodríguez:

- (16) a) *–Faigo ben, pol-o d’oxe sonche solteira.
–Pois destoncias bailemol-a muiñeira*

(Noriega, RU 12)

- b) *Y-ô chegarlle **entón** a ves*
–Un qu'abofé n'era manco–
Sin folguexar deume trés
 (Noriega, *RU* 15)
- c) *–¿Y **entonces** tú d'os seus morros*
toda a mel q'êles manaban
pudiche beber? –A chorros.
 (Fernández y Morales, *EP* 162)
- d) *–**Entonces** deixa os cantroxos,*
póis eu son eu, tua Rosario.
 (Fernández y Morales, *EP* 271)
- e) *–Veño, chea d'esconsolo,*
buscando unha caridade.....
*–¿Y-**entón** no lugar non houbo*
nin xiquera unha presoa
que lle atendese os seus rogos?
[...]
*Espere **entonces** un pouco*
e unha bica lle daremos
 (Rodríguez González, *FO* 213-214)
- f) *–E verdá; mais si esto nos ha de pasar diario, logo quedaremos ispidas.*
*–Pois **entonces** debeu ser algún trasno que se quixo rír de vos.*
Siquera deixáravos outra roupa; como non lla queirades perdonar!
 (López Ferreiro, *Castelo* 101)

Por tanto, aínda que na maior parte dos exemplos que aparecen nos textos decimonónicos, así como nos dos séculos escuros, o valor desta partícula é adverbial de tempo, tamén aparece no XIX con valor consecutivo, como se ve nos exemplos de (16), nalgúns casos precedido de *pois* (16a, 16f), o que parece confirmar que foi a partir do seu valor adverbial como desenvolveu funcións discursivas de conector consecutivo, transcategorización que se axusta ás características propostas por Traugott⁹⁸ para a creación dun marcador discursivo, seguindo o seguinte proceso:

⁹⁸ Son varios os traballos desta autora en que trata sobre os procesos de gramaticalización que permiten a conversión dun adverbio en marcador discursivo; poden verse Traugott (1989), Traugott & Heine (1991), Traugott & König (1991), Hopper & Traugott (1993), Traugott (1995) ou Traugott & Dasher (2002: 152-189). Véxase tamén Hopper (1991).

Adverbio > Adverbio de frase > Marcador discursivo. Tal proceso comprende os seguintes pasos, segundo Pons (1998a: 164): (i) transcategorización, neste caso paso de adverbio a conxunción; (ii) fixación dos seus constituíntes, etapa neste ocasión producida no latín (IN + TUNCE, EX + TUNCE); (iii) redución fonolóxica, de *entonce(s)*, *estonce(s)* a *entón*, aínda que non de forma sistemática; (iv) xeneralización do significado, entendido como creación de polisemias, hipótese manexada para o desenvolvemento dos usos conxuntivos; (v) acrecentamento de funcións pragmáticas, que van do concreto e referencial ao abstracto e non referencial, como é o caso dos valores textuais ou anafóricos de *entón*; e (vi) subxectivización, pois pon de manifesto a actitude do falante en expresións modais como *pois entón!* ou en oracións interrogativas para pedir unha aclaración de algo que non concorda co que di outra persoa.⁹⁹

Nos textos do século XX proliferan todas as variantes formais que se acaban de citar, tanto con valor adverbial como consecutivo, se ben que a medida que se vai fixando un modelo máis ou menos estendido de lingua escrita só as formas *entonces* e sobre todo *entón* prevalecerán:

- (17) a) ***Entonces** dixo o home que o mellor era que fixera unha torta de millo*
 (CLU 116)
- b) *Se non vos falase nin por alí aparecese, **entonces**, son-o eu. Pero se vos falase ou por alí estivese, d'**estonces** ¡que me léve o demo si sei quén son!*
 (G. Barros, *CT* 59)
- c) *–Non, ho. Esa pódela comer a confianza.*
*–**Entonces** eu tamén podo comer un touciño que deixei entre os dentes da grade.*
 (CLU 79)
- d) ***Entón** o tío Xan discurrío pra ver si o Xorxe se asustaba e non volvía ás súas [...]*
*Xan tardou unhos días en volver. **Entón**, unha noite de luar, encamiñouse á sua finca pra ver os seus árbores, e, ao chegar cerca, oíu un ruído que o deixou sin alento.*
 (CLU 126)

⁹⁹ En relación con isto, Franco (1990), a partir de exemplos como *Então gosta deste quarto?* ou *Então como foram essas férias?*, afirma que a partícula modal “*então* parece-me ter-se especializado para sobretudo exprimir o interesse, por parte de quem interroga, pela resposta à pergunta”.

- e) *–Entón penséi que tiña que ser un castigo –seguíu o Belga–. Alguén castigárame con esas impresións falsas.*

(Gonsar, CTS 79)

As gramáticas do XX tenden a recoller principalmente *entón* como adverbio de tempo (Lugrís 1931: 74), talvez por diferencialismo, se ben Carré (1967: 119) tamén cita *estonces*. Canto aos traballos dialectais do último terzo do século XX, Couceiro (1976: 131) e Taboada (1979: 162) dan conta de *entonces* na fala de Feás e do Val de Verín, respectivamente, Fernández González (1981: 145) menciona as formas *estonces*, *entonces*, *entonces* e *estonces* nos Ancares de León, e Frías (1999: 79) rexistra *estonces*, *entonces*, *entós* e *estonces* entre os adverbios de tempo do galego exterior; por súa parte, Porto Dapena (1977: 207) non cita esta forma entre os adverbios de tempo utilizados na comarca ferrolá, aínda que si *daquela*, que traduce para o español por ‘entonces’; en ningún destes traballos se inclúe *entón* ou as súas variantes entre as conxuncións, como tamén acontece nas gramáticas de Carré (1967: 125-126), de Carballo (1979: 256-259) e de Álvarez, Regueira & Monteagudo (1986: 531); si figura por primeira vez nunha gramática galega como conxunción *entón*, xunto con *daquela*, en Costa *et alii* (1988: 303).

Aínda que as normas oficiais do galego viñan recollendo, desde 1982, as formas *entón* e *entonces* como válidas, na revisión aprobada en 2003 pola Real Academia Galega suprimíuse a segunda por desnecesaria (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 175), tendo en conta tamén o criterio diferencialista. Sendo certo que as dúas están plenamente vivas no galego actual e que teñen un uso histórico claramente documentado, o que non resulta fácil é discernir se o alto rendemento de *entonces* no galego moderno se debe ou non ao feito de ser unha forma coincidente co español. Perante a dúbida razoábel, non semella unha má opción a súa eliminación do modelo culto de lingua.

Podemos falar, pois, dun *entón* adverbial, que como adverbio de pasado é parafraseábel por *nese momento* ou *naquela época* e determina un verbo que está en pasado (véxase o exemplo 17a), e dun *entón* conector con varios valores:¹⁰⁰

- a) temporal reorientador, con certo carácter aditivo e de posterioridade, parafraseábel por ‘e ademais’, ‘despois do que dixer e a continuar co que dicía ou facía’, ‘agora podo dicir que’, cuxa principal característica é a súa capacidade reorientativa (véxase 17b).
- b) temporal enfatizador, tamén con certo sentido aditivo e de posterioridade, parafraseábel por ‘e despois’ e ‘e alén diso’, que ten como funcións principais dar

¹⁰⁰ De acordo con Oller (2000), a se basear nos valores da forma catalá *llavors*.

énfase e expresividade ao valor temporal de inmediatez que mostran dous feitos consecutivos no tempo, facendo a narración máis presente e partillábel polos demais parceiros, e manter o fío do discurso e o turno de palabra (véxase 17d).

- c) valor consecutivo argumentador, que pode ser: (i) non polifónico, que se dá no monólogo e forma parte dun proceso argumental, gozando de certa liberdade posicional e permitindo levar a cabo unha argumentación coorientada e introducir conclusións (véxase 16e), ou (ii) polifónico diacrónico, que ocupa a posición inicial e pretende reportar, explicar ou reflectir un diálogo anterior á interacción, mostrando o confronto de dous argumentos de carácter implícito diferentes que se utilizan para chegar a unha mesma conclusión (véxase 17e).
- d) valor consecutivo atenuador: polo feito de remitir ao discurso anterior do interlocutor, este valor prodúcese no diálogo e na discusión ou argumentación, presentando coorientación argumentativa e un argumento implícito (ou explícito) que coincide parcialmente coa idea ou o discurso citado; os actos ilocutivos introducidos por este *entón* poden ser de dous tipos: (i) unha contestación, máis en concreto, unha aserción con carácter conclusivo, aínda conservando certo matiz apelativo (véxase 16d), e (ii) unha exhortación, en concreto, unha pregunta que sempre ten un carácter asertivo e conclusivo (véxase 16c); semella que en ambos os casos se realiza unha aserción e unha apelación ao mesmo tempo; a función principal do uso polifónico sincrónico de *entón* é mostrar cortesía na medida en que o falante se interesa pola opinión do interlocutor e está de acordo, aínda que sexa parcialmente, con ela, formando parte, pois, *entón* dos mecanismos lingüísticos que contribúen a crear cortesía asertiva ou atenuación das propias asercións.

A modo de conclusión, Oller (2000: 646) sintetiza en catro as características comúns entre o uso polifónico sincrónico de *entón* e o seu uso polifónico diacrónico: (i) presentan coorientación argumentativa, (ii) introducen unha conclusión sempre explícita, aínda que o argumento pode ser explícito ou implícito, (iii) introducen unha constatación, se ben que o uso sincrónico tamén introduce unha pregunta ou apelación de carácter asertivo, e (iv) teñen un valor conclusivo, consecutivo e condicional.

Existe así mesmo outro marcador discursivo en galego que pode substituír *entón*; trátase de *daquela*, que curiosamente tamén se adoita empregar, baixo a forma *de aquela*, no castelán falado na Galiza con similares valores; nos Ancares de León, no canto da forma feminina, Fernández González (1981: 145) rexistra a masculina *d’aquel*, que traduce por ‘entonces’ e no galego exterior Frías (1999: 79) cita *daquelha* ao lado de *daquela* entre os adverbios de tempo. A partir da preposición *de* + o pronome demostrativo *aquela* xerouse esta forma, que presenta dous valo-

res principais: o primeiro consiste en ser equivalente a un adverbio de tempo, tipo *entón*, ou a unha fórmula que funcione como tal, como ‘naquela época’, ‘na altura’ etc;¹⁰¹ noutras ocasións, no canto de se comportar como un elemento adverbial de tempo, desempeña funcións de conxunción consecutiva, e presenta, deste modo, uns valores que fican moi preto dos das formas *pois*, *por tanto* ou *entón* con significado consecutivo. É de salientarmos o paralelismo sintáctico e semántico existente entre *entón* e *daquela*, xa que ambos poden comportarse quer como adverbios de tempo, quer como conectores de valor consecutivo, sendo intercambiábeis nos dous casos. Con todo, afástanse no momento de se substantivaren, xa que non se pode empregar **aquela daquela* e si, en confronto, *aquel entón*. Taboada (1979: 162), ao tratar dos adverbios de tempo no Val de Verín, afirma que “*entonces* y *daquela* se refieren tanto al pasado como al futuro”, en tanto que Couceiro (1976: 132) sitúa *daquela* como indicador dun tempo pasado na fala de Feás.

En contra do que acontece cos demais adverbios de tempo relativos ou referentes, que se documentan “desde os primeiros momentos do galego-portugués” (Ferreiro 1999: 356), *daquela* é de aparición serodia como tal, e talvez máis aínda como conector consecutivo; ningunha gramática decimonónica a recolle entre os adverbios nin entre as conxuncións, a non ser Saco (1868: 127) ao falar de “modos adverbiales formados elípticamente de adxetivos que llevan sobreentendido el sustantivo con quien conciertan”, como *por unha (maneira)*, *d’unha (parte)*... *d’outra (parte)*, *d’a primeira (vez)* e “*D’aquela* (sobreentiende *vez*) entonces”. De todas as formas, co mesmo valor de *entón*, como adverbio de tempo, a contracción da preposición *de* máis o demostrativo *aquela* non a achamos documentada nos textos do galego medio, mais xa aparece no século XIX, pois Pérez Ballesteros, compilador do cantar que figura como exemplo (18a), única vez en que aparece esta forma con valor adverbial na obra, afirma en nota a rodapé, repetindo case exactamente as palabras de Saco antecitadas: “*D’aquela* quiere decir *entonces*; se sobreentiende la palabra *vez*. Hay en gallego bastantes modos adverbiales, formados elípticamente, que llevan sobreentendido el sustantivo con quien conciertan”; véxanse este e outros exemplos decimonónicos en que *daquela* funciona como adverbio temporal:

- (18) a) *Cando a lebre diga misa*
e o raposo sea frade
d’aquela, meu queridiño,
que nosa amista s’acabe.

(CPG I, 10)

¹⁰¹ Obsérvese que nunha boa parte das expresións equivalentes se volta a achar frecuentemente un demostrativo de terceira persoa ou, con menos presenza, de segunda (*naqueles tempos*, *naquelas datas*, *por aquel tempo* etc.; *neses tempos*, *nesas datas*, *por ese tempo*).

- b) *Dendes daquela, sempre sofrindo,*
o doce sono
non conocín

(Pondal, *QP* 46)

- c) *E que foron crudísimos reveses*
Que sufriron daquela os portugueses.

(Vaamonde, *COA* 40)

- d) *E fíjase en Venus*
Que doce sorrí.
Daquela suspira;
Despois dí a Cupido

(Vaamonde, *COA* 104)

- e) *E pensou... pensou nos ceos*
a onde as almas libres van;
daquela repinicaban
as campanas de Amiudal

(Lamas Carvajal, *PG* 397)

- f) *Mais minte que fulana ten ou tivo*
non sei que aquela que non fai favore:
daquela danche crêto, é positivo....
e rola a sona e se murcha o honore.

(Carré, *RA* 19)

- g) *Se hoxe, cal daquela, á man armada,*
diante as muralas da cibdade invicta,
ousados veñen, á cobral-a deuda

(Carré, *RA* 30)

- h) *Daquela érate eu señora!...*
Pois, cal te quero, meu ben,
Arçebispa ou labradora,
Me querrás á min tamén!...

(Camino, *PG* 59)

- i) *Daquela atopándose sô o bon do xastre enchía a boca ó mais que*
podía para engullir ó que tiña no prato

(Carré, *RA* 86)

Son moi raros, de todas as formas, os usos de *daquela* como adverbio nos textos decimonónicos e non demos con ningún en que funcione claramente como conector consecutivo. Parece moi lóxico deducir que, tal como afirmaba Pérez Ballesteros, a partir da elisión do substantivo na secuencia temporal *daquela vez* esta forma contracta foi adquirindo plenas funcións como adverbio de tempo equivalente a *entón*, para acabar tamén por asumir os valores de conector consecutivo deste, a se converter con ambos os valores nunha fórmula de uso “frecuentísimo” (Ferreiro 1999: 356) no galego actual. Afirmar ao respecto Carballo (1979: 303): “*Daquela* ‘entonces’ ya se siente hoy como una palabra de tipo adverbial. De la idea de sucesión temporal se pasa a la de causalidad, y así *daquela*, como ‘entonces’, puede convertirse en locución consecutiva”. No entanto, Porto Dapena (1977: 164), a se basear no galego falado en Ferrolterra, afirma que a “forma femenina *aquela* precedida por *de* (*daquela*) se usa con el sentido de ‘entonces, en aquel momento’; nunca como conjunción consecutiva, como ocurre, por ejemplo, en la zona de Puente deume”. Carré (1967: 172), por súa parte, xa destacara a construción *¡E pois daquela!*, co valor de ‘por que non?’, ‘que ten de estraño?’, ‘naturalmente’.

De todos os modos, a primeira obra de carácter lingüístico no século XX que recolle *daquela* como adverbio de tempo é a de García de Diego (1909: 149), que cita “*d’aquela* ‘por entonces’” e “*dende aquela* ‘desde entonces’”; posteriormente, LUGRÍS FREIRE (1931: 74) afirma na súa gramática: “*Daquela*, equivalente a *entón*, é moi usada nas Mariñas de Betanzos e n-unha gran parte da provincia da Cruña”; mais non a cita entre as conxuncións. Tamén a recolle a gramática de Carré (1967: 119) entre os adverbios de tempo. Nos textos literarios do século XX achamos exemplos cos dous valores, mais con predominio do adverbial, aínda que talvez o seu uso na escrita non se corresponda co que ten na fala:¹⁰²

- (19) a) “... sandiós!”, *seguíu a falare, coma se non nos tivese ouvido*. “*Ponte eí; déixame vela outro pouco*”.

– “*Daquela* eu tamén quero ver o que é iso...”

(Blanco-Amor, AE 43)

- b) *Logo, daquela, tente domiñado. Pois sí que é moito caso...*

(Blanco-Amor, AE 27)

- c) *Non fagades que chore sobre uns fillos desleigados que non quixeron defendela. Porque, d’aquela, non soio seredes escravos, senon que, ademais, merecedes selo.*

(G. Barros, CPT 186)

¹⁰² Por exemplo, n’*Os probes de Deus* de Amado Carballo só aparecen dúas ocorrencias, en tanto que en *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar non se rexistra tal forma, así como tampouco se atesta n’*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao.

- d) *Eu coidaba que non había máis alá, até que fun ao servicio do rei e soupen que moi lonxe había guerra cos mouros rifeños... Daquela era aínda rapás e asombrábame de todo.*

(Amado Carballo, OPV 34)

- e) *Daquela, furando o silencio, esbarando mainamente encol das tebras molladas da lúa, soaba lonxana a risa branca da gaita, tecendo soias irraes de sonoridades garimosas.*

(Amado Carballo, OPV 50)

- f) *E daquela que o santo houbo ben acougado, marchou monte abaixo a axionllarse carón da tomba do Apóstol Sant-Iago, patrón da terra galega*

(Amado Carballo, OPV 69).

En (19b) mesmo se combina con *logo*, a actuaren ambos como conectores consecutivos encadeados. Rexístase, por outra parte, algún uso minoritario de *daquela* que non corresponde ao adverbio *entón*, mais á locución adverbial de tempo *despois de* (19f), sendo moi posíbel que este exemplo, non obstante, estea máis relacionado coa vontade de estilo do autor do que cos usos habituais da citada partícula, se temos presente a escaseza de mostras de *daquela* con tal sentido.

A frecuencia do seu uso na actualidade, cando menos no plano oral, ponse tamén en evidencia polo feito da súa penetración no castelán falado na Galiza. No *ALGa* rexístrase a presenza de *daquela* como conxunción por todo o territorio galego, aínda que fundamentalmente concentrado na parte sudoccidental do país, ao lado dalgún punto moi esporádico de *daquelas* no galego centro-oriental (Instituto da Lingua Galega 1995: 404). Mais convén tamén deixar constancia de que Álvarez Giménez (1909) non cita a interferencia *daquela* / *de aquela* entre os defectos da lingua castelá falada na Galiza, cando si dá conta do caso de *y luego*, o que podería ser un indicio de que a interferencia non se producira aínda ou era incipiente a principios do século XX; tamén pode confirmar esta impresión o feito de que na obra da autora galega Emilia Pardo Bazán, que escribe nun castelán inzado de galeguismos, non se rexistre este caso (González & Soto 2000, Varela Cabezas 1997). Diremos, por tanto, que a extensión do uso do galeguismo *de aquella* no castelán se debeu de producir ao longo do século XX. A este respecto, Porto Dapena (1977: 164, nota 21) afirma que no galego de Ferrolterra mesmo “algunos, hablando castellano, dicen *de aquella* en lugar de *entonces*”, dedución que podería ser aplicada, seguramente, á totalidade da Galiza lingüística, en que persoas que adoito empregan as dúas linguas presentan esta interferencia gramatical nos seus hábitos orais cotiáns.¹⁰³

¹⁰³ Este fenómeno tamén se traslada ocasionalmente á escrita: *De aquélla, cuando don Camilo competía electoralmente con el Benegá y en ocasiones se enzarzaba con Xosé Manuel Beiras en ácidos debates*: (*El Correo Gallego*, 20/7/2004, p. 13).

Para alén de *daquela* / *de aquella*, tamén existen casos entre os marcadores discursivos en que algunhas formas galegas ou usos lingüísticos do galego se introduci-ron no castelán; un dos máis relevantes é precisamente o de ***e logo***, traducido para o español como *y luego*, mais a conservar os valores discursivos que posúe en galego. De tal uso xa deixa constancia Saco (1868: 192): “Nada mas comun que la pregunta *¿Y luego?* en las conversaciones entre nuestros paisanos, aun sirviéndose del castellano”; estas palabras sérvenlles a Vázquez & Fernández (1996) de punto de partida para o estudo deste marcador como un caso de interferencia lingüística. No galego medio non achamos exemplos de gramaticalización de *e logo* como marcador discursivo, mais si contextos onde a concorrencia das dúas partículas debeu servir de base para esa posterior gramaticalización, como tamén con relativa frecuencia ocorría na época medieval:

- (20) a) *—Certo —disse o cavaleiro— ele non fez cousa nenhũa senão que me tocou **e logo** fui são.*

(PLM 26)

- b) *E quando o romeu esto oíu, quisolhe beijar os pees **e logo** entón o moi honrado Apóstolo fui-se d'ante os seus olhos.*

(PLM 260)

- c) ***E logo** lles preguntei
a donde este Homero estaba;
mandáronme a Compostela
i as estrelas ja raiaban.*

(SEI 47)

- d) *Mingo, dai outra volteta
máis enriba e máis perfeita,
e logo uma çapateta
que a sola faga estalar.*

(SEI 79)

- e) ***E logo** seguian
soldados arrèu,
todos á cabalo,
é todos ben feitos.*

(Sarmiento, C 164)

- f) *Sabe chamuscalos
con fentiños secos*

***e logo** os raspa
con o seu cuielo.*

(Sarmiento, C 320)

Nestes casos *e* conserva o valor de nexo copulativo e *logo* de adverbio de tempo con valor de posterioridade. Como a consecuencia é posterior ao antecedente, non resulta difícil explicar o paso do valor adverbial ao de conector consecutivo. En (21a) e (21c), exemplos tirados de textos do XVIII, *logo* combina con *pois* e reforza o valor consecutivo deste, sen descartar tampouco o carácter adverbial que está presente en (21b):

- (21) a) *Fareim-has, **pois, logo**,
côs ringrons pequenos,
enxemplo das outras
que cantan os nenos.*

(Sarmiento, C 129)

- b) ***Logo** catro viñan,
señores ben feitos,
que con seus ropages
me puxeron medo.*

(Sarmiento, C 202)

- c) *Ainda, **pois, logo**,
todavía crèu
que me èin de expicare
acà ao meu geito.*

(Sarmiento, C 278)

Xa achamos exemplos de *e logo* como marcador discursivo desde os primeiros textos escritos do século XIX:

- (22) a) *¿**E logo** ti inda estás neso? desde á salida de Portugal hasta chegar cerca de Lugo donde lles volveron á pasar revista, faltaronlles mais de tres mil homes ¿considera ò camiño que levarian!*

(Fernández y Neira, PRG 50)

- b) Farr. *Vaya: seica se compuxêron que veñen en compañía....*
Bart. *¿**E logo** foi con el á consilasion?*

(DA 2)

- c) *¿conque non tivo el á culpa de que chegasen aco e? ¿e logo como pasaron por diante del en Lugo é non lles dixo nada? [...] ¡Ay que xûncras!!!! ¿E logo pra que corrian coma á un xíbaleu á ó Auntamento con elas?*

(DA 3)

- d) Catuxa: **E lojo** como ó Gobierno os ten no canto?

Farruco: *Por que ó Gobierno no no sabe todo.*

(TP 3)

- e) *–Serviríante de engorros os dentes? –Non me estorbaban. –E logo? –Como a lenguiña sacóu pra falar-me a min y os dentes con ela tiña tapáos, d’ela bebin toda a mel c’a lingua miña.*

(Fernández y Morales, EP 162)

- f) *–Vaya con Dios, xa llo dixen, non me turre pol-o xenio, que estóu de frema moi mala y-encomodarme non quero. –E logo, algunha cousiña, ¿non terá pra min de xeito?*

(Rodríguez González, FO 210)

A multifuncionalidade e frecuencia de uso deste marcador discursivo no galego do século XIX propiciou que se trasladase, convenientemente traducido por *y luego*, para o castelán falado na Galiza da altura, ‘defecto’ xa sinalado por Álvarez Giménez (1909: 77): “A veces á una pregunta se contesta con esta frase: *Y luego?* Es la traducción de la gallega: *Y logo?* En castellano equivale á SI, DESDE LUEGO, ES CLARO, ¿QUÉ HE DE HACER? NO HAY DUDA, REMEDIO, etc.” Isto vén a demostrar que a súa frecuencia de uso na lingua oral debía de ser moi alta. O seguinte exemplo decimonónico mostra a equivalencia con *e entón*:

- (23) *–E logo o gando que coidas, ¿de quién é, miña rosiña, –É dos veciños do pobo que me dán a limosniña*

dendes que lle quedéi orfa cando inda era pequechiña. –Y-estonces os teus papáis morréronche tan axiña?

(Rodríguez González, FO 231)

Nos textos literarios do século XX, sobre todo se se trata de textos dialogados de carácter popular, áchanse numerosos exemplos do marcador galego *e logo*:

- (24) a) *–¡Hai que ver como s’entende isto –dixo–, porque alguns índa non-o porbaron!*

–¿E logo? ¿Quedou algún por ahí? –díxolle Pepe.

–Eu, pol-o menos.

(G. Barros, CT 159)

- b) *–Pois eu sentiríache moito que non-o houbera.*

–¿E logo, Xexé?

–Sentirei moito que non-o haxa, porque, vel-aquí, ho ¡A miña Xuaniñaaa...! tén-o moi merecido!

(G. Barros, CT 255)

- c) *Vostede qué di? E logo non é certo que os boticarios compoñen feitizos de namorar? I entón xa non hai remedio para a miña doenza?*

(Castelao, Vello 22)

- d) *Daquela, chamineas, namais que as tiñan as retorales e os pazos dos señores, que miudeaban polo val ullan. O Calriños andaba pola eira a pedradas cos paxaros que lle piscoteaban o millo por antre as varas do cabaceiro. E chegou un veciño:*

–E logo, Calriños, seica estamos de folganza.

–Si, que, hoxe non houbo escola.

(G. Barros, CPT 108)

- e) *–¿Perdiches as forzas?*

–Perdín.

–E logo, ¿qué máis avisos querías?

(CLU 15)

- f) Micaela: *–Agora non llo dou. Agora non. Teño moita vergonza.*
 Don Ramón: *–E logo...? cándo...? Cándo mo vas a dar?*
 (Castelao, Vello 154)
- g) Doña Balbina: *–¿Qué lle qués? Déixao ir: ¿Ou vai en serio o de lle dal-o traxe?*
 Don Miguel: *–En serio. ¿E logo?*
 (Dieste, AFV 49)
- h) *I, ao outro día, puñéronse a comer papas. O bobo coméu sete tazas i o xigante catorce, e díxolle o bobo:*
–¿Habemos comer máis?
E díxolle o xigante:
–¿E logo? A mín aínda non me chegan a nada.
 (CLU 76)
- i) *–¿Anda, coña, faite de novas ti tamén! Ben te conezo, que eres o da Raxada... ¿pro pra qué andas co ises? ¿E logo non sabes que íse –dixo acenando pra o Bocas– deixóu onte un home por morto na taberna do Chaguazoso? ¿Non sabes, non? Non me fagas falar...*
 (Blanco-Amor, AE 80)
- l) Matapitos: *–Estaba, sí, señor.*
 Don Miguel: *–E logo ¿cómo non lle deixaste o traxe?*
 Matapitos: *–Díxome que non o quería.*
 (Dieste, AFV 42)
- m) *–¿Os rapaces sodel-o demo! De modo que eu non vexo mais que dous pecados: un roubal-as pedras e outro a mentira de negar que quei-machel-os toxos, porque, con malicia non-o farias.*
–¿Non señor, pero, e logo, o do forno!
–N'eso non vexo que haxa pecado.
 (G. Barros, CT 61)

A frecuencia de uso e a variedade de funcións da secuencia *e logo* en galego ponse tamén en evidencia cando se intenta reproducir, con afán burlesco, o castrapo falado por persoas galegas iletradas:

- (25) *Escoitade como fala Xaquín Taboada, soldado de caballería, que véu con permiso a pasar aquí as Navidás.*
“–Pues... así son las cosas; allí no es como aquí que calisqueira es hombre, allí estamos reunidos, quier decirse, axuntados todo el reguimiento y dice el sargento ¡Compañía! y ya naide rebole, y alujejo dice ¡firmes! y todos nos quedamos quietos enriba de los pies sin levantar siquiera los ojos; así son las cosas; y alujejo los caballos, qu'inda bien non oyen la corneta ya pegan unos brincos [...]. Así son las cosas; y alujejo no se ponja usted a hablar jallejo porque le hacen la burla y se ríen d'osté. Yo de prencipio me costó trabago deprender a hablar pero me acostumbré y ahora el jallejo cuasi se me ha esquecido. Así son las cosas. Y alujejo lo limpiados que nos hacen andar a todos [...].”

(G. Barros, CT 34-35)

Distinguen Vázquez & Fernández o uso de *y luego* como marcador discursivo no español falado na Galiza en unidades dialogais e en unidades monologais; nos diálogos atribúenlle cinco usos discursivos en preguntas, que se corresponden cos de *e logo*: (i) introdutor dunha demanda de explicación (24b), (ii) introdutor dunha suxestión (24i), (iii) introdutor dunha demanda de confirmación (24c), (iv) introdutor de enunciados contraargumentativos (24l) e (v) tematizador (24m); en respostas o seu valor será o de expresar acordo co interlocutor, a confirmar o seu enunciado como algo obvio e equivalendo a ‘claro’ ou ‘evidentemente’, que o poden parafrasear (24g); nos monólogos sérvelle ao falante para reafirmar con énfase o enunciado emitido previamente (Vázquez & Fernández 1996: 722-733).

En síntese, parece claro que tanto no caso de *entón* como *daquela* e *(e) logo* se produciu, aínda que en diferentes momentos históricos e de acordo tamén coa súa orixe etimolóxica, un proceso de gramaticalización como marcadores discursivos desde o valor adverbial temporal. Como marcadores, o seu valor básico é de conectores consecutivos, facilmente explicábel desde o valor adverbial de tempo, aínda que dese carácter consecutivo poidan derivar outros valores dalgunha maneira asociados a el.

4.3.3. Marcadores de procedencia verbal

No grupo dos marcadores discursivos que teñen a súa orixe en formas verbais, algúns dos cales poden funcionar como reformuladores, tamén se dan casos de interferencia ou mesmo de adopción directa da fórmula utilizada no español, máis ou menos adaptada ao galego nalgún caso e noutros sen ningunha modificación. Veremos o caso de *vamos (a) ver, a ver* e *vamos*, por unha parte, que poderían ofrecer algunha dúbida canto á autoctonía ou posibilidade de interferencia, e de refor-

muladores explicativos como *ou sexa e é dicir*, por outra parte, que por veces se utilizan en galego coa forma castellanizada.¹⁰⁴ Aínda se podería tomar en consideración o caso de *se/si queres*, talvez decalque do marcador gramaticalizado de cortesía en español *si quieres* (Chodorowska-Pilch 2001).

De todos estes marcadores discursivos, teñen unha alta rendibilidade os que están contidos na expresión *vamos (a) ver*, que poden ser a propia expresión no seu conxunto, o primeiro elemento (*vamos*) ou a segunda parte (*a ver*). A primeira no castelán procede da construción perifrástica con valor de futuridade inmediata *vamos a ver* (Montolío & Unamuno 2000: 605), que presenta, por unha parte, esa preposición *a* como elemento de enlace entre o verbo auxiliar e o verbo auxiliado, xeralmente rexeitada en galego por castelanismo, e, por outra, contén a forma *vamos*, susceptible de ser interpretada como primeira persoa de plural do presente de indicativo ou como imperativo; se este feito talvez non ten demasiada importancia no español, si a ten para o galego, pois no primeiro caso podería tratarse doutro castelanismo, en canto que como imperativo pode considerarse forma galega, de modo que sería suficiente con que á forma perifrástica castelá lle suprimísemos o elemento de enlace para obtermos unha construción gramatical en galego (*vamos ver*). Ora ben, Montolío & Unamuno (2000: 606) parecen inclinarse polo presente de indicativo, pois, ao resaltaren o valor fático que tal construción partilla con *mira/mire*, din que esta deriva da forma imperativa e *vamos* “de la primera persona del plural”, que achega un valor ‘empatizador’ por incluír simultaneamente emisor e interlocutor, valor “del que carecen los imperativos”. De isto ser así, tamén *vamos ver* podería ser considerada unha forma de interferencia e, por tanto, desbotada como marcador discursivo en galego. Este razoamento veríase reforzado no caso de o marcador castelán *vamos a ver* ser unha variante formal do marcador *a ver*, como afirman Montolío & Unamuno (2000: 606), para quen “ambos marcadores parecen compartir los mismos valores semántico-pragmáticos”. Se *vamos a ver* fose un castelanismo pola presenza, cando menos, de *a*, e *a ver* proviñese en castelán de *vamos a ver*, con desaparición de *vamos*, *a ver* sería tamén un castelanismo en galego como marcador discursivo e *vamos ver* podería selo polo uso de *vamos* como primeira persoa do presente de indicativo.

Para se converter (*vamos*) *a ver* en marcador discursivo tivo de pasar por un proceso de gramaticalización que supuxo unha recategorización como tal desde a categoría verbal, feito que implica mudanzas morfolóxicas (perda de capacidade de fle-

¹⁰⁴ Fernández Bernárdez (2000) trata tamén *quiero decir* como marcador discursivo en español, que adoitaba utilizarse castellanizado en galego como *quero decir*. Sobre o marcador *o sea* en español, e outros reformuladores, véxase Casado (1991 e 1996), Schwenter (1996) ou Galán (1998); para os reformuladores en catalán véxase Bach (2000), e en francés e italiano Rossari (1997); desde a óptica do inglés véxase, por exemplo, Murillo (2000) ou Blakemore (1996); con relación a outros aspectos da reformulación pode verse Turell & Corcoll (2000) e Fuentes (1993a).

xión), sintácticas (non pode haber suxeito nin complementos), semánticas (debilitamento do significado lexical) e suprasegmentais (pasa a constituír unha unidade entoativa autónoma); aínda así, este marcador continúa a manter certo valor prospectivo, orientando a atención do interlocutor cara ao segmento informativo que o segue. Exista ou non interferencia do castelán, o caso é que xa no galego escrito decimonónico achamos exemplos de *vamos a ver*, *a ver* e *vamos*, uns gramaticalizados como marcadores discursivos e outros non, sendo moi probábel que a partir destes últimos se iniciase o proceso de gramaticalización. Alén dun caso de *a ver* non gramaticalizado no galego medio (26a), no século decimonónico rexístranse ambas as casuísticas, aínda que cun índice de ocorrencia moi baixo:

- (26) a) *Esto achei en Compostela,
e vólvome á miña casa,
a ver si acho o chicolate
para bordón das cabaças.*

(SEI 49)

- b) *—A ver di logo ese conto
E veremos si è tan certo
Como dis que de memoria
O sabes sin poñer erro.*

(Pintos, GG 61)

- c) *Quèn mandou n’a catedral
Traballar caladamente,
A ver si se descubría
O Tesouro apetecido*

(Avelina Valladares, PEG 100)

- d) *—¡Ay, rapazas! ¿Non pensades
ir, c’os mozos que falades,
á Gundian?
A ver si vos espelides;
pois eu vou, é si vos ides
eles van.*

(Losada, SV 124)

- e) Tio Mar. *Mira, Bartolo, anda á ver si compones a porta do establo
que se ha salio de quicio.*

[...]

Tio Mar. *Eso, eso e.*

Andrés. *Pues bién, mi padre, que esté en gloria, tenía guardaos en el arcón estos papeles, donde constan la cabida y los linderos de las fincas, para que usté las ponga en el documento.*

Tío Mar. *A ver; trae acá.* (Se pone los anteojos y examina los papeles). *Aquí hay varias notas y apuntes, (Deletreando). Relación d-as fincas que comprei con-o diñeiro do marqués de...*

(G. Cuevas & Caruncho, *M* 49)

- f) *Si dentro de dous días non logro curala botarei man dos porparados mercuriales pra provocar o tialismo, a ver si a forza de cuspir bota fóra tódolos malos humores.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 297)

- (27) a) *Vamos a ver ti rapaz*

Quero que digas primeiro

Ti crés ou non crés en Dios?

(Pintos, *GG* 7)

- b) *Cantador qu'estás cantando*

e te tès por mui cantista,

ahora vamos a ver

quén tèn a lingua máis lista.

(CPG II, 71)

- c) *¿Fixen a matanza? Bueno;*

pois vamos a ver agora

o que me queda do cerdo.

(Lamas Carvajal, *PG* 378)

- (28) a) Farr. *Dios cho pague, Compadre. Conque si vos parece iremos tirando para Villestro que a noite ben encima.*

Bart. *Ome si que xâ he hora.*

Crist. *Vamos, vamos, que cando estemos de lesér falaremos do conto ese.*

(DA 7)

- b) *—Pero vamos, a ti gústache?*

Afaste a falar gallego?

(Pintos, *GG* 60)

- c) *—Este pais sin segundo*

Eu encherey de portentos...

¡Vamos! ¿estades contentos?

E todo o mundo calou,

Seno'Antona que rosmou

Con modos ben rabujentos.

(Añón, *CP* 257)

- d) *tratounos como dous príncepes*

a viño, pan e talladas,

e puxémo-los estómagos

acugulados de gana;

vamos, que enchentas daquelas

agora poucas se cazan.

(Lamas Carvajal, *PG* 353)

De todo este exemplario podemos deducir que xa se achan casos no galego escrito decimonónico de *vamos a ver*, *vamos* e *a ver* que se poden considerar marcadores discursivos, como se dixo, ao lado doutros usos que, aínda os non sendo, parecen indicar o punto de partida para a posterior gramaticalización como marcadores. Así, canto aos exemplos de *a ver* só en (26b) e na segunda ocorrencia de (26e), correspondente ao parlamento dunha personaxe que se expresa intencionalmente en galego, se produce un funcionamento como marcador discursivo, circunstancia moi pouco frecuente nos textos da altura, en tanto que nos outros casos aparece a construción *a ver si*, moi frecuente xa na época, que en ocasións figura directamente vinculada a un verbo precedente en forma finita, como na primeira ocorrencia de (26e), e noutros presenta certa autonomía a respecto do segmento anterior, vía por que seguramente se avanzou cara á gramaticalización. Canto aos exemplos de *vamos a ver*, só en (27a) semella producirse un funcionamento de marcador discursivo, pois en (27b) e (27c) o infinitivo vai seguido do seu complemento directo e non hai tampouco autonomía fónica; parece claro que estes usos conduciron ao primeiro. A respecto de *vamos*, en tanto que en (28a) aínda funciona como forma verbal, neste caso en imperativo, nos demais xa parece comportarse como marcador discursivo.

En consecuencia, de *vamos a ver*, *a ver* e *vamos* como marcadores discursivos seren casos de interferencia no galego, esta non conseguimos rexistrala nos textos do galego medio,¹⁰⁵ mais si nos do século XIX, de modo que se cadra nesta época

¹⁰⁵ Nunha revisión antolóxica de textos en prosa medieval (*PLM*) tampouco achamos ningún uso destas formas como marcadores, aínda que si, evidentemente, de *vamos* como forma verbal.

xa se tiña consolidado no plano oral e estaba en proceso de translación á escrita. Aínda así, son moi poucos os casos rexistrados, abundando máis os de *vamos a ver* que os de *a ver* e *vamos*, conector coloquial en español para Fuentes (1998a: 179), que por ser derivado de forma verbal pon en relación con *o sea* e *es decir* nesa lingua. Estas conclusións de carácter xeral poden verse confirmadas nunha obra en concreto de fins do século, *A tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro, onde se rexistran os seguintes casos de *vamos a ver*:

- (29) a) –**Vamos a ver**, Catalina, –dixo o señor Rodrigo un pouco conmovido–
¿quén ha de ser a que ha de casarse, tí ou a tua filla?

(López Ferreiro, *Tecedeira* 23)

- b) –¿E cal é o mellor?

–**Vamos a ver** ¿a vosa mercé parécelle mala cousa o ganar unha Real Provision e emparentarnos detrás dela, de modo e de maneira que non poidan chiscarnos nin-o pelo da roupa?

(López Ferreiro, *Tecedeira* 157)

- c) *O mesmo resultado consígueu Gonçalvo en outras tres ou catro visitas que aínda fixo, hastra que un día que quedou soílo con seu amo, parolando despois da cea –E vamos a ver, cándote casas? –preguntoulle de pronto éste– Ou foron augas que pasaron!*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 205)

- d) –Bah! basta de conversa –interrumpeu Vibeiro– e **vamos a ver** como tapamos eses catro buratos que nos faltan, contando con Carballido.

(López Ferreiro, *Tecedeira* 266)

- e) *E vamos a ver, xa que estamos aquí os tres soílos, e aunque me chames entremetido ¿cándote pensar colocar aa tua pícara?*

Ay! señor, si todol-os entremetidos foran como sua mercé!

(López Ferreiro, *Tecedeira* 348)

Nos exemplos (a), (b), (c) e (e) a expresión está gramaticalizada como marcador discursivo, presentando autonomía tonal, cousa que non acontece en (d). Para alén de valor fático e de significado prospectivo, este marcador, igual que *a ver*, funciona como indicador da importancia informativa do enunciado que o segue, sendo índice de relevancia informativa ou ‘alertador’ na terminoloxía de Llorente (1996: 127) e tendo no español coloquial unha moi baixa frecuencia de uso, inferior á das construcións con *a ver si*, que contrasta fortemente coa súa grande produtividade no contexto escolar (Montolío & Unamuno 2000: 607), feito explicábel por se tra-

tar dun marcador propio dos enunciados de falantes caracterizados por algún tipo de xerarquía conversacional sobre os seus interlocutores.¹⁰⁶ Nos catros exemplos precedentes de *vamos a ver* como marcador discursivo (29a, 29b, 29c, 29e) existe tal xerarquía entre os interlocutores, como tamén se dá con *a ver* nos exemplos que veñen a seguir, constituíndo (30a) o único caso de aparición deste marcador na obra, para alén doutros dous casos coa expresión *a ver si*:

- (30) a) –Ben, deixade esas contas pra despois –saleu Froitoso, como querendo cortar aquela conversacion– o que debemos repasar agora é a xente con que podemos contar en cada barrio pra o día primeiro do ano. **A ver** tí, Cangas, ¿qué xente téis por eses barrios d’arriba?

(López Ferreiro, *Tecedeira* 273)

- b) –Bah, pois agora, soségate, que estás moy fatigada; **a ver** si podes tomar unha sustanciaña que che quero eu dar pol-a miña man, e despois, percura tranquilarte e dormir.

–Ay, señor, quén fala de durmir e descansar, nin tomar nada deste mundo!

(López Ferreiro, *Tecedeira* 320)

- c) *Acabada a sua faena o Sr. Rodrigo, cingueulle ben a roupa ao pescozo, dicíndolle aa mesma vez: –Agora **a ver** si podes durmir e descansar, que eu xa m’entenderey con Taresa, pra buscar un currunchito en que pasar a noite, pero coidado con que digas nada a nadie de que vin aquí.*

–No-me diga eso! Sr. Rodrigo –contestou Catalina toda acongoxada e ampeando.

(López Ferreiro, *Tecedeira* 322)

Así pois, en todos os casos de (*vamos*) *a ver* na obra de López Ferreiro a persoa que o utiliza exerce o control xerárquico do diálogo, normalmente un home a se dirixir a unha muller, producíndose unha correlación entre o uso masculino deste marcador e o valor de control da conversa, como sinalara Llorente (1996: 128). Canto aos valores de (*vamos*) *a ver* como marcadores discursivos nestes exemplos, tamén podemos coincidir con Montolío & Unamuno (2000: 608-609) en que existe un valor de *a ver*, o correspondente a (30a), que non coincide co de *vamos a ver* e que é o de ‘retardador’, a expresar a idea de que o falante está procurando na súa

¹⁰⁶ Véxase Montolío & Unamuno (2000: 612): “Estamos sugiriendo que el uso del marcador que aquí se analiza no es sociolingüísticamente neutro, sino que, por el contrario, en los contextos conversacionales marcados por la asimetría entre los interlocutores, el uso de esta partícula se relaciona con el hablante que ostenta el control de la conversación. Tal es el caso de la interacción profesor-alumno”.

memoria a información precisa, neste caso a persoa adecuada para iniciar o recrutamento de xente, e existe outro valor de *a ver*, coincidente co de *vamos a ver*, que é o de sinalar unha reorientación ou reorganización na progresión do discurso, afectando a evolución temática da conversación de tal modo que leva a cabo unha operación de reformulación, a interromper dalgunha maneira o normal desenvolvemento do discurso: este é o valor que podemos ver nos exemplos (29a, 29b, 29c, 29e).

Por outra parte, na mesma obra de López Ferreiro achamos dous exemplos de *vamos* en que podería ser considerado como marcador discursivo, aínda que o primeiro deles (31a) ofrece moitas dúbidas:

- (31) a) *Cinco anos levaban o mestre Guillen e Pedro Flamenco mallando; ferro e mais ferro, e xa tiñan asentadas as de arredor do altar mayor e agora estaban rematando a sua obra, colocando as reixas do coro. O Arcebispo D. Gaspar acercouse, e comprendendo o aturrullados que estaban os ferreiros:*

–**Vamos** –dixolles,– *que esto vay de remate e logo podredes decir; finis coronat opus.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 101)

- b) *–E sua mercé xúzgao, así tan de prano, criminal?*

–Eu non podo formar outro xuíço que o que se desprende dos feitos.

–E vamos, Sr. Provisor, ¿non pudo algun envexoso, algún mal intencionado, ou outro que tivese gran interés no porceso, sustraerlo e leva-lo para a sua casa? É esto imposible?

(López Ferreiro, *Tecedeira* 180)

En (31a) posibelmente non pase de ser un imperativo coa intención de dar ánimos, uso que tamén puido servir de base para un proceso de gramaticalización como marcador, mais en (31b) tal proceso parece concluído. Após sinalar a grande amplitude de usos de *vamos* no español coloquial en contraste coa súa escaseza nos textos literarios, Fuentes (1998a) resalta a súa complexidade como conector e atribúelle os seguintes valores: (i) conector reformulativo, que adoita ir ao inicio do segmento en que aparece, aínda que posúe mobilidade, e que pode indicar reformulación parafrástica (explicación, denominación, corrección) ou non parafrástica (de xeneralización: etiqueta, conclusión, recapitulación; e de expansión: enumeración, exemplificación); e (ii) adverbio modal-enunciativo, onde non se pode separar o valor puramente enunciativo, de precisar a comunicación, e o contido modal de énfase na subxectividade, usándose moitas veces como apoio intensificador e outras cun valor mixto, precisar ou aclarar e, así mesmo, intensificar; noutros

casos, aínda que poida parecer que ten valores diferentes, acaba por ser tamén un conector reformulativo, como cando aparece en posición final do enunciado, cando vai precedido da conxunción copulativa *e* (caso de 31b) ou cando aparece após unha vacilación e semella posuír un uso continuativo; porén, cando combina con *pero* ou *porque* non conecta propiamente e non reformula o anterior, senón que actúa como apoio modal, suxeitando o dito á opinión do falante e subliñándoa (Fuentes 1998a: 189); sinala por último esta mesma estudiosa un uso interxectivo de *vamos* como unidade moi semellante a *bueno*, con tantos matices como este, aínda que non se utiliza como resposta de conformidade ou acordo: ambos coinciden no emprego como encerramento do enunciado en combinación con *pero* (*pero, vamos... / pero, bueno...*), indicando aceptación e fin do dito, e os dous se usan como elementos de apoio modal, con valor enunciativo e como conectores reformulativos, embora *vamos* pareza non utilizarse normalmente como continuativo, pois sempre leva unido o matiz enunciativo de subliñar a intención do falante, a se comportar como un apoio da opinión (Fuentes 1998a: 191).

De todos os modos, o feito de que o uso de *vamos* en español sexa fundamentalmente coloquial dificulta a súa aparición en textos literarios nesa lingua (Fuentes 1998a: 190). No caso do galego, para alén das escasas ocorrencias na lingua escrita do XIX, tampouco se achan moitas nos textos do primeiro terzo do século XX, aínda acudindo a obras dialogadas. Así, só se rexistra algún uso moi ocasional en contextos coloquiais:

- (32) a) *Viñaselle á imaxinación un xumento qu'había no seu lugar fraco com'as taboas dunha cancela e coas partes veciñas ô rabo recubertas de moscas e porcallada ¡apff! vamos, que antes de comer burro, seica se deixaría morrer de fame.*

(G. Barros, *CT* 25)

- b) *Haxa paz, por Noso Señor. ¡Todol-os santos m'axuden si outra tal vén na miña vida! ¿Queredes botar á perdel-a vendima? Vamos, á beber e á deixar na casa o malo xenio.*

(Otero, *LA* 26)

- c) *¿É que queres culpare á Madanela y-Euxenio? ¡Vamos, si a cousa é pra se reire! ¿Non é casi un pecado, papai, que a tua hospitalidade, decote xenerosa, a pagues –a cobres, millor dito– c'unha sospeita ausurda?*

(Quintanilla, *DO* 101)

- d) *Lela: (Abraza ô seu pai) ¡Meu pai! ¡Meu paiciño! ¡Non foi medo, non! ¡Sentín a sua friaxe...!*

Andrés: **Vamos**, acouga. Eres mui nerviosa.

(Quintanilla, *DO* 124)

- e) Andrés: *É o noso can: o Leyal. ¿Que lle pasará?*
 Sr. Cura: **Vamos**. *A noite está pra sustos. Nin qu'o can asistira â nosa conversa.*

(Quintanilla, *DO* 126)

- f) *E, o que menos pódo comprender é o ver a todo un Piñeiro, un dos ases das nosas letras apadriñando somellante porcaria sen reserva ningunha. ¡Vamos, que nono entendo, e acabóuse!*

(G. Barros, *CPT* 79)

A dubidosa autoctonía destas tres construcións (*vamos, vamos a ver, a ver*), así como o feito de seren máis propias da lingua coloquial do que dos textos literarios, pode explicar, por exemplo, que non achemos ningún caso de ningunha delas n' *Os vellos non deben de namorarse*, a pesar de imitar a conversa popular. Tampouco n' *Os probes de Deus*, de Amado Carballo, nin en *Cara a Times Square*, de Suárez-Llanos, de teor máis formalizado canto ao modelo de lingua. Por outro lado, tomando como exemplo obras teatrais da primeira parte do XX, só achamos un caso de *vamos* n' *A lagarada* de Otero (32b), ningún n' *O bufón d'el-rei* de Risco ou tres ocorrencias de *vamos* en *Donosiña* de Quintanilla (32c, 32d, 32e), para alén de unha nunha carta de García Barros do ano 1962 (32f) e dúas de *a ver* como marcador no teatro de Manteiga (33a, 33b), alén doutros tres casos de *a ver* neste mesmo autor en que o verbo vai seguido de complemento (34a, 34b), outro caso de *a ver* como marcador na obra dispersa de García Barros (35a) e dous de *vamos a ver* nesta mesma (36), o primeiro abrindo o texto; rexístrase tamén outro uso discursivo de *a ver* en García Barros (35b):

- (33) a) Crego: *Podedes enterrar* (El métese na eirexa, o sancristán volve axiña, tende as cordas no chan perto da foxa).

Sancristán: **A ver**, *agarrai a caixa.*

(Manteiga, *TG* 151)

- b) Parente: *Xa está.*

Sancristán: **A ver**, *agarrai a modo! Veña! A xeito, ir baixando a modiño!*

(Manteiga, *TG* 152)

- (34) a) Mozo: *Preparaivos, mozos, pra brincar nos mecos.*

Home: **A ver** *como o faguedes, que hai mecos de raza.*

(Manteiga, *TG* 157)

- b) Muller: *Anda aí, Xan, a ver si o tumbas!*

[...]

Fera: *Non me peta! (Sóltase e vaise sobre a xente faguéndose a fera.)*
A ver a quen papo! Ouhh!

(Manteiga, *TG* 160)

- (35) a) *—Eu xa veño desbocado, Farruco.*

—Pois á ver, ¿que facemos?

(G. Barros, *CPT* 183)

- b) *Cando ó fin se despreguizaron déronse a recoller, chamando ó taberneiro:*

—A ver: ¿Canto debemos?

(G. Barros, *CT* 155)

- (36) a) *—Vamos á ver logo, Farruco, qué viches n'ese cinamá... cinamá... cinamó...*

(G. Barros, *CPT* 180)

- b) *—Pois hai que facerlle á guerra de cara e tirarlle ó bulto, Perico. E vamos á ver ho: ¿Que foi o que os amoscou?*

(G. Barros, *CPT* 183)

Como se pode ver, en todos os exemplos precedentes estes marcadores discursivos teñen as mesmas funcións que as indicadas para o castelán polos especialistas. Por se tratar de formas que nalgún caso poden ser produto da interferencia, deberían ser, de se confirmar tal circunstancia, substituídas por outras que non ofrezan dúbidas canto á súa autenticidade, cando menos no rexistro formal e escrito, pois na oralidade o proceso é necesariamente máis lento. Para o caso de interferencia que parece máis claro, *vamos a ver*, poderíase optar por *imos ver* ou *vamos ver*, ou por ambos, segundo considerarmos que se trata dun presente ou dun imperativo en orixe, aínda que tamén se podería pensar en *vexamos*, xa rexistrada no século XIX, mais talvez non totalmente gramaticalizado:

- (37) *Un gran pote onde nos cocen como si fôsemos pitos; unha sartén onde nos friten catro lapidantes que non pensan máis que en falcatrúas e larpadelas.*

E sinón, vexamos.

¿De que dereitos dispomos?

Do dereito do pataleo.

(Lamas Carvajal, *OLX* 284)

Canto á construción non parentética, e non gramaticalizada, *a ver* seguida de complementos do verbo (*a ver se chega, a ver como funciona* etc.), non semella existiren argumentos suficientes para o seu rexeitamento como fórmula válida en galego, a pesar das dificultades de explicarmos a presenza da preposición *a*, caso de ter a súa orixe en *vamos a ver*. Tampouco os achamos, en principio, para *vamos* como marcador xeralmente reformulador, aínda utilizado no galego escrito máis ou menos actual:

- (38) a) *Encargamos tamén unha investigación para pescudar se había algunha relación que non coñecésemos entre os dous, ou se tiñan relación con algún tipo de organización ou servicios, vamos, que todo fora parte dun plan.*

(S. de Toro, CD 70)

- b) *—¡Xa cho dixen! A xente está reventada [...]. Ten os brazos abertos, e móveos coma se fosen asas. Todo ten un cupo. Suspira e cubre a cara coas mans.*

—Vamos, que ti tamén estás coma eles, pregunta o ministro cabreado.

(S. de Toro, CD 71)

- c) *Nin unha soa palabra pronunciou que non fose en galego, e iso que alí estaba na súa condición de fiscal xeral do Estado. Vamos, o mis-miño que don Mariano, fillo, que por non o falar, nin tan sequera falaba galego cando era vicepresidente da Xunta.*

(X. L. Muñoz: “Cándidos e marianos”,
ANT 15-21/7/2004, p. 14)

A respecto de *a ver* como construción parentética a actuar como marcador discursivo, podería tratarse dun caso de interferencia pola súa posíbel procedencia de *vamos a ver*, de modo que podería ser substituída tamén por *imos* ou *vamos ver*, por *vexamos* ou mesmo por *veña*, con que alterna no seguinte fragmento:

- (39) *O taberneiro non sabe que facer, se irse ou quedarse, fica de pe colorado. O da chaqueta de punto cólleo por unha fazula e dille*
—A ver, mamalón, ponte de xeonllos, home, e fórzao a axeonllarse.
Veña, home, hai que darlle o gusto ós clientes, xa sabes que sempre témo-la razón.

O taberneiro está axeonllado, coa bandexa contra o peito e ollando para o chan.

—A ver, agora reza “Yo pecador”. Veña, empeza, di o do traxe gris.
O taberneiro di que non sabe, case sen voz.

—Ben, pois reza o que saibas. A ver, o Padrenuestro, e arréalle un lapote na orella do seu lado. O outro coa orella vermella, empeza a dici-la oración en voz baixa.

(S. de Toro, CD 18)

Tamén nos seguintes exemplos, tirados da mesma obra, semella que *veña* e *a ver* se poden intercambiar sen problemas:

- (40) *O outro séntase sen forzas, fica a mirar para a mesa, o da chaqueta de punto dille*

—Veña home, non nos imos poñer a mal agora por unha carallada, ¿eh? Foi unha carallada. Da finca esa xa falaremos. ¿Tómaslle outra?

(S. de Toro, CD 17)

- (41) *Boeno, gracias e perdoen as molestias, di o presentador a Florentino e Maruja. Todos rin e bromean, ó contrario, ó contrario, encantados.*

A ver Enrique, di o cámara ó presentador, axuda cos cables, que quero chegar cedo á casa.

(S. de Toro, CD 50)

Tamén derivan de formas verbais, e teñen un valor reformulativo como xeralmente os anteriores, os marcadores *ou sexa* e *é dicir*, frecuentemente no galego oral da actualidade usados con algunhas interferencias do español (*o sea, ou sea, é decir, es decir*), que xa afloran en textos escritos anteriores. Se ben que no caso de *ou sexa* non o rexistramos nos textos do galego medio, e tampouco na lingua medieval, si aparece no XIX, aínda que en moi poucos casos e so a forma *ou sea*. En (42) tal ocorrencia non se acha gramaticalizada como marcador reformulativo, aínda que pode servir para explicar a súa xénese, como acontece en (43a e 43b), onde se produce flexión da forma verbal e concordancia; en (44a e 44b) xa actúa plenamente como reformulador, correspondendo estes últimos a textos de López Ferreiro de fins do XIX e principios do XX:

- (42) *E sobre todo, ó criado tócalle facer e obedecer o que lle mande seu amo, sea ben ou sea mal. ¿Non é así, Freiría?*

(LGPR 30)

- (43) a) *Capós ou feixes pequenos*
De leña ou sean billardos,
Pois teñen nomes diversos

(Pintos, GG 30)

- b) *E eso que a faca era lixeira coma o pensamento, e custáralle ou dicían que valía doucentos soldos, **ou sean** duacentas pesetas, que era bastante valer de faca pr'aquel tempo; pero a xornada fora máis que regular.*

(López Ferreiro, *Niño* 47)

- (44) a) *Ambas e duas teñen capiteles con follas d'acanto, e a da dereita ten na escocia da base, **ou sea**, no escave que separa os dous toros, unhas molduras e no filete dentes de serra.*

(López Ferreiro, *Castelo* 109)

- b) *Esto énos fácil, porque n-unha d'as paredes d'o corpo da eirexa líase craramente esta iscrición:*

E : I [...] MONACHORUM

***ou sea**: "N-o ano 1171 fundou este tempro o Abade Fernando ca sua caterva de monxes".*

[...]

*ERA : M : [...] INSOLA : MILES. **Ou sea**: A 29 de Novembre de 1338. Aquí iaz Fernán Rodríguez de Insoa cabaleiro.*

(López Ferreiro, *Niño* 76)

O uso de *ou sexa* como marcador reformulador explicativo está plenamente consolidado no galego escrito actual coa forma de procedencia verbal máis claramente autóctona recuperada:

- (45) a) *—¿De que te gustaría traballar?*

*—Eee... **ou sexa**... non sei. Ata fai un mes traballaba de mozo nun supermercado, pero non sei.*

(S. de Toro, *CD* 50)

- b) *A nación a que deu orixe foi erguida sen os materiais necesarios: sobre a prohibición da cultura do individuo, **ou sexa** o Renacemento, o Erasmismo e os debates sobre ciencia, razón e crenza, a Reforma, a Ilustración*

(S. de Toro, *ET* 29)

- c) *¿Que vai pasar?, seguen a preguntar. ¿Parécelles pouco? Vai pasar todo. **Ou sexa**, Galiza constituíuse estes días na nacionalidade histórica troncada en xullo do 36, cando fusilaron aos nosos 'pais da patria', cando o corpo nacional foi mutilado tan gravemente.*

(S. de Toro, *ET* 108)

Canto a *é dicir*, aínda que non se rexistra como marcador discursivo nos textos medievais nin do galego medio, xa resulta relativamente produtivo como tal nos textos decimonónicos, mais sempre coa forma verbal coincidente co castelán:

- (46) a) *Naquela parroquia e noutras de enrededor lévanlle por ela tres fanegas, **é decir**, quince ferrados de centeo, tres canados de viño, tres carneiros, o cuarto dunha vaca*

(LGPR 90)

- b) *e os cregos daban ós probes todo o que lles sobrava, anque fose do seu, **é decir**, do que herdaban.*

(LGPR 92)

- c) *Farruco, Sr. Cura, Tío Andrés. Viste o segundo como os cregos das montañas, **é decir**, sotana, capa, sombreiro escuro de anchas aas e vistoso arzacuello branco.*

(PPR 214)

- d) *O mesmo teón i os mesmos trastos do cuadro segundo do auto primeiro, **é decir**, a chouza do Xan.*

(PPR 258)

- e) *Eh, señores! de qué se trata! de cambear de señorío, **é decir**, de deixar o do Arcebispo e de incorporarnos no señorío real.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 51)

- f) *—Eso non ten traza —ouservou Froitoso Galos— porque sería un auto xuridicional, **é decir**, que xa somos o que pretendemos ser.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 145)

Tanto *é dicir* como *ou sexa*, favorecidos pola extensión da norma, conviven hoxe no modelo de galego formalizado e culto utilizado na escrita, aínda que a nivel oral se continúen a escoitar con moita frecuencia as formas interferidas, usándose tamén *digamos* como reformulador practicamente gramaticalizado:

- (47) a) *Mais cando escribo sobre temas políticos e sociais non podo ser irónico, moito menos nihilista; fágoo, polo común, para convencer. **É dicir**, que para min estes textos son un acto cívico e o conxunto do libro é un feixe de actos [...].*

*E como pretendo convencer, **ou sexa** facer ver a miña visión, soamente me cabe a argumentación do que propoño e, como moito, o sarcasmo fronte ao criticado.*

(S. de Toro, *ET* 17)

- b) *O caso é que non lle podo atribuír visos de racionalidade a ese argumento nacional, digamos, “castelanista”. Non o podo aceptar como un argumento nacional español.*

(S. de Toro, *ET* 32)

Por último, existe outra construción con forma verbal que tende a se consolidar como marcador discursivo. Trátase da expresión castelá *si quieres* e da correspondente galega *se queres*. Para Chodorowska-Pilch (2001) é un marcador gramaticalizado de cortesía que mitiga a forza asertiva dos enunciados e, ao mesmo tempo, é un marcador discursivo porque coordena o desenvolvemento da conversación e metacomunica os sentimentos e as actitudes do falante, podendo aparecer en posición final dentro da cláusula ou en posición medial, mais non en posición inicial por os enunciados non poderen ser mitigados antes da súa produción.¹⁰⁷ Nos textos galegos escritos durante o século XIX, ao lado dalgún caso de *se queres*, predominan os da fórmula interferida *si queres*:

- (48) *Desperta d'unha ves, deixa, se queres,
o agarimoso leito en que descansas*

(Rodríguez González, *FO* 12)

- (49) a) *Dille, si queres, ô Alcalde
que teña algo máis aquéla*

(Rodríguez González, *FO* 105)

- b) *Canta si queres,
Rapaza do demo;
Canta si queres,
Dareich'un mantelo.
Canta si queres,
Na lingua qu'eu falo*

(Rosalía, *CG* 14)

No proceso de fixación da norma escrita durante o século XX acabou por se consolidar a construción con *se*, acorde co uso desta como conxunción condicional. Mais, neste caso, e seguindo as recomendacións recollidas na última revisión das normas oficiais (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 111),

¹⁰⁷ Véxase Chodorowska-Pilch (2001: 89): “Un argumento más a favor de la ausencia de este marcador en la posición inicial puede ser la retención parcial del significado de la construcción original (*source construction*). En términos generales, podemos afirmar que *si quieres* puede ser gramaticalizado como marcador de discurso para codificar la cortesía sólo en posición medial y final dentro de la frase”.

parece preferíbel postularmos para marcador discursivo en galego a construción con futuro de subxuntivo *se quixeres*, tanto polo valor prospectivo de probabilidade como por ir normalmente en correlación con outro verbo en imperativo ou futuro, condicións necesarias para o uso deste tempo, axustándose así perfectamente ao tipo de “marcador de cortesía en ofertas y sugerencias” descrito por Chodorowska-Pilch (2001: 89).

4.3.4. Outros casos de interferencia

Alén doutros casos de interferencia que se producen nos marcadores discursivos, e en concreto nos conectores contraargumentativos, que se verán máis adiante, como *sin embargo* ou *ahora ben* (véxase 6.2), *en cambio* (véxase 6.4) ou *de todos modos* (véxase 6.5), existen unhas partículas de moi elevada frecuencia de uso que teñen un estatuto moi discutido na lingua, por veces incluídas dentro dos marcadores discursivos e noutras ocasións excluídas desta clase, mais que en calquera caso desempeñan funcións discursivas. Trátase dos operadores argumentativos *mesmo* e *até* ou *ata* (véxase 2.3.3 e 2.3.4), que tamén estiveron e aínda están suxeitos a interferencia do español, sendo moi comunmente substituídos directamente polas formas castelás *mismo* e *hasta* (ou a variante *hastra*), así como *inclusive* (e *incluso*); en 5.2 inclúense dentro dos conectores aditivos que vinculan dous membros discursivos ordenados nunha mesma escala argumentativa. Para Schwenter (2000) son partículas aditivas escalares, intercambiábeis en moitos contextos mais que non significan exactamente o mesmo: en tanto que unhas son partículas escalares absolutas que predín que sempre se asociarán co punto final dunha escala, caso de *hasta* en español, outras son partículas escalares relativas, pois permiten predicir que non marcarán invariabelmente o punto final, aínda que si son compatíbeis coa súa expresión (caso de *incluso* en español); por outra parte, a diferenza de *tamén*, expresan unha avaliación escalar e a diferenza de *só* ou *soamente*, non presentan carácter excluínte. Non todas as linguas presentan o mesmo comportamento a respecto das partículas escalares aditivas: o inglés só ten unha (*even*), que necesariamente neste caso deberá ser de tipo relativo segundo Schwenter (2000: 195); o español ten dúas, unha relativa (*incluso*) e outra absoluta (*hasta*);¹⁰⁸ e o galego(-portugués) posúe tres, que son a relativa *inclusive* (ou *incluso*), de que non demos con exemplificación escrita no século XIX, a absoluta *até* (ou *ata*) e *mesmo*, que non é partícula escalar en español (*mismo*) e que debemos considerar, nun principio e a

¹⁰⁸ Afirma Schwenter (2000: 169) que esta mesma distinción tamén é válida para o idioma hindi e, aínda que *incluso* e *hasta* se consideran intercambiábeis en contextos de énfase, adoitando traducírense para o inglés ambas por *even*, porén, e debido a esta ser así mesmo relativa, “la mejor traducción de *even* al español no es *hasta* sino *incluso*” (Schwenter 2000: 195). Por outra parte, en Freixeiro (2003: 96) denomínanse as partículas *até* e *mesmo* como ‘marcadores especiais de foco’ e Schwenter (2000: 173) fala de *hasta* en español como ‘partícula de foco escalar’.

falta dun estudo máis profundo, relativa como *inclusive* en galego, pois non predí necesariamente o punto final dunha escala; en *Aprobou a Iria e inclusive o Xoán* e *Aprobou a Iria e mesmo o Xoán* o feito de aprobar o Xoán indica unha escala de dificultade superior, que pode ser o seu punto final mais que tamén pode non sê-lo, en tanto que se dicimos *Aprobou a Iria e até o Xoán* entón si se marca o punto final na dificultade de aprobar.

Aínda sendo certo que as consideracións anteriores abren unha vía importante de pesquisa en que agora non podemos aprofundar e que debería conducir a un esclarecemento das similitudes e diferenzas semánticas e pragmáticas entre partículas como *aínda*, *tamén*, *mesmo*, *inclusive* e *até*, coas súas variantes nalgún caso, deberemos reorientar o tema cara ás posíbeis interferencias e, por tanto, centralo no plano formal fundamentalmente. Canto á súa orixe, semella que as tres unidades *mesmo*, *incluso-inclusive* e *até-ata* seguiron o proceso de gramaticalización propio dos demais elementos discursivos, pasando desde a súa condición inicial de pronome (*mesmo*), adxectivo (*incluso*) e preposición (*até*) á de adverbios inclusivos (Ferreiro 1999: 363), onde confluíron no desempeño de funcións propias dos operadores argumentativos, proceso xa visto con anterioridade nos marcadores discursivos. No caso de *mesmo* o paso de pronome identificador definido a adverbio, que tamén se explicita na forma *mesmamente* (Ferreiro 1999: 361), aínda que non o rexistramos nos textos no galego medio, estaba plenamente consolidado no século XIX, como demostra a translación do seu uso ao castelán falado na Galiza; así o poñen de manifesto o seguinte cantar popular e a correspondente glosa do seu compilador:

- (50) *Os dous qu'andades bailando
parecédesme moi ben:
un, mesmo parece o pote;
outro parece a sartén.*
(CPG II, 63)

Con efecto, Ballesteros incluíu a seguinte glosa ao pé da páxina: “En gallego es frecuente el uso del adjetivo *mesmo* (conocido en el castellano antiguo), en concepto de adverbio, circunstancia que trasciende al lenguaje castellano de los hijos del país. Otras veces hace el papel de pronombre demostrativo”. Mais Ballesteros non sería o único que ponderaría a súa atestación na lingua castelá, pois tamén os comentarios de Álvarez Giménez (1909: 72) se orientan nesa dirección: “Es común usar el adjetivo mismo de un modo no admitido en la lengua castellana, v.g.: Estaba MISMO como un tonto; Iba MISMO a ahogarse; MISMO era un loco; Huía MISMO como un gamo. Por estos ejemplos se ve que dicho adjetivo se emplea como adverbio ó conjunción, y en castellano jamás tiene tales significados”. Este uso de *mismo* como galeguismo no castelán utilizado por Emilia Pardo Bazán tamén é sinalado por González & Soto (2000: 147) en contextos como *¡Mismo parece cosa*

de milagro! Porén, se o galego impregnou a función aditiva escalar de *mesmo* no *mismo* do castelán falado no noso territorio, este tamén interferiría a forma galega, de modo que tanto no período decimonónico como posteriormente *mismo* pasou a ser utilizado no galego escrito (e tamén no oral), uso que chegou á actualidade. No século XVIII xa se acha un caso de *mismo* na poesía do Cura de Fruíme (*polo mismo arrepentida*, SEI 157), aínda que pola mesma altura Sarmiento (1970: 376) distinguía perfectamente entre a forma galega e a castelá, acrecentando que os “castellanos del siglo pasado también decían *mesmo*, hoy ya dicen *mismo*”; resulta curioso que o caso rexistrado antes do Rexurdimento sexa da expresión parentética *polo mismo*, que rexistramos nos textos decimonónicos cando menos dez veces con esa mesma forma, en canto que de *polo mesmo* non chegamos a achar máis de seis ocorrencias; os casos de aparición de *mismo*, cos seus diferentes valores, nos textos do XIX sobrepasan bastante o centenar, ao lado doutros moitos de *mesmo*, claro, existindo tamén exemplos de expresións gramaticalizadas como *así mismo*, *ao mismo tempo*, *do mismo modo* etc. Reprodúcense a seguir exemplos, nalgún caso especialmente significativos, do uso de *mesmo* en (51) como operador argumentativo e outros de *mismo* en (52) con ese mesmo valor e con outros intensificadores que poden ser precedentes daquel e que inclusive por veces resulta difícil distinguirmos:

- (51) a) *D'ese chan venturoso arrincado
Pol-'a man d'o meu negro destino,
Hastra mesmo soñando magino
Eses campos risonos cruzar.*
(Añón, CP 245)
- b) *Por diversos países que eu vaya,
Tí serás miña doce memoria;...
¡Mesmo entrar non quixera n'a gloria
Sin primeiro pasar por ahí!!!*
(Añón, CP 248)
- c) *Caras que nacen sorrindo
E que sorrindo vos aman,
E qu'inda mesmo morrendo
En sonrisiñas se bañan.*
(Rosalía, CG 125)
- d) *Nos paseamos pó-las calles,
Qu'era mesmo un adimiro
De tan majos como ibámos*
(Rosalía, CG 127)

- (52) a) *Cando a vía marchar á cabalo tan lixeira e tan áxele como unha ave, **misimo** lle caía a baba.*

(López Ferreiro, *Castelo* 29)

- b) *–Qué alegrón non che recibín eu –decía Domingos– cando che me deron o recado! **Mismo** estou bremando por vel-o!*

(López Ferreiro, *Castelo* 45)

- c) *ten tales eibas e tales lácaras encima de sí, que, abofellas, ao vel-o empaque e noxo con que mira pra as outras e como as aldraxa e apoupa, **misimo** da gana de riir.*

(López Ferreiro, *Castelo* 127)

- d) *Xa estaba **misimo** pra chegar ao alto do adarve; pero de repente sóltase a escarpia.*

(López Ferreiro, *Castelo* 175)

- e) *Mais, todol-os vasallos de Curbián así que viron á D^a María, todos deron en decir aa unha, ¡qué boa compañeira pra o Sr. Gonzalo Ozores! ¡**Mismo** parece que a mandou Noso Señor para encher e alegrar esta casa!*

(López Ferreiro, *Castelo* 202)

- f) *O vozarío que n-aquela casa s'armou cando viron entrar pol-as portas á a señora Alvira, non é pra dito. Algúns **misimo** choraban c'alegría*

(López Ferreiro, *Niño* 106)

En (51a) aparecen xuntas dúas partículas aditivas escalares, a absoluta *hastra* e a relativa *mesmo*, que o que fan é intensificaren a escalaridade, de modo que tamén sería posíbel a aparición dunha soa (*hastra soñando magino / mesmo soñando magino*); en (51c) *mesmo* vai precedido doutra partícula como *inda*, que polo seu valor concesivo (véxase 6.3.2), se afasta de maneira considerábel das partículas escalares (Schwenter 2000: 172). En (51d) e (52a, b, c, e) posúe un valor intensificador que a fai substituíbel por *mesmamente* ou *talmente*, para alén de *inclusive*. En (52d), aínda que non semella lonxe do valor anterior, parece indicar proximidade inmediata ou acción que está a punto de acontecer.

Canto a *até/ata*, esta partícula no galego escrito moderno é substituída moi maioritariamente pola castelá *hasta* ou *hastra*, pseudogaleguización da anterior levada a cabo coa inserción dun <r> epentético. Xa nunha ampla antoloxía de textos do galego medio non aparecen máis de dous casos de *até* (*SEI* 82 e 96) en parlamen-

tos de personaxes portuguesas, ningún de *ata* e cinco de *hasta* (non aparece *hastra*), un deles con valor de partícula aditiva escalar:

- (53) *que é máis a honra que a vida
o dixo **hasta** Cicerón.*

(*SEI* 39)

Mais nos textos decimonónicos, para alén dalgunha ocorrencia de *fasta* en Pintos ou Rosalía, por exemplo, xa *hasta* e *hastra* se reparten practicamente todo o campo de utilización desta unidade, tanto como preposición como partícula escalar, con desaparición das formas tradicionais galegas *até* e *ata*. Véxase algún exemplo de cada unha como operador argumentativo:

- (54) *No lombo teu zorrega, bate e malla
Fasta o mais monicreque ferrancheiro*

(Pintos, *GG* 23)

- (55) a) *¡Vállame noso Señor!: **hasta** nas portas teñen privilexios...; pero agora pola sábea Costitusón acabáronse todos.*

(*LGPR* 43)

- b) *Xâ eles puderan, que non quedaba Catredal, Espital, Seminario, nin outras boas pezas que hay na Vila; é **hasta** Picaños corria peligro.*

(*TP* 4)

- (56) a) *Foi de modo e de maneira
que **hastra** fuxiron os cans*

(*LGPR* 239)

- b) *¡Oy! xa está aquí Don Jarabiel
fasendo mil cortesias,
e **hastra** o señor Abade
que xa debeu ser un obispo.*

(Mirás, *CGG-C* 106)

- c) *e entre eles foiche un Calrros quinto, ou primeiro, que é ó mesmo,
que **hastra** mandou un exército á Roma é entraron nela os soldados
que che fixêron cachizas*

(*DA* 6)

Unha mostra da alternancia *hasta/hastra* nos textos decimonónicos dánola o seguinte exemplo, aínda que con valor preposicional neste caso:

- (57) Farr. **Hastra** agora aínda non anda; que para eso son estas consilasiós, ou xúicios de paz.

Bart. Bo:::bo::: ó que eu vexô que **hasta** ó dagora hay os mismos preitos que sempre.

(DA 1)

Na gramática de Saco (1868: 128) recóllese só *hastra* como preposición, mais non *hasta* nin *até* ou *ata*, e no *Cancionero* de Pérez Ballesteros imos achar tanto a forma *hasta* como *hastra*, a posuíren as dúas o mesmo número de ocorrencias, pois ambas as variantes atéstanse en once casos. A preposición dialectal en orixe *deica* (< *de* + *eiquí* + *a*), que coñece na actualidade un uso certamente rendíbel sen dúbida polo seu carácter diferencial a respecto do castelán, non se documenta neste cancioneiro porque se cadra na época aínda non tiña transcendido desde a lingua popular ourensá até o galego común; é por iso que a recolle Saco (1868: 203), a sinalar que tal nexa “denota relación ya de tiempo, ya de lugar”; mais esa forma nunca desempeña funcións de operador argumentativo (**Deica Xoán chorou*). Velaquí dous exemplos de cada unha das partículas utilizadas no cancioneiro, unha con valor preposicional (58a) e outra como partícula escalar (58b):

- (58) a) *Vámonos tirando á casa,*
eso sí, meu amiguiño
hasta *mañán si Dios quer*
que pagaremos o viño

(CPG I, 95)

- b) *Costureiriña bonitiña,*
bonitiña costureiriña
o día que te non vexo
hastra *me cai a monteira*

(CPG III, 13)

A situación do galego decimonónico neste particular non difire no esencial do actual, xa que se documentan por toda a xeografía galega as formas *hasta* e *hastra*; a preposición xenuína, no entanto, só se rexistra nalgún punto do galego de León

(Instituto da Lingua Galega 1995: 382-383) a través de *ata*, forma que compartilla con *até* o carácter de oficial na norma en vigor.¹⁰⁹ Antes de esta se promulgar, *has-tra* e *até* podían alternar, inclusive nunha mesma obra, como partículas aditivas escalares:

- (59) a) –“**Hastra** parez mentira, hom...” dixerlles por falar algo. “¡Menos mal que sodes amigos del alma!

(Blanco-Amor, AE 26)

- b) *¿Non sabes que non te poden enterrar en sagrado? **Hastra** é unha vergonza pra toda a parroquia.*

(Fole, ALC 69)

- (60) a) *Boeno, que total xa estabamos metidos no lío e había que tirar pra diante. Certamente que **até** o desexaba pra me ceibare daquelo*

(Blanco-Amor, AE 104)

- b) *Parámonos tan perto dela que **até** tiñamos medo de alentar.*

(Blanco-Amor, AE 117)

O exemplo (61) ofrécenos unha mostra da presenza das dúas formas canónicas *mesmo* e *até* como partículas escalares relativa e absoluta na lingua escrita actual, nun contexto onde resultan intercambiábeis, en tanto que en (62) aparecen unidas de forma intensificadora nun mesmo segmento, a demostraren así a súa compatibilidade:

- (61) *Todo divorcio é traumático, con todo quén sabe, ás veces a xente empeza logo a vivir. **Mesmo** os hai que logo se volven levar ben. **Até** os hai que volven casar por segunda vez. A vida é incríbel (e diso viven os escritores).*

(S. de Toro, ET 48)

- (62) *O propio Lenin abordara o tema no seu libro Materialismo e empiriocriticismo. E el lérao subliñando con tal obsesión que **até mesmo** chegara a esfolar o papel de varias follas.*

(Sende, OR 65)

¹⁰⁹ Moito se leva escrito sobre a forma que se debe proxectar no estándar moderno, resultante da escolla da literaria *até*, común co portugués e que conta cunha grande presenza nos textos do século XX, ou, polo contrario, da forma que só se atesta oral e esporadicamente no galego de León, *ata*. Véxase, neste sentido, Instituto da Lingua Galega & Real Academia Galega (1995: 180) para unha defensa de *ata* e Associaçom Galega da Língua (1989: 134) para o caso de *até*.

Así como de *até* e *mesmo* se documentan exemplos do seu uso na lingua decimonónica, aínda que sexa baixo a forma castelanizada, non conseguimos dar con casos de *inclusive* ou *incluso* nese mesmo período, ambas as formas derivadas do participio latino INCLUSU, do verbo INCLUDERE (Ferreiro 1999: 363); Cunha (1991: 431) rexistra exemplos de *jnclusive*, *jncrrusiue*, *encluso* e *jnclusos* no século XV e de *inclusivo* a metade do XIX, mais en canto que en portugués *incluso* mantén os seus usos adxectivais e *inclusive* funciona como adverbio conector, no galego actual ambos están a funcionar como conectores, producíndose máis unha vez a sospeita de que a utilización de *incluso* con este valor poida ser produto da interferencia do español. De todas as formas, a gramaticalización de *inclusive* (e mesmo de *incluso*) como adverbio conector debeu de ser serodia, pois nin as gramáticas portuguesas nin as galegas o adoitan citar entre os adverbios; tampouco costuma aparecer nos índices de palabras das gramáticas históricas portuguesas nin se cita, no caso do galego, no índice de García de Diego (1909). Tanto *incluso* como *inclusive* (ou *inclusivamente*) teñen uso no galego escrito de hoxe, aínda que o primeiro máis en consonancia co que acontece no español, podendo combinar con *até*, como en (64):

- (63) *E **incluso**, nun fito máis do consenso, vemos como PP, BNG e PSOE crean un relatorio conxunto para informar trimestralmente do estado de execución dos diversos proxectos que integran o reiterado Plano Galicia [...].*

*O BNG terá que entender que, desde o respecto ás súas decisións, nos pareza pasmosa tamaño postura, que, en definitiva, supón o illamento político que antes denunciámos, e precisamente de quen veu predicando todo o contrario: a unidade das forzas políticas nun plausíbel e esforzado afán de defensa, **incluso** berroqueira, dos nosos intereses xerais.*

(V. M. Vázquez Portomeñe: “A tentación do illamento”, ANT 3-9/2/2005, p. 13)

- (64) *Algo así lles está a pasar a moitos xornalistas de Vigo e **incluso** a algún afeccionado, que **até** pensa en ir a Balaídos máis acotío*

(C. Lorenzo: “O Celta xoga mellor”, ANT 24/2/2005 a 2/3/2005, p. 22)

Outros casos de posíbel interferencia que afectan os conectores contraargumentativos, como *sin embargo*, *en cambio*, *anque* ou talvez *inclusive* o uso esmagador de *pero*, veranse no apartado 6.

5. Os conectores en galego

5.1. Definición e clasificación

Após se teren debatido as cuestións relativas á definición, delimitación, caracterización e clasificación dos marcadores discursivos (véxanse os diferentes apartados do capítulo 3), no momento de establecermos unha clasificación destas unidades en galego (véxase 4.2), seguindo unha tendencia crecente na lingüística europea e tomando como base os criterios de división fixados por Portolés, optouse por considerar o termo ‘conector’ como un hipónimo de ‘marcador discursivo’ e, por tanto, os conectores como un grupo de unidades incluído dentro dos marcadores do discurso, xunto cos estruturadores da información, os reformuladores, os operadores discursivos e os marcadores de control de contacto. Aínda que todos os marcadores, dunha forma ou doutra, teñen propiedades de conexión e, en consecuencia, os dous termos se poderían considerar tamén sinónimos (Montolío 2001: 21), porén, optamos por definir os conectores como un grupo particular de marcadores discursivos cuxa función específica é a de vincularen, ou ‘conectaren’, semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha situación contextual facilmente accesíbel, fornecendo ao mesmo tempo instrucións argumentativas que orienten as inferencias oportunas (Portolés 2001: 139).

Canto á clasificación dos conectores, desde a óptica da lingua escrita en que se desenvolve este traballo e de acordo con criterios gramaticais, ten grande interese a distinción entre conectores parentéticos e conectores integrados na oración (Montolío 2001: 35), pois cada un destes grupos ten características entoativas, gramaticais e sintácticas diferentes. Os conectores parentéticos son aqueles que van entre pausas no plano fónico e entre signos de puntuación, normalmente, na lingua escrita, como acontece con *por tanto*, *porén*, *de todas as maneiras* ou *en consecuencia*, secuencias que constitúen por si propias unha especie de estrutura independente, a modo de paréntese que contén un comentario ‘parentético’. É por iso que teñen grande independencia sintáctica dentro da oración, que lles permite movérense con facilidade por ela, aínda que non todos na mesma medida:

- (1) a) ***Non obstante**, chegou a tempo.*
b) *Chegou a tempo, **non obstante**.*

Polo xeral os conectores parentéticos combínanse con verbos conxugados en indicativo, trazo que os diferencia de modo notábel dos conectores integrados na oración, que poden combinar co indicativo ou co subxuntivo segundo os casos:

- (2) a) *Chove moito. **Por tanto**, non vou saír.*
- b) *Non estaba a chover. **En consecuencia**, marchou.*
- (3) a) ***Aínda que** chove moito, vou saír.*
- b) *Sairei **aínda que** chova moito.*

Por súa parte, os conectores integrados na oración conteñen na súa formación algún elemento subordinante, normalmente a conxunción *que*, como en (3), ou as preposicións *de* (*a pesar de*) e *a* (*canto a*); no primeiro caso necesariamente deben ir seguidos dunha cláusula con verbo en tempo finito, en tanto que no segundo irán seguidos dunha frase nominal ou dun infinitivo:

- (4) a) ***A pesar de que** chove moito, sairei.*
- b) ***A pesar de** chover moito, sairei / **A pesar da** chuva, sairei.*

Hai que ter en conta, así mesmo, que na lingua escrita planificada non se utilizan polo xeral os mesmos conectores que na fala espontánea nin na mesma medida, resultando especialmente relevante o uso de conectores nos textos argumentativos e explicativos (Freixeiro 2003: 48-53), pois a función básica destes é presentaren unha serie de informacións de forma razoada e convincente, de modo que o lector tire as conclusións que interesan. Para isto é imprescindible pór en relación as cláusulas e as secuencias textuais entre si, de tal maneira que non só as causas conducen ás consecuencias, senón que uns argumentos poidan ser rebatidos con outros contraargumentos, mostrando de igual modo como ambos se encadean e ordenan xerarquicamente no interior dunha serie, e pondo así en claro a estrutura da argumentación ou explicación.

Segundo o seu significado, os conectores poden clasificarse en aditivos, consecutivos e contraargumentativos (Portolés 2001: 139-141, Montolío 2001: 43). Deixando estes últimos para o seguinte capítulo, veranse a seguir, brevemente, algúns aspectos relativos aos dous primeiros.

5.2. Os conectores aditivos

De acordo coa definición dada en 4.2, os conectores aditivos son aqueles que serven para acrescentaren a un membro discursivo anterior outro membro, introducindo

do por eles, coa mesma orientación argumentativa, permitindo dese modo a inferencia das conclusións pertinentes. Hai, por unha parte, un grupo de conectores aditivos que vinculan dous membros discursivos ordenados nunha mesma escala argumentativa, como *até* (ou *ata*), *mesmo*, *inclusive* (e *incluso*), *aínda máis* ou *máis aínda*.¹¹⁰ E existen, por outra parte, conectores aditivos que vinculan membros do discurso que non se ordenan nunha mesma escala argumentativa, por exemplo *alén diso*, (*para*) *alén de*, *ademais (de)*, *amais diso*, *amais de*, (*aínda*) *por riba*, (*aínda*) *por cima*, *de por parte* ou *á parte (de)*. Esta clasificación, baseada en Portolés (2001: 139), contempla os conectores que, alén de introduciren un novo aspecto informativo do tema tratado, levan a cabo unha operación argumentativa, pois introducen nova información, presentada polo xeral como máis forte do punto de vista argumentativo, que limita as conclusións inferenciais. Mais deixa fóra outros elementos que funcionan como organizadores da información, pois serven para daren continuidade ao proceso discursivo e distribuíren os datos, introducindo nova información que, porén, non é valorada como máis ou menos importante a respecto da precedente; trátase de marcadores que introducen un novo aspecto informativo mais sen realizaren unha valoración do punto de vista argumentativo, como *así mesmo*, *por unha parte*, *por outra parte* etc., que Montolío (2001: 143) inclúe entre os conectores aditivos e que, de acordo con Portolés, consideramos estruturadores da información, e máis en concreto, ordenadores (véxase 4.2), por ser esa a súa función principal, aínda que tamén xa ficou claro en páxinas precedentes que todos os marcadores son dalgunha maneira conectores.

A respecto dos conectores aditivos escalares *até* e *mesmo*, aos que se acrescenta *inclusive*, xa se acaba de tratar no capítulo anterior (véxase 4.3.4).

Sobre *máis aínda* e *aínda máis* como marcadores discursivos que serven para ordenaren escalas argumentativas tratouse tamén en 2.3.4 e en 4.2; outros exemplos da súa presenza na lingua escrita son:

¹¹⁰ Acín (1998) estuda *es más*, *más aún* e *máxime* como marcadores da función textual 'intensificación' en español; tamén considera como tales *todavía más*, *más todavía* e *menos todavía*, aínda que pouco usados (Acín 1998: 167). No caso do galego, podemos considerar como habitual a fórmula *máis aínda*, que tamén admite a variante *aínda máis*; o adverbio *máxime* ten igualmente un uso restrito na lingua culta en galego; porén, a construción *é máis* pode ser unha translación directa do español, pois non a conseguimos documentar nos textos escritos históricos, a pesar de posuír algún uso na lingua galega actual: *Hai quen pensa que, agora que a dereita perdeu o poder, recorre ás mesmas mañas de sempre, entre elas a desestabilización social, a creación de medo ou de inseguridade. É máis*, hainos tamén *que pensan que, agora mesmo, está reproducindo a dereita montaraz* (X. L. Franco: "Vellas mañas e novos erros", ANT 3-9/2/2005, p. 7); *aínda que o Tribunal Superior fallase a prol da súa construción durante esta primavera, un recurso ante o Supremo mantería paralizado o proxecto durante anos. É máis*, *de momento os tribunais sempre foron favorábeis ás teses do concello agás nun caso moi particular* ("As tres razóns de ENCE...", ANT 3-9/2/2005, p. 11).

- (1) *Insisto no difícil que me resultaba assimilar un cambio tan grande: un desconcertante estranxeiro transformado en membro da miña propia tribu.*

Aínda máis: anque, sin duda, máis novo ca min, era membro da miña propia xeneración, o que implicaba, probablemente, un mesmo enfoque dos problemas do noso país e do noso tempo.

(Gonsar, CTS 109)

- (2) *Explicoume que levaba moitos anos vivindo como estranxeiro. Máis aínda: pensaba que soio podía vivir como estranxeiro.*

(Gonsar, CTS 14)

Con relación aos conectores aditivos que vinculan membros discursivos que non se ordenan nunha mesma escala argumentativa, tamén se pode achegar exemplificación tirada da lingua escrita, para alén da recollida en 4.2:

- (3) *–Non, señor, eu non berro nen teño por qué berrar, anque me amolou moito o que vostede aventurou da navalla... A máis diso, está todo dito, está todo dito e non hai que amuar á xente preguntándolle máis do que dixo e do que sabe...*

(Blanco-Amor, AE 141)

- (4) *Pero o palco do Bernabéu ten significacións simbólicas específicas para os españois, á parte da súa dimensión deportiva.*

(S. de Toro, ET 84)

Un caso particular de conector aditivo constitúe a conxunción copulativa *e*. Canto ás conxuncións en xeral, xa se vira como Portolés (2001: 51) considera propiamente marcadores discursivos as chamadas coordenantes (*e, mais, senón*) e, se callar, *aínda que*, pola súa proximidade significativa a *mais*. Tamén se debe ter en conta o criterio de Fraser (1999: 939) de as considerar marcadores discursivos só cando poñen en relación dúas mensaxes diferentes, de modo que en (5) estaríamos perante un marcador discursivo, en tanto que en (6) se trararía dunha conxunción.¹¹¹

- (5) *–A ver si teño tanta sorte coma cando lle esfendín a testa a un lobo. E decindo isto, botou mao á machada, mentras Daniel collía o farol.*

(Fole, ALC 50)

¹¹¹ A propósito de exemplos como *O Xoán e a María marcharon* Fraser (1999: 939) opina que nese caso a conxunción copulativa non debe ser considerada marcador discursivo, pois: “A DM introduces a separate message with its propositional content, whereas the *and*, in this and similar elliptical sentences, functions purely as a conjunction within a single message”.

- (6) *–Sí, señor, sí; os mesmos. O Juan Fariña e o Eladio Vilarchao, que están eí nos papéis, son o Bocas e o Milhomes polos alcumes*

(Blanco-Amor, AE 19)

Entre as particularidades de *e* cabe resaltar a súa pronuncia como [j] en contextos en que a palabra seguinte comeza por vogal, a se fechar dous graos dita partícula nexual; este fenómeno tivo repercusión na lingua escrita, moi debedora da oralidade nos albores do seu rexurdir literario. Xa Saco Arce (1868: 208-209) se referira a este fenómeno, que, segundo el, “solo se emplea para evitar el hiato” e que non era “constante”, pois ordinariamente “se pone ante las palabras que ocurren con más frecuencia al hablar”. Dita realización, segundo Fernández Rei (1991: 103-104), é a maioritaria nas falas galegas modernas, agás nas faixas occidentais da Coruña e Pontevedra, e por este motivo é que se documenta no cancionero decimonónico de Ballesteros, por exemplo, e mais na literatura do século XX:

- (7) a) *Eu pedinlle á unha nena
n-o arredor d'a restreba;
eu pidinlle y ela doume
Noso Señor ll'o arreceba*

(CPG II, 246)

- b) *–Déixaos que ladren. Non teñen outra cousa que faguer.*

I-eu teiméi:

–É que non saíen do pé da caixa de morto

(Fole, ALC 48)

Tamén hai que salientar a locución aditiva *e mais*,¹¹² moi rendíbel nos rexistros populares do noso idioma até o extremo de se empregar no español falado na Galiza, segundo denunciaba Álvarez Giménez (1909: 74): “Adoptando un uso del dialecto gallego, hay algunos poco instruídos que emplean mal la palabra *más*”. Tamén Ballesteros repararía nesta locución galega indicando que o “acento de *máis*, adverbio de cantidad, sirve para distinguirlle de la conjunción *mais*, que se traduce por *también*” (CPG I, 107). En xeral, é unha construción moi produtiva no *Cancionero*, pois rexístrase nun considerábel número de casos:

¹¹² Véxase así mesmo a construción *e mais inda máis*, que comenta Saco Arce (1868: 210) a expor un exemplo tirado de Sarmiento. “Merece citarse la locución pleonástica *E mais inda mais*, que equivale á ‘y también además’”.

- (8) a) *Héiche de dar o bói branco
e mais a vaca marela
e mais a filla máis nova
para que te cases con ela.*
(CPG I, 107)
- b) *Indo para Santiago
dei a volta ô meu capote;
acordáronsem'as nenas
e mais as papas d'o pote.*
(CPG I, 122)

A frecuencia de *e mais* como conector na lingua literaria é extraordinaria, aínda que o seu valor non se limita a ser aditivo, senón que tamén pode ter outras funcionalidades, igual que acontece coa locución *e logo*, xa vista, ou mesmo simplemente con *e*:

- (9) a) *A Rebola cáseque levóu un súpeto ó vela caixa. Un díles díxolle:
–¿E poderíamos deixar ista caixa eiquí?*
(Fole, ALC 47)
- b) *–Ai, señor...! ¿Non sabe o qué pasa?
–¿E cóma o hei de saber –contestoume– se tí non o díes?*
(Fole, ALC 48)
- c) *Sae da cociña a muller de Florentino chorando. ¡E agora que fago
eu! o meu home feito un monumento!*
(S. de Toro, CD 34)
- (10) a) *–¡Ay, ho! –dixo o borreiro– pois logo, eiche d'ir dar unha volta por alá.
–E mais hache de valer a pena, pois como che digo, dous non se
cataron nunca, e o outro catouse, pero xa fai moito tempo.*
(G. Barros, CT 49)
- b) Muller 1ª: *–Ese probe é un agoreiro. Sempre que o vexo morre algún
veciño.*
Muller 2ª: *–E máis téis razón, a víspora de morrer meu sogro pasou
por diante da nosa casa.*
(Castelao, Vello 29)
- c) *¿E se fora un vivo e non un difunto? Porque os cás regañan os den-
tes e mais eu non os encirréi...*
(Fole, ALC 49)

Os valores de *e* en (9) poderían nalgún caso oscilar do aditivo ao consecutivo, que tamén pode estar presente no *e mais* de (10a) e (10b), en tanto que en (10c) semella concesivo.¹¹³ Estes valores de *e mais*, por veces non facilmente concretábeis, xa os achamos nos textos decimonónicos:

- (11) *O Año respondeulle:
home e mais e verdade,
si a auja ven desde ti
mal podo eu luxala*
(Mirás, CGG-C 93)

Esta fórmula aditiva, aínda que tamén con outros valores, ten na actualidade unha grande vitalidade na fala, mais foi así mesmo trasladada á lingua escrita e recollida como polifuncional na nosa tradición gramatical (véxase, por exemplo, Carballo 1979: 329).

5.3. Os conectores consecutivos

Os conectores consecutivos presentan o membro do discurso que introducen como unha consecuencia dun membro anterior, de modo que se dá unha relación de causa a consecuencia nas informacións conectadas por eles. Montolío (2001: 99) distingue entre os conectores consecutivos, aqueles que introducen a consecuencia e que, por tanto, conformarían as estruturas oracionais tradicionalmente chamadas consecutivas, e outras expresións conectivas que introducen a causa e que contribúen á conformación das estruturas oracionais causais; en todas elas se dá unha relación causa-consecuencia:

- (1) *Como chove, non vou saír de paseo.*
(2) *Chove, por tanto non vou saír de paseo.*

Tanto en (1) como en (2) *chove* é a causa e *non vou saír de paseo* é a consecuencia, mais en (1) *como* introduce a causa¹¹⁴ e en (2) *por tanto* introduce a consecuencia; así pois, *por tanto* é un conector consecutivo. A cláusula causal de (1) e a consecutiva de (2) presentan un mesmo tipo de relación lóxico-semántica entre as

¹¹³ Abundante exemplificación literaria de *e* e *e mais* con diferentes valores e matices expresivos pode verse en Freixeiro (2000: 596-604).

¹¹⁴ Sobre o valor discursivo que presenta a estrutura causal con *como* véxase Montolío (2000); a respecto da conxunción causal inglesa *because*, coa súa forma reducida *cos* na conversa da xente nova londinense, e o posíbel proceso de gramaticalización como marcador discursivo, véxase Stenström (1998).

partes. A diferenza radica no aspecto de tal relación que se focaliza ou intensifica mediante a presenza do conector: en tanto que as estruturas causais inciden na causa, premisa ou argumento que conduce a unha conclusión, subliñándoa ou enfatizándoa, as estruturas consecutivas poñen o acento en indicaren cal é exactamente a consecuencia ou conclusión que se deduce da información previa. Así pois, os conectores consecutivos teñen como significado básico indicaren que a información que os segue constitúe unha consecuencia derivada da información precedente, converténdose por iso en especialmente aptos e produtivos nos textos argumentativos, onde hai que demostrar como desde unha premisa ou argumento concreto se chega a unha determinada conclusión.

Seguindo o criterio de Montolío (2001: 101), pódense establecer dous grupos de expresións conectivas consecutivas do punto de vista sintáctico: (i) as integradas na oración, que presentan na súa formación a conxunción *que*: *así que*, *de modo/maneira/xeito que*, *de aí que*, *polo que*; e (ii) as parentéticas *por tanto*, *en consecuencia*, *por conseguinte*, *por iso*, *por esa/tal razón*, *por esa/tal causa*, *por ese/tal motivo*, *pois*, *así (pois)*, *xa que logo*. Segundo o tipo de significado procedimental que posúen esta mesma autora (Montolío 2001: 136) distingue os seguintes tipos de expresións conectivas consecutivas: (i) aquelas que introducen a consecuencia e sinalan anaforicamente a causa desencadeante, podendo ser parentéticas (*por iso*, *por ese/tal/dito motivo/razón/causa*) e integradas na oración (*polo que*, *de aí que*); (ii) aquelas que indican que o que segue constitúe a consecuencia, mais sen apuntaren á causa, que tamén poden ser parentéticas (*por tanto*, *en consecuencia*, *por conseguinte*, *pois*) e integradas na oración (*de maneira/modo/xeito que*, *así que*); e (iii) *así pois*, que representaría un grao intermedio entre os dous grupos anteriores.

De todas estas expresións Portolés (2001: 140) só considera conectores consecutivos plenamente gramaticalizados (i) *pois* e *así pois*, que se limitan a mostraren o membro en que se achan como un consecuente dun membro anterior, (ii) *por tanto*, *por conseguinte* e *de aí*, que basean o paso dun antecedente ao consecuente nun razoamento, e (iii) *en consecuencia*, onde o consecuente se presenta como un estado de cousas que é resultado doutro estado de cousas; *así* e *entón* acharíanse nun grao menor de gramaticalización como conectores consecutivos; as razóns para Portolés prescindir de expresións do tipo de *por iso*, *por ese motivo*, *por tal razón* ou *por dita causa* como marcadores discursivos xa foron vistas en 3.2.1. Sobre *entón*, *daquela* e (*e*) *logo* como marcadores discursivos de carácter consecutivo no galego escrito xa se tratou en 4.3.2, achegando exemplificación literaria. Véxanse agora algúns exemplos doutros marcadores consecutivos, por exemplo *por conseguinte*, que nos textos decimonónicos aparece moi poucas veces e so a forma *por consiguiente*, talvez interferida polo castelán, nas únicas tres ocorrencias que conseguimos localizar:

- (3) a) *Pero o certo é que as Cortes, que mandan sobre todos, botaron por terra todo o señorío; e tan postos están polo señorío os escribanos como os xueces; **por consiguiente**, se hai facultade para nomear uns, tamén a hai para os outros.*

(LGPR 26)

- b) *A min paréceme preferible o primeiro medio, porque o acento sol facer mais cortados e irtos os sonidos, e, **por consiguiente**, faillles perder aquela pastosidá e aquela moleza que está tan ben na nosa fala.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 9)

- c) *O caso foy, que hastra pouco antes da hora de xantar, non se procuraron de que estaba vaco o oficio de pregoeiro, e que, **por consiguiente**, non había quen chamase aos viciños pra rever os cobrados.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 279)

Valladares (1970: 114) cita *de consiguiente* entre as conxuncións compostas e Saco Arce (1868: 135) non menciona esta fórmula entre tal modalidade de nexos. No período posterior xa aparece coa forma considerada estándar, aínda que o seu uso non é moi frecuente na lingua escrita. Tamén se achan nos textos decimonónicos exemplos de uso de *por tanto* e *polo tanto*, *así pois*, *así* e *pois* como marcadores discursivos. De *pois* consecutivo xa temos exemplos abundantes nas coplas de Sarmiento, do século XVIII, e *por tanto* aparece esporadicamente desde os primeiros textos do XIX, a alternar con *polo tanto*, máis frecuente cara a finais do século:

- (4) a) *son, **polo tanto**, un home merecente de ser escoitado; amigo de chamar as cousas polo seu verdadeiro nome, falador como moitos, honrado como poucos e defendedor do noso linguaxe como ninguén.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 189)

- b) *Non é de estrañar, **pol-o tanto**, que o noso dioma, aquel dioma a quen en outro tempo tanto respetaron e apreciaron D. Afonso o Sabio, o Arcebispo de Toledo D. Gonzalo de Palomeque, o Marqués de Santillana, e outros insines literatos, teña que retirarse agora avergonzado*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 13)

- (5) a) *E iso que importa?
Que tèmós con eso?
S'eu quero folgarme,
calen, **pois**, lavercos.*

(Sarmiento, *C* 130)

- b) *Agora, pois, vamos
dicindo nos versos
que cousas falaron*

(Sarmiento, C 131)

- (6) *é viven uns con outros (así como eu teño que vivir con todos): por tanto non debia haber aquí en ningún tempo (bou á un decir) un que quixese á Constitución, por que por ela báixalles ó bolso é á panza á aquela xente: na Cruña he ó robés; hay poucos de croa, é viven do tráfico é comercio, á quen protexê aquel sagrado Código: por tanto non he virtú (acho eu) ó ser alí amante da libértá*

(TP 7)

- (7) *e a esta que o amase, respetase e obedecera; deixándoa por tanto baixo tutela. O que está baixo tutela, non pode señorear ó titor; logo, tampouco a muller ó home.*

(LGPR 85)

- (8) a) *en fin, por máis que maxino,
non podo arrancar un carto
pra as novas contribucións
e o caldeiro está embargado;
así pois os que tal ven
si foxen non será estraño*

(LGPR 107)

- b) *Así, pois, ende lle acabando de pór as prumas á súa monteira, aí o terés máis prantado e máis garrido que Guerineldos*

(LGPR 115)

- (9) *A dicha que ten pra o home
si ve na muller o ceo,
como vexo en ti, pois creo
que na terra n'hai máis ben.
Así, miña xoia amada,
deixa pois a túa aspereza,
que senta mal á beleza
os enoxos do desdén.*

(LGPR 266)

En (5) os *pois* consecutivos aparecen como parentéticos segundo corresponde; en (6) estamos perante textos de principios do XIX que demostran a plena gramática-

lización de *por tanto* como conector consecutivo nesa altura, en tanto que en (4) acontece o mesmo con *polo tanto* en textos finiseculares; en (7) trátase dun exemplo tirado da “Parola de Cacheiras” de 1836 que reafirma o anterior e mostra así mesmo a presenza de *logo* como conector consecutivo, após unha evolución de natureza metonímica desde o valor temporal de ‘despois’;¹¹⁵ (8) e (9) exemplifican a utilización de *así pois* e *así* como conectores consecutivos a meados do século XIX.

Tamén aparecen na lingua escrita combinacións de dous conectores consecutivos, con *pois* como primeiro elemento, como se pode ver nestes dous exemplos tirados dunha mesma obra do século XX:

- (10) *Deberche o ser? Pois entón, déboche a sede que teño!*

(Castelao, Vello 42)

- (11) *E pois logo qués sel-a miña dona?*

(Castelao, Vello 67)

Por último, non achamos nos textos escritos no século XIX exemplos de utilización de *xa que logo* ou *en consecuencia* como marcadores, aínda que si no galego escrito actual, sobre todo do primeiro, talvez por diferencialismo:

- (12) *Historicamente, o galego-portugués foi o idioma orixinal do reino do NO, que foi a cabeceira da monarquía que logo se asociou a Aragón. E, xa que logo, a literatura galega-portuguesa, os Cancioneiros, as Cantigas, tamén deberían ser vistos como patrimonio dos españois.*

(S. de Toro, ET 135)

- (13) *Di apostar pola limpeza do voto emigrante mentres no Parlamento galego vota co PP a favor de incrementar o prazo para a súa recepción e, en consecuencia, para a fraude.*

(C. Aymerich: “Tourinho/Torito no seu labirinto”,
ANT 11-17/11/2004)

¹¹⁵ Véxase Garachana (1998a: 197): “toda consecuencia es posterior a su causa; de manera que no es de extrañar que pueda inferirse un valor consecutivo a partir de un significado de posterioridad. Emplear un término que significa ‘más tarde, después’ con el valor de ‘por lo tanto’ supone un proceso metonímico por el que nos referimos al dominio entero (la consecuencia) a partir de uno de sus constituyentes (la posterioridad temporal característica de las relaciones consecutivas). Se trata, pues, de una metonimia del tipo *la parte por el todo*”.

6. Os conectores contraargumentativos

A contraargumentación é unha relación semántica caracterizada por se contraporen conceptualmente dous xuízos, dos cales un resulta argumentativamente máis forte e o outro é desestimado nunha situación comunicativa concreta (Garachana 1998b: 593); en consecuencia, un razoamento contraargumentativo supón a coexistencia de dous argumentos antiorientados, de acordo coa terminoloxía utilizada pola teoría da argumentación na lingua (véxase 2.3.2).

Os conectores contraargumentativos xa foron definidos en 4.2 como aqueles que establecen unha relación entre dous membros de tal natureza que o segundo aparece como supresor ou atenuador dalgunha conclusión deducíbel do primeiro. A este respecto convén lembrarmos que a relación de contraste que se establece entre dous membros por medio dunha expresión conectora se basea nunha relación implícita ou inferencial que non ten por que aparecer explicitada no enunciado. De acordo con Portolés, tíñase tamén distinguido no mesmo apartado entre conectores contraargumentativos que presentan un contraste ou contradición entre dous membros (*en troca* e *en troques*, *antes ben*, *polo contrario*, *pola contra* etc.), os que introducen conclusións contrarias ás esperadas do primeiro membro (*porén*, *non obstante*, *con todo*, *así e todo*, *ora ben* etc.) e os que atenúan a forza argumentativa do membro anterior (*mais*, *pero*, *iso si*).

Por outra parte, Montolío (2001: 49), após distinguir entre contraargumentativos parentéticos como *porén*, *non obstante*, *ora ben* ou *en troca*, e integrados como *aínda que*, *a pesar de que*, *mais* ou *senón que*, establece catro grandes subgrupos de contraargumentativos, a que nos imos acoller, pois así amplía un tanto o grupo de unidades que o compoñen ao dar entrada a algunhas que, sen seren propiamente contraargumentativas, en moitos casos teñen un valor similar; para o propósito que nos guía esta ampliación resúltanos de grande utilidade, xa que nos permite encaixar certas unidades que tamén nos interesa estudar tanto dunha perspectiva diacrónica como sincrónica. Os subgrupos establecidos por Montolío son: (i) *aínda que*, *a pesar de (que)* ou *se ben (que)*, integrados entoativa e sintacticamente na oración, con valor concesivo; (ii) *mais*, *pero*, *porén*, *non obstante*, *ora ben*, *con todo*, *a pesar de todo*, *así e todo*, todos parentéticos agás *mais* e *pero*, con valor adversativo; (iii) os integrados *en canto (que)*, *en tanto (que)*, *mentres (que)* ou

senón que e os parentéticos *en troca, en troques, ao contrario, polo contrario* ou *antes ben*, todos eles compartillando o significado básico de corrixiren no segundo membro algún aspecto do formulado no primeiro; e (iv) *de todas as formas, de todas as maneiras, de todos os modos* ou *de todos os xeitos*, que a pesar de non seren propiamente contraargumentativos, posúen en moitos casos un valor similar e coinciden en minimizaren ou cancelaren a relevancia discursiva do segmento anterior, anulándoo para a prosecución do discurso.

No entanto, tamén resulta de interese a consideración das nocións de adversatividade e de concesión para o estudo dos conectores contraargumentativos, como acontece en Garachana (1998a: 197), quen parte de que estes introducen un enunciado que apunta a unha conclusión contraria á exposta noutros enunciados ou inférbel a partir deles, non se limitando a eliminaren inferencias posíbeis, senón introducindo tamén outras. Dentro do grupo dos conectores contraargumentativos esta autora distingue os conectores concesivos dos adversativos, caracterizados ambos por vincularen enunciados argumentativamente antiorientados, que conducen a conclusións opostas, mais facéndoo de forma diferente: en tanto que os conectores concesivos ligan dous enunciados cuxo contido se opón, indicando que o enunciado introducido por eles ten menor forza argumentativa que o outro, os conectores adversativos introducen un argumento dotado de maior forza argumentativa que o anterior, deixando desa forma de ser considerado un argumento válido para unha conclusión determinada; se tomamos como modelo dos primeiros *aínda que* e dos segundos *mais*, diremos que *aínda que* sinala a debilidade argumentativa da cláusula que encabeza e *mais* subliña a maior forza argumentativa do enunciado introducido por el, podendo darse o caso de os conectores adversativos expresaren simple oposición, sen ningún dos enunciados resultar argumentativamente superior (Garachana 1998a: 199). Aínda distingue esta mesma autora, dentro das estruturas contraargumentativas de natureza adversativa, que expresan contraste, as cláusulas adversativas restritivas (*Non é bo, máis ben vale*), onde os argumentos conectados funcionan como unha tese e unha antítese que se opoñen mais non se exclúen, e as cláusulas adversativas exclusivas (*Non fun eu, senón ti*), cuxos membros conectados resultan incompatíbeis, de modo que o segundo substitúe, exclúe, o primeiro (Garachana 1998b: 594).

Estudaranse a seguir estas unidades tanto en función das características de funcionamento discursivo de acordo cos seus valores pragmáticos, como a respecto da súa evolución diacrónica no aspecto formal e nos usos discursivos, sempre á procura de detectarmos posíbeis interferencias; comezarase polo segundo grupo de Montolío, antes citado, que se corresponde tamén cos conectores adversativos de máis uso, dada a súa grande relevancia na lingua, mais singularizando en primeiro lugar o caso de *mais, pero, pro e porén* como marcadores na lingua escrita. Son, precisamente, estas formas e as súas equivalentes noutras linguas as que merece-

ron máis atención dos investigadores: véxase, por exemplo, para o francés *mais* Anscombe & Ducrot (1977) ou Van de Voorde (1992) e para *pourtant* Carel (1995), para o inglés *but* e *nevertheless* ou *however* Blakemore (2000) ou Fraser (1998), para o español *pero* e *sin embargo* Anscombe (1998) ou Portolés (1995), mesmo Fernández Ferreiro (2002) para *pero* en galego (e español).

6.1. *Mais, pero, pro e porén*

As unidades *mais, pero e pro* conviviron como conectores contraargumentativos no galego escrito moderno, aínda que en diferentes proporcións e de acordo con distintos rexistros lingüísticos, compartillando usos con outras formas minoritarias como *mas e però*, esta última tamén presente na lingua oral actual (Fernández Rei 1991: 104). Estes marcadores atenúan a forza argumentativa do membro anterior (véxase 4.2), sendo por tanto posíbel intercambialos en todos os contextos, de prescindirmos de rexistros ou niveis de lingua. Por outra parte, o marcador tamén contraargumentativo *porén* introduce conclusións contrarias ás esperadas dun primeiro membro, formando neste sentido grupo con *non obstante, con todo, así e todo* ou *ora ben*. Aínda así, por historicamente estaren en relación os valores e a evolución dos usos destas formas, semella conveniente o seu tratamento conxunto.

De inicio, o que resulta incuestionábel é que, en contra do que aconteceu con *porén*, o conector *pero* foi adquirindo un uso cada vez máis frecuente na lingua oral e escrita nos dous últimos séculos, até chegarmos ao predomínio actual, producíndose unha coincidencia na forma e nos usos discursivos cos que posúe en castelán como marcador de contraargumentación que pondera a suficiencia argumentativa (Portolés 2001: 100). En ambas as linguas *pero* introduce a información que se presenta como máis forte do punto de vista argumentativo, inclinando o signo da conclusión na súa mesma dirección argumentativa:

- (1) Micaela: *Non lle dea pena, que o portugués é un mozo coma outro calquera e os homes a mín... Boeno, non madura esta pera para ningún melro. Son divertida, **pero** teño cabeza.*

(Castelao, *Vellos* 52)

Deste exemplo tirado da peza teatral de Castelao dedúcese que o argumento introducido por *pero* preséntase como máis poderoso que o de a Micaela ser divertida, guiando a conclusión de que esta non manterá relacións co portugués. Así pois, coa fórmula <A *pero* B> gaña B, pois B preséntase como o argumento máis forte, en tanto que se a fórmula for, por exemplo, <Aínda que B, A>, entón B perderá por se presentar como argumento débil. Isto é o que diferencia o marcador contraargumentativo *pero* de *aínda que* (Montolío 2001: 51-53).

Os usos discursivos comúns de *pero* en galego e en castelán foron constatados por Fernández Ferreiro (2002), que acaba por lle atribuír dous valores en ambas as linguas: (i) ‘marcador contrastivo de insuficiencia argumentativa’ e (ii) ‘marcador contrastivo de relevancia’:

- (2) a) *Abreu os brazos e dixo: –¡Pero isto é un desórde! Vos seica nunca vistes xogar: Eu vin algo disto no Brasil e podo falar, e entendo que á pelota non se lle debe tocar co-as mans.*

–Pero xa non lle tocan mais que os das portas –dixeronlle.

(G. Barros, CT 190)

- b) *Agora todos somos uns. (Con sorna). Liberté. Fraternité, Egalité...! Pero escoita, Ramonciño, que agora ven o mellor... A Micaela ten un fillo, sabes?*

(Castelao, Velloso 80)

En tanto que en (1) *pero* actúa como marcador contrastivo de insuficiencia argumentativa (ser divertida non é argumento suficiente para a Micaela establecer unha relación co portugués), en (2) o marcador utilízase como estratexia discursiva para gañar “a quenda de fala” (2a) ou para a manter (2b), semellando perder o seu valor semántico e argumentativo e a lle ficaren como valores “os pertencentes aos niveis interaccional e cognitivo: o seu valor como estratexia discursiva e como marcador de relevancia” (Fernández Ferreiro 2002: 79), que tamén posúe en portugués *mas*, como se pode observar na frecuencia da fórmula *mas repara* (Scotti-Rosin 1984: 209).¹¹⁶

No galego escrito temos tamén exemplos de *pro*, *mas* e sobre todo de *mais* con estes mesmos valores:

- (3) *e espera a quen a busca,
pero non foge, non,
nin nega o que natura,
p’ra non negarse, dou;*

¹¹⁶ Para usos de *mais* en francés véxase, por exemplo, Anscombe & Ducrot (1994: 249-260). De todas as formas, debemos ter en conta que non existen equivalentes perfectos entre os marcadores das diferentes linguas, pois aqueles que os dicionarios bilingües consideran equivalentes “sólo coinciden en parte de su significado” (Portolés 2001: 149); ao resultar insólita a equivalencia perfecta, non se deben esperar correspondencias directas dunha lingua para outra sen termos en conta o contexto, pois se un marcador “está bien traducido en un determinado contexto por outro, unas líneas más abajo bien pudiera deber traducirse por un marcador diferente o simplemente dejar de traducirse” (Portolés 2001: 152). Aínda así, para certas equivalencias entre marcadores de linguas diferentes, a partir do inglés, pode verse Takahara (1998) ou Shloush (1998).

*mas ó jugo se rende
do caro vencedor*

(Pondal, QP 77)

- (4) *Mais ela, colléndoo
no furto desleal,
lle dixo poñéndose
acesa aínda máis*

(Pondal, QP 84)

- (5) *tal a doce rapariga,
qu’a lunazón primeira non conocío talvez,
p’ro con todo, sin ser nena,
non é de todo muller*

(Pondal, QP 23)

Polo contrario, como logo se verá, *porén* desapareceu practicamente do galego escrito moderno até que foi recuperado por vía culta nas últimas décadas e incorporado recentemente á norma, feito que acrecentou o seu uso escrito de forma moi considerábel na actualidade.

6.1.1. Orixe e usos no galego-portugués medieval

Dada tal situación, semella conveniente realizarmos unha análise do punto vista diacrónico para tentarmos clarificar a presenza destas partículas nos textos escritos en galego desde a etapa inicial á actualidade, procurando tamén de paso detectar-mos algunha posíbel interferencia no seu uso. Para isto comezaremos por nos remontar ao latín vulgar, onde a cunxunción SED foi desprazada por MAGIS, dando como resultado a forma galega *mais*, xeral na lingua medieval ao lado da esporádica *mas*, produto da redución fonética da anterior como partícula átona, que case desaparecerá no galego moderno, aínda que, como se acaba de ver, ten algunha documentación literaria na época decimonónica talvez por influencia do portugués, onde se consolidou a distinción entre *mais* adverbio e *mas* cunxunción. Con *mais* xa convivía no galego medieval *pero*, con acentuación oxítona, procedente de PER HOC, formando locucións como *mais pero* ‘non obstante’ ou *pero que* ‘aínda que’ (Gómez Clemente 1991: 187), que pervive no galego moderno con mudanza de acentuación, segundo Ferreiro “posibelmente por influxo do español”, a carón dunha “moi minoritaria pronuncia oxítona na rexión oriental”, que é a que xustifica “a frecuente e xeral forma sincopada *pro*” (Ferreiro 1999: 370). O significado primitivo de *pero* era o de ‘por iso’ ou ‘por isto’, sendo equivalente a *porende* ou *poren*, mais empregado en frases negativas tomou valor adversativo, “que mais tarde se atenuou, tornando-se equivalente a *mais*”, aínda que tamén mostrou ten-

dencia a adquirir outros valores como o concesivo ou causal (Maia 1997: 878); esta autora tamén admite que, de acordo coa etimoloxía, a forma tería inicialmente acentuación oxítónica, reflectida na “forma popular sincopada do galego actual *pro*”, aínda que, debido ao emprego frecuentemente proclítico, “o acento passou a incidir na primeira sílaba”, sendo posíbel que “os dois tipos de acentuação tenham coexistido desde data remota” segundo a forma estivese “em posição inicial e, portanto, proclítica, ou no interior da frase” (Maia 1997: 879). Tamén Lorenzo (1975: 1000) afirma que a forma popular galega *pro* “indica la pronunciación ant. *perō*”.

Por outro lado, *porén* é unha forma derivada da locución latina PER INDE ou PRO INDE (Mattos e Silva 1989: 683) e forma sincopada de *por ende* (Lorenzo 1975: 1025) ou *porende*, aínda documentada no portugués literario clásico, a que veu a substituír completamente; no corpus prosístico trecentista os *Quatro Livros dos Diálogos de São Gregório* prodúcense 83 ocorrencias de *porende* fronte a 12 de *poren*, mais a se presentaren como variantes “nas mesmas condições sintácticas e semânticas de *portanto*: em geral inician o enunciado precedidas de *e*, podem ocorrer no interior do enunciado e sempre têm o valor conclusivo-explicativo equivalente a *por isso*” (Mattos e Silva 1989: 683).

Esta autora, que tamén constata a concorrencia de *mais* e *mas* con *pero* no mesmo corpus, onde rexistra 82 ocorrencias de *mais* fronte a 3 de *mas* nos dous primeiros libros e 93 de *pero* nos catro (Mattos e Silva 1989: 664), estuda o proceso de mudanza semántica desta última forma desde o século XIII ao XIV, así como o seu posterior desaparecemento en portugués no tránsito do século XV para o XVI, estudo que realiza en paralelo coa extensión do uso de *porén* como conxunción adversativa. Comeza tamén esta autora por ponderar o carácter oxítono ou paroxítono de *pero*, afirmando que “não seria impossível no português arcaico a convivência da articulação paroxítona e da oxítona” e a lembrar que “em certos pontos da România em que se manteve até hoje essa forma, a acentuação comum é a etimológica, oxítona (Itália, Catalunha, judeu-espanhol de Marrocos), enquanto em outros é a paroxítona, como no castelhano moderno” (Mattos e Silva 1984: 130). Achámonos, pois, aquí novamente con outro caso de confluencia da solución galega coa castelá, afastándose do que acontece no portugués e noutros romances. Canto ao significado, tanto *pero* como *porende* e a súa forma apocopada *poren* aparecen primeiramente documentados na lingua arcaica con valor conclusivo-explicativo (‘por causa diso’, ‘por este motivo’, ‘por iso’), adquirindo posteriormente, mais non simultaneamente, valor adversativo (‘a pesar diso’). Mais *pero* xa é considerado elemento arcaizante como adversativo no século XVI en territorio portugués, en canto que é neste mesmo século cando “se difunde o valor adversativo de *porém*”, que se mantén en uso até a actualidade, en detrimento do seu valor etimolóxico (Mattos e Silva 1984: 130).

A mesma estudiosa, a partir da análise da versión máis antiga dos *Quatro Livros dos Diálogos de São Gregório*, probabelmente anterior ao último cuartel do século XIV,

sinala a aparición das seguintes conxuncións coordinadas no corpus: *e* como expresión da adición, *ou* da disxunción, *mais* da expresión adversativa e *ergo*, pouco frecuente, da conclusión. Outros elementos que poden ser considerados conxuncións coordinativas ou ocorren nunha posición de relacionante conxuncional, ou no interior do enunciado, e máis ben como un elemento de natureza adverbial. É o caso de *pero*, *porén*, *por tanto* ou *por isso*, que na maioría dos casos seguen *e* ou *mais* como reforzos adverbiais, o que non é de estrañar por todos eles proviren de sintagmas circunstanciais constituídos de preposición e elemento pronominal. A nos centrarmos primeiramente en *pero*, acha a autora 90 ocorrencias no corpus (e tres de *empero*, que considera unha variante por non se distinguir del no seu emprego), 24 con valor de conxunción adversativa equivalente a *mais* (a expresión máis común da adversativa) e unha con valor de conxunción concesiva (excepcional no corpus mais non na lingua arcaica); no resto das ocorrencias (sobre o 72%) *pero* actúa como reforzo adverbial adversativo (en 21 ocasións correlacionado coa subordinada concesiva como *quer que*, en 17 na secuencia adversativa *mais pero* e en 21 na secuencia aditiva *e pero*) ou conclusivo-explicativo (6 ocorrencias en enunciados coordinados aditivos consituíndo a secuencia *e pero*). Tanto como conxunción adversativa como reforzo adverbial adversativo equivale a ‘a pesar diso’ (84 ocorrencias, 93%), en canto que como reforzo adverbial conclusivo-explicativo resulta equivalente a ‘por iso’ (6 ocorrencias, 6.6%). En resumo, *pero* é un elemento polisémico fundamentalmente adversativo, eventualmente concesivo e raramente conclusivo-explicativo, que de forma predominante actúa como reforzo adverbial e con certa frecuencia como conxunción adversativa sinónima de *mais*; polo contrario, *porén* é exclusivamente conclusivo-explicativo, predominantemente reforzo adverbial e raramente conxunción (Mattos e Silva 1984: 141).

Mais para a autora brasileira esta situación viría a corresponder a unha terceira etapa no evoluir da lingua arcaica, canto aos valores destas partículas, que fai presupor dúas anteriores: unha primeira en que *pero* e *porén* serían só conclusivo-explicativos de acordo coa súa etimoloxía, e unha segunda en que *pero* tería tamén uso como adversativo. Até as dúas últimas décadas do século XIV *porén* permanece estábel como conclusivo-explicativo e *pero* inicia no século XIII, ou antes, o recuo do seu uso como conclusivo-explicativo e o avance do adversativo, de modo que antes de fins do século XIV o *pero* conclusivo-explicativo xa ten moi pouco uso, en canto que ten un predominio absoluto o *pero* adversativo, que se converte en exclusivo a fins do século XIV e durante o XV, para logo desaparecer no século XVI en territorio portugués (xa non aparece documentado n’*Os Lusíadas*). Polo contrario, *porén*, só conclusivo-explicativo até fins do XIV, conserva os dous valores, conclusivo-explicativo e adversativo, desde fins do XIV e durante todo o XV, aínda que con predominio do primeiro, para permanecer só o *porén* adversativo n’*Os Lusíadas*. Así pois, Mattos e Silva (1984: 146) sintetiza todo este proceso en dúas mudanzas e diferentes fases en cada unha. A primeira mudanza afecta *pero* en

tres fases: (i) o *pero* etimoloxicamente conclusivo-explicativo pasa a adversativo, a conviviren as dúas acepcións (séculos XIII e XIV); (ii) desaparece o *pero* conclusivo-explicativo e permanece o adversativo (séculos XIV-XV); e (iii) *pero* desaparece da lingua portuguesa (século XVI). A segunda mudanza, referida a *porén*, ten dúas fases: (i) o *porén* etimoloxicamente conclusivo-explicativo pasa a adversativo, a conviviren as dúas acepcións (séculos XIV-XV); e (ii) desaparece o *porén* conclusivo-explicativo e permanece o adversativo (século XVI).

Para a desaparición de *pero* podería aducirse como razón a ocupación do seu espazo como partícula adversativa por *porén*. Mais nada impediría a existencia de dous significantes co mesmo valor, pois, independentemente de *pero* e *porén* adversativos, sempre existiu *mais* ou *mas* como a expresión típica da adversativa na lingua antiga, apuntando tamén no XIII *todavía* con ese valor e a se usar xa *contudo* no XVI. Para a desaparición de *pero* do inventario das adversativas Mattos e Silva, a se apoiar en Corominas, apela a razóns de orde sociopolítica máis do que propiamente intralingüísticas. Desde moi cedo *pero* adversativo tendeu a substituír *mas* no castelán e no catalán, a se oporen nisto ambas as linguas ao galego-portugués; inclusive nos primitivos foros leoneses, en oposición aos casteláns, practicamente non se documenta *pero*. Sería así “posíbel que, tornando-se apenas adversativo no portugués, como no castelhano, *pero* ficasse marcado como não autóctone, já que era essa forma, e é, a expressão típica da adversativa em castelhano, em oposição ao *mas* português. Sabendo-se o séc. XV como o da consolidação da nacionalidade portuguesa, não parece inverosímil que um elemento linguístico que pudesse ter a marca de menos vernáculo ou menos autóctone viesse a ser preterido em proveito de outro livre de tal estigma” (Mattos e Silva 1984: 149).

6.1.2. Presenza no galego escrito moderno

Nos textos galegos dos dous séculos finais da época medieval (*Crónica Troiana*, *Historia Troiana*, *Miragres de Santiago*, *Corónica de Santa María de Iria* etc.) parecen confirmarse as conclusións de Mattos e Silva (véxanse, por exemplo, exemplos de *porén* en Lorenzo 1975: 1025). Nos textos do galego medio van aparecer varios casos de *pero*, sobre todo nos romances das Festas Minervais, mais tamén casos significativos onde non aparece. Así, no repertorio de refráns galegos de Hernán Núñez, de 1555, áchase unha ocorrencia de *mays* e outra de *mas*, mais ningunha de *pero*:

- (6) a) *Aló vay serodio con temporao, mays non na palla nen o grao.*

(REG 31)

- b) *A volpe va por o millo, e non come, mas dalle con rabo, e sacode.*

(REG 32)

Na maior parte dos textos dos séculos escuros, aqueles recollidos en *SEI* e mais nas coplas de Sarmiento completas, aparece *pero* en 16 ocasións, nove nos romances das Festas Minervais, de fins do XVII, e sete nos textos do XVIII; non se produce, por exemplo, ningunha ocorrencia en toda a poesía anónima tradicional nin na poesía académica renacentista e barroca, así como nos vilancicos de Nadal nin no entremés de 1671 de Feixó de Araújo; nas 1.308 coplas de Sarmiento só unha vez se rexistra *pero*:

- (7) *Eu non sei quen sodes,
pero, segun vejo,
sodes mal criados
e de pouco seso*

(Sarmiento, C 318)

Polo contrario, o *mais* contraargumentativo aparece nunhas 60 ocasións nos mesmos textos, tres so a forma *mas*. No conxunto das coplas de Sarmiento, descontando as numerosas ocorrencias de (*e*) *mais* con valor aditivo e algúns outros usos dubidosos, fronte ao único caso de *pero*, contabilízanse até 51 de *mais* adversativo, dous coa variante *mas*. No entanto, non demos nos textos do galego medio con casos de *porén* nin de *pro* (tampouco de *sen/sin embargo* nin de *nembargantes* ou *non embargantes*). Destes datos poderíase tirar en conclusión que talvez *pero* esmorecese tamén a fins da época medieval no dominio galego e comezase novamente a rexurdir paseniñamente nos séculos XVII e XVIII a medida que o proceso de castelanización se foi intensificando, como poñen en relevo outros castelanismos que están presentes nos romances das Festas Minervais e en textos do Cura de Fruíme, por exemplo.

No século XIX *pero* e *mais* alternan nos textos escritos xa desde os diálogos propagandísticos do primeiro terzo, aparecendo tamén agora con forza a variante *pro*:

- (8) *que así nos chamaban à todos? pero con todo eso que burros eran,
cuidaban que seique no nos abiamos de ir abuscar aunque non biñesen aqui; el è verdad que non se presentaban, pero íbamos nos à seis,
è oito leguas no seu encontro*

(Fernández y Neyra, PRG 15)

- (9) *Man. Señor: non s'enfade. Somoslle dous, é non-lle temos nada un co'-outro: pro eu xa ll'estou ahí fora dende pola mañan esperando, é sonlle de longe.*

[...]

Man. Pecados témoslle moytos, mi señor; á ningen lle faltan, que Dios así llo quixo que todos fósemos pecadores: mais po-lo d'agora eu...

(Boado, DLG 3)

Xa na peza teatral *A Casamenteira*, escrita en 1812, se acha un equilibrio no uso destas formas: tres ocorrencias de *pero*, outras tres de *pro* e catro de *mais*. A alternancia destas é constante nos textos decimonónicos, aínda que *pro* tende a se facer dominante naqueles de teor máis popular. Así, nos textos recollidos na gramática de Mirás (1864) contabilízanse cinco ocorrencias de *pero*, sete de *mais* e até 57 de *pro*, a segunda con certa frecuencia dando a sensación de concorrer como variante estilística desta nun mesmo contexto:

- (10) *Eu fixen por polo, **pero** ó trasno e moy arteiro cando un home non
tuvo caletre o tempo de estrousar coas raparijas*

(Mirás, CGG-C 57)

- (11) *O virtuoso Gosé habia salido
a vuscar por Belen aljun recurso,
pro o home fíxose desentendido,
e volveuse o pendello todo confuso,
mais o ver un neno tan jarrido
de rodillas chorando lojo se puxo*

(Mirás, CGG-C 75)

- (12) ***mais** estonses eles
contaronlle o conto,
pro o barbeiro dixo,
pois xirinjounos,
xa viñera aquí
a sacar á moa,
pro el no me daba
pola miña conta
mais que dose cartos*

(Mirás, CGG-C 134)

Na gramática de Saco Arce (1868: 135) recóllense como conxuncións adversativas *ma*, *mais*, *pero* e *pro*, equivalentes ás castelás ‘mas, pero’, alén de *descasí*, *descadasí*, *ecomasí*, *ecomadasí* e *siasí*, que traduce por ‘a pesar de todo’;¹¹⁷ Cuveiro (1868: 37) menciona como conxuncións adversativas *mais*, *pero*, *cando*, *anque*, *antes ben*, *maisque*, *ben que*, *sinon*, *siquera*; e Valladares (1970: 112) cita, entre

¹¹⁷ A forma *ma* citada por Saco tamén a recolle a inicios do século XX García de Diego (1909: 153) ao lado de *mais*, así como *pero* e *pro*; recolle e desenvolve así mesmo as formas *siasí* = *si así*, *ecomasí* = *e como así*, *ecomadasí* = *e como de así*, *descasí* = *desque así*, *descadasí* = *desque de así*, entre outras. Lugrís Freire (1931: 80-81) repetirá as formas citadas por Saco, acrecentando *contodo* e a indicar que tanto *ma* como *mais* teñen pouco uso, pois “unha é dialectal e outra *mais* propia do portugués”.

outras non propiamente adversativas, *máis* ‘mas’, *prò* ‘pero’, *emporeso* ‘empero, no obstante’ e *senón* ‘sino’, mais non *pero*.

Por acrecentarmos algún outro dato sobre os usos escritos destas formas nos tres grandes autores do XIX, diremos que en *Cantares gallegos* de Rosalía rexístranse até 68 ocorrencias de *mais* como conector contraargumentativo, por 33 de *pero* e só tres de *pro*, mais tendo en conta que 22 ocorrencias de *pero* corresponden á reiteración dun mesmo cantar popular (*Non che digo nada... / ¡Pero vaya!*); de nos centrarmos no prólogo da obra, *mais* aparece en catro ocasións, *pero* en unha e *pro* rexistra as tres únicas ocorrencias da obra; tamén é digna de se resaltar a ocorrencia de *mas* en cinco ocasións neste libro, e en todas seguido da interxección exclamativa *ai!*, curiosamente en coincidencia coas dúas mesmas ocorrencias que se producen no poema en español de Ventura Ruíz Aguilera incluído na mesma obra.¹¹⁸ A respecto de Curros Enríquez, López Varela (1998: 285) dinos que a distribución *mais/pero* “está bastante repartida, dependendo a elección entre unha e outra de factores estilísticos ou rimáticos”, e rexistra un só “caso de *pro* como conxunción e debido a razóns métricas”. Na poesía completa de Pondal o conector contraargumentativo predominante é *mas*, con 87 ocorrencias, seguido de *mais* con 52 e, por último, *pro* con cinco e *pero* con só catro. Contrastan estes datos cos tirados do *Cancionero* de Pérez Ballesteros, onde a forma dominante é *pero*, con 31 ocorrencias, seguida de *pro* con nove e *mais* con seis, con unha única ocorrencia de *mas* na locución concesiva *mas que*. Inclusive un poema de Lamas Carvajal (*PG* 426) leva por título “Pero... pero... pero... pero...” Tampouco se acha rexistrada na lingua escrita decimonónica a forma *porén*, aínda que si o posíbel castelanismos *sin embargo*, de que, de todas as formas, non demos localizado máis de sete ocorrencias, a maioría n’A *tecedeira de Bonaval*, de López Ferreiro, e un caso de *non embargante* non plenamente gramaticalizado.

Sen necesidade de máis datos, que resultarían se callar redundantes, poderíase tirar en conclusión que en canto *pero* (e *pro*) se vai convertendo en maioritario na fala, quizabes por presión do castelán, como parecen suxerir os textos de extracción popular, *mais* e *mas* mantéñense con forte presenza na escrita, sobre todo a primeira e nomeadamente en autores cunha maior ambición estética ou preocupación lingüística, situación que a grandes trazos se vai manter no século XX e chegará á actualidade. Nisto pode influír tanto a marca literaria de *mais* como o afán diferencialista a respecto do español. A modo de exemplo, Ferreiro & Sanmartín (2002: 67) afirman que o poeta cambadés Ramón Cabanillas, na súa versión para ópera da lenda de Curros sobre a Virxe do Cristal, “rexeita a utilización de *pero*, a prol da forma adversativa *mais*, de carácter fundamentalmente literario, fronte aos versos de Curros, en que é dominante a primeira”; e en nota acrecentan estes autores que

¹¹⁸ Por iso talvez, no caso de Rosalía cando menos, sexa discutíbel que *mas* “ten documentación literaria decimonónica, seguramente por influencia do portugués”, como afirma Ferreiro (1999: 370).

mesmo “nalgúns casos, nunha segunda edición dunha obra Cabanillas, como en *No desterro*, mudou o inicial *pero* ou *pro* para *mais*”. Así mesmo, n’*O bufón d’el-rei* e n’*A lagarada*, ambas as pezas teatrais publicadas en 1928, Risco e Otero, respectivamente, non usan nunca *pero* nin *pro*, senón sempre *mais*. Porén, n’*Os vellos non deben de namorarse*, de carácter eminentemente popular canto ao modelo de expresión lingüística, só aparece *pero* (49 ocorrencias). En ningunha destas tres obras se rexistra, así e todo, ningún caso de *porén*, que é utilizado moi raramente na lingua literaria da época:

- (13) *O Dr. Andrade non vivía, **porén**, conforme aos adiantos modernos*
(Risco, PDP 193)

Un autor intersecular como Noriega Varela, que alterna na súa obra *pero*, *mais* e *pro*, en textos de marcado carácter popular de fins do século XIX utiliza esta última forma:

- (14) a) *Tí, ¡xa ora! d’a Vila non contas nada*
***Pro** com’as veces volves tan colorada*
Non che falta quen diga, ¡contos de bruxas!
Que che fan n-a cibdade mil garatuxas.
(Noriega, RU 12)
- b) *–Pois si quer lería que suba*
Pra cabo d’as costureiras.
*–¡N-a miña vida!... **pro** estan?*
–Estan arriba, aboféllas.
(Noriega, LF 9)

Outro autor como Eduardo Blanco-Amor utiliza n’*A esmorga*, da segunda parte do século XX e cun narrador protagonista de extracción ben popular, *pro* con moita frecuencia como marcador contraargumentativo:

- (15) a) *–Sí, señor, sí. Conque seguindo o conto, o Bocas díxolle que non fose besta que pra decire o que tiña que decire non había que aldraxar á xente. **Pro** a Piolla, que é moi arriscada, fíxolle frente, e sacóu o corpo*
(Blanco-Amor, AE 78)
- b) *–Ten razón, que lle sobra, señor... **Pro** é que cando me poño a falar dista cousa tan fodida que a min me pasa, non dou romatado.*
(Blanco-Amor, AE 104)

A tendencia semella, pois, clara canto ao uso escrito destas partículas: dominio progresivo de *pero*, consolidación de *pro* como forma popular e importante presenza de *mais* como forma literaria. Así o podemos comprobar nunha obra de teor culto publicada en 1980, *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar, onde *pro* desaparece totalmente, *mas* ten unha ocorrencia, talvez por erro tipográfico, *mais* aparece en 41 ocasións e *pero* sobrepasa as 200 ocorrencias. No ámbito oral a situación debía ser algo diferente pola altura, como o é na actualidade, aínda que se observan diferenzas rexionais. Así, Couceiro (1976: 137) di que na fala de Feás, pola zona das Mariñas coruñesas, “se desconoce *mais*, usada de modo absoluto”, sendo *pero* a máis utilizada; e Porto Dapena (1977: 215-216) afirma que na comarca ferrolá *mais* “como conjunción es muy poco frecuente, y se siente como portuguesismo”, sendo *pero* ou *pro* as máis empregadas, non só con “sentido adversativo”, senón tamén “intensivo” (*¿Pro seique estás tolo?*); porén, Taboada (1979: 172-173) afirma que na fala do Val de Verín as adversativas máis coñecidas son *mais*, *pero*, *senón/sinón* e *anque*, aínda que *mais* “ofrece una mayor frecuencia hacia la parte sur del valle en contacto con el portugués, y, en algunos casos, llega a sustituir a la copulativa *e*”; tamén constata que “no existe en el valle la variante *pro*” que se repite noutros lugares do país.

6.1.3. O uso actual

Achegándonos máis á actualidade, as tendencias na oralidade mantéñense, co dominio de *pero* neste ámbito da expresión. Frías (1999: 81) recolle as formas *peró*, *pro* e *poro* entre as conxuncións adversativas do galego exterior, afirmando tamén que *mais* se coñece “na Mariña da Terra Navia-Eo, bierzano e portelego”. No ámbito escrito persiste a convivencia entre o maioritario *pero* e unha relevante presenza de *mais* (16 e 17), que se converte en dominante naqueles autores que defenden posicións reintegracionistas ou que procuran unha aproximación posiblista do portugués, a optaren en ocasións pola forma *mas* (18); *pro* vai ficando só como forma caracterizadora da fala popular (19):

- (16) *O taberneiro vírase colorado, **pero** non ergue os ollos da bandexa, pousa na mesa unha tapa de aceitunas, coma se non o oíse.*
(S. de Toro, CD 18)
- (17) *A nación é imprescindíbel para que existan as sociedades, pode haber nacións, discursos nacionais, non democráticos ou democráti-cos, **mais** toda sociedade que queira existir ten que ter un discurso nacional, un nacionalismo [...].*
*¿Os sentimentos de pertenza, de irmandade colectivos? Hainos, hainos, **pero** nacen da convivencia, non poden ser obrigados nunca.*
(S. de Toro, ET 40)

- (18) *A verdade é que no aspecto práctico, pouco aprendêramos em Santiago. Mas tanto Scórpio coma mim terminámos a carreira bem repletos de doutrina [...]. Mas na profissom hai muito de rotina, e depois de três meses de despacho, co meu enorme desejo de avanzar, já estou encarrilado [...]. Poderia esperar-se que desdenhasse tais adornos, e mesmo que se escandalizasse de semelhantes excrecências filosóficas, quase literárias. Mas nom é assi. Por quê?*

(Carvalho, SC 128)

- (19) Casta: *Ben che ouvín...*
 Albito: *¡Pro é ben certo...! ¡A auga gustábache ben menos que a min...!*

Casta (Moi digna): *Ben limpo che trouxen sempre...*

Albito: *A min si, pro...*

(Taxes, CA 44)

Dado que a forma histórica do galego parece ser *peró*, de onde resulta a forma sinopada *pro* (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 183), a explicación máis acaída que se pode achar para o predominio actual de *pero* é o feito de este ser o marcador utilizado en castelán,¹¹⁹ para alén doutras explicacións que tamén poderían lexitimar a forma en galego, mais talvez non o seu uso esmagador na actualidade. Existen, pois, algunhas sospeitas de *pero* ser un castelanismo no galego, e *pro* ten un marcado carácter popular (Ferreiro 1999: 205). Para a Asociación Galega da Língua (1983: 122) o uso de *mais* ou *mas* “deve preferir-se ao de *pero*, forma em si legítima, mais de emprego abusivo na língua oral e na escrita polo reforzo suplementar do espanhol”. Na última revisión normativa (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 184) reafírmase que no galego moderno se rexistran “as formas *peró* (no leste de Lugo e no galego de Asturias), *pero* e *pro*, estas dúas últimas por todas as partes no resto do dominio galego” e que o antigo *pero* “debía de ser case sempre *peró*”, explicando o moderno *pero* “por un troco do índice de perceptibilidade das dúas sílabas ao deixar de ter usos como partícula adversativa tónica”. Admitindo, pois, a norma o uso da “forma plena e maioritaria *pero*”, tamén considera admisíbeis *mais* e *porén*, “que no galego actual teñen certo uso, sobre todo como formas literarias”, a pesar da “escasa presenza nos rexistros coloquiais”.

¹¹⁹ Álvarez (1994: 154), após dubidar do desprazamento acentual espontáneo de *peró* para *pero*, na mesma dirección do español, afirma a respecto de *pero*: “máis forza ten, segundo o noso parecer, a hipótese do españolismo, explicación que, en todo caso, parece que todos aceptamos sen reservas para o avance que esta forma foi tendo en detrimento de *peró* - *pro* e de *mais*, e que parece se-la única posible para a pronuncia con [pero] da práctica totalidade dos lugares onde se rexistra a forma paroxítona”.

Canto a *porén*, a verdade é que apenas se rexistra na oralidade actual fóra do ámbito culto e formal, como seguramente tampouco se utilizou no galego moderno, a pesar de que Carré (1967: 173) afirmara que se “ha perdido mucho el uso de esta conjunción en la conversación corriente y sólo se emplea en formas literarias”, acrecentando que en Portugal “se conserva en general empleándose corrientemente”. O *Estudo crítico* da Asociación Galega da Língua (1983: 122), aínda que recoñece de modo implícito a non presenza desta forma na fala, di que “hai que admitir a conjunção *porém*, por via culta, que substitua a *sem embargo* e, sobretudo, a *nembargante(s)*. Na língua falada ja existem outros recursos, como som as conjunções *contodo*, *nom obstante*, etc. A língua literária utiliza ja com frequência *porém* e ainda *no entanto*, que deve ser igualmente apoiada”. Como consecuencia da revisión normativa de 2003 comeza a se estender na lingua escrita o uso antes minoritario de *porén*, en convivencia con *pero* e *mais*:

- (20) *A responsabilidade, porén, non é do goberno. Faltaría máis! A culpa é do BNG que, segundo Xabier Losada, tenente de alcalde da Coruña, “ataca a la ciudad” ao interpelar o Ministerio de Fomento sobre o porto exterior [...].*

Falemos de Europa. Zapatero cumpre. Con todos menos con nós. Mais, por favor, non me fale vostede de Galiza!

(C. Aymerich: “Non me fale vostede de Galiza!”,
 ANT 3-9/6/2004, p. 10)

- (21) *Por suposto, nunca sairán esas chamadas á reflexión das ringleiras das formacións políticas, para as que esta demanda é hoxe en día unha arma susceptíbel de ser manexada con facilidade e total demagogia na procura de rendemento electoral. Porén, si hai quen non ten que pagar peaxes electorais e pode pronunciarse con independencia e coñecemento de causa [...].*

O seu estudo reflecte que a meirande parte dos usuarios que captaría o AVE serían os potenciais viaxeiros do avión, pero que apenas un 10% dos que empregan o seu coche para dirixírense ao centro da península escollerían o tren.

(X. M. Añel: “Necesitamos un AVE?”,
 ANT 10-16/6/2004, p. 10)

- (22) *Moitos dos síntomas de Mario –do Caso Mario Negro– coincidían cos lugares comúns dos enfermos de vertixe. Outros, porén, eran inéditos, variacións, innovacións do mal do equilibrio.*

(Sende, OR 118)

Mais, lembrando o que xa se viu en 2.3.3, convén termos en conta que *mais* (e *pero*, *pro*) e *porén* non resultan sempre substituíbeis, pois, alén da mobilidade que carac-

teriza *porén* en (20) ou (22) e que non é posíbel en *mais*, este pode introducir tanto un argumento como unha conclusión, en tanto que *porén* só pode introducir unha conclusión. De todas as formas, como tamén se viu, tanto un como outro introducen argumentos fortes, pois se *porén* só introduce o argumento que se converte en conclusión triunfante, *mais*, aínda a introducir outro argumento, indica que este vai resultar gañador, guiando a inferencia favorábel a el. Reincidírase a seguir nesta diferenciación de valores.

6.2. Outros conectores introdutores de argumentos fortes

6.2.1. Os adverbios conectores *non obstante*, *sen embargo* e *nembargante(s)*

Tanto os conectores vistos no apartado anterior como os que agora se verán, todos eles contraargumentativos, advirten coa súa presenza no enunciado de que a información precedente debe ser reconsiderada e que o segmento que vén a seguir presenta unha información inesperada que se desvía da liña argumentativa previa e que conduce a unha conclusión diferente da que sería esperábel a partir do primeiro membro; isto é, o segmento informativo que introduce este tipo de conectores invalida a conclusión ou inferencia que se podería deducir do segmento anterior. Mais non todos se utilizan da mesma forma ou nos mesmos contextos. Así, nun principio, *mais* (e *pero*, *pro*) parece ser máis ben un conector oracional e, por tanto, non semella o máis adecuado utilizalo como conector textual (exemplo 1), tarefa en que parecen máis aconsellábeis *porén*, *non obstante*, *así e todo* ou *no entanto* (exemplos 2 e 3), precisamente especializados en uniren segmentos discursivos que poden estar constituídos por máis de unha oración (Montolío 2001: 63):

- (1) *É prá filla do señor Ramón, que morréu de parto onte. Fúmola a mercar a San Martín. Mais temos que ir a Carballo agora. Mañá pola mañá virémola buscar. O burro é prestado, e trageremos outro. A ver si podemos deixala no curro, ondia non choiva. Mañá xa trageremos unha manta.*

Mais hei de adevirter a todos, inantes de seguir adiante, que Don Froilán era home de moita caridade.

(Fole, ALC 47)

- (2) *¿Criados? servíase él que non estaba para manter folgazás, e nin-guen fai as cousas mais xeitosas que o que as precisa.*
Así e todo, como tiña moita crianza, andaba sempre na compañía dos veciños mais ricos

(Carré, RA 118)

- (3) *Aquela rúa era o principio dun novo escenario que non presentaba semellanza ningunha coa noite de Manhattan. Desto tamén estou seguro: o brusco cambio, a aparición dun novo marco para a nosa aventura, tivo lugar xusto na rúa aquela.*

Non obstante, eu aínda asocio de algún xeito a nosa baixada por ela cos paseos que a miúdo dera hastra Pennsylvania Station.

(Gonsar, CTS 84)

Aínda que teoricamente non sexa aconsellábel o *mais* de (1) que une parágrafos, na realidade o seu uso é moi frecuente, igual que acontece con *pero* en galego e en español, onde Fuentes (2000b: 346) o define como conector de parágrafos que adoita aparecer en discursos argumentativos puros, como unha estratexia da argumentación, a expresar un xiro nesta cara a outro sentido que non ten por que ser necesariamente contrario e opóndose ás inferencias que poderían obterse do dito con anterioridade. Tamén recoñece esta autora que como conector de parágrafos se adoita considerar máis adecuado en español *sin embargo*, mais *pero* acrecenta unha mudanza na liña argumentativa que, ás veces, consiste en engadir máis un argumento, opóndose á inferencia ‘é o único argumento’ ou ‘non hai máis que dicir’, e a servir, inclusive, para iniciar un capítulo novo indicando que a argumentación continúa noutro sentido que se acrecenta ao anterior e que resulta importante ter en conta. Véxanse algúns exemplos en galego:

- (4) *O Fiuncho y-o Canivelo non quixeron saber mais. Correndo como lóstregos, pillans'alá, e ó ver as prumas por pouco bailan unha mui-ñeira de gusto.*

Pero antes de ir a quitala, cuadrouse o Fiuncho diante do Canivelo e díxolle:

–¡Escoita, tí! ¿Para quién ha de sel-a perdís?

–Para min, díxolle o outro, porque fun quén fixen o ichó.

–Pero eu puxen-as puntas e mais axudei.

–Bueno, pero a tuxeira é miña, e como o ichó está na miña, a perdís e para min.

(G. Barros, CT 71)

- (5) a) *Entre outras moitas cousas, entre outras querencias, teimas, afectos, identidades, son un europeo que é galego, e tamén español; pero todo isto ao meu xeito. e non está na miña man mudar iso, todo iso é parte miña. E, aínda que quixese, non podería, no fondo de min, renunciar a nada; non se pode renunciar ao que se é.*

Pero ademais recoñezo que hai en min –como en todo escritor, pois o noso traballo é ollar para atrás–, por unha banda, a saudade e busca

de unidade, de descenso a unha raíz imaxinada, imposíbel regreso a través da ignorancia á inocencia; e, por outra banda, un afán de espallarme, de desmembramento.

(S. de Toro, *ET* 14)

- b) *E hai unha parte dos españois, xente de idade, que ten saudade del, que estraña esa figura paterna malhumorada, zafia, ameazadora que nos quere obrigar a 'andar rectos', a obedecerlle servilmente sen máis explicacións. Unha parte da sociedade española conserva a vella cultura cuarteleira da ditadura. E pide un sarxentiño.*

***Pero** a vida corre que dá gusto e, xunto a ese núcleo compacto e bastante homoxéneo de persoas, foron formándose xeracións que non pasaron por todos eses miserabeis ritos de iniciación á submisión, de castracións colectivas.*

(S. de Toro, *ET* 95)

En (4) estamos perante un texto narrativo e dialóxico en que *pero* serve para introducir argumentos que se contraponen, en tanto que en (5a) e (5b) os textos son argumentativos e cando menos en (5a) non semella posíbel a súa substitución por *porén* ou *non obstante*, pois realmente *pero* nese caso non indica oposición ou contrariedade por si mesmo, senón que posúe ese “uso argumentativo puro” que Fuentes considera fundamental para a súa caracterización e que se utiliza para a xerarquización da información ofrecida no texto, focalizando informativamente o segmento que o segue;¹²⁰ viría a ser, pois, como se viu en 6.1, un marcador de relevancia (Fernández Ferreiro 2002: 79). Por tanto, aínda que existe un grupo de conectores que compartillan unha mesma instrución contraargumentativa, cada un deles comporta outro conxunto de instrucións que o distinguen dos demais, pois, como afirma Portolés (1995: 239), non existen conectores sinónimos, aínda que resulte difícil demostrar as diferenzas de comportamento, fóra dos casos límite de agramaticalidade.

Tense suxerido en páxinas precedentes que a esmagadora presenza de *pero* no galego actual pode estar motivada ou incentivada pola constante interferencia do español. De entre os conectores contraargumentativos parentéticos que tamén introducen argumentos fortes e que ocasionalmente poderían substituír *pero*, dous que teñen presenza no galego escrito moderno son *non obstante* e *sen/sin embargo*. O primeiro, *non obstante*, rexístrase nun dos romances das Festas Minervais, de fins do século XVII, con certas alteracións formais e a se combinar con *pero* (6), e só

¹²⁰ Véxase Fuentes (2000b: 346), que se pregunta: “¿Supone esto una pérdida de su valor específico para quedarse en lo más genérico: argumentación y conexión sin más, unido a la focalización informativa de lo que le sigue? ¿O bien que su función en la estructuración de la información textual es lo más importante?”.

demos con tres ocorrencias del no século XIX, as tres na obra finisecular de López Ferreiro e popularizado en *no ostante*, aínda que unicamente a recollida en (7) está totalmente gramaticalizada como marcador discursivo:

- (6) *Agora vejan si a madre
ten máis razón no que alega.
Pero, no ostante, perdone
a Patria nesta materia,
que ela doulle o nacimiento*

(SEI 54)

- (7) *A Gonzalo rebulíalle o sangue no corpo co deseyo que xa tiña de
salirlle ao encontro ao seu anamigo; **no ostante**, quíxolles consultar
aos aliados o partido que habían de tomar; é dicir, si habían de aspe-
rar alí á pee firme, ou si habían de salir á buscar á xente de Vasco
Gomez.*

(López Ferreiro, *Castelo* 155)

Porén, antes de máis convén precisar a diferenza de categoría entre *pero* ou *mais*, por unha parte, e *non obstante* ou *sen embargo* (así como *porén*, *no entanto*, *con todo*, *así e todo*, *ora ben*, *aínda así*, *mesmo así* e tamén outros conectores non contraargumentativos como *por tanto*, *por conseguinte*, *alén diso* etc.), por outra. Xa Said Ali, como subliña Mattos e Silva (1989: 664), indicara que partículas como “*contudo*, *todavía*, *entretanto*, *entanto*”, máis que pertenceren á categoría das conxuncións adversativas, “[p]arece antes acharen-se na fronteira indecisa que medeia entre o advérbio e a conjunción”. Por súa parte, Portolés (1995: 233-236), após afirmar que os conectores poden pertencer a dúas categorías léxicas, conxunción e adverbio, considera que *pero* é unha conxunción, en tanto que *no obstante* e *sin embargo* son adverbios, achegando algunhas probas para o demostrar: (i) as conxuncións sitúanse obrigatoriamente entre os dous membros que unen (véxanse os exemplos 4 e 5) e os adverbios conectores, polo contrario, adoitan posuír unha maior mobilidade e apareceren en forma parentética (exemplos 6 ou 7); (ii) dúas conxuncións non vinculan sintacticamente as mesmas unidades, de modo que non se documentarán as combinacións *e pero* ou *aínda que pero*, mais si é habitual a coincidencia dunha conxunción e dun adverbio conector nun mesmo enunciado (*e, non obstante; mais, así e todo*; véxase tamén o exemplo 6); (iii) os adverbios conectores non posúen as propiedades sintácticas dunha conxunción coordinante, aínda que poden relacionar pragmaticamente dous membros do discurso; por iso son gramaticais construcións como “*feo, mais simpático*”, mais non “*feo, non obstante, simpático*”, aínda que si “*feo mais, non obstante, simpático*”, pois a conxunción *mais* habilita como gramatical a relación entre dous adxectivos, autorizando

de paso a aparición do adverbio; isto quere dicir que nun caso como “É galega. *Porén / Non obstante*, non gusta do peixe” a relación sintáctica entre os dous segmentos do enunciado non é a de coordinación, a pesar de se acharen vinculados pragmaticamente no discurso por medio dun adverbio conector; e (iv) ao contrario das conxuncións, os adverbios conectores pódense coordinar con outros sintagmas xeralmente situados entre pausas, como en “Mais, *non obstante –e a pesar de todo–*, conseguiu o emprego desexado”; véxanse outros exemplos do galego escrito que confirman estes usos:

- (8) –*Bon, bon... ¿Qué acción direita nin torta? ¿Qué axitación nacional sería chimpár a cantazos media ducia de vidros nun rincón da Península pra que os municipáis levasen aos nosos rapaces á perrera?*

–*Noustante*, houbera sido un bo modo de lle dar unha lección aos ‘baberos’ e máis aos requetés, que aínda hoxe se están a rir de nós...

(Blanco-Amor, XL 222)

- (9) *Soio falaba despóis de longos intervalos de silencio, cunha voz maina e deprimida, tan triste, diría eu, como os seus ollos. E, non obstante, o que decía distaba moito, polo común, de ser deprimente.*

(Gonsar, CTS 41)

- (10) *Nunca sonho, nem dormido nem desperto, em casar com Chéli, e menos em tê-la ao meu sabor. E, no entanto, cando vejo Chéli, não me lembro de nengunha outra mulher.*

(Carvalho, SC 97)

Nin Maia (1997: 862-882) nin Lorenzo (1975, s.v.) recollen *non obstante* ou *sen embargo* entre as locucións adverbiais ou conxuntivas do galego-portugués medieval; tampouco Mattos e Silva (1989: 663-679) as cita dentro da coordinación adversativa no corpus por ela estudado, aínda que fai referencia á existencia de *não obstante* no portugués moderno; Cunha (1991: 555) documenta *obstante* no século XVI en portugués, mais nin Nunes (1989: 352-355) nin Huber (1986: 268-269) citan *non obstante* entre as conxuncións ou adverbios da lingua antiga; este último menciona entre as conxuncións concesivas da lingua antiga *nom embargando* (*embargante*) *que*, mais non *sen embargo*; e Nunes cita como arcaico (*non*) *embargante* entre as palabras habilitadas como conxuncións e que primitivamente desempeñaban outro papel diferente; Cunha (1991: 290) atesta *embargo* no século XIII e *embargante* no XV. Lorenzo (1975: 526) recolle no seu glosario *enbargo* como ‘impedimento, obstáculo, dificultade, embarazo, turbación’ e afirma que desta “acepción medieval y de la frase *sen embargo* ‘sin impedimento’ se llegó a *sem embargo* ‘no obstante, a pesar de’”, que, segundo el, a se apoiar en Corominas, se usa en castelán desde o século XI. Nas gramáticas galegas decimonónicas (Saco

1968: 135, Cuveiro 1868: 37, Valladares 1970: 112) non se citan nin *non obstante* nin *sen/sin embargo* entre as conxuncións adversativas. Na penúltima edición das normas oficiais do galego (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 184) afirmase: “No galego actual non hai testemuños senón de *sen embargo*, *sin embargo*, e *nembargante(s)*, esta última forma de ámbito xeográfico moi restrinxido. No galego antigo hai testemuños de *sen embargo* (aínda con valor orixinario de ‘sen obstáculo’); e menos de *non embargante* (‘non impedindo...’). *Nembargante(s)* está vivo aínda hoxe, e, a pesar de non existir case en castelán e non existir en portugués, é unha forma lexítima en galego”. Sancionados pola norma, *sen embargo* foi de uso habitual no galego escrito da última parte do século XX e, en menor medida, tamén *nembargante(s)*. Sobre *nembargantes* Kabatek (2000: 203) afirma que se asocia ao discurso elaborado ou á lingua escrita, aparecendo na literatura desde finais do século XIX e sen se rexistrar dialectalmente na Galiza; segundo este investigador para os falantes *nembargantes* posúe “a imaxe dunha palabra creada na literatura sen tradición na lingua falada”, empregándose “con alta frecuencia por diferencialismo e como identificador galego, sobre todo por falantes castelanizados, sendo ignorada e eludida por moitos falantes sobre todo pola falta de tradición oral”; algúns utentes acabarían por a rexeitar ao se decataren “de que non se trata sen máis dun identificador de galego, senón dun identificador dun discurso galego marcado relacionado sobre todo cos neofalantes” (Kabatek 2000: 205).

Constatada, pois, a presenza de *sen embargo* na lingua galega escrita das décadas precedentes, ao lado de *non obstante*, ambos como adverbios conectores, e de *pero* como conxunción, revisemos agora, seguindo Portolés (1995), as diferenzas gramaticais e pragmáticas entre eles, algunhas xa aludidas anteriormente. Para alén da categoría gramatical a que se adscriben (adverbios / conxunción), *non obstante* e *sen embargo* posúen unha capacidade anafórica que *pero* non ten, consecuencia de se teren utilizado inicialmente con demostrativos (*non obstante iso*, *sen embargo diso*) e outros elementos anafóricos despois elididos. Así mesmo, os adverbios conectores posúen mobilidade dentro do enunciado, en tanto que *pero* ocupa unha posición fixa ao inicio do segmento que introduce. Mais os primeiros, ao contrario que *pero*, non poden funcionar como coordinadores sintácticos ao non posuíren propiedades sintácticas de conxuncións coordenantes, aínda que poden relacionar pragmaticamente dous membros do discurso. Porén, estes tres conectores coinciden, fronte a outros como *ao contrario*, *ademais* ou *con efecto*, no feito de non seren autónomos, ou sexa, de non poderen ocupar por si sós un turno de palabra (*O Brais é tonto / -Ao contrario / -*Pero / -*Non obstante*).

Por outro lado, nos casos de contraargumentación directa con *pero* xeralmente pódense acrecentar a este os adverbios conectores *non obstante* e *sen embargo* (tamén outros como *así e todo*, *con todo*, *aínda así* ou *aínda con todo*), como se pode observar no exemplo (6) ou en *O home era traballador pero, non obstante*,

perdeu o emprego. Mais na contraargumentación indirecta, aquela en que o enunciado introducido por *pero* non expresa directamente unha conclusión oposta, senón que esta se debe inferir del, non é pragmaticamente posíbel acrecentar a *pero* os adverbios conectores, pois non se trata do consecutivo, como acontece en *#É intelixente pero, non obstante, ten má memoria*, onde non se comprende facilmente que ‘ser intelixente’ oriente cara a ‘ter boa memoria’, a non ser que compartillarmos un topus (véxase 2.3.4) do tipo de <Quen é intelixente posúe boa memoria>. Así pois, na contraargumentación directa poden utilizarse *pero, non obstante e sen embargo*, mais na contraargumentación indirecta só o primeiro é posíbel (Portolés 1995: 246). Tamén son frecuentes os usos de *pero* en que a oposición cun elemento anterior non se pode concretar nun enunciado expreso, sobre todo ao inicio dunha intervención nun diálogo (*Pero que impresionante!*), servindo así mesmo para marcar oposición a un comportamento non verbalizado; tal utilización non é posíbel con *non obstante e sen embargo*, pois o seu carácter adverbial limita gramaticalmente os contornos en que poden vincular dunha maneira semántico-pragmática dous enunciados.

Alén diso, a significación destes dous conectores é moito máis restrita que a de *pero* e, en consecuencia, a súa aparición máis condicionada. Debido á capacidade anafórica que posúen, forzan a busca dun elemento que se puiden considerar como directamente oposto ao enunciado en que se achan ou a algunha predicación que se der nel, o que non acontece con *pero* na mesma medida. Unha diferenza esencial para Portolés (1995: 252) de *non obstante e sen embargo* a respecto de *pero* radica en que, por os primeiros seren adverbios, o elemento a que se opoñen pode acharse nunha oración diferente ou ben na súa mesma oración, podendo tamén eles situárense no predicado dunha oración e a se referiren ao seu suxeito (*Expresións pouco frecuentes na lingua escrita son non obstante habituais na fala*) ou no interior de oracións subordinadas (*É un home rudo que posúe non obstante un grande corazón*); así mesmo, teñen capacidade de argumentaren en contra dunha oración subordinada anteposta, algo imposíbel cunha conxunción coordenante como *pero* (*Aínda que teñen sentimentos diferentes, posúen, non obstante, a mesma estrutura*); por outra parte, os dous membros dunha aposición non poden relacionarse por medio dunha conxunción, mais non existe inconveniente en se vincularen por medio dun adverbio conector (*A crise dos valores éticos, imprescindíbeis non obstante para o progreso da humanidade, é xeral no mundo actual*); e tamén se poden utilizar para argumentar en contra dun elemento tematizado (*De todo canto dixo pódense tirar, non obstante, poucas ideas en claro*).

Varios enunciados que posúen un estreito vínculo argumentativo constitúen unha secuencia discursiva. Pois ben, a conxunción *pero*, así como *e*, vinculan enunciados dentro dunha mesma secuencia discursiva, en tanto que *non obstante e sen embargo* non posúen esta instrución pragmático-semántica, pois son indiferentes á existencia de secuencias discursivas, presentando só o seu enunciado como oposto a un elemento anterior. Por tanto, estes adverbios conectores poden aparecer

tanto a oporen elementos dentro dunha mesma secuencia, ou inclusive dentro dun mesmo enunciado, como contraargumentando de secuencia a secuencia, non porque teñan esta función semántica en exclusiva, senón porque, ao contrario que *pero*, ao vincularen dous segmentos non os ligan nunha mesma secuencia. Neste mesmo sentido pódese explicar o uso frecuente de *non obstante e sen embargo* coa conxunción *e*, como mostran os exemplos que virán a seguir (11a), (12a), (12c) e (12d), pois esta configura unha única secuencia discursiva que se superpón ao vínculo que establecen os adverbios conectores. Por conseguinte, os dous membros coordinados por unha conxunción como *e* ou *mais* (*e pero*), que forman unha única secuencia discursiva, poden posuír relacións argumentativas diferentes, especificadas por conectores adverbiais como *non obstante e sen embargo* (ou *porén*).

Tamén se vén observando que algúns marcadores discursivos non poden aparecer, ou mudan a súa comprensión, segundo se utilizaren en diálogos ou en monólogos. Así, Portolés (1995: 259) advirte unha certa diferenza de significación en *sen embargo e non obstante* a respecto do uso dialogal e monologal, diferenza que distingue un conector de outro. Tanto nun como noutro obsérvase a mesma significación no uso dialogal (intervén máis de un falante) e dialóxico¹²¹ (distínguense enunciadores diferentes dos locutores), mais a diferenza prodúcese nos usos monoloxais monolóxicos, isto é, cando intervén un único falante e non se distinguen enunciadores que non se poidan identificar con el como locutor, de acordo coa teoría polifónica de Ducrot (véxase 2.3.5): *non obstante*, polo xeral, limita a súa aparición, menos frecuente que a de *sen embargo*, aos enunciados que puideren comprenderse como contraditorios a respecto dun primeiro enunciado, ambos defendidos polo mesmo enunciador ou locutor, de modo que canto maior for o compromiso do locutor co mantido no primeiro enunciado, máis se favorecerá a aparición de *non obstante*, en lugar de *sen embargo* ou *porén* (*Está claro que non vai chegar a tempo. Non obstante / #Sen embargo, fai comida tamén para el*); o uso de *sen embargo* reflectiría unha certa inconsistencia entre o mantido polo mesmo locutor nun primeiro enunciado e no segundo. A significación de *non obstante* non muda nos discursos monolóxicos e dialóxicos; nestes respéctase o exposto por un enunciador distinto do locutor, en tanto que nos discursos monolóxicos a aceptación é dun enunciado defendido polo mesmo locutor. Mais non acontece o mesmo con *sen embargo*, en cuxos usos dialogais e dialóxicos a oposición non se comprende só cara a unha inferencia dun enunciado anterior, senón cara á súa propia verdade en moitos casos, favorecendo así a súa substitución por *non obstante* nos casos monoloxais monolóxicos que puideren interpretarse como refutativos; fronte a *pero* ou

¹²¹ Véxase Plantin (2004: 171): “Argumenter est une activité dialogale, interactionnelle, ou dialogique, polyphonique. Elle a une dimension critique immanente, le contre-discours. Dans une telle situation, il y a nécessairement de l’éthos (le locuteur confère une certaine atmosphère à son dire) et du pathos (des affects circulent)”; tamén “Do dialógico ao dialogal: características da interacção” (Marques 2000: 117-127).

non obstante, só *sen embargo* pode entenderse como refutativo dun enunciado doutro locutor ou enunciador, de acordo con Portolés (1995: 265). Despois de ver a descrición das instrucións destes tres conectores, pregúntase este mesmo autor como é posíbel que se substitúan uns por outros no discurso sen grandes problemas. Para poder responder distingue unhas instrucións de primeiro nivel, aquelas que se deberán cumprir obrigatoriamente, e outras de segundo, instrucións virtuais que só se aplicarán se as de primeiro nivel non foren suficientes para produciren unha interpretación correcta do enunciado; entre as instrucións do primeiro nivel destes tres conectores acháse a de acoutaren as inferencias posíbeis do primeiro membro; na maior parte dos casos o ouvinte limitárase a ela e, en consecuencia, os tres conectores (*mais/pero*, *non obstante*, *sen embargo*) resultarán intercambiábeis.

Ora, dos dous adverbios conectores, *sen embargo* foi unha forma cuestionada canto á súa lexitimidade en galego, e finalmente suprimida da norma, o que non aconteceu con *non obstante*; procuremos, entón, exemplos de *sen embargo* na nosa tradición escrita moderna. Dos sete casos en que demos rexistrado *sin embargo* (en ningún aparece *sen*)¹²² nos textos decimonónicos, tres corresponden a unha mesma obra de López Ferreiro, de finais do século, e catro a dous artigos xornalísticos de Lamas Carvajal, tamén finiseculares:

- (11) a) *E **sin embargo**, desta fala tan aldraxada, hoxe vense craros reflexos n-aquela obra inmortal que é o representante mais xenuino e lexítimo da literatura española.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 14)

- b) *non pode escusarse, **sin embargo**, de meterse, e meterse de capiton, no pélagos dos negocios deste mundo.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 42)

- c) *Algo, **sin embargo**, o metera en confusión o que lle dixera como podía ser eso*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 108)

- (12) a) *Porque, compañeiros de monteira, dá grima ver que hai moitos galegos que se teñen por bos, e probe do home que se estrevese a poñelo en duda diante das súas barbas, e, **sin embargo**, non son capaces de ler ou parolar un parrafeio na nosa fala, así os fixeran ministros da Facenda.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 287)

¹²² A respecto do elemento preposicional *sin*, Maia (1997: 862) afirma que aparece, como castelanismo, “em documentos galegos de fins do século XV ou do século XVI”.

- b) *A pesar de que según el o número de esquireiros que cultivan o len-guaxe gallego non é o bastante pra darlle forza, **sin embargo**, mal será que non haxa algún capaz de demostrarlle compridamente que non hai nada ou casi nada de verdá en todo canto expón.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 290)

- c) *Fágase desaparecer esa vergonza que principalmente tén a falalo as crases que se gaban de ilustradas e terase adiantado moito. E, **sin embargo**, téñase en conta que, apesar da indifrencia desas cras, o gallego nin morre nin se bastardea*

(Lamas Carvajal, *OLX* 291)

- d) *Bos favores lles presta ós autivos catalás e, **sin embargo**, non por eso lle quitou nada da importancia que a literatura de Cataluña chegou a alcanzar nestos tempos.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 293)

Polo contrario, alén destes casos, nos textos galegos do XIX que inclúen partes en castelán áchase nelas moi frecuentemente *sin embargo*. Mais tamén nos textos decimonónicos en galego achamos un exemplo de *non embargante* e dous de *no oustante*, os tres correspondentes á obra finisecular de López Ferreiro, en que estas formas non están plenamente gramaticalizadas como conectores contraargumentativos, pois ambos os participios de presente van acompañados de suxeito:

- (13) *Pero, esto **non embargante**, digo, que estrañei que él se recease algo de afirmar e sosteer que habia agravios.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 46)

- (14) a) *Uns facían mostras de que non quedaban do todo satisfeitos. Esto **no oustante**, todos reconoceron que Villada era un boo organista.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 74)

- b) *En primeiro lugar, parecíalle que Catalina volvía a estar por él como antes; pois habéndolle contado todol-os lances do viaxe, cómo pasara en Valladolid, cómo estivera para morrer no medio d'un monte, cómo sanara, casi por milagro, cómo, **no oustante** todo esto, a memoria de Taresa non se apartara un instante da sua imaxinacion, a boa da muller empezou a abrandar*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 120)

Este proceso de adaptación da forma culta *non obstante* á fonética popular, característica xeral da lingua literaria galega pola súa especificidade, continúa durante o

século XX e pon en relevo a súa gramaticalización como marcador a través da aglutinación nunha soa palabra:

- (15) –*O caso é non estar eiquí a falar unha cousa e a pensar outra; que estamos todos a querer decir..., o que **noustante**...*
 –*¿Noustante qué? Creio que non é do caso que a compañeira Evanxelina, si non traí un criterio formado polo debate de antonte, na Juventud Socialista...*

(Blanco-Amor, XL 221)

Os exemplos (13) e (14) condúcennos ao tema da xénese destes marcadores contraargumentativos, comezando por afirmarmos que (13) é o único exemplo da forma *non embargante* ou similares con que demos nos textos do galego medio ou decimonónico, e sen se tratar dun conector plenamente gramaticalizado por ir acompañado de suxeito *esto*. Máis unha vez, estamos perante casos de gramaticalización: proceso a través do que as palabras ou ben deixan de formar parte de categorías lexicais para se integraren en categorías gramaticais, ou ben evolúen no ámbito gramatical, polo xeral desde unhas posicións menos gramaticalizadas cara a outras máis gramaticalizadas (Garachana 1998a: 194), experimentando mudanzas importantes no plano semántico (desenvolven significados relacionais), no plano morfosintáctico (descategorización das unidades afectadas e a súa integración nunha clase de palabras máis fechada) e no plano fonolóxico (redución do corpo fonolóxico e frecuente perda do acento de intensidade), xeralmente a través de procesos metafóricos e metonímicos, pois a metáfora e a metonimia son consideradas pola lingüística cognitiva como mecanismos que dan conta do funcionamento da mente humana.¹²³ Segundo poñen en relevo os estudos sobre gramaticalización, os conectores contraargumentativos aparecen con posterioridade aos demais grupos de conectores, afirmación especialmente válida para os marcadores concesivos e que Garachana (1998a: 199) acha ratificada na análise de *sin embargo* e *no obstante* en castelán, cuxa documentación nos textos non considera anterior ao século XV. No caso de *sin embargo* foi na súa orixe un sintagma preposicional formado pola preposición e o substantivo *embargo* ‘impedimento’, construción documentada desde as orixes do castelán que ten un valor adverbial de modo e que no transcurso do tempo se reanalizou como conector intraoracional, existindo exemplos desde o século XV en que é empregado con valor concesivo, normalmente acompañado da preposición *de* ou da conxunción *que*, ou mesmo de ambas a un tempo; a súa evolución non se detivo aí e polo menos desde o século XVIII

¹²³ Véxase Garachana (1998a: 197): “El hecho de que pueda darse cuenta de la evolución de ciertas palabras a través de la metáfora y de la metonimia viene a confirmar la relación entre el lenguaje y la cognición humana que se postula desde la lingüística cognitiva”.

funciona como conector extraoracional con valor adversativo en español, sentido que se mantivo plenamente vixente até á actualidade, en tanto que o seu emprego intraoracional é hoxe bastante infrecuente. Doutra parte, tamén existiu no castelán un *no embargante* (e tamén un máis raro *no embargado*) desde o século XIII en documentos legais, que cara ao século XVII xa era máis estraño do que *no obstante*, tampouco frecuente por súa vez (Portolés 1995: 237).

A evolución de *no obstante* seméllalle a Garachana (1998a: 201) algo máis complexa, pois ten a súa orixe na construción absoluta latinizante formada polo adverbio de negación, o participio de presente do verbo *obstar* e por un constituínte que funciona como suxeito, podendo este ser unha cláusula ou un sintagma nominal, co significado de ‘non sendo obstáculo’; esta construción documéntase en castelán desde a primeira metade do século XV e cara a finais do mesmo século comezan a aparecer estruturas con perda da concordancia, que parece anunciaren a gramaticalización de *obstante*, favorecida tanto pola frecuente utilización en cláusulas absolutas con suxeito singular como polo seu carácter latinizante; o proceso gramaticalizador non só afecta o participio, senón tamén o adverbio de negación, a formar así unha locución fixa de valor concesivo que encabeza a cláusula que introduce e perdendo a mobilidade de *obstante* como participio de presente; a utilización de *no obstante* como conector concesivo vai alternar coas formas non gramaticalizadas como mínimo até o século XVII, en tanto que na actualidade ha de se entender necesariamente como un conector ao desaparecer a posibilidade de concordancia do participio, que deixou de ser unha palabra independente e que perdeu todo o matiz verbal. A partir do significado concesivo de *no obstante* chégase ao valor adversativo nun ámbito extraoracional, de que xa aparece algún exemplo en castelán a fins do século XV, sendo moi pequena a diferenza cronolóxica entre a aparición da acepción concesiva e a adversativa, mais moi grande a diferenza de frecuencia dunha e doutra a favor da concesiva, que tivo unha moi ampla difusión cando menos até o século XVIII; na actualidade a situación é totalmente a contraria, pois o habitual é o emprego adversativo, a ficaren os usos concesivos relegados a rexistros cultos.

Así, tanto *sin embargo* como *no obstante* desenvolveron primeiramente un valor concesivo que Garachana (1998a: 206) explica como resultado dun proceso metafórico por que a idea de ausencia dun obstáculo no mundo exterior se proxecta sobre o dominio do pensamento; e posteriormente adquiriron un valor adversativo en que acaban por se especializar cando pasan a funcionar no ámbito extraoracional, valor que deriva do significado concesivo mediante un proceso metonímico: o sentido de contraste, inherente ao concepto de concesión, é o significado básico dos conectores adversativos, que teñen, consecuentemente, un sentido máis restrito que os conectores concesivos, producíndose desa forma unha metonimia do tipo de *o todo pola parte*, pois empregamos un conector que prototipicamente designa o todo, o concepto de concesión, para sinalar só unha parte de dito concepto, a idea de contraste (Garachana 1998a: 207).

Por último, non podemos obviar tampouco a posíbel interferencia do español no referente ao uso dalgún destes conectores en galego. Así, para a Associação Galega da Língua (1983: 122-123) o uso de *sen/sin embargo* ou *nembargante(s)* é un claro españolismo, pois “nunca existírom estas formas co significado adversativo, a nom ser recentemente”, acrecentando que a última é unha forma morta en galego que probabelmente fora introducida desde o español, onde hoxe constitúe un arcaísmo, para concluír que “*sem embargo* e *nembargante(s)* som locuções que nom tenhem por que ser utilizadas em galego, especialmente a segunda, ja que a nossa língua possui outras conjunções que as podem substituir, como son *mais* (ou *mas*), *contodo*, *nom obstante*, *porém*, etc.” A primeira e única gramática dos séculos XIX e XX que recolle *sen embargo* e *nembargantes* como conxuncións adversativas é a de Álvarez *et alii* (1986: 529), posibelmente por ser tamén a única que adopta os paradigmas das normas oficiais como modelo, en tanto que outras gramáticas da segunda metade do XX (Carballo 1979: 257, Costa *et alii* 1988: 301) prescindén delas e introducen *porén*; tamén convén deixarmos constancia da presenza habitual de *sem embargo*, non así de *nembargante(s)*, nos dicionarios portugueses, a pesar de que o seu uso nunca foi certamente frecuente na lingua do país veciño. Aínda que no proceso seguido nas últimas décadas as normas oficiais lle deron cabida a todas esas formas, a recente revisión normativa (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 184) eliminou *sen embargo* e *nembargante(s)*, incorporando *porén* e *no entanto*.

A modo de exemplo literario, na obra de Camilo Gonsar *Cara a Times Square*, representativa dun modelo de galego culto escrito inmediatamente antes da fixación do actual estándar, podemos achar un uso deste tipo de marcadores que talvez reflecta as tendencias dominantes na lingua escrita do seu momento: tres ocorrencias de *sen embargo*, catro de *non obstante*, unha de *con todo* e 17 de *así e todo*, que emerxe como forma dominante; non se rexistran casos de *nembargante(s)* ou *non embargante(s)*.

De todas as formas, no galego escrito actual aínda conviven fórmulas como *non obstante*, *sen embargo* e *no(n) embargante(s)*:

- (16) **Non obstante**, o Gobierno promove a España na prensa norteamericana coa silueta dun ‘bailaor’. Ao Papa cántalle unha ‘cantaora’.

(S. de Toro, *ET* 124)

- (17) *ENCE argumenta que a instalación da planta traerá desenvolvemento económico. Sen embargo, esta premisa non é compatíbel co modelo que están a aplicar os países desenvolvidos despois da Segunda Guerra mundial.*

(ANT 24-30/6/2004, p. 13)

- (18) a) *A análise de calquera destes procesos permite concluír; non embargante, que tras cada embestida do adversario o nacionalismo volveu aparecer cunha forza social e implantación maiores.*

(M. Veiga: “O BNG na onda baixa”,
ANT 24-30/6/2004, p. 8)

- b) *Na Galiza, no embargantes, realízase unha lectura en clave máis local.*

(“Quen é o ladrón?”, ANT 1-7/7/2004, p. 8)

- c) *Non embargantes, non indicaron os promotores de que xeito entregarían os 350 millóns de euros que representan o 30% do proxecto.*

(“O anuncio do superporto Ártabros...”,
ANT 17-23/6/2004, p. 14)

En conclusión, *non obstante*, *sen embargo* e *nembargante(s)* son adverbios marcadores con certo uso no galego escrito moderno. En tanto que o primeiro non foi obxecto de polémica e permanece na norma actual da escrita, os dous últimos teñen suscitado algunha controversia arredor dunha posíbel interferencia do español na extensión do seu uso e, finalmente, foron eliminados da norma; a recuperación nesta de *porén* e *no entanto* convérteos, para alén de sospeitosos de castelanismo directo ou indirecto, en innecesarios e contribúe ao afortalamento da autoctonía lingüística.

6.2.2. Os conectores que expresan a noción de preferencia (antes (ben), ora (ben) e máis ben)

Para caracterizar este subgrupo dentro dos conectores adversativos, Garachana (1998b) parte do principio de que estes expresan a instrución ‘sostéñase *p*’, sendo *p* o argumento máis forte dos dous que constitúen a construción contraargumentativa; como conectores adversativos introducen, pois, o argumento máis forte nunha estrutura en que se opoñen dous xuízos, constituíndo este o seu significado básico. Por iso resulta pertinente que para expresar tal valor se utilicen partículas que indican preferencia ou superioridade, como *antes*, *máis* ou *(ag)ora*,¹²⁴ noción reforzada con frecuencia por *ben*, que tamén pode aparecer por anoxía nestas e noutras expresións (*pois ben*, *e ben* etc.). A idea de preferencia, superioridade ou prioridade proxéctase metaforicamente no plano textual para denotar adversatividade, isto é, superioridade dun argumento sobre outro.

¹²⁴ Afirma Portolés (2000a: 774) que nos casos de *agora*, *antes* e tamén *entón* se pasa dunha deixé temporal a outra discursiva.

As cláusulas adversativas achegan a información máis relevante dentro da estrutura argumentativa, o que quere dicir que destacan a información máis pertinente para o avance informativo do texto; a función dos conectores adversativos é subliñar esa maior pertinencia (Garachana 1998b: 598). Estes posúen, pois, valor remático ao introduciren unha información básica para a progresión temática do texto. É o caso tamén de *antes (ben)*, *máis ben* e *ora (ben)*, que teñen de modo significativo a súa orixe en expresións que adoitan introducir información pertinente para a progresión do texto, normalmente coincidente coa información remática da secuencia en que aparecen. Estes conectores teñen en común o feito de procederen de termos que implican a presenza doutro termo, por regra xeral anterior, con que se achan dalgún modo relacionados: *antes* apunta a algo previamente mencionado, (*ag)ora* adoita estar conectado a un ‘antes’ e *máis ben* subliña a superioridade dun termo con relación a outro anteriormente presentado; así, antes da súa gramaticalización como partículas adversativas, establecían unha relación entre dous fragmentos do texto. Tendo en conta que, para alén do valor remático dos conectores adversativos, estes tamén posúen carácter anafórico, pódese deducir que o valor anafórico das expresións conformadoras destes conectores fai presupor que estas desempeñan unha función discursiva cohesionadora que tamén había de favorecer a súa evolución como partículas conectivas. Alén diso, como nas estruturas en que se orixinaron existía unha noción de contraste (entre un antes e un despois, entre algo mellor e algo peor), isto tivo de favorecer que *antes ben*, *ora ben* e *máis ben* acabasen por adquirir un significado contraargumentativo.

A partir da hipótese de Givón e Hopper de que a sintaxe ten a súa orixe no discurso, Garachana (1998b: 610) adhírese á idea de que determinadas relacións sintácticas son o resultado da cristalización ou rotinización de certas relacións de natureza semántica e pragmática que se establecen no ámbito discursivo. En consecuencia, o desenvolvemento de partículas conectivas como *antes ben*, *ora ben* ou *máis ben* sería o resultado da convencionalización de certos moldes sintácticos para expresar unhas funcións discursivas concretas, estando a súa gramaticalización condicionada por unha combinación de factores semánticos, sintácticos e discursivos, o que contribúe a confirmar a hipótese da interrelación entre os diferentes niveis de análise lingüística. Así mesmo, o feito de que estas tres partículas evoluísen desde un significado de preferencia cara a outro de adversatividade semella pór en evidencia que o desenvolvemento deste significado ten o seu fundamento en mecanismos cognitivos concretos, constituíndo tal recursividade máis unha manifestación da regularidade do cambio semántico.

A respecto de *antes (ben)*, hai que resaltar que a súa gramaticalización como conector deriva do adverbio espacio-temporal *antes*, que nalgún dos usos funciona como marcador de preferencia, non expresando xa anterioridade física, senón conceptual, mediante un proceso metafórico en que se sinala a prioridade dun feito

fronte a outro, baseado no suposto de que o que está antes é mellor. A partir deste sentido de preferencia chégase ao de adversatividade e *antes (ben)* pasa a funcionar como conector adversativo exclusivo, cun significado procedimental que determina a forza argumentativa de dúas proposicións, subliñando a superioridade da introducida por el (Garachana 1998b: 602); tendo en conta o sentido de aprobación ou conformidade de *ben*, que explica o seu valor continuativo para introducir unha información máis relevante que a anterior, pódese deducir que a súa presenza reforza ou ratifica a maior validez do argumento introducido por *antes*. Como sinala Montolío (2001: 89), *antes ben*, que se sitúa obrigatoriamente na posición inicial do segundo argumento e que carece por tanto da mobilidade doutros conectores contraargumentativos, é un conector que funciona necesariamente cunha primeira parte de polaridade negativa, onde se nega unha información, e introduce unha segunda información que se presenta como correcta, substituindo a primeira; isto é, *antes ben* elimina a primeira parte como proposición válida para a continuación do discurso e substitúea por outra proposición que presenta a nova información como a única válida; a primeira proposición é, pois, unha proposición negada, como mostran (19) e (20):

- (19) *De esto non hai que estrañarvos;
antes ben, facendo gala
de esta nación, estimala*

(SEI, 154)

- (20) *Larpeiro, dotes de putas,
nunca a medrar chegarán,
antes ben agoirarán
a-as facendas que se xúntan.*

(Fandiño, C 128)

Así pois, *antes ben* leva a cabo un tipo de oposición excluínte baseada na incompatibilidade de contido dos dous membros conectados: o primeiro preséntase como unha proposición falsa ou errónea e o segundo introduce a verdadeira ou correcta; isto é, o conector *antes ben*, introduce unha segunda parte que contén a información correcta e que cancela a da primeira (Fuentes 1998c: 89); coincide co valor excluínte dalgúns usos de *polo contrario* e admite a variante *antes ao contrario*, que se une nos seus valores a *ao contrario* ou *todo o contrario*, non propiamente conectores supraoracionais (véxase 6.2.4). Por iso o valor de *antes ben* está máis cerca do de rectificación excluínte da construción adversativa con *senón que* que do propiamente contraargumentativo, pois non se suprimen posíbeis inferencias derivábeis da primeira parte, senón que se anula a verdade do dito ou suxerido nela e se substitúe pola validez única do segundo membro. Alén disto, *senón que* e *antes*

ben tamén coinciden en se relacionaren cun primeiro membro de polaridade negativa de tipo sintáctico (non morfolóxico: *Non é eficaz senón que é torpe / Non é eficaz; antes ben, é torpe / *É ineficaz senón que é torpe / *É ineficaz; antes ben, é torpe*). Aínda así, non se debe considerar *antes ben* como a versión parentética de *senón que*, pois o primeiro conector leva a cabo unha rectificación con contido argumentativo e o segundo expresa unha refutación non argumentativa; ou sexa, *antes ben* relaciona dous argumentos pertencentes a unha mesma escala argumentativa (véxase 2.3.4), substituíndo a validez do primeiro pola do segundo, que ten máis forza (Montolío 2001: 90). É isto o que explica que non sempre estas expresións sexan conmutábeis (*Non é de Lugo, senón que / #antes ben é de Vigo*).

En galego, como poñen en relevo os exemplos (19) e (20) ou (22), xa atestamos *antes ben* como conector contraargumentativo en textos do século XVIII e XIX (véxase 4.3.1).

Canto a *máis ben*, que literalmente significa ‘mellor’, contén un claro significado de preferencia, a partir do cal é fácil chegar ao adversativo, pois os conectores adversativos introducen información ‘preferida’ á fornecida con anterioridade, isto é, información remática. A evolución cara a sentidos adversativos vese favorecida se *máis ben* aparece en estruturas en que se expresa algún tipo de contraste. Se a isto se acrecenta a utilización de *máis ben* como reforzo de conectores adversativos, comprenderase que poida acabar por expresar adversatividade, pois ao sentido de preferencia vénselle sumar o sentido contraargumentativo da construción en que aparece. O resultado final da gramaticalización de *máis ben* será un conector adversativo exclusivo, en claro paralelismo con *antes (ben)*, pois en ambos os casos dúas expresións que denotan preferencia gramaticalízanse cun valor adversativo-exclusivo.¹²⁵ Porén, diferéncianse en que *antes (ben)* afirma totalmente o contido expresado no segundo argumento e *máis ben* posúe un valor atenuativo: non afirma de forma contundente o segundo argumento por el introducido, aínda que exclúe o argumento previo (Garachana 1998b: 606); así o mostran estes exemplos:

- (21) *que che he tarabeleada,
ou mais ben cousa de nenos*

(Fandiño, C 133)

- (22) *O cal ela de ningunha maneira quixo consentir; antes ben,
–Ay! señor –contestoulle– si algunha man, se debe bicar; é a vosa*

(López Ferreiro, Castelo 178)

¹²⁵ Véxase Fuentes (1998b: 31), quen distingue entre relacionantes de oposición restritivos (*antes ao contrario, polo contrario, non obstante, con todo, aínda así, ora ben* etc.) e exclusivos (*antes ben, máis ben*), que negan un elemento para afirmaren o outro.

Tal diferenza pode ser explicada polo significado inicial destas partículas: *máis ben* procede dunha expresión comparativa que simplemente indica que un dos membros da comparación é mellor do que o outro, mais non expresa superioridade absoluta; *antes (ben)*, polo contrario, expresa prioridade ou superioridade dun argumento fronte ao outro, de modo que o enunciado que introduce é completamente afirmado.

Xa achamos exemplos de *máis ben* como conector contraargumentativo en textos do inicio do século XIX, como mostra o exemplo (21).

A respecto de *ora (ben)*, que convive en galego con *agora ben*, ten o sentido orixinal de simultaneidade co momento da enunciación, de acordo coas súas raíces etimolóxicas.¹²⁶ Nas estruturas en que *ora* (ou *agora*) indica tempo concorrería, segundo Garachana (1998b: 607), unha noción de oposición ao se contrapor o pasado á actualidade, isto é, o que non está vixente ao que está en vigor, resultando que a proposición que contén o adverbio é destacada por ser a relevante no momento da enunciación. Así, *ora* ou *agora* xa non expresa tempo, senón que subliña a validez do enunciado anterior e introduce outro que continúa a liña argumentativa do primeiro, mais que resulta máis pertinente. O esquema temporal ‘antes’/‘agora’ serve para organizar o contido textual, de modo que o ‘antes’ é o primeiro argumento e o ‘agora’ é o segundo,¹²⁷ que constitúe á súa vez a información máis relevante, xurdindo desta forma os valores continuativos de (*ag*)*ora*, que en ocasións combina co tamén continuativo *ben*. Deste valor continuativo de *ora ben* talvez derive o seu sentido adversativo: o conector sinala a validez do enunciado anterior e a maior relevancia do que vén a seguir, marcando por tanto a preferencia polo segundo argumento. Como a noción de preferencia dun argumento é básica nas partículas adversativas, será suficiente con que apareza en contextos en que se exprese contraste para que *ora (ben)* se converta en conector adversativo.

Porén, existe unha clara diferenza con *antes (ben)* e *máis ben*: *ora (ben)* ten un significado adversativo restritivo, non exclusivo, derivado do seu valor continuativo,

¹²⁶ A partir das formas latinas, de acordo co proceso evolutivo *ad hora>aora>oora>ora* e *hac hora>agora* (Ferreiro 1999: 356). Véxase Saco Arce (1868: 139-140): “*Ora* (excitación ya suplicando, ya irónicamente) ea, pues. Ejemplos: *Ora, traime ise libro*, dame ese libro: *Ora, pégalle*, atrevete á tocarle (en sentido conminatorio)”; en nota acrecenta: “Probablemente vendrá de *hora*, pues equivale á decir amenazando: Tócale en este momento. En francés *or*”. Cuveiro (1868: 37), por súa parte, ao falar das conxuncións disxuntivas, di: “El *ahora* es *ora* en todos los casos, v. gr. ahora arriba, ahora abajo nunca está quieto, *ora arriba, ora abaixo nunca está quedo*”; mais non a cita entre as conxuncións adversativas, para as que ofrece esta listaxe: *mais, pero, cando, anque, antes ben, maisque, ben que, sinon, siquiera*. Para unha comparación entre o francés *or*, o español *ahora bien* e o portugués *ora bem* como conectores opositivos e conectores de ruptura enunciativa do discurso véxase Gonçalves (2004).

¹²⁷ Véxanse, a modo de exemplo, estes versos: *Antes en festas e feiras / traguían cofias e dengues / todas as mozas solteiras. / Agora... ¡mangoleteiras! / solo tran mil perendengues* (Rodríguez González, FO 82).

que non supón exclusión de ningún xuízo; isto é, expresa a preferencia por un argumento sen que iso supoña invalidar o menos pertinente, de modo que a relación entre os dous non é de incompatibilidade. Polo contrario, *antes (ben)* e *máis ben* son conectores adversativos exclusivos, pois presentan a prioridade ou preferencia en termos de incompatibilidade entre os argumentos. Como afirma Montolío (2001: 67), a particularidade de *ora ben* consiste en que constitúe unha especie de organizador do discurso, pois puntualiza ou precisa a información anterior, introducindo certas observacións, de maneira que, alén de establecer unha relación contraargumentativa, leva a cabo unha función metadiscursiva de chamada de atención cara á información que introduce; isto é, aínda aceptando a verdade e a forza argumentativa do membro que o precede, elimina unha conclusión a que podería conducir e introduce unha información puntualizadora que precisa o contido do segmento discursivo precedente e reorienta a prosecución do discurso ao introducir unha información máis relevante. Fronte a outros conectores contraargumentativos parentéticos, *ora ben* carece de mobilidade, debendo ocupar sempre a posición inicial do segmento que introduce, como acontece con *antes ben*. Por outra parte, *ora ben* é un conector que habitualmente é monologal, pois une os enunciados dun mesmo locutor, ao contrario de *mais* (e *pero*), que pode aparecer nos dous contornos, o monologal e o dialogal (Portolés 1995: 259); igualmente, pode unir non só informacións oracionais, senón tamén parágrafos enteiros, semellando ser esta a súa función habitual (Montolío 2001: 69).

Como se acaba de suxerir, no galego escrito conviven *ora (ben)*, xa documentado cara a fins do século XVII¹²⁸ segundo mostran os exemplos de (23), e *agora (ben)*, como se pode ver nos de (24):

- (23) a) *envejando o Indo e o Ganjes
os nosos Sar e Sarela.
Ora, ben debes o ser
(digo pola derradeira)
casa santa, a Santiago,
gran cidade, ao gran Fonseca.*
(SEI, 31)

- b) *I eu ben sei sobr'o que cai,
máis non o quero decer,
quosaís por non dar pracer
a algúns que en Purtugal hai.*

¹²⁸ Fernandes (2003: 150), no ámbito portugués, documenta a 'partícula discursiva' *ora* en Gil Vicente, que introduce "un enunciado reactivo do locutor onde este demostra a súa recusa perante o contido proposicional do enunciado do seu interlocutor"; tamén *ora pois*, de carácter argumentativo.

*Ora ben, isto está feito,
eles están afogados,
nós do feito mui pagados*

(SEI 91)

- (24) a) *De todas maneiras, eu comentéi que a súa opinión me sorprendía por supérflua, pois todo o mundo daba por descontado que New York era a cidade norteamericana máis típica.*

Agora ben, ¿qué significaba esactamente ser norteamericano?

(Gonsar, CTS 18)

- b) *todos ríxidamente sentados, entalados hastra o ponto de seren incapaces de facer movemento ningún. Agora ben, as vinte persoas sentadas en cada departamento eran con diferencia os pasaxeiros máis felices*

(Gonsar, CTS 121)

- c) *Soamente eles son altos, guapos, intelixentes, ocorrentes, ricos e afortunados; soamente eles carecen de problemas. Agora ben, o anuncio publicitario ocúltanos que a moza que o protagoniza é cocainómana e que pouco despois de gravar o anuncio vai ser internada para desintoxicarse.*

(S. de Toro, ET 143)

Segundo mostran os dous exemplos de (23), a forma *ora (ben)* semella ser a máis tradicional en galego e, por tanto, a máis recomendábel na norma culta; así o considera a Associação Galega da Língua (1983: 122) cando afirma que cómpre "rejeitar tamén a forma *agora bem*, decalque do espanhol culto, em benefício de *ora (bem)*, harmónica co luso-brasileiro".

6.2.3. *Así e todo, con todo, aínda así, no entanto, iso si e emporiso*

Outro conector contraargumentativo que foi gañando grande presenza na lingua escrita moderna é *así e todo*, que tamén forma parte dos que introducen argumentos fortes. Xa aparece con frecuencia nos textos decimonónicos, de onde se toman os seguintes exemplos, correspondentes a cada unha das novelas de López Ferreiro:

- (25) *Boo era que xa viña o vrao, e que as paredes, anque desnudas, como estaban feitas de pouco, inda non tiñan o aspecto da lobreguez e tristura que lles da o tempo, a humidá e o polvo. Así e todo é seguro que Eldonza, si tivera que estar alí moitos días, non tardaría en espichar.*

(López Ferreiro, Castelo 140)

- (26) *Como a veu tan anotada, pra que ela estivese máis tranquila e tivese máis libertá pra desfogar as suas penas, levouna á un lugar apartado. Costoulle moito aínda **así e todo** facela serenar.*

(López Ferreiro, *Niño* 67)

- (27) *–[...] E que mais se quere pra que ao outro día o saiba todo o pobo? –**Así e todo**, creo que e ben que vaya a vel-a agora*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 316)

A orixe desta expresión gramaticalizada como conector contraargumentativo está no adverbio *así* seguido do reforzo expresivo de carácter inclusivo e enfatizador *e todo*,¹²⁹ cun valor similar a ‘aínda’, ‘tamén’ ou ‘inclusive’, capaz de adquirir un matiz concesivo equivalente a ‘aínda así’ ou ‘(aínda) sendo así’; o paso do valor concesivo ao adversativo podería ser común ao que se produciu noutros casos como *non obstante* ou *sen embargo* (véxase *supra*). A posíbel xénese desta construción en relación coa expresividade da lingua popular fixo que fose nese ámbito onde primeiramente alcanzou un amplo uso, pasando tamén á lingua literaria con fortuna pola grande vinculación desta coa lingua falada no seu rexurdir decimonónico. Na fala coloquial, tamén coa variante *así a todo*, mesmo ampliou os seus usos como fórmula enfática capaz de expresar sorpresa ou admiración, sempre en conexión cos valores concesivos ou adversativos básicos. Así, Porto Dapena (1977: 216) afirma que, na comarca ferrolá, *por iso* e *así e todo* son moi frecuentes “entre personas de baixa cultura”, utilizándose “con valor afectivo, inquisitorial o insinuativo en posición inicial”, para o que achega os seguintes exemplos: *Así e todo... ¡es ben simpático!* e *Por iso... ¡vendichel-a vaca!* Mais a sorte de *así e todo* na fala espontánea é parella coa que foi alcanzando na lingua escrita, onde tamén é utilizado en obras de marcado carácter culto, tanto de ficción dos anos oitenta (28) como ensaísticas da actualidade (29):

- (28) a) *¿Cómo é posible que un admita ser Peter ou Edward, ou algo polo estilo, se el é sómentes el mesmo?*

***Así e todo**, a verdade é que a ignorancia dos nosos nomes respectivos –por suposto, el nunca me preguntou a min polo meu– non volvéu máis dificultoso o noso diálogo.*

(Gonsar, *CTS* 17)

¹²⁹ Poden verse algúns exemplos deste uso en Freixeiro (2000: 295): *levaron cañoto e todo* (CPG I, 23); *Vinde ver rapazas, / rapaces e todo* (CPG I, 108); *Aínda que comeses a gramática de Miguel, con pastas e todo* (Castelao).

- b) *Quizáis, en vez de buscala, máis ben debería fuxir dela. ¿Non acababa de asesinar a unha persoa pola que sentira ela un interés manifesto?*

***Así e todo**, eu non podía xuzgar a miña acción como un crime.*

(Gonsar, *CTS* 117)

- (29) a) *Todos usamos tecnoloxías ‘globais’. Usalas ou non é unha opción persoal, mais non van desaparecer porque as neguemos.*

***Así e todo**, é certo que nos apesara escoitar, ler aínda eses vellos clichés ideolóxicos, **con todo** o máis triste é comprobar a suma ignorancia dos gobernantes*

(S. de Toro, *ET* 122)

- b) *Fixo patrimonio del, exclusivamente, Portugal. **Así e todo**, a literatura medieval, prosa e verso, segue a unirmos na Historia a galegos e portugueses*

(S. de Toro, *ET* 136)

Como mostran estes exemplos e (25), (26) e (27), *así e todo* é un conector parentético que normalmente se sitúa ao inicio do segmento que introduce, mais que goza de mobilidade dentro del, como se ve en (26). Pode relacionar parágrafos ou cláusulas, aínda que a primeira opción semella máis frecuente; e tamén pode aparecer en unidades monoloxais ou a introducir unha intervención dialogada (27). Igual que outros conectores contraargumentativos como *porén*, *non obstante*, *ora ben* ou *con todo*, con que combina en (29a), introduce conclusións contrarias ás esperadas do primeiro membro, de modo que, aínda a dar por válido o argumento anterior e dotándoo de forza argumentativa, anula a conclusión que se puider derivar del para introducir outra diferente.

O conector *con todo* garda estreita relación con *así e todo*, tanto pola presenza formal do cuantificador absoluto *todo*, convertido en elemento anafórico que concede grande relevancia informativa ao segmento anterior a que remite, como polo seu valor discursivo. *Con todo* dota o membro anterior de grande potencia argumentativa, feito que o afasta doutros conectores contraargumentativos similares, como *porén* ou *non obstante*, e que o aproxima, pois, de *así e todo*. O segmento en que se insire *con todo* presenta a información precedente como un forte argumento para conducir a unha conclusión contraria á que finalmente el mesmo nos guía; isto é, *con todo* muda con rotundidade a orientación argumentativa do enunciado, desviándoo da conclusión a que inclinaba o primeiro segmento. Este conector especializouse en establecer unha ‘batalla dialéctica’ cun primeiro membro discursivo fortemente dotado de reforzos argumentativos (véxanse especialmente os exemplos de 31), como a acumulación de datos informativos, ou múltiples argumentos coorientados, ou a presenza de elementos lexicais, partículas e construcións sintácticas

de carácter intensificador, invalidando posíbeis conclusións a que parecía conducir ese primeiro membro e a introducir unha información de signo contrario (Montolío 2001: 72).

Aínda que non demos con exemplos de *con todo* nos textos do galego medio, talvez pola súa escaseza, nos decimonónicos aparece con relativa frecuencia, nunhas ocasións en construcións non gramaticalizadas que posibelmente están na base do proceso gramaticalizador (30a) e (30b) e noutras xa a funcionar plenamente como conector contraargumentativo (31a) e (31b):

- (30) a) *despois poñíanvos na tortura do potro, atándovos antes os pés e as mas; despois levábades oito garrotes; e si **con todo esto** non confesábades, fasíanvos tragar unha chea de auga para que arremedásedes ós afogados.*

(LGPR 34)

- b) *A primeira pregunta foy logo contestada, porque moitos dos partidarios de Cangas eran os que estaban ao redor de Macías Vazquez; pero a outra perdeuse naquela xeral gritería. **Con todo eso** Macías Vazquez púxose moy tranquilo a estender a escritura de nombramento e poder a favor de Cangas.*

(López Ferreiro, Tecedeira 291)

- (31) a) *Vilas: Ja, ja, ja: por ahí!!, por aí!! He verdade que era Sargento no ano de 23, é dicen bateuse en Madril ó 7 de Xúlio de 22 contra non sey quen... Despois foi criado da xênte do Sr. Ballesteros; tomouno este da súa conta, é fíxô home como vedes: arrímate á los buenos... ecetera.*

Catuxâ: ***Con todo**, he moito subir. ¿E cantos probes haberá que estarán cheos de anos de servicio, de meritos é traballos, é quedarían á atrás; é outros desempreados?*

(TP 2)

- b) *Pro, señor, agora polo que a súa mercé dixo de tantos Santos, e Papas, e Concilios, razón téñoa pra me opor e non dar os trinta e seis pesos, nin os quinze do fillo; mais o caso é como hei de facer, que a xusticia apértame; e anque lle repoña que súa mercé me dixo que non, halle de facer orellas xordas. Dempois deso, que o Alcalde, aínda que non sea dos máis ruís, déixase levar do Escribano, que come e bebe todos os días na casa do Abade, e está casado con unha tía da criada. **Con todo**, se súa mercé me dese por escrito o que nos dixo, e o modo como hei de facer chegando o caso, pra que non saían coa súa, poida que collesen medo*

(LGPR 91)

Tanto *con todo* como *así e todo* combinan facilmente con *mais* ou *pero*, debido precisamente a enfatizaren a forza argumentativa do primeiro segmento, que este último marcador atenúa, subliñando desa forma o contraste entre un e outro:

- (32) *Señor Fuco: Non te rías tanto Ramonciño, que vas chorar. A probe fala con moito traballo porque xa ten a língoa podre; **pero así e todo** contoume algunhas cousas e tamén trouxo novidades para vós.*

(Castelao, Vello 79)

- (33) ***Pro, con todo**, non foi eisí anque o diga a Guardia Civil, a tía Esquilacha ou o sulsuncordia, con premiso da súa cara.*

(Blanco-Amor, AE 71)

O uso de *con todo* desenvolveuse con normalidade na lingua escrita do último século até á actualidade, sen máis problema que a cuestión da representación gráfica, por veces con forma aglutinada e normalmente con separación dos constitúntes, de acordo coa norma:

- (34) *A análise do devalar nacionalista tende nos últimos tempos a centrarse nas razóns internas, sen dúbida abundantes. Razóns, **contodo**, ben coñecidas nalgúns casos pola organización e derivadas non poucas veces dos límites impostos polo tamaño do propio nacionalismo galego.*

(M. Veiga: “BNG, quen ten a culpa?”,
ANT 1-7/7/2004, p. 11)

- (35) a) *Hai persoas fermosas que son mudas, ou que soamente saben falar unha lingua, falar idiomas non é todo, hai parvos en moitos idiomas. **Con todo**, en xeral, as persoas que falan máis dun idioma adoitan ter máis curiosidade e ser máis respectuosas cos demais cás outras.*

(S. de Toro, ET 130)

- b) *E un xoves gozaron coa dor intensa do sangue como nas de Sade. **Con todo**, tamén o fixeron con palabras, formas e emocións sobre as que ninguén escribiu nunca.*

(Sende, OR 69)

Moi próximas do valor de *con todo* están as expresións conectivas aínda non totalmente lexicalizadas a *pesar de todo* e *pese a todo* (véxase 6.3.3).

Por outra parte, se *con todo* partilla con *así e todo* a presenza do cuantificador, *aínda así* ten en común con este último a participación do adverbio modal *así*. Os

tres semellan posuír o valor discursivo de subliñaren a validez do segmento anterior, mais enfatizaren a maior forza argumentativa do que eles introducen; no caso de *aínda así*, o significado de cada un dos seus constituíntes contribúe para tal valor. Nos textos do galego medio non demos con exemplos, mais nos do século XIX achamos varios casos, algúns na construción *(a)índa así e todo*, como xa se puido ver no exemplo (26), que permite dúas lecturas diferentes, con *aínda* integrado ou non na expresión conectiva, e como podemos ver agora no (36), e outros en construcións non gramaticalizadas como marcadores do tipo de *aínda así como está* (37) e *índa así chorando* (38), para alén da fórmula canónica *(a)índa así* (39):

- (36) *O Gaiteiro ben sabe que non hai peor cuña que a do mesmo pau; pero, **índa así e todo**, xa non hai atrancos nin barrancos que o deteñan no camiño.*

(LGPR 115)

- (37) *Tua nay sempre me tivo moito respeito e acatamento; e e fácele que, **aínda así como está**, se deixe levar das suas antigas lembranzas.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 316)

- (38) *¡Chora e chora lágrimas de sangue, que **índa así chorando**, non farás máis que comprir; anque tarde, cun dos teus deberes máis sagrados!*

(Lamas Carvajal, *OLX* 274)

- (39) *Logo volará mui alto,
e para velo, despois,
que entornar moito os ollos
e **índa así** lastima o sol,
e non podredes xa velo*

(LGPR 217)

Estes exemplos semellan suxerir dúas posíbeis vías de gramaticalización do conector: a partir de *aínda así e todo*, con perda da última parte da expresión, e a partir de construcións concesivas con xerundio como *aínda sendo así*, con elisión da forma verbal, ou de construcións tamén concesivas como *aínda así como era*, con perda da segunda parte. Non parece existir incompatibilidade entre unha orixe e outra, de modo que todas poden ser posíbeis. O caso é que *aínda así* acabou por se gramaticalizar como conector contraargumentativo parentético especializado en remarcar a grande forza argumentativa dun primeiro segmento e, porén, de modo similar ao que acontece con *así e todo* ou *con todo*, introducir unha conclusión contraria á esperábel dese. Igual valor ten *mesmo así*, que se pode considerar como

unha variante de *aínda así*. A pesar da convivencia das formas *aínda* / *índa* como elemento inicial do conector, a lingua escrita actual parece preferir a primeira:

- (40) *Manuel Veiga escribiu hai quince días que non se pode culpar ao pobo da mala actuación do Bloque. Estamos totalmente de acordo, e sobre as eivas do BNG falaremos nas próximas semanas. **Aínda así**, eu creo que se debe falar sen dogmas sobre as características deste pobo que é a fonte nutricia e a razón do movemento, pero que en absoluto é sempre duro e brillante.*

(X. M. Sarille: “O factor diamantino”,
ANT 8-14/7/2004, p. 8)

Outro conector contraargumentativo parentético é **no entanto**, que, igual que os anteriores, introduce conclusións contrarias ás esperadas do primeiro membro, mais sen pór a mesma énfase na súa forza argumentativa; o valor deste conector está máis próximo, por tanto, de *porén* ou de *non obstante*. Tivo moi escasa presenza na lingua escrita, onde non rexistramos exemplos nos textos do galego medio nin nos do século XIX, sendo tamén de aparición serodia en portugués, onde actualmente é de uso habitual. Talvez por esta vía penetrase timidamente no galego escrito do século XX:

- (41) *Claro que nunca se lle viu entusiasmado por mulher alguma, e, **no entanto**, hai que considerá-lo mui mullereiro*

(Carvalho, *SC* 99)

Mais, así como após a última revisión normativa se incrementou o uso de *porén* como conector contraargumentativo, tamén se produciu o de *no entanto*, introducido entre as conxuncións adversativas (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 184) e por iso mesmo máis frecuente na lingua escrita actual:

- (42) *Custou moito chegar até aquí. Construímos un espazo onde todos e todas podemos estar comodamente. Un espazo onde toda a cidadanía galega ten cabida. E, **no entanto**, que pouco semella custar fracturalo!*

(C. Aymerich: “Debate no BNG”, *ANT* 8-14/7/2004, p. 10)

Outro conector contraargumentativo parentético é **iso si**, que atenúa a forza argumentativa do membro anterior (Portolés 2001: 141) e introduce unha información de máis peso que conduce a unha conclusión diferente da que suxire aquel. Máis do que eliminar a conclusión máis evidente ou facilmente accesíbel, *iso si* parece especializado en debilitar unha das posíbeis inferencias que puideren derivarse do primeiro membro, de modo que lle resta forza argumentativa (Montolío 2001: 79).

De acordo coa teoría da argumentación na lingua (véxase 2.3.4), *iso si*, igual que *mais*, pode introducir un modificador ou modalizador desrealizante (*É un parente, iso si, lonxincuo*), pois une unha información que posúe unha determinada orientación argumentativa con outro segmento informativo que atenúa a forza argumentativa da primeira, invertendo a súa orientación (*É moi rico; iso si, honrado*). Este conector contraargumentativo especializado en se combinar con modalizadores desrealizantes goza de mobilidade sintáctica, pois pode aparecer ao inicio, no interior ou ao final do membro anteriorizado; cando aparece ao final do membro que cancela a inferencia derivábel do segmento informativo anterior, normalmente ese membro funciona a modo de comentario parentético e constitúe predicacións breves (Montolío 2001: 81), con frecuencia carentes de forma verbal finita, que poden ir precedidas de *mais* ou *aínda que* (*A situación económica é moi boa, (mais/aínda que) mellorábel, iso si*). Segundo fai prever a presenza do adverbio de afirmación *si* como un dos dous constituíntes da construción, ao lado do demostrativo *iso*, o conector *iso si* subliña e enfatiza a efectiva presenza dunha propiedade, valor presente en construcións do tipo de *iso si que está ben, iso si que é certo, iso si que non* etc. e que seguramente permitiu o proceso de gramaticalización deste marcador. Nos textos do século XIX achamos casos desta expresión, tanto sen gramaticalizar (43) ou algúns en ocasións dubidosos (44) como xa gramaticalizados (45 e 46); en (44) esta construción mesmo se converte en elemento recorrente vertebrador do poema, a demostrar así a súa plena consolidación na altura:

- (43) *Pouco á pouco, Sr. Abá, eso si que non. Foyse aquel tempo da que chamaban Sta. Inquisicion, da que se valían os birbós para desfacerse secretamente de canto home sabio aparecese*

(ST 2)

- (44) *–Eso, sí, meu compañeiro,
prenda d' o meu corazón
entraremos n-a taberna
á votar un cuarterón.
–Eso, sí, meu compañeiro,
prenda d' o meu paladar,
axudaréich'o á beber
si tràs cartos para pagar.
–Trayo cartos para pagar,
eso sí, meu quiridiño,
déixate de cuarteróns
e votemos un cuartillo.
– Eso sí, meu compañeiro,
ti quérest' emborrachar
e despóis pol-o camiño
que te teña que levar.*

*–Eso de ter que levarme
non che dé ningún cuidado,
hei chegar à miña casa
aunque me coste traballo.
–Eso sí, meu compañeiro,
tiremos á andar andar ;
xa que bebemos o viño
ordenemos de pagar.
–Eu os cartos no-os traguía
eso sí, meu compañeiro,
pero, espero n-a fianza
que me dé o taberneiro.
[...]
–Ti vasmе enfadando moito,
eso sí, meu quiridiño,
sabes que no-é cuarterón,
que bebemos un cuartillo.
–Para pagar un cuartillo
pregúntall' ô taberneiro;
que eu non che pidín tanto,
porque non tiña diñeiro.
–Non te poñas ufano
eso sí, meu quiridiño,
recorda que ll'o pidiches
que él che votou un cuartillo.
[...]
–Ti teste por moi valente
eso sí, meu quiridiño,
sí cayo n-a corredeira
tí has de caer n-o camiño.
–¡Eso caer n-o camiño!
parécem' unha simpreza;
tí, ordena de pagar,
ou de deixar a chaqueta.
–Axudáchem'o á beber
eso sí, meu compañeiro,
si quedar dixo a chaqueta
ti-has de deixar o sombreiro.
–Vámonos tirando á casa
eso sí, meu amiguiño;
hasta mañán si Dios quer
que pagaremos o viño.*

(CPG I, 91-95)

- (45) *Dios me teña en conta e me perdone o que fixen, porque **eso si**, a bos deseios naide me gana, señor Maestro.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 200)

- (46) *Nin por un ollo da cara se hacharán alí catro líneas armónicas; moito de pingantes e colgarexos; moito de puntos salientes e entran-tes; moito de voltas e reviravoltas; moito de rasgos enrevesados e ensarillados, que parecen garabatos, **eso si**; pero líneas puras, que corran lisa e limpamente, e que sean combinadas, **eso alí é** contra-bando; pois o gusto da época non consintía outra cousa.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 193)

O uso desta expresión conectora na lingua escrita continuou no século XX até á actualidade, coas variantes *eso/iso* no demostrativo de acordo coa súa distribución dialectal e coas prescricións normativas, finalmente inclinadas para *iso*:

- (47) *Tanto como quer ainda non-o dixen eu; pero, **quén sabe...!** Desprecei moitos mozos –**ai eso si!**– porque os amoríos gastan o corazón e chuchan o siso.*

(Castelao, *Vellos* 14)

- (48) a) *nin o ‘Pacto Antiterrorista’, creado como ensaio anticipado dunha coaligación PP-PSOE en Euskadi, foi quen de prever e evitar a ameaza do terrorismo fundamentalista, obsesionados como estaban ambos en criminalizar o nacionalismo. **Iso si**, tanto estes pactos como o asinado a fins da lexislatura pasada en materia de inmigración foron eficaces parteiras de leis regresivas en materia de liberdades*

(C. Aymerich: “De pactos e ismos”,
ANT 1-7/7/2004, p. 10)

- b) *Ou mercaba unha cámara de fotos de segunda man e se dedicaba a fotografar o interior dos espellos –os da residencia, pola rúa, os dos coches...– desde múltiples perspectivas.*

*Era, **iso si**, bastante solitaria e gustáballe falar consigo mesma.*

(Sende, *OR* 22)

- c) *O que si apareceu algunha vez foi alguén durmindo no contedor, en estado lamentábel, **iso si**.*

(H. Vixiande: “Manuel Zabala, traballador do lixo”,
ANT 3-9/2/2005, p. 20)

Finalmente, outro conector contraargumentativo que introduce argumentos fortes, aínda que de uso bastante máis restrito, é *emporiso*, formación moderna a partir de

en+por+iso (Ferreiro 1999: 372). Nas primeiras gramáticas galegas, Valladares (1970: 112) cita “*Emporeso* = empero, no obstante” e Saco Arce (1868: 137) non a menciona entre as conxuncións adversativas, mais entre “otros modos conjuntivos” inclúe *por eso* ‘á pesar de eso, sin embargo’. Nos textos do século XIX áchanse algúns usos deste conector, basicamente na obra poética finisecular de Eladio Rodríguez:

- (49) *Eu tamén digo, **emporeso**,
que á paso de can, lixeiros,
progresamos con esceso,
pois co este novo progreso
xa progresan..... ¡os traseiros!*

(Rodríguez González, *FO* 83)

- (50) *Xa fai tempo que foi. Os que hoxe o contan
non recordan a fecha fixamente,
porque disque quedóu escurecida
coma moitas máis cousas que soceden.
Emporeso, non falta quén afirme
que socedeu no tempo en que os herexes
andaban á matar contra os cristianos
por non querer seguíla sénta d’eles.*

(Rodríguez González, *FO* 148)

- (51) *Nin move os beizos, nin descobre a cara,
nin tampouco do chau os ollos ergue,
que atravesando montes e sendeiros
parece que ñorado pasar quere.
Máis, **emporeso**, ô resprandor da lúa,
relocindo por riba do chaleque,
unha crus se lle vé sobre do peito,
que bica repetoso moitas veces.*

(Rodríguez González, *FO* 150)

Trátase, como se pode ver nos exemplos precedentes, dun conector parentético que, de modo similar a *non obstante*, presenta unha información que se desvía da liña argumentativa previa e que conduce a unha conclusión diferente da esperábel do primeiro membro. Aínda que os exemplos localizados no século XIX só recollen a variante *emporeso*, no século seguinte áchanse esporádicos exemplos de *emporiso*, que se converte en forma habitual na actualidade ao se consagrar *iso* como forma normativa única:

- (52) a) *Sin parar chorara todo o día... No amañecer seguinte, atopárono morto.*
Emporiso o labrego ao lembrarse sentía unha fonda compasión, arelas fementes de chorar e de pregar a Deus pola alma do velliño.
 (Amado Carballo, *OPV* 40)
- b) *As reivindicacións do día 28 (Día Mundial do Orgullo Gai, Lésbico e Transexual) van por esa liña de reclamar normalización, independentemente de que moitas parellas non queiran casar. Emporiso, a lei é apta para aqueles que non desexan acollerse ao perfil de familia do matrimonio, tanto parellas homosexuais coma heterosexuais.*
 (L. R. Lorenzo: “Matrimonios homosexuais...”,
ANT 8-14/7/2004, p. 14)

6.2.4. En troca ou en troque(s) e outros conectores parentéticos de contraste

Existen no galego escrito un pequeno grupo de conectores parentéticos especializados en poren en contraste a información antecedente coa que eles introducen; tomamos como prototípico *en troca* ou *en troque(s)*, mais tamén se teñen utilizado e aínda se utilizan outros como *en cambio*, *por contra*, *pola contra*, *ao contrario*, *polo contrario* ou *antes ben*, aínda que este xa se estudou con aqueles conectores que expresan a noción de preferencia (véxase 6.2.2). Como os vistos en apartados anteriores, estes tamén son introdutores de argumentos fortes por ser a información a que dan lugar a que finalmente se impón na liña discursiva. Mais, en contra doutros conectores adversativos, non se encargan de anular a conclusión a que o segmento precedente semellaba conducir.

A respecto de *en troca* ou *en troque(s)*, o primeiro que convén clarificar é a súa xénese como conector e a convivencia con *en cambio*,¹³⁰ talvez utilizado por interferencia do español. Ferreiro (1999: 367) di que a locución *en troques* de “parece terse formado sobre o substantivo *troque*”, con *-s* adverbial, “derivado regresivo de *trocar*, de orixe escura”. Debe de ser unha formación moderna pois non a achamos rexistrada, so calquera das formas (*en troque*, *en troques*, *en troca*, *en troco*), nos textos do galego medio. Mais nos textos do século XIX xa ten unha relativa frecuencia de uso, tanto plenamente gramaticalizada como conector parentético (54), como seguida da preposición *de* sen gramaticalizar (53), e tanto con *-s* analóxico (53b e 54a) como sen el, fórmula esta dominante nos textos do período:

¹³⁰ Sobre *en cambio* e *por el contrario* en español véxase Portolés (1998b).

- (53) a) *pro hai en certas ocasións tal propensión a crer o imposible, que Maruxa, fiada na celestial pormesa, i a troque de deixar sin ollos ó seu home, dicídeuse a seguir o consello do Santo e páxoo en práctica.*
 (LFF 30)
- b) *Pola mor da locomotora i en troques das picalladas que nos trai e que mercamos máis baratas que denantes, os porcos da terriña, arrincados do cubil, van viaxando en tren prás Castelas*
 (Lamas Carvajal, *OLX* 283)
- c) *Os periódicos veñen cheos de recramos, dus e doutros, que buscan traballo, en troque dun mal almorzo.*
 (Armada, *NME* 17)
- (54) a) *Levado pola afición que sinte pola mourería o Goberno, mandou encontra aló tropas coa misión de conter o orden, no caso de que as tribus fagan das súas á morte do sultán; en troques, deixan o goberno da casa ó vultuntum, saia o que saia.*
 (Lamas Carvajal, *OLX* 278)
- b) *Eu, en troque, traereivos moitos feixes d'alcacer.*
 (Armada, *NME* 20)
- c) *En troque contras tèn ben sabidas por mor d'aquela gran pillería.*
 (Fernández y Morales, *EP* 213)
- d) *A nai e a rapaza deixaron o tempo; en troque axionllado, meu home, na igrexa, de cote co as dudas acesas no peito ja sinte de novo a fe que perdera...*
 (Carré, *RA* 44)

Nos textos da primeira metade do século XX continúa a se usar ocasionalmente este conector contraargumentativo de contraste, a alternaren tamén as dúas variantes formais:

- (55) a)
- En troque**
- as casas... ¿direino?

As de Calvos, máis que casas,
vellos pombales semellan
feitos de brousos e pallas.

(Noriega, OC I, 270)

- b) –¿Qué fixeches no mundo?

–Nada, Señor –respondía ela tremando de medo.

–**En troque**, pecaches moito.

(Amado Carballo, OPV 43)

- (56) a) O Dr. Alveiros
- en troques**
- era seu amigo, e saudábaos sempre moi fino ao pasar:

(Risco, PDP 131)

- b) A nai: Esvaeranse as coores que che pintou Noso-Señor a man tenta. Deixarás de ser mazán e cereixa. Trocaraste n-un figo merado. Coberta de remendos, torrada pol-a raxeira, a fuxires dos espellos para non verte.
- En troques**
- ...

O pai: **En troques**, se lle pós cara ao señor Fuco...

(Castelao, Vello 60)

O conector *en cambio* tamén aparece modernamente en galego, posibelmente procedente do español. Non rexistramos ningún caso nos textos dos séculos escuros e o exemplo escrito máis antigo que documentamos corresponde a 1861, nun texto en dialecto berciano con moitos castelanismos:

- (57)
- Anq'aquela nóite o polo
os cañóis se ll'helaron
d'o plumin por mor d'o cierz
que bufaba 'n él, **en cámbio**
cubriuselle c'a humedá
d'escamas todo o espiñazo*

(Fernández y Morales, EP 273)

Os demais xa corresponden case todos a finais do século XIX e presentan varios deles alteración formal no vocalismo:

- (58) a)
- Mira **en cámbio** incomovibre
do val no médeo esa pena,*

*que nin os ventos abanan,
nin as augas lle fan mella*

(LFF 185)

- b)
- As costureiras d'agora
gastan moito polisón,
y **en cambeo** tran á camisa
toda feitiña un xirón.*

(Pérez Placer, CR 17)

- c)
- Pobo como Pontevedra
non-o hai mas alleiro;
dá c'o pé òs que son d'a cas,
e a man, **en cambeo**, òs alleos.*

(Lois, ES 95)

- d)
- dálles noxo comer a broa que comeron toda a vida, e **en cámbio**,
mantéñense con faragullas de pantrigo*

(Lamas Carvajal, OLX 203)

N'A *tecedeira de Bonaval*, de López Ferreiro, non se atesta ningún caso de *en troque(s)*, mais prodúcense dúas ocorrencias de *en cambio* sen alteración vocálica:

- (59) a)
- Pero como nos Madriles, que é a corte, se da a pauta pra o gusto, e aló impera o artificio e non o que é natureza, de aquí é que fagan bulra e mofa do acento gallego, e, **en cambio**, dean as laudes e poñan nas nubes a outros mais viciosos e defeituosos.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 13)

- b)
- Soilo o acebacheiro Cutrin, que tiña a tenda frente aa de Nicolao, lançouse como un can de presa para socorrer o seu viciño. **En cam-bio**, mulleres, en un abrir e cerrar de ollos xuntouse ali unha nube delas.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 94)

Alén destes casos, rexistramos cinco máis so a mesma forma *en cambio* n'O *castelo de Pambre* do mesmo autor, do ano 1895, mais ningún na súa última novela, de 1905, *O niño de pombas*. Este marcador continuou a se usar na lingua escrita durante todo o século XX, a pesar de normalmente non se recoller de forma expresa nas gramáticas nin nas normas ortográficas, e mesmo ten algún uso na actualidade:

- (60) a) *Cando ún olla para a mocidade angloamericana bailando rocks, ún pensa en introvertidos nun arrouto de furia desesperada. **En cambio**, os latinoamericanos semellan bailadores natos dos seus ritmos onde antes.*

(Gonsar, CTS 63)

- b) *Algúns, que nin siquiera cremos, temos, **en cambio**, a seguridade de que homes como estes, de espírito libre mesmo por enriba das súas crenzas persoais, contribúen a unha sorte de causa común da humanidade consciente e creadora.*

(X. A. Gaciño: “Cheuá”, ANT 3-9/2/2005, p. 40)

O uso escrito de *en cambio* chegou á actualidade, mais a súa eliminación da propia redacción das normas oficiais, sen figurar tampouco entre as locucións adverbiais ou entre os nexos conxuntivos (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 183-184), está a supor a paulatina desaparición da lingua escrita. Eliminada, pois, da norma, o seu lugar como locución adverbial conectora ocúpao maioritariamente *en troques*, que obedece á mesma estruturación morfosintáctica e semántica, mais que non resulta ser sospeitosa de castelanismo. Porén, o -s analóxico non adoita ser consagrado pola norma nos adverbios galegos; xa afirmara ao respecto Luguís Freire (1931: 75) que a “forma *mentes* (*mesmamente*, *malamente*) úsase moi pouco, e dende logo aconsellamos que se desbote o seu emprego por incorreito”. Podería moi ben adoptarse *en troque*, *en troco* ou *en troca*, pois, tratándose dun derivado posverbal as tres solucións conviven en galego (cfr. *custo/custe/custa* en paralelo con *troco/troque/troca*). A última destas fórmulas, *en troca*, vai gañando espazo na lingua escrita ao lado de *en troques*:

- (61) *A prensa, se é libre, é o lugar da civilidade. Cando serve ao poder, **en troques**, é parte do sistema de dominación totalitario sobre o cidadán.*

(S. de Toro, ET 15)

- (62) a) *Aproveitaron para continuar nun tirapuxa electoral que tentaba enmascarar con moito barullo a evidencia de que no esencial PP e PSOE comparten o mesmo deseño para a Unión: primacía do mercado sobre a sociedade, hexemonía dos Estados, dependencia militar da OTAN, flirteos co confesionalismo cristián... **En troca**, o nacionalismo galego, e máis unha vez en solitario, tentou colocar na axenda os problemas que verdadeiramente atinxen os galegos*

(C. Aymerich: “Galiza existe, tamén en Europa”, ANT 17-23/6/2004, p. 13)

- b) *Desde logo, a finalidade dos ‘discursos’ que compoñen Sempre en Galiza era moi outra que ‘escorrentar a morriña’; **en troca**, é interesante notar que o autor presenta a obra como “tres feixes de discursos”*

(H. Monteagudo, “Na xénese de Sempre en Galiza...”, ANT 22-28/7/2004, p. 2 do suplemento)

Desbotado, pois, *en cambio* da norma do galego, diremos que *en troca* ou *en troques*, aínda que normalmente conecta oracións en contraste, tamén pode pór en contacto unidades sintácticas inferiores á cláusula, e non só pode aparecer na primeira posición da secuencia que introduce (62), senón tamén no interior desta, como en (61).

Outro conector que expresa tamén relación de contraste é *polo contrario*, coas variantes *ao contrario*, *pola contra* ou *por contra*. Mais neste par opositivo *en troca* / *polo contrario* o primeiro actúa como membro non marcado e o segundo como membro marcado, pois este último acrecenta ao significado común de contraste o de contraposición polarizada entre contrarios (Fuentes 1998c: 56); así, *en troca* ou *en troques* pode a miúdo aparecer en lugar de *polo contrario*, mais á inversa non sempre é posíbel (Montolío 2001: 85), como poñen de manifesto os seguintes exemplos:

- (63) a) *A Uxía traballa nunha farmacia; o seu noivo, **en troca**, traballa nun banco.*
 b) *#A Uxía traballa nunha farmacia; o seu noivo, **polo contrario**, traballa nun banco.*
- (64) a) *Este vestido é bonito e, **en troques**, barato.*
 b) *#Este vestido é bonito e, **polo contrario**, barato.*

As versións (b) dos exemplos (63) e (64) non admiten ben a aparición de *polo contrario* porque a relación que se establece é simplemente de contraste e non de contraposición. Porén, nos exemplos (65) e (66) *polo contrario* é perfectamente substituíbel por *en troca* ou *en troques*, como membro non marcado, aínda que o uso de *polo contrario* indica unha maior oposición entre as informacións conectadas:

- (65) a) *A Uxía traballa nunha farmacia; o seu noivo, **polo contrario**, está desempregado.*
 b) *A Uxía traballa nunha farmacia; o seu noivo, **en troca**, está desempregado.*
- (66) a) *Este vestido é bonito; aquel, **polo contrario**, é horríbel.*
 b) *Este vestido é bonito; aquel, **en troques**, é horríbel.*

Cando *polo contrario* aparece nun enunciado en que ambos os segmentos comentan o mesmo tópico e o primeiro figura con polaridade negativa, entón funciona con valor opositivo excluínte, pois non pon en contraste dúas informacións de signo diferente, senón que nega a verdade da primeira proposición e a substitúe pola segunda, que desa forma se presenta como a única correcta, igual que fai a conxunción adversativa excluínte *senón*, sendo especialmente nestes usos opositivos excluíntes cando *polo contrario* non se pode conmutar por *en troca*:

- (67) *As declaracións do candidato **non** favoreceron o seu partido; **polo contrario**, restáronlle moitos votos.*

Así pois, o conector *polo contrario* (e *pola contra*) é un relacionante supraoracional que xeralmente establece unha relación entre enunciados e que indica oposición polar, podendo aparecer intercalado no segundo enunciado ou combinado con outros nexos como *ou*, *mais* ou *senón* (Fuentes 1998c: 57). Con esta mesma base semántica existen outras construcións como *ao contrario* e *todo o contrario*. Canto á primeira, trátase dunha locución adverbial que equivale semanticamente a ‘ao revés’; mantén o seu significado e non semella estar completamente gramaticalizado como conector, pois, alén disto, pode ocupar por si só un turno no diálogo (68) e pode ser destacado como calquera segmento con contido lexical (69):

- (68) *–Tíveches de agardar moito tempo?
–Ao contrario.*

- (69) *Foi ao contrario como o fixo.*

Posibelmente a partir destes valores orixinarios foi adquirindo o de conexión polo carácter déictico que implica, derivando por tanto a relacionante supraoracional, con mobilidade, aínda que sen estar totalmente consolidado como conector. Ten valor excluínte, é un refutativo próximo de *senón* e vai sempre precedido dunha negación, coincidindo cos usos opositivos excluíntes de *polo contrario*, como se pode ver ao conmutármolo por este no exemplo (67):

- (70) *As declaracións do candidato **non** favoreceron o seu partido; **ao contrario**, restáronlle moitos votos.*

Canto a *todo o contrario*, non está avanzado no seu proceso de gramaticalización, a se comportar como unha secuencia adverbial que nega o precedente e que vai seguida dunha oración que explica ese comentario negativo; isto é, rexeita o anterior e dá paso a unha explicación desa refutación (Fuentes 1998c: 59):

- (71) *O seu fillo non fixo un bo curso. **Todo o contrario**, foi reprobado en case todas as materias.*

Tanto *ao contrario* como *todo o contrario* son dúas expresións adverbiais con valor modal que establecen unha relación exclusiva, correctiva, semellante a *senón*, e que se poden usar como respostas a unha pregunta, conservando o seu significado lexical, de modo que non se deben considerar totalmente gramaticalizadas, embo-
ra *ao contrario* estea máis avanzada nese proceso. Tamén *antes ben* (xa visto en 6.2.2) é un relacionante de refutación semellante a *senón*, mais reducido ao ámbito culto, que pode aparecer así mesmo coa forma *antes ao contrario* (Fuentes 1998c: 62) ou *antes polo contrario* (véxase exemplo 74c).¹³¹

Canto á aparición destas formas no galego escrito, non demos con exemplos nos textos dos séculos escuros. Nos decimonónicos tampouco conseguimos localizar ningún caso de *por contra*, mais si algúns dos outros conectores que manteñen a mesma base lexical; os casos de *pola contra* localizámoslos na obra de Lamas Carvajal (72), onde tamén se rexistra a expresión *todo pola contra é*, que pode explicar a xénese do proceso de gramaticalización deste conector (73):

- (72) a) *Avisado como poucos, non agarda a que trone pra alcender velas benditas na súa casa a Santa Bárbara; **pola contra**, ten moito tino de recoller cantos cabuchosalcontra á mau na sancristía e nos altares pra alumeear tódalas noites a súa chouza, polo que poidera tronar.*

(Lamas Carvajal, OLX 153)

- b) *Desque goberna Sagasta, Castelar xa non pía, nin rosma como un can de palleiro ensinando os dentes Zorrilla, nin anda a elas Pidal cos obispos, nin aduana Martos, nin patexa López Domínguez, nin Cánovas bota polas de Pavía.*

***Pola contra**, Cánovas está en vísperas de se casar. Ós sasenta anos non será home pra facer outra como ela o polo de Antequera; D. Paco afogouno denantes.*

(Lamas Carvajal, OLX 279)

- c) *–Direiche, verás: motivos
pra me non casar, non teño,
pola contra, pro cavilo
que mentras teu pai se agache
e se faga o esquecedizo,
eu como xenro que son
déboche calar o pico.*

(Lamas Carvajal, PG 417)

¹³¹ Segundo Fuentes (1998b: 31), *antes ao contrario* e *polo contrario* son relacionantes de oposición restrictivos que marcan oposición entre elementos extremos.

- (73) *polo demais... ¡vaiche boa!,
todo **pola contra** é,
porque o rico gasta e trunfa,
i o probe que nada ten
morre nun curruncho á mioca*
(Lamas Carvajal, PG 335)

Como exemplos de *polo contrario* e *ao contrario* pódense pór os seguintes:

- (74) a) *Nada máis sinon que taes fatuidades respecto de noso país teñen
algunha comparanza c'as d'os franceses ò falar d'as súas eternas
vitorias ganadas òs españoles. España nunca, nunca os venceu; **polo
contrario** sempre saleu vencida, derrotada, homillada*
(Rosalía, CG 10)
- b) *Que si non queres, com'hastra agora non quixeche, ademetir os meus
parrafeos; si **polo contrario** tod'o teu pensamento entregache a Xan
d'os Picos. ¿Vou, en vinganza, a levár teu nóme de boca en boca pra
qu'estas parólas lixen a honra que tant'estimas?*
(Armada, NME 22)
- c) *Algo era de recelar d'aquela xente; por eso, ninguén se desvergonzou
nin se desmandou con ela; antes **polo contrario** guiáron-a correndo
hastra onde iba Nuño.*
(López Ferreiro, Castelo 133)
- (75) a) *Estaban aviados os grandes conquistadores doutros tempos e algús
dos presentes si, tendo en conta o dito polo señor Arévalo, empezasen
por tirar por terra os diferentes dialeutos ou linguaxes dos pobos
que sometían ó seu dominio. **Ó contrario**, exempros ben recentes
temos visto de que un dos principaes motivos con que tiveron que loi-
tar os reis pra xuntar os difrentes pobos foi o empeño que moitos
mostraron de querer borrar dunha prumada un elemento tan esencial
de vida como é o idioma propio dun país.*
(Lamas Carvajal, OLX 292)
- b) *Non teño queixa ningunha. **Ó contrario**; sèmpre qu'ande pol-o
mundo direi qu'a elas, despois de Dios, lles debo a vida.*
(Armada, NME 57)

Os exemplos (72), (74) e (75) demostran que no século XIX *pola contra*, *polo contrario* e *ao contrario* xa estaban gramaticalizados como conectores contraar-

gumentativos. No exemplo (74c) *polo contrario* aparece combinado con *antes*, conector que tamén pode figurar baixo a forma *antes ben* (véxase 6.2.2) e que leva a cabo unha oposición excluínte baseada na incompatibilidade de contido dos dous membros conectados, a coincidir por tanto nisto co uso opositivo excluínte de *polo contrario*. Loxicamente, o uso escrito destes conectores desenvolveuse con normalidade durante o século XX até á actualidade, onde *por contra*, o menos tradicional, parece avanzar na lingua culta, se cadra favorecido pola interferencia do español:

- (76) *en Galicia medra menos que no Estado a poboación activa, os que
traballan ou queren traballar; os ocupados, os que traballan, e os
que perciben prestacións por desemprego; **por contra** medran máis
que no conxunto do Estado os que están parados e os que traballan
cun contrato precario.*
(C. Aymerich: “Galiza”, ANT 17-23/2/2005, p. 13)

No entanto, *pola contra*, *polo contrario*, conector prototípico deste grupo, e *ao contrario* tamén teñen presenza na lingua escrita actual:

- (77) *Non vai ser como moitos temen (coido que interesadamente) unha
especie de ‘cuartelillo’ xeral do corpo multinacional de inspectores
de pesca patrullando día e noite na ría de Vigo e facéndolle a vida
imposíbel á flota galega. Vai ser, **pola contra**, un centro de intelixen-
cia, no senso de ser o centro onde se decidan os planos de traballo*
(X. Queipo: “Axencia Europea de Control da
Pesaca...”, ANT 10-16/2/2005, p. 15)
- (78) *En todo caso, o seu espírito non é o dos seus máis célebres partida-
rios no pasado século, que fixeron del unha bandeira de integrismo.
Ao contrario, é un libro vizosamente ambiguo e contraditorio conta-
do por un narrador de sangue dubidoso, de familia oriúnda dunhas
montañas nun reino veciño e que, ademais, basea a súa narración no
que escribiu un certo escritor mouro.*
(S. de Toro, ET 132)
- (79) *Quen busque algún tipo de esencia ou catecismo españolista no
Quixote, apañado está. **Polo contrario**, todo o libro é unha defensa
da tolerancia, do recoñecemento do outro, da apertura ás influencias,
e unha defensa das outras linguas.*
(S. de Toro, ET 133)

6.3. Conectores que introducen argumentos fracos

Fronte aos conectores contraargumentativos precedentes, que introducen argumentos fortes, e que tamén se adoitan denominar adversativos, existe outro grupo de conectores que se caracterizan por introduciren argumentos fracos, isto é, argumentos que non teñen a forza suficiente como para impoñer a conclusión que deles se derivaría. Estes conectores tamén veñen sendo denominados concesivos. Uns e outros están directamente relacionados, pois todos son contraargumentativos. En consecuencia, antes de analizarmos en concreto os conectores que introducen argumentos débiles, convén incidirmos máis unha vez na existencia de estruturas adversativas e concesivas, pois ambas son o resultado de conceptualizarmos de modo diferente a mesma noción de contraargumentación.

6.3.1. Conectores adversativos e concesivos

A diferenza fundamental entre as cláusulas concesivas e as adversativas radica no argumento que se destaca, constituíndo a concesividade e a adversatividade un expoñente máis da capacidade humana para expresar de maneira diferente un mesmo concepto (Garachana 1998b: 596).¹³² Aínda que uns autores consideran as cláusulas adversativas como coordinadas, outros como subordinadas e algúns prefiren falar dun tipo intermedio entre coordinación e subordinación, existindo tamén quen opta por falar dunha única clase adversativo-concesiva, talvez resulte máis aconsellábel considerar que tanto as adversativas como as concesivas son estruturas interordinadas, pois os dous xuízos que interveñen corresponden a un único movemento argumentativo; isto é, son dous xuízos interdependentes, non illados, de modo que os argumentos contidos nos enunciados adversativos e concesivos se exiben mutuamente, establecéndose en consecuencia unha relación bipolar e interordinada.

As estruturas adversativas presentan unha orde fixa en que no primeiro segmento se formula unha proposición e despois se matiza no seguinte, sen se poder alterar tal organización; esta orde garda unha estreita relación coa estrutura informativa da cláusula, que normalmente presenta un esquema tema-rema (Freixeiro 2003: 82-91). En tanto que nas estruturas concesivas se tende a remarcar o tema, nas adversativas perspectivízase o rema; isto é, a prótase concesiva remite a información coñecida e as estruturas adversativas introducen información nova que funciona como rema. Semanticamente as cláusulas concesivas caracterízanse por

¹³² Sobre adversación e concesión véxase tamén Fuentes (1998c: 17): “La adversación y la concesión están muy cercanas, porque en ambos casos tenemos una anti-orientación argumentativa. En la adversación sólo se plantea dicha anti-orientación sin más, y en la concesión se presenta una implicación causal violada”. A respecto da adversación no español actual véxase Acín (1993).

introduciren contidos que adoitan identificarse coa orixe dunha relación, destacando a tese, e pragmaticamente por achegaren información coñecida ou presuposta; as adversativas, en troca, introducen contidos asociados co destino ou resultado dunha relación, a antítese, e destacan unha información nova; aínda que esta información fose presentada previamente, porén, é reutilizada como argumento contrario a outro, para desa forma lle dar un novo xiro ao discurso (Garachana 1998b: 597).

Canto aos conectores, convén indicar que os concesivos introducen normalmente o primeiro segmento da construción, a sinalaren así o carácter contraargumentativo da relación desde o primeiro momento, en canto que os conectores adversativos, por introduciren o segundo segmento, non sinalan ese valor contraargumentativo desde o inicio, senón que poñen o acento no xuízo que xustifica a ruptura dunha expectativa, marcando dese modo o contraste entre os dous xuízos. Ao se referiren sempre a un argumento previo, os conectores adversativos posúen valor anafórico, que contrasta co valor catafórico dos concesivos, pois normalmente, nas construcións prototípicas, apuntan a unha información posterior. De forma resumida, as principais características dos conectores contraargumentativos que serven para diferenciar os adversativos dos concesivos son as seguintes, de acordo con Garachana (1998b: 600): (i) tanto os conectores concesivos como os adversativos sinalan a ruptura dunha expectativa; (ii) os concesivos introducen a primeira cláusula da relación contraargumentativa e os adversativos a segunda; (iii) os concesivos marcan desde o inicio o carácter contraargumentativo da construción e os adversativos fano ao comezo do segundo enunciado; (iv) os concesivos introducen unha presuposición e anuncian a súa falta de validez nun contexto determinado, en canto que os adversativos subliñan o contraste propio das estruturas contraargumentativas ao introduciren un enunciado que invalida unha presuposición presentada previamente; (v) os concesivos posúen valor temático e os adversativos remático; e (vi) os concesivos teñen valor catafórico e os adversativos anafórico.

6.3.2. Aínda que e anque

O conector concesivo prototípico en galego é *aínda que*, coa súa variante *inda que*, formas que partillaron usos orais e escritos con *unque* nos últimos séculos de vida do idioma:

- (1) *No no xâre que llo creo: eu nunca lle dijo que ó viño he malo hasta que llo probo; pero xâ se vé, ó que non lle justa ó viño sempre dice que he surpia, **aínda que** sea de Malaja... ¿non sey si me esprico?*

(ST 3)

- (2) *Por eso **inda que** parezamos desleigados, **inda que** deixemos en aculto a pureza das nosas costumes, **inda que** as nosas tradicións se esquezan, como non se apagou a luz da nosa fe nin do noso amor, a tempadas surxen das cinsas do abatemento presente, as labaredas do esprandor e das glórias do pasado.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 152)

- (3) *è os Canonejos dixéronlle que non; por que por alí solo entraba o noso Rey; e o cabo, **unque** non entrou por ningunha, esperou à porta da Prateria que saíse, é logo foi presidindo como era á sua obrigason.*

(*TQ* 1)

Esta forma *unque* presente en (3), tamén usada actualmente na oralidade, mais eliminada da norma na última revisión de 2003, foi con moita frecuencia cuestionada canto á súa lexitimidade como forma autóctone. Nun documento galego de fins do século XV “em que é claramente sensíbel a influéncia castelhana” Maia (1997: 873) rexistra “as formas *avn que*, *avnque* com valor de conjunção concessiva, equivalente a ‘ainda que, embora’”, que “devem interpretar-se como castelhanismos”. Por outra parte, no corpus trecentista estudado por Mattos e Silva (1989: 717) só se documentan como conectores concessivos *como quer que*, *ainda que* e, excepcionalmente, *pero*, en tanto que Huber (1986: 269) ofrece a seguinte listaxe para a lingua antiga: *ainda que*, *bem que*, (*en*) *como quer que*, *macar*, *macar que*, *nom embargando* (*embargante*) *que*, *que* = *ainda que*, *pero*, *pero que*, *posto que*, (*en*) *que sempre*. Entre estas formas non figura *unque*.

Porén, na antoloxía de textos do galego medio recollidos en *SEI* xa se rexistran 33 ocorrencias de *unque* por dúas de *aínda que* e outras dúas de *inda que*, o que demostra o predominio da primeira na altura. Esta forma *unque* é tamén totalmente dominante no século XIX, onde aparece así mesmo documentada nos textos escritos desde o primeiro momento a forma castelá directamente:

- (4) *cuidaban que seique no nos abiamos de ir abuscar **aunque** non biñesen aqui*

(Fernández y Neyra, *PRG* 15)

Neste mesmo sentido, as gramáticas decimonónicas só citan *unque* como conxunción, ben adversativa, ben concesiva, mais non aparece (*a*)*inda que* (Saco 1868: 135, Cuveiro 1868: 37, Valladares 1970: 112). O texto do cancionero popular de Pérez Ballesteros vai fornecer moitísimas atestacións da forma *unque*, tantas que non se rexistra a tradicional *aínda que* ou *inda que*. Nos textos recollidos na gramática de Mirás a forma única utilizada é *unque*, con seis ocorrencias, sen que

tampouco apareza rexistrada *aínda que*. Porto Rey (2000: 103) xa dá entrada a *unque* como conxunción no seu dicionario elaborado a fins do século XIX, tanto con valor concesivo (‘aunque, a pesar de que’) como adversativo (‘sin embargo, no obstante’). E o dicionario tamén inconcluso da Real Academia Gallega (1913: 179) afirma a respecto da entrada ‘unque’: “Corrupción de la conj. castellana *aunque*. La voz *unque* entró en tiempos relativamente modernos, con tanta fuerza en nuestro idioma, que es ya imposible prescindir de ella en el Diccionario, pues úsala no sólo el vulgo, sino también los literatos con la misma frecuencia que la loc. *inda que* y *ainda que*, únicas que debían emplearse, por ser las genuinamente gallegas”.

O poeta intersecular Noriega Varela utiliza no seu primeiro libro *Montañesas* unicamente a forma *unque*, e unha vez *aínd’unque*, en tanto que no seu segundo libro, *D’o ermo*, máis depurado, bota sempre man de *aínda que* e *inda que*, con catro ocorrencias cada unha, podéndose afirmar que este autor “comeza utilizando preferentemente *unque* para pasar despois a (*a*)*inda que*” (Freixeiro 1993: 114). Porén, nas obras da primeira parte do século XX *O bufón d’el-rei* e *A lagarada* si se utiliza sempre *unque* e nunca *aínda que*, a pesar de non aparecer *pero*, talvez polo disfarse galego e diferencialista da primeira.

Ao longo da segunda metade do século XX, a pesar do uso de *unque*, *inda que* e *aínda que*, todas elas admitidas nas normas de 1982, vaise optando progresiva e maioritariamente pola última naquelas obras cunha maior ambición lingüístico-estilística, tanto por se tratar dunha forma incuestionada canto á súa lexitimidade e autoctonía como por *unque* resultar sospeitosa de castelanismo (< *aún que*), sospeita xa presente, como se viu, desde hai tempo, se ben que tampouco se nega que se puidese ter xerado dentro do propio galego. Así, Ferreiro (1999: 372, nota 493) afirma que a “forma popular *unque* seguramente procede dunha adaptación do esp. *aunque*; con todo, non se pode rexeitar totalmente a hipótese de que proceda dunha redución popular de *aínda que*”. Mesmo explicitamente se dubida da súa autoctonía nas propias normas (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 183) cando na penúltima edición se dicía que de “*aínda que* e de *inda que* (e tamén de *eínda que*) hai testemuños antigos”, mais de *unque* “non coñecemos documentación ata Sarmiento”, tirando en conclusión que tanto “*aínda que* como *inda que* son formas galegas. É discutible, en cambio, que o sexa *unque*. A falta de exemplos antigos e a coincidencia co castelán vulgar *unque* (= *aún que*) son feitos que a fan sospeitosa de castelanismo”; e recoñécese implicitamente cando *unque* se suprime das normas na última revisión de 2003. No *Estudo crítico* da Associação Galega da Língua (1983: 123) dise que a “forma *unque*, bastante moderna, parece vinculada ao español *aunque* ou à forma vulgar espanhola *unque*. No entanto, mesmo que se pensase ser variante legítima a partir de *ainda que*, debería-se preferir esta última por ser a forma plena”.

Por outro lado, a pesar de que *inda que* ten sido percibida como forma máis popular,¹³³ tanto na fala como na nosa tradición escrita *aínda que* e *inda que* conviven, chegando inclusive a seren utilizadas alternativamente nun mesmo texto:

- (5) O boticario: –*Custa moito deixar a vida, **inda que** se aborrezca.*

[...]

A morte: ***Aínda que** o soupese.*

(Castelao, *Vellos* 32)

No entanto, no modelo de lingua literaria que se foi conformando nas últimas décadas do século XX *aínda que* conseguiu asentarse como forma dominante. A modo de exemplo relativo ao uso destas formas na lingua escrita, antes aínda de entraren en vigor as actuais normas oficiais, en *Cara a Times Square*, de 1980, fronte ao predominio absoluto de *aínda que* con 39 ocorrencias, só se atesta unha de *anque* e ningunha de *inda que*.

Como xa se viu anteriormente, en contra de *mais* ou *pero*, que introducen a información que se presenta como máis poderosa do punto de vista argumentativo e que, en consecuencia, inclina o signo da conclusión na súa mesma dirección, o conector *aínda que* opón as informacións manexadas de maneira diferente: presenta unha información admitindo a súa posíbel importancia como obstáculo potencial, isto é, ‘concede’ a existencia dunha obxección ou contraargumento posíbel (de aí o seu valor concesivo), mais asemade sinala que tal obxección constitúe un impedimento só presunto, pois non chega a constituír un obstáculo suficientemente forte como para impedir que se cumpra o expresado pola cláusula principal (Montolío 2001: 52). De acordo co xa tratado a respecto das implicaturas (véxase 2.1.4), en casos como (6), con *mais* como conector, poderíase concluír que a rapaza lle faría caso ao Lois, en tanto que dun enunciado como (7), con *aínda que*, a conclusión sería a contraria:

- (6) *O Lois é feo **mais** é simpático.*

- (7) ***Aínda que** o Lois é simpático, é feo.*

Canto á orixe e evolución de *aínda que*, provén do adverbio de tempo relativo *aínda*, probablemente do latín AD+INDE+AD (Cunha 1991: 24), documentado “desde os primeiros momentos do galego-portugués” (Ferreiro 1999: 356), e mais

¹³³ Sobre *aínda/inda* véxase Associação Galega da Língua (1983: 116): “Ja que *ainda* e *inda* son formas de extensom semelhante, deve recomendar-se a primeira em harmonia co português, que também conhece, mesmo hoje, *inda*”.

a conxunción *que*. A evolución histórica do adverbio temporal-aspectual *aínda* até a formación do conector contraargumentativo *aínda que* garda certa relación con outros fenómenos similares acaecidos noutras linguas románicas, como o español *aunque*, o francés *encore que* ou o catalán *encara que*. Se *encara que* emerxe como conector concesivo na segunda metade do século XIV (Salvador 1998: 868) e é moi común na literatura do XV, algo similar acontece co galego-portugués *aínda que*, presente na lingua escrita dese período,¹³⁴ ao lado doutras expresións concesivas como *macar (que)*, *empero (que)*, *pero (que)*, *(a) como quer que*, *quanto quer que* ou mesmo *vel*, como sinala Gómez Clemente (1991: 192-193), quen non atesta exemplos de *aínda que* nos textos galegos consultados por el do século XIII, mais si do XIV, onde constata “unha case total especialización deste nexos na utilización do subxuntivo hipotético”. De modo similar ao que aconteceu nas linguas do noso contorno, a descategorización do adverbio *aínda* para se converter en conector levouse a cabo mediante a adición da conxunción *que*.

No desenvolvemento dese proceso Salvador (1998: 863) apunta cara á mecanismos como a metáfora, a escalaridade, o fortalecemento da información, a subxectificación crecente e a gramaticalización de estratexias discursivas, sempre tendo en conta as implicacións de contraexpectación de *aínda*. A se basear no catalán *encara*, equivalente do galego *aínda*, sinala os seguintes pasos nese proceso: (i) valor temporal-aspectual (= inglés ‘still’), (ii) marcador (meta)discursivo de encadeamento textual (‘moreover, furthermore’), (iii) marcador remático que precede o último membro dunha serie (‘and finally’) e (*mas*) *encara* (ou (*mais*) *aínda*) marcador de completude (‘not only... but also...’), (iv) (*i*) *encara* (ou (*e*) *aínda*) operador escalar de informatividade (‘and even’), e (v) *encara que* (e *aínda que*) conxunción fixada que introduce unha construción gramatical concesiva ou condicional-concesiva (‘even if, although’). O valor temporal-aspectual de *aínda* atestado nos textos medievais constitúe a base do significado actual como adverbio de tempo, que tamén contén un valor de contraexpectación que serve de base para algunhas ampliacións semánticas do significado da palabra e de expresións e construcións gramaticais que a conteñen, incluída a conxunción *aínda que*. Así, se alguén di *aínda chove*, non só avalía que o proceso xa se viña desenvolvendo con anterioridade, senón que tamén expresa que a súa principal expectativa sería que tivese parado de chover nese momento. Por tanto, o valor concesivo de *aínda* podería explicarse por unha extensión do seu sentido de contraexpectación desde o dominio temporal-aspectual até a un dominio nocional, máis abstracto, como a concesividade (Salvador 1998: 864). As conxuncións concesivas focalizan unha

¹³⁴ Véxanse exemplos tirados dunha antoloxía da prosa medieval: *E máis dizen hoje en día i, que jaz con algũas molheres i nas aldeas, **aínda que** non queiran, e vén a elas en figura d’escudeiro, e todas aquelas con que jaz tornan escooradas* (PLM 16); *E Caifás disse que non entraria i **aínda que** soubesse que por isso o desmembrassen* (PLM 30); *E, **aínda que** houvesse ende a vontade, non hei ende o poder* (PLM 74); etc.

cláusula como unha causa ineficiente que permite o efecto contrario expresado noutra cláusula do mesmo enunciado. Neste sentido, o valor de contraexpectación do temporal-aspectual *aínda* en galego esténdese con facilidade ao nivel de concesividade, como acontece en catalán con *encara (que)*, en español con *aun(que)*, no francés arcaico con *encore (que)* ou no inglés con algúns usos de *still*.¹³⁵

Así mesmo, non resulta difícil darmos con casos de *aínda* (ou as formas equivalentes nestas linguas) en que desempeña unha posición intermedia entre o valor temporal-aspectual e o concesivo, como acontece en (8), que permite a interpretación con ambos os valores:

- (8) *É mediodía e aínda está a durmir.*

Alén disto, *aínda* pode funcionar tamén como un operador escalar de informatividade, equivalente ao inglés *even*, en casos como (9) ou (10), onde marca o termo máis informativo, podendo ser substituído polas partículas aditivas escalares *mesmo* ou *inclusive* (véxase 4.3.4):

- (9) *Só respecta o pai, e aínda non sempre.*

- (10) *Vale ben mil euros e aínda dous mil.*

Tal valor escalar constitúe máis un paso no proceso de gramaticalización de *aínda* e *aínda que* como conectores concesivos (Salvador 1998: 868). Prototipicamente *aínda que* pode considerarse ligado ao tema e a gobernar o modo subxuntivo¹³⁶ (11), se ben que tamén é común acharmos *aínda que* nunha función remática e/ou gobernando o modo indicativo (12):

- (11) *Aínda que chova, sairei.*

- (12) *Sairei aínda que chove.*

Como conector concesivo *aínda que* mostra persistencia do seu significado etimolóxico temporal-aspectual, incluíndo a implicación de contraexpectación, pois, como xa se viu noutros casos, os adverbios de tempo son bos candidatos a fornecer expresións concesivas por vía da gramaticalización, especialmente cando se

¹³⁵ Cúmrese así, segundo Salvador (1998: 865), a “Tendency I” de Traugott: “Meanings based in the external described situation > meanings based in the internal (evaluative/perceptual/cognitive) situation”.

¹³⁶ Xa Gómez Clemente (1991: 195) afirma a respecto de *aínda que* na época medieval que “é o único nexo que se especializa na utilización do subxuntivo e na concesión hipotética”.

produce simultaneidade ou coocorrenza; e tamén pervive a súa función como operador escalar en certos usos históricos, pois a gramaticalización das expresións concesivas implica un fenómeno de enriquecemento ou, máis exactamente, un proceso de subxectificación en que concorren o significado textual que posúen como organizadores do discurso e o significado interpersoal. As expresións concesivas serven esencialmente para expresaren a actitude do falante e tamén para transmitir instrucións para a interpretación do ouvinte. O mecanismo de concesividade implica a focalización dunha determinada tese que ten de ser rexeitada por unha antítese posterior máis forte, de modo que canto máis relevante e informativa for a tese, máis forte se mostrará a antítese. Neste sentido, o operador aditivo e escalar *aínda* funciona como un intensificador que enfatiza a tese para logo ser neutralizada. A cláusula concesiva que *aínda que* introduce presenta un tema posíbel e implica que o rema será unha antítese máis forte. A locución conxuntiva *aínda que*, igual que *encara que* en catalán e *aunque* en español, prototipicamente temática e seguida por un verbo en subxuntivo, neutraliza o valor concesivo-condicional (inglés *even if*) e o valor puramente concesivo (*although*), pondo en relevo unha íntima relación entre o conector concesivo *aínda que* e o operador escalar de informatividade, de maneira que o punto final do proceso de gramaticalización pode ser visto como un aumento enfático de informatividade codificada no conector *aínda que* e o seu contributo para a representación do conflito indicado pola construción concesiva.¹³⁷

6.3.3. A pesar de (que) e pese a (que)

Otras expresións especializadas en introduciren argumentos débiles son *a pesar de (que)* e *pese a (que)*, que presentan a particularidade de poderen ir seguidas, sen a presenza de *que*, dunha frase nominal ou dun infinitivo (*a pesar da chuvia*, *pese a aprobares*), razón por que posibelmente posúan un carácter máis formal e culto do que *aínda que* (Montolío 2001: 55). Debido á transparencia léxica dos constituíntes *pesar* e *pese*, co seu significado de ‘obstáculo posíbel’, estes dous conectores contraargumentativos semellan establecer un contraste máis forte entre os segmentos discursivos do que *aínda que* e aparecen tamén con maior frecuencia nas situacións que implican a presenza do indicativo, isto é, en contextos factuais. Na realidade, resulta moi pouco frecuente a combinación destes conectores co modo

¹³⁷ Véxase Salvador (1998: 869-871), que conclúe: “The concessive construction including *encara que* offers a binary structure that stages a subjective confrontation or conflict between two roles (loser and winner) that have been assigned by the speaker to be imposed on the hearer. The connective *encara que* operates, context-independently, as a fully grammaticalized marker that provides some semantic and pragmatic instructions, but its prototypical use is a thematic one, heading the antecedent clause (not entailed as real) and governing the subjunctive. The most salient characteristic of this construction is that it approaches the value typically assigned to irrelevance conditionals with the addition of the scalar operator of informativeness, found in old (and sometimes today’s) usages of *encara*.”

subxuntivo e mesmo se converte en pragmaticamente desaconsellábel cando a forma verbal expresa un feito irreal contrario á experiencia, como mostra (13b):

- (13) a) *Ninguén estaría disposto a compralo por ese prezo, **aínda que** tivese moitos cartos.*
 b) *#Ninguén estaría disposto a compralo por ese prezo, **a pesar de que** tivese moitos cartos.*

Estes conectores non se adecúan, pois, á expresión da contrafactualidade nin tampouco da hipótese; non resultan, por tanto, apropiadas as construcións en que aparecen xunto a un verbo en presente de subxuntivo orientado cara á futuridade, como acontece en (14b):

- (14) a) ***Aínda que** chova mañá, irei contigo.*
 b) *#**A pesar de que** chova mañá, irei contigo.*

Só cando o subxuntivo alterna en distribución libre co indicativo é que existe a posibilidade de estes conectores iren co verbo en subxuntivo; e esta alternancia libre de modos prodúcese cando a cláusula subordinada expresa feitos reais, non hipotéticos, que se poden presentar como datos novos dun punto de visto informativo (con indicativo) ou ben como información presuntamente coñecida polo interlocutor ou información non relevante para esa situación concreta (con subxuntivo), aínda que mesmo así o máis normal é usarmos *aínda que* (Montolío 2001: 60).

Partillan estes conectores con *aínda que* a tendencia a ocuparen a primeira posición da cláusula bipolar que contribúen a construír, o que implica presentaren primeiro o tema que despois se comentará e que concluirá na segunda parte da cláusula, a se producir así unha estreita ligazón sintáctica e semántica entre ambas as partes. Cando estas cláusulas presentan algún elemento deféctico tamén poden recoller e comentar, ao mesmo tempo, o tema presentado xa na oración anterior, encadeando así a información precedente coa que vén a seguir:

- (15) *Hoxe o mundo está rexido polos intereses económicos. **A pesar desta evidencia**, moitas persoas loitan solidariamente pola xustiza e a igualdade.*

En relación con isto, os conectores *a pesar de (que)* e *pese a (que)* convértense en conectores parentéticos ao substituíren *que* por *todo* ou *iso* (*a pesar de todo/iso*, *pese a todo/iso*), e deixan de estar sintáctica e entoativamente insertos na oración. Neste caso *todo* e *iso* presentan un claro valor anafórico, pois sinalan explicitamente o fragmento anterior, e indican que este non conduce á conclusión que podería suporse, de modo similar a como fan o resto dos conectores contraargumentati-

vos parentéticos, como *con todo* ou *non obstante*; introducen por tanto o argumento máis forte. Compárense os exemplos (16) e (17):

- (16) a) ***A pesar de que** está chovendo moito, vou saír á rúa.*
 b) *Está chovendo moito. **A pesar de todo**, vou saír á rúa.*
 (17) a) *Está chovendo moito. **Con todo**, vou saír á rúa.*
 b) *Está chovendo moito. **Non obstante**, vou saír á rúa.*

De todos os xeitos, o valor de *a pesar de todo* (16b) está máis próximo do de *con todo* (17a) que de *non obstante* (17b), pois a presenza do elemento anafórico *todo* outórgalle grande relevancia informativa ao primeiro segmento, de modo que a contraargumentación introducida no segundo polo marcador presenta unha maior forza contrastiva que no caso de *non obstante*. Aínda que non todos os autores os inclúen entre os conectores por se non acharen totalmente lexicalizados, dado o grao de variación que admiten (*a pesar de todo/disto/diso*), como se pode ver en (19), a verdade é que este é moi limitado, non alcanzando o xénero e o número (**a pesar de todos*), de forma que se poden considerar elementos en tránsito cara a unha gramaticalización completa (Montolío 2001: 75). Por outro lado, entre *a pesar de todo* (e *pese a todo*) e *a pesar diso* (e *pese a iso*) prodúcese unha pequena diferenza, pois no primeiro caso a presenza de *todo* semella presupor a existencia dun conxunto de argumentos no membro anterior e no segundo a presenza de *iso* non fai presupor necesariamente máis de un argumento: véxanse os exemplos (19) e (23 a).

A respecto de aspectos formais e diacrónicos, nos textos dos séculos escuros non demos con exemplos de *a pesar de (que)*, mais si un de *pese a* nas “Décimas...” de Martín Torrado, de principios do XVII, aínda que semella conformar unha frase feita:

- (18) *Ora, **pes’a** tal, conmigo
 non vos deran por compañía
 algúns dos santos de España
 San Lourenço ou San Domingo*
 (SEI 27)

Mais no século XIX, no entanto, non conseguimos localizar ningún caso de *pese a (que)*¹³⁸ e si varios de *a pesar de (que)*, a predominaren aqueles que carecen da con-

¹³⁸ Demos cun exemplo de *pese a* sen gramaticalizar que pode estar na xénese deste conector: *pois **pese a** quen lle pese, eiquí amostra natureza a cantos velo queiran, os infinitos encantamentos, os mil tesouros de riqueza que Dios espallou a maus cheas por iste frorido anaco da rexión española* (Lamas Carvajal, OLX 197).

xunción e coa dupla posibilidade de representación gráfica, aglutinada ou non, dos elementos iniciais:

- (19) *Galicia é sempre un xardin donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E á **pesar d'esto** chega á tanto á fatuidade d'os ñorantes, á tanto á indina preocupacion que contra á nosa terra existe, qu'inda os mesmos que poideron contemplar tanta hermosura*

(Rosalía, CG 9)

- (20) a) *Porque o certo éelles que, **a pesar de** ser un gallego, vese nas apuradas pra saber o verdadeiro modo de esquirbir as palabras máis conecidas e máis correntes da faliña gallega*

(Lamas Carvajal, OLX 286)

- b) ***A pesar de que** según el o número de esquirotos que cultivan o len-guaxe gallego non é o bastante pra darlle forza, sin embargo, mal será que non haxa algún capaz de demostrarlle compridamente que non hai nada ou casi nada de verdá en todo canto expón.*

(Lamas Carvajal, OLX 290)

- c) *E, sin embargo, téñase en conta que, **apesar da** indifrencia desas cras, o gallego nin morre nin se bastardea*

(Lamas Carvajal, OLX 291)

- (21) a) *Triste é a condiçõn de un vello, que **apesar de** estar continuamente vindo a sombra da morte que ca sua gadaña vaille tallando unha a unha as raíces con que está preso na terra, non pode escusarse, sin embargo, de meterse, e meterse de capiton, no pélagos dos negocios deste mundo.*

(López Ferreiro, Tecedeira 42)

- b) *Nafeuto, ao outro día, ben cedo, **apesar d'un** frío que cortaba e do gordo lazo que cubría as calles, cando empezaban a botar a vuelo a campana da Prima, achábase o Licenciado Gamiz petando aa porta de Catuxa.*

(López Ferreiro, Tecedeira 329)

Resulta significativo o feito de en varios destes exemplos (20b, 20c e 21a) *a pesar de* partillar contexto con outro contraargumentativo como *sin embargo*, sendo ambos pouco frecuentes nos textos decimonónicos (véxase 6.2.1). Con posterioridade ao século XIX tamén comezou a ser utilizada na lingua escrita a forma *a pesares de* por aparición do -s (ou neste caso -es) analóxico propio de moitos adverbios:

- (22) *O que quería decir era que, **a pesares de** toda a enorme masa heteroxénea dos seus novos inmigrantes, New York, polo seu carácter, non difería moito, no seu ver, do carácter dos países do Norte de Europa*

(Gonsar, CTS 18)

Aínda que existiron vacilacións canto á representación aglutinada ou non e diferentes propostas ao respecto, a norma actual consagra a forma non aglutinada:

- (23) a) *E este movemento, que sen dúbida se emparenta de xeito natural co espírito do foro de Porto Alegre, que aínda democracia con ecoloxía, que é do máis moderno e rexenerador chega desde un recuncho peninsular de onde non estaba previsto que chegase cousa boa ou, sobre todo, cousa nova.*

***A pesar de todo**, a xente doutros lugares desconfía (reproducen o estereotipo do galego desconfiado) e imaxina, algúns mesmo esperan: que ao final non pasará nada, que o que ven os ollos deles non existe e que, finalmente, será o que foi antes.*

(S. de Toro, ET 105)

- b) ***A pesar de que** as previsións meteorolóxicas falaban dun final da primavera seca, a Xunta non puido controlar os primeiros incendios dun ano que se presenta complicado.*

(P. Conde: “O adianto dos incendios...”,
ANT 1-7/7/2004, p. 10)

Se a forma *a pesar de (que)* é unanimemente admitida como lexítima en galego, para alén da súa representación gráfica, non acontece o mesmo con *pese a (que)*, facilmente prescindíbel dado o seu escaso uso na tradición escrita, como se viu. Así, para a Associação Galega da Língua (1983: 123) débese “rejeitar a locucom *pese a que*, espanholismo, pola legítima *apesar (de) que*”. Aínda que figura nalgúns gramáticas publicadas no último período (Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 529, Álvarez & Xove 2002: 164), en consonancia coa súa inclusión na norma oficial (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 184), porén xa non foi incluída noutras (Costa, González, Morán & Rábade 1988: 301, Freixeiro 2000: 585) e finalmente tamén foi eliminada da norma (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 2003: 184). Mais, con todo, aínda hoxe continúa a ter certo uso escrito:

- (24) ***Pese a** non iren uniformados, tenden á uniformidade, porque os seis guichos son case idénticos: máis que cadrados, trapezoidais; robustos, pero con quilos de máis e polo tanto pouco disciplinados*

(“A oferta de mercenarios demanda guerras”,
ANT 10-16/6/2004)

- (25) *Tamén é posíbel deducir outra cousa: **pese aos retrocesos sufridos na súa andaina, nunca estivo en xogo a súa identidade.***

(M. Veiga: “O BNG na onda baixa”,
ANT 24-30/6/2004, p. 8)

6.3.4. Outros conectores concesivos

En primeiro lugar, faremos breve referencia á expresión **mais que**, utilizada como conector contraargumentativo historicamente e hoxe considerada arcaica. No século XIX estaba en vigor, pois Saco Arce (1868: 137) cita explicitamente na súa gramática: “*Mais que*, aunque, por más que... v. g. *Mais que non queiras, has d’ir alá*, aunque no quieras, has de ir allá”. Tamén a rexistramos nos textos literarios da altura, sempre co verbo en subxuntivo:

- (26) *Ven á min, non tomes pena,
Que has d’ir á San Pedro Martir,
Mais que boys e vacas venda...*

(Rosalía, FN 82)

- (27) a) *Inda mais, si un leva o carro
Maisque nel leve un enfermo
Fanlle pagar por pasar
Si non llo cian cun leño!*

(Pintos, GG 30)

- b) *Comamos na nosa terra
Mais que sea caldo negro*

(Pintos, GG 33)

- (28) *e para esto, e decerlle catro cousas que sente o meu corazón, direi-llas de calquera xeito, **mais que** digan que somos gallegos e non nos entendemos.*

(LGPR 21)

Outro conector concesivo que serve para introducir argumentos fracos é **se ben (que)**. En tanto que o conector concesivo prototípico *aínda que*, como se viu, combina tanto con indicativo como con subxuntivo, *se ben (que)* só aparece co modo indicativo, feito que lle impide introducir contraargumentacións continxentes ou virtuais; non pode, por tanto, orientarse cara ao futuro, posibilidade que presenta *aínda que*. Así pois, o conector *se ben (que)* só pode introducir cláusulas en indicativo correspondentes a proposicións factuais, que xa se produciron ou que se pro-

ducen habitualmente (Montolío 2001: 54). Non aparece na relación de expresións concesivas da época medieval, a que antes se aludiu, nin tampouco achamos exemplos gramaticalizados no galego medio, mais si no século XIX, aínda que habitualmente co primeiro elemento castelanizado:

- (29) *O noso idioma carecía da “bella obra das Gracias,” e o desejo de dotar co ela â patria literatura moveu-nos a facermos esta humildosa trasladación, para continuar, **se ben** con menos competencia, a senda tan nobremente trazada co a versión de outros clásicos por Mosquera, Saco Arce e Ballesteros.*

(Vaamonde, COA XVI)

- (30) *puxen o mayor coidado en reproducir ó verdadeiro esprito d’ó noso pobo, e penso qu’ó conseguin en algo... **si ben** de unha maneira débil e froxa.*

(Rosalía, CG 11)

- (31) a) *e acabouse pol-os anos 1760, **si ben** no ano 1827 dous dos seus lenzos foron adificados de novo.*

(López Ferreiro, Castelo 78)

- b) *o amo da casa era un señor vello, alto, fraco e moreno, que apenas tiña espresion nos ollos, **si ben** de vez en cando votaba cada olleada que parecía que lle saían chispas de entre os párpados.*

(López Ferreiro, Tecedeira 30)

- c) *despois de reconocer o orgoo, declarou que era boo, singular, dos boos que había en España, **si ben** a caixa e os canutos estaban labrados con pouca finura.*

(López Ferreiro, Tecedeira 73)

Como se ve, en todos os exemplos de (31) o conector vai co verbo en indicativo e con proposicións factuais, en tanto que en (29) e (30) non hai verbo; en ningún destes casos figura a conxunción *que*. No entanto, en (32) aparece *se ben que* e en (33) *se ben* leva de forma estraña o verbo en subxuntivo:

- (32) *Nas tuas coitas e nos teus pesares
non coides atopar quen ch’os mitigue,
que aos amigos verás fugir dos lares
se ben que pode haber quen os fatigue.
Son as coitas dos pobres sin testigos
que pra mortos e pobres, n’hay amigos.*

(Carré, RA 37)

- (33) *Se os grandes tremen aos impulsos dados,
se ven que van quedando â derradeira,
¿á que viren trabar aos que camiñan
se ben pequenos e humildosos seian?*

(Carré, RA 40)

Curiosamente esta fórmula conectora non adoita figurar entre as conxuncións concesivas das gramáticas galegas (véxase Carballo 1979: 259; Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 529; Álvarez & Xove 2002: 164), aínda que si en Costa, González, Morán & Rábade (1988: 301) e en Freixeiro (2000: 585); tampouco foi recollida nas normas oficiais (Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 184; 2003: 184); as gramáticas portuguesas adoitan recollela entre as conxuncións concesivas so a forma *se bem que* (véxase Cunha & Cintra 1991: 582).

Unha partícula de orixe un tanto escura que foi adquirindo modernamente funcións de conector contraargumentativo con valor concesivo é *malia (que)*; na actualidade goza de grande vitalidade cando menos na lingua escrita. Ferreiro (1999: 366) aventura que se formou “probabelmente a partir do adv. *mal*”, hipótese en parte coincidente con Saco Arce (1868: 140), quen cita *malia* entre as interxeccións con estas palabras: “*Malia (mal haxa)* imprecacion, mal haya; v. g. *malia quen-o dixo!* mal haya el que lo dijo!”; a seguir cita “*Benia (ben haxa)* bien haya, v. g. *Benia il, dichoso él!*”. Con este significado adoita aparecer nos textos decimonónicos:

- (34) *Adiós, querida de outros,
algún día fuche miña,
mali'a quen foi a causa
d'olvidarte, prenda miña.*

(CPG III, 9)

- (35) *¡Malia aquél que primeiro do ouro fixo
A fatal descuberta!*

(Vaamonde, COA 105)

- (36) *foise prá Habana, ¡si nunca fora!
¡Malia o nemigo que mo levou!
[...]
¡Malia os malvados homes que enganan
polas aldeas á xuventú...!
¡Malditos sean, que non atopen
piedá no escelso Mártir da Cruz!*

(Lamas Carvajal, PG 159)

Nunha obra de fins do século XIX, *Rayolas* de Carré Aldao, xa parece apuntar cara ao valor de conector contraargumentativo, unhas veces formando a locución *malia a* ou *malia de* e outras como forma simple, a iniciar dese modo un proceso de gramaticalización que se consolidaría posteriormente:

- (37) *E malia ao meu pesar da fe renego...
¡Tornádeme, meu Dios, â nova vida,
piedá terme, Señor; eu vol-o prego!*

(Carré, RA 10)

- (38) a) *Ve diante unha nena, no chán axionllada,
que, mália das falas da nai, non acouga:
–'Aquélate' –dille, ya doce rapaza
sonrí cal un ange, e ao vello trastroca
co as puras olladas.*

(Carré, RA 43)

- b) *Trabouse a loita e, mália dos esforzos dos valentes gallegos, como a
superioridade dos mouros era moita, pouco á pouco, foron caendo us
tras dos outros os esforzados defensores, non sin cobráren nas vidas
dos seus enemigos as que á eles lles tiraban.*

(Carré, RA 133)

- (39) *A roupa do fidalgo corría parexas c'o bon estado da casa. Recordar,
recordaba as modas do tempo do rei Perico; mais, en de por eso, tan
limpo de poo e palla andaba a forza da acepillar, que ao se paseare
c'o sombreiro á teima e seu pau de carballo na man, mália o lustroso
do traxe, que de tan gastado deixaba vere os fios da tea, parecía todo
un cabaleiro.*

(Carré, RA 117)

Xa no século XX, Lugrís (1931: 84) aínda recolle *malia* como interxección, contracción “de *mal haxa*”, mais non como conxunción. Porén, Carré Alvarellos (1967: 126) cita *malia* entre as conxuncións condicionais (*sic*) e tradúcea para o castelán por “a pesar”, sendo talvez a primeira ocasión en que nunha gramática se explicita o seu valor concesivo; no sucesivo xa será habitual nas gramáticas galegas a inclusión de *malia* entre as preposicións e da locución *malia que* entre as conxuncións, o mesmo que vai acontecer nos dicionarios de Eladio Rodríguez, Franco Grande, Xerais, Estravís, RAG, VOLGa etc., a se incorporar tamén timidamente á lingua literaria da segunda metade do XX; así, en *Cara a Times Square* figura nunha ocasión na construción parentética *malia todo*:

- (40) *Eu reconozo que, **malia todo**, teño moitos motivos para estarlle agra-
decido ao Estudante Yemení, aínda que non tantos como á propia G.*
(Gonsar, CTS 43)

No entanto, nun percorrido por algunhas obras da primeira parte da anterior centuria non demos con casos de uso desta expresión; tamén na segunda parte do XX son frecuentes as obras en que non aparece, o mesmo que acontece aínda na actualidade. Mais non cabe dúbida de que é agora cando máis se está a estender o uso de *malia* e *malia que* na lingua escrita, irrompendo con grande forza como conector contraargumentativo de valor concesivo, explicábel a partir do valor interxectivo inicial (*mal haxa!*) e do contido léxico de *mal*, con certo paralelismo co que aconteceu con *a pesar de (que)*. Igual que este conector, con que semella manter unha maior proximidade, *malia que* pode combinar co verbo en indicativo ou en subxuntivo e pode igualmente ter unha función temática (41b) ou remática (42), sendo talvez aínda máis frecuente a utilización de *malia* seguido de infinitivo (41a):

- (41) a) *A iniciativa que se anuncia, **malia** ser recibida con albricias polas
asociacións de afectadas, é decepcionante*
(M. Cidrás: “Máis do de sempre”,
ANT 10-16/6/2004, p. 40)
- b) ***Malia** o pesimismo, Maside continuou a citalo no hospital para ela-
borar un informe das evolucións e regresións da vertixe.*
(Sende, OR 118)
- (42) *Acudirei ás urnas bulicioso, alegre como un pandeiro, **malia que** non
faga vulto nos mitíns nin suba ó palco cun determinado candidato*
(B. Iglesias: “Tango”, ANT 10-16/6/2004, p. 6)

De todas as formas, e a pesar da súa singularidade como conector en galego, pois non existe forma equivalente como tal contraargumentativo nas linguas do seu contorno, tampouco *malia (que)* está libre de sospeita de interferencia, pois a súa xénesis resulta máis explicábel desde o español *mal haya* que desde o galego *mal haxa*, coa posibilidade, por tanto, de se tratar dun castelanismo en orixe.

Outra expresión que acabou por se gramatizar como conector contraargumentativo no sistema lingüístico galego-portugués é *embora*, hoxe de uso común na lingua portuguesa, recollida nas gramáticas como conxunción concesiva prototípica (Cunha & Cintra 1991: 582), e con algunha presenza, aínda que máis ben pequena, en galego. Achamos esta forma en Sarmiento como contracción de *en boa hora*, aínda que en (43b) non é descartábel outra interpretación:

- (43) a) *Estas son as novas,
embora as contemos;
agora, compadre,
containos, vos prego*
(Sarmiento, C 136)¹³⁹
- b) *Por ista, pois, rua
pasou ó paseo,
ruando chegou,
embora à bô tempo,
a Porta do Sole
qu’ali outro estreito
se fay, como dixen,
è fay dous vieiros.*
(Sarmiento, C 193)
- c) *Maruxa das Rulas,
ti, que tès mais peito,
contanos **embora**
aqueilo que deixo.*
(Sarmiento, C 227)
- d) ***Embóra** ó contèmos
è que sèja cedo!*
(Sarmiento, C 287)

Este sentido, oposto a *en má hora*, era o que posuía “na lingua antiga”, como afirma Nunes (1989: 346), que cita Gil Vicente (*Gonçalo, venhas embora*);¹⁴⁰ mais xa no mesmo século XVI se rexistra en territorio portugués como conector concesivo equivalente a *aínda que* (Cunha 1991: 291). Na lingua escrita galega achamos algún uso moi esporádico de *embora*; no século XIX hai un caso en que funciona como substantivo (44) e na primeira parte do século XX algún exemplo como conector concesivo (45):

- (44) *mainas músecas d’**emboras** e de laudes xenerosos*
(G. Ferreiro, LG IX)

¹³⁹ O propio autor explica a palabra resaltada neste cantar en Sarmiento (1970: 459): “*Embora* por *en buena hora* lo contemos”.

¹⁴⁰ Sobre os usos de *embora* e *maora*, coas súas variantes, en Gil Vicente véxase Teyssier (1959: 495-500). Para o uso de ‘partículas discursivas’ (*ora, ora pois, mas, lá, e, oh!, olha, sempre e não*) no mesmo autor véxase Fernandes (2003).

- (45) *Non sei qué ten a natureza nestas encañadas fondas onde o sol entra pouco, que somella que se recolle en sí mesma e fica calada, **embora** muda e todo estea falando de cote a todos os sentidos do home...*

(Risco, PDP 224)

O *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2000, s. v.) recolle *embora* cunha segunda acepción que di: “Serve como elemento intensificador da acción en verbos como *marchar* ou *irse* (*ese xa marchou embora*)”, valor que Forneiro (2004: 104) acha rexistrado no romanceiro galego, en casos como *trepas moito embora*, *vai-te bem embora*, *quedarás embora* ou *marcha em boa hora*, pertencentes a diferentes puntos da provincia da Coruña e de Lugo. Mais non inclúe este dicionario, nin en xeral os outros dicionarios galegos, o valor de *embora* como conector concesivo, valor que, no entanto, si figura recollido no *Dicionário da Língua Galega* de Alonso Estravís (1986, s. v.).

A Associação Galega da Língua (1983: 123) suxire que a “língua literaria nom deveria desconhecer, acaso, o uso de *embora* (sempre com subjuntivo), hoje habitual em luso-brasileiro, mas nom ausente ja da tradição medieval”. Por outra parte, Frías (1999: 81) afirma que en Ibias e Calabor se rexistra *embora* entre as conxuncións, aínda que non nos fornece exemplos; e algunhas gramáticas aparecidas nas últimas décadas inclúen esta partícula na relación de nexos conxuntivos con valor concesivo.¹⁴¹ A escasa tradición no uso deste conector e a súa ausencia da lingua oral fan que non sempre se respecte a súa utilización con subxuntivo:

- (46) *Contodo, é evidente que os resultados do nacionalismo galego distan de seren satisfactorios desde o punto de vista cuantitativo, **embora** termos remontado en porcentaxe a respecto das xerais de marzo.*

(C. Aymerich: “Galiza existe, tamén en Europa”,
ANT 17-23/6/2004, p. 13)

6.3.5. Conclusión

Os conectores contraargumentativos concesivos caracterízanse por introduciren argumentos que carecen da forza necesaria para imporen a conclusión que lóxicamente se debería derivar deles. Nese ámbito da expresión producíronse no galego escrito varias mudanzas ao longo da súa evolución histórica, tanto no sentido de desapareceren certas unidades conectivas ou perderen o valor concesivo (caso de *macar (que)*, *pero (que)* ou *mais (que)* como no de xurdiren outras novas (*anque*, *a*

¹⁴¹ Véxase Costa, González, Morán & Rábade (1988: 301) ou Freixeiro (2000: 585).

pesar de (que), *pese a (que)*, *se ben (que)*, *malia (que)* ou *embora*). Estas mudanzas tiveron lugar dentro dun período histórico de forte castelanización en que se produciron constantes interferencias da lingua de poder nos diferentes ámbitos da expresión lingüística, de modo que semella lóxico supormos que estas tamén afectarían ese tipo de conectores, de grande uso na lingua. En tal sentido, *aínda que* e a súa variante *inda que* posúen toda a lexitimidade como formas galegas, se ben que a primeira, por se tratar dunha forma plena, semella máis recomendábel no modelo de lingua culta, en tanto que *anque*, xa desbotada da norma, debe ser rexeitada, tanto se se tratar dunha derivación popular de *aínda que*, por desnecesaria e vulgar, como se for unha redución vulgar do castelán *aunque*, o que semella máis probábel. Por outra parte, canto á parella de expresións conectivas aparecidas con posterioridade ao período medieval *a pesar de (que)* e *pese a (que)* (e tamén as correspondentes parentéticas *a pesar de todo* e *pese a todo*), que posúen unha mesma base lexical e por tanto serven de igual modo para estableceren un contraste máis forte entre os dous argumentos do que *aínda que*, a presenza maioritaria de *a pesar de (que)* (e *a pesar de todo*) converte en desaconsellábel a minoritaria *pese a (que)* (e *pese a todo*), sospeitosa de se tratar dun castelanismo e xa eliminada da norma. Finalmente, canto a outros conectores concesivos, desaparecido o decimonónico *mais que*, foron aparecendo modernamente outros como *se ben (que)*, de uso restrito, *malia (que)*, que vai adquirindo forza progresiva na lingua escrita, e *embora*, timidamente incorporado ao ámbito escrito maiormente por influencia do portugués; deles é *malia (que)* o que presenta un maior vigor e ao mesmo tempo o que levanta máis sospeitas de interferencia do español.

6.4. Supresores de relevancia: *de todas as maneiras* etc.

Aínda se pode sinalar, por último, de acordo con Montolío (2001: 91), un pequeno número de conectores que manteñen unha estreita relación co grupo dos contraargumentativos: trátase de *de todas as maneiras*, *de todas as formas*, *de todos os xeitos* e *de todos os modos*, que anteriormente (véxase 4.2) foran cualificados, seguindo Portolés (2001: 142), como ‘reformuladores de distanciamento’, ao lado de *en calquera caso*, *en todo o caso*, *de calquera xeito* etc.;¹⁴² xa alí se indicara que estes marcadores privan de relevancia a información contida no membro anterior do discurso. Porén, tamén con frecuencia *de todas as maneiras*, *de todas as formas*, *de todos os xeitos* e *de todos os modos* presentan un valor de oposición entre as informacións que ligan, de modo similar a como o fan outros conectores contraargumentativos, segundo se ve neste exemplo, onde semella

¹⁴² Sobre estas expresións véxase tamén Fuentes & Alcaide (2002: 430-455), onde se diferencia entre ‘conectores de distanciamento’ que expresan ‘concesión e inhibición’ (*de todos os modos / xeitos / formas / maneiras*) e os que expresan ‘inhibición ou indiferenza’ (*en calquera caso, en todo o caso*); sobre estes últimos véxase tamén Portolés (1998b).

posíbel substituírmos *de todas as maneiras* por *porén* sen alteracións semántico-pragmáticas:

- (1) a) *Vas levando ben o curso, pois polo momento aprobas todas as materias sen problemas. De todas as maneiras, non che convén confiárestes en exceso.*
- b) *Vas levando ben o curso, pois polo momento aprobas todas as materias sen problemas. Porén, non che convén confiárestes en exceso.*

Con todo, non sempre iso é posíbel, pois estes conectores poden introducir un segmento informativo coorientado co precedente, sen se producir oposición, contraste ou contraargumentación entre eles, función que non poden levar a cabo os conectores contraargumentativos, como se ve no exemplo (2):

- (2) a) *–Temos de ir a andar porque esquecín as chaves do automóbil. –De todas as maneiras, non importa. Sempre está ben facermos un pouco de exercicio.*
- b) *–Temos de ir a andar porque esquecín as chaves do automóbil. –#Porén, non importa. Sempre está ben facermos un pouco de exercicio.*

No exemplo (2a) *de todas as maneiras* une dous argumentos que non están antioorientados, senón que dalgunha maneira seguen a mesma liña discursiva, coa función específica de neutralizar a importancia informativa da proposición anterior. Polo feito de non sempre seren equivalentes aos conectores contraargumentativos adoitan ser clasificados no grupo dos reformuladores de distanciamento, pois reformulan o dito no segmento precedente e introducen unha conclusión que se afasta, ou ‘distancia’, de calquera posíbel implicación, inferencia ou relevancia que este puiden achegar; *de todas as maneiras - formas - xeitos - modos* coinciden con *en calquera caso* en seren conectores reformulativos e en sinalaren a ausencia de interese argumentativo nese primeiro membro, pois a continuidade do discurso prodúcese a partir do segundo, o único a que se lle concede relevancia informativa.

Aínda que presentan graos significativos de fixación, *de todas as maneiras, de todas as formas, de todos os xeitos e de todos os modos* non están completamente gramaticalizados como conectores: por un lado, admiten variación do compoñente lexical (*maneiras - formas - xeitos - modos*) dentro dun conxunto limitado de posibilidades e, por outro, non admiten variación de número, pois sempre se usan en plural (Ruiz & Pons 1996: 54). Os catro conectores presentan na súa formación o elemento *todo*, tamén presente noutros xa estudados anteriormente,

como *con todo* ou *a pesar de todo*, onde se resaltaba que a súa presenza presupuña a existencia dun conxunto de datos ou circunstancias; como afirma Portolés (2000a: 777), tamén se crean marcadores cunha interpretación discursiva deíctica a partir de sintagmas cos cuantificadores universais *todo* e *calquera*, entendendo nestes casos un membro do discurso anterior como unha unidade que, agrupada con outras expresas ou posíbeis, formaría a totalidade que o marcador mostra. Desta forma, *de todas as maneiras - formas - xeitos - modos*, a través do deíctico *todo*, levan a cabo unha referencia anafórica que evoca circunstancias ou implicacións posíbeis, sobre as cales se implantan as únicas relevantes, que son as introducidas por eles; isto é, estes conectores sinalan que nin esas circunstancias nin calquera outra poderán impedir a conclusión que se presenta no segundo membro (ou reformulación); non só privan de pertinencia o dato ou consideración que figura explicitado no primeiro membro, senón tamén, de modo implícito, calquera outro dato da mesma especie que puiden considerarse. Así pois, mediante o uso dun destes conectores a relevancia informativa do primeiro membro fica suprimida e a única información que se presenta como importante para a continuación do discurso será a que aparece após o conector: *de todas as maneiras, de todos os modos, de todas as formas e de todos os xeitos* son, en consecuencia, conectores supresores ou “arrebataadores de relevancia” (Montolío 2001: 95). En moitos casos, xustamente por introduciren o novo argumento que o falante presenta como de maior relevancia informativa, actúan ao mesmo tempo como introdutores de conclusión argumentativa e textual do discurso, adquirindo un valor metadiscursivo de ‘encerramento’.

Estes conectores en galego presentan con frecuencia unha alteración formal consistente na supresión do artigo (*de todas maneiras* etc.), que moi probablemente se deba á interferencia do español, pois o propio sentimento lingüístico dos falantes tende para a construción articulada (Kabatek 2000: 193). Así os achamos a miúdo no galego escrito das décadas precedentes:

- (3) *–Non sei. Quizáis non tiña ningunha razón. Non me gusta someterme a razóns.*

De todas maneiras, eu mencioneille algunhas razóns posibles: o clima, a luz, a maneira de ser das xentes. Pero ningunha delas lle parecêu suficiente

(Gonsar, CTS 19)

- (4) *–Prefiro os rocks aos cha-cha-chás -dixome.*

De todos xeitos, estou moi lonxe de ser un fan dos rocks.

(Gonsar, CTS 63)

Nunha breve ollada aos usos escritos anteriores, non demos con exemplos destes conectores nos textos do galego medio e foron moi escasos, tres en concreto, os que achamos no século XIX, todos eles da parte final do período, dous con ausencia do artigo, (5) e (6), aínda que na maior parte das secuencias decimonónicas de *todos/as* + substantivo o artigo está presente, e outro coa forma lexical castelaniada (7) nun texto xa de por si escrito en castrapo; talvez, pois, nos tres casos se producise interferencia:

- (5) *Anque todo canto dito señor senta está xa ben contestado de antes, **de todas maneiras**, non creo que haxa quen deixe de responder como se debe ás moitas cousas que en desmerecemento do noso linguaxe dice no seu artículo El Dialecto.*

(Lamas Carvajal, *OLX* 290)

- (6) *–Non digo que eso sea físicamente imposible, pero moralmente é-o, e, **de todos modos**, o que é evidente é que aquí cometeuse unha criminal sustracción, e que, polo tanto, non pode quedar sin condino castigo.*

(López Ferreiro, *Tecedeira* 180)

- (7) *Jracias a qu-as declaracios que son contra vosoutros non las he querido escribir en el atestao; pero **de total-as maneras** a verdá e que sedes unos brutos.*

(G. Cuevas & Caruncho, *M* 47)

Debeu ser, pois, na segunda metade do século XIX cando se comezou a utilizar este tipo de conectores na lingua escrita, aínda que dunha maneira bastante restrita. O seu uso posterior, condicionado pola interferencia do castelán, oscilou entre a presenza ou ausencia do artigo (*de todos os modos* - *de todos modos*), por unha parte, e a representación ou non das variantes alomórficas deste (*de todas as maneiras* - *de tódalas maneiras*):

- (8) *¿Non tiñamos nada que decírmolos? Pois, por raro que pareza, de momento non –como se todo canto desexásemos fose ir no tren.*

***De todas maneiras**, eu fun o primeiro en pronunciar unhas poucas verbas.*

(Gonsar, *CTS* 85)

Na actualidade a interferencia do español provoca na lingua escrita, por un lado, a desaparición do artigo e, por outro, a escolla preferente da forma lexical diferencialista *xeitos* (Kabatek 2000: 205):

- (9) a) *“Sentíámonos en minoría e así seguiremos”, dixo o alcalde, que lembrou que durante os meses nos que os socialistas estiveron no goberno votaron máis veces co PP que cos nacionalistas, non sendo cando se aprobaron iniciativas por unanimidade. **De todos xeitos**, o alcalde non agarda unha oposición máis virulenta.*

(H. Vixande: “Aprobados os orzamentos...”,
ANT 10-16/7/2004, p. 8)

- b) *Ademais da bipolarización, a campaña electoral pasara con discreción por interese dos dous grandes partidos, que non querían abrir o debate ao resto das forzas, e nin sequera o Estado realizara algunha chamada significativa a acudir ás urnas. **De todos xeitos**, esta non foi a única razón para tan baixa participación, o 46% do corpo electoral, posto que representou un fenómeno que se reproduciu en toda Europa.*

(“Só o PNV evita...”, ANT 17-23/6/2004, p. 6)

Con todo, esténdese cada vez máis o uso non interferido desta expresión no galego escrito actual, e coa representación gráfica que se deriva do modelo de redacción das normas en vigor:

- (10) a) *O mesmo ocorre coa Xunta, que ten todos os seus documentos no noso idioma, como lingua propia da administración. **De todos os xeitos**, agardamos que coa carta que lle mandemos ao actual Delegado se solucione o problema e volvamos ao rego.*

(R. Valverde: “O Superior podería deixar sen efecto...”, ANT 20-26/1/2005, p. 14)

- b) *Segundo o funcionario, “a Comisión Independente Electoral é quen ten que determinar a validez das eleccións”. **De todos os xeitos**, Erelí recoñeceu que “en materia de seguridade as eleccións non foron limpas nun cen por cento” [...].*

*(O resultado suponse que lle dará a maioría aos xiítas, aínda que se descoñece a forza que finalmente ocupará o poder en Bagdad. **De todos os xeitos**, Al Iauar solicitou que se faga un reparto de poder entre as tres correntes.*

(R. V. A.: “A Comisión Electoral iraquí...”,
ANT 3-9/2/2005)

Referencias bibliográficas

- Acín Villa, Esperanza (1993): *Aspectos de la adversación en español actual* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Acín Villa, Esperanza (1998): “Los marcadores de función textual ‘intensificación’ *es más, más aún y máxime*”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 163-176).
- Acín, Esperanza (2000): “*Por cierto, a propósito* y otros digresores”. En P. Carbonero, M. Casado & P. Gómez (eds.): *Lengua y discurso. Estudios dedicados al profesor Vidal Lamíquiz* (Madrid: Arco Libros, 59-72).
- Álvarez Giménez, Emilio (1909): *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León. Estudio gramatical basado en la doctrina de la lengua y en el uso de los buenos escritores* (Valladolid: Imprenta y Librería de Andrés Martín).
- Álvarez, Rosario & Xosé Xove (2002): *Gramática da Lingua Galega* (Vigo: Galaxia).
- Álvarez, Rosario (1994): “Unha ollada moderna sobre a lingua dos nosos devanceiros”. En E. Fidalgo & P. Lorenzo Grandín (coords.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani* (Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, 153-167).
- Álvarez, Rosario, Xosé Luís Regueira & Henrique Monteagudo (1986): *Gramática Galega* (Vigo: Galaxia).
- Álvarez-Cáccamo, Celso (1993): “The pigeon house, the octopus, and the people: The ideologization of linguistic practices in Galiza”. *Plurilinguismes* 6, 1-26.
- Álvarez-Cáccamo, Celso (1996): “The power of reflexive language(s): Code displacement in reported speech”. *Journal of Pragmatics* 25, 33-59.
- Andersen, Gisle (1998): “The Pragmatic Marker *like* from a Relevance-theoretic Perspective”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 147-170).
- Anscombre, Jean-Claude (1998): “*Pero / sin embargo* en la contraargumentación directa: razonamiento, genericidad y léxico”. *Signo y seña* 9, 75-104.
- Anscombre, Jean-Claude (2001a): “Le rôle du lexique dans la théorie des stéréotypes”. *Langages* 142, 57-76.
- Anscombre, Jean-Claude (2001b): “*Surtout et particulièrement*: Le traitement des particules pragmatiques dans le cadre de la théorie des stéréotypes”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 1-22.

- Anscombre, Jean-Claude & Oswald Ducrot (1977): “Deux mais en français?”. *Lingua* 43, 23-40.
- Anscombre, Jean-Claude & Oswald Ducrot (1994): *La argumentación en la lengua* (Madrid: Gredos).
- Associação Galega da Língua (1983): *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego* (A Coruña: AGAL).
- Austin, J. L. (1975) [1962]: *How to do things with words* (Oxford: Oxford University Press).
- Bach Martorell, Carme (2000): “Coherencia tipológica en los conectores reformulativos del catalán”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 523-538).
- Báez San José, Valerio (2002): *Desde el hablar a la lengua. Prolegómenos a una teoría de la sintaxis y la semántica textual y oracional* (Málaga: Ágora).
- Bauhr, Gerhard (1994): “Funciones discursivas de *bueno* en español moderno”. *Lingüística Española Actual* 16, 79-124.
- Benveniste, Emile (1966): *Problèmes de Linguistique Générale* (Paris: Galimard).
- Blakemore, Diane (1987): *Semantic constraints on relevance* (Oxford: Blackwell).
- Blakemore, Diane (1989): “Denial and contrast: a relevance theoretic analysis of *but*”. *Linguistics and Philosophy* 12/1, 15-37.
- Blakemore, Diane (1992): *Understanding utterances. An introduction to Pragmatics* (Oxford: Blackwell).
- Blakemore, Diane (1996): “Are apposition markers discourse markers?”. *Journal of Linguistics* 32, 325-347.
- Blakemore, Diane (2000): “Indicators and procedures: *nevertheless* and *but*”. *Journal of Linguistics* 36, 463-486.
- Brauer-Figueiredo, M. Fátima Viegas (1995): “Aspectos do português falado em Portugal e na Alemanha”. En M. F. Viegas Brauer-Figueiredo (org. e coord.): *Actas do 4º Congresso Internacional de Lusitanistas (Universidade de Hamburgo, 6 a 11 de Setembro de 1993)* (Lisboa: LIDEL, 35-54).
- Briz, Antonio (1993a): “Los conectores pragmáticos en español coloquial (I): su papel argumentativo”. *Contextos* XI/21-22, 145-188.
- Briz, Antonio (1993b): “Los conectores pragmáticos en la conversación coloquial (II): su papel metadiscursivo”. *Español Actual* 59, 39-56.
- Briz, Antonio (1994): “Hacia un análisis argumentativo de un texto coloquial. La incidencia de los conectores pragmáticos”. *Verba* 21, 369-395.
- Briz, Antonio & Antonio Hidalgo (1998): “Conectores pragmáticos y estructura de la conversación”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 121-142).

- Brown, G. & G. Yule (1983): *Discourse analysis* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Calvo Rigual, Cesáreo (2001): “Italiano *bene/va bene, be’/va be’* e spagnolo *bien, bueno*: análisis contrastiva nel parlato”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 53-79.
- Carballo Calero, Ricardo (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Carel, Marion (1995): “*Pourtant*: Argumentation by exception”. *Journal of Pragmatics* 24, 167-188.
- Carré Alvarellos, Leandro (1967): *Gramática gallega* (A Coruña: Moret).
- Carreira, Maria Helena Araújo (2004): “O discurso de opinião e as suas vozes: modulações polifónicas de responsabilidades e valores”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 31-47).
- Casado Velarde, Manuel (1991): “Los operadores discursivos *es decir, esto es, o sea y a saber* en español actual: valores de lengua y funciones textuales”. *Lingüística Española Actual* 13/1, 87-116.
- Casado Velarde, Manuel (1993): *Introducción a la gramática del texto del español* (Madrid: Arco Libros).
- Casado Velarde, Manuel (1996): “Notas sobre la historia de los marcadores textuales de explicación *es decir y o sea*”. En M. Casado, A. Freire, J. E. López & J. I. Pérez (eds): *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*. Vol. 1 (A Coruña: Universidade da Coruña, 321-328).
- Casado Velarde, Manuel (1998): “Lingüística del texto y marcadores del discurso”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 55-70).
- Casado Velarde, Manuel (2000): “Las formas *fulano, mengano, zutano, perengano* y su funcionamiento como ordenadores del discurso”. En P. Carbonero, M. Casado & P. Gómez (eds.): *Lengua y discurso. Estudios dedicados al profesor Vidal Lamíquiz* (Madrid: Arco Libros, 183-195).
- Chodorowska, Marianna (1997): “On the polite function of *¿me entiendes?* in Spanish”. *Journal of Pragmatics* 28, 355-371.
- Chodorowska-Pilch, Marianna (2001): “*Si quieres* como marcador gramaticalizado de cortesía”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 81-92.
- Conte, M. E. (1977): *La linguistica testuale* (Milan: Feltrinelli Economica).
- Cortés Rodríguez, Luis (1995a): “Bibliografía: marcadores del discurso (I)”. *Español Actual* 63, 63-82.
- Cortés Rodríguez, Luis (1995b): “Bibliografía: marcadores del discurso (y II)”. *Español Actual* 64, 75-94.

- Cortés Rodríguez, Luis (1998): “Marcadores del discurso y análisis cuantitativo”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 143-160).
- Cortés Rodríguez, Luis (2000): “Conectores, marcadores y organizadores como elementos del discurso”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 539-550).
- Costa, Xoán Xosé, M^a dos Anxos González, César Carlos Morán & Xoán Carlos Rábade (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).
- Couceiro, José Luís (1976): *El habla de Feás* (Santiago de Compostela: Universidade, Anexo 5 de *Verba*).
- Coutinho, Maria Antónia (2004): “Organizadores textuais - entre língua, discurso e género”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 283-298).
- Cuartero Sánchez, Juan Manuel (1995): “El estatuto categorial de *además* y sus propiedades distribucionales”. *Dicenda* 13, 103-118.
- Cueto Vallverdú, Natalia & M^a Jesús López Bobo (2003): *La interjección. Semántica y Pragmática* (Madrid: Arco Libros).
- Cunha, Antônio Geraldo da (1991) [1982]: *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Nova Fronteira).
- Cunha, Celso & Lindley Cintra (1991): *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Sá da Costa).
- Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía).
- De Fina, Ana (1997): “An analysis of Spanish *bien* as a marker of classroom management in teacher-student interaction”. *Journal of Pragmatics* 28, 337-354.
- Ducrot, Oswald (1980): *Les échelles argumentatives* (Paris: Minuit).
- Ducrot, Oswald (1983): “Opérateurs argumentatifs et visée argumentative”. *Cahiers de Linguistique Française* 5, 7-36.
- Ducrot, Oswald (1995): “Les modificateurs déréalisants”. *Journal of Pragmatics* 24, 145-165.
- Ducrot, Oswald (1999) [1984]: *El decir y lo dicho. Polifonía de la enunciación* (Barcelona: Paidós).
- Ducrot, Oswald (2001): “Critères argumentatifs et analyse lexicale”. *Langages* 142, 22-40.
- Eemeren, Frans H. van & Rob Grootendorst (1983): *Speech Acts in Argumentative Discussions* (Dordrech: Foris Publications).
- Eemeren, Frans H. van, Rob Grootendorst, Sally Jackson & Scott Jacobs (1993): *Reconstructing Argumentative Discourse* (Tuscaloosa, Alabama: The University of Alabama Press).

- Escandell Vidal, M^a Victoria (1999) [1996]: *Introducción a la pragmática* (Barcelona: Ariel).
- Fávero, Leonor Lopes & Ingedore G. Villaça Koch (2002) [1983]: *Linguística Textual: Introdução* (São Paulo: Cortez).
- Fernandes, Gonzalo (2003): “Partículas discursivas em Gil Vicente”. *Revista Portuguesa de Humanidades* 7, 143-153.
- Fernández Bernárdez, Cristina (1994/1995): “Marcadores textuales de *ejemplificación*”. *Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 10, 103-144.
- Fernández Bernárdez, Cristina (2000): “*Quiero decir* como marcador de reformulación”. *RILCE* 16/2, 263-288.
- Fernández Ferreiro, Manuel (2002): “Marcadores do discurso e cognición: o caso de *pero*”. En X. A. Fernández Roca & M. J. Martínez López: *Vir bonus docendi peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco* (A Coruña: Facultade de Filoloxía / Universidade da Coruña, 65-83).
- Fernández González, José Ramón (1981): *El habla de Ancares (León). Estudio Fonético, Morfosintáctico y Léxico* (Oviedo: Universidad).
- Fernández Rei, Francisco (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Fernández Salgado, Xosé A. (1992): “Actos de reformulación conversacional: a corrección”. *Cadernos de Lingua* 6, 65-76.
- Ferreiro, Manuel (1999) [1995]: *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, Manuel & Goretti Sanmartín Rei (2002): “Introducción”. En Ramón Cabanillas: *A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera* (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, 7-77).
- Ferrer Mora, Hang (2001): “De las partículas modales alemanas a los conectores pragmáticos en español: un puente”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 93-113.
- Ferrer Mora, Hang & Salvador Pons Bordería (2001): “Presentación”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, vii-x.
- Forneiro, José Luís (2004): *Allá em riba un rey tinha una filha. Galego e castelhano no romanceiro da Galiza* (Ourense: Difusora).
- Franco, António (1990): “Partículas modais do português”. *Revista da Faculdade de Letras de Porto* 7, 175-196.
- Franco, António (1991): *Descrição Linguística das Partículas Modais no Português e no Alemão*. Coimbra: Coimbra Editora.
- Fraser, Bruce (1990): “An approach to discourse markers”. *Journal of Pragmatics* 14, 383-395.
- Fraser, Bruce (1996): “Pragmatic markers”. *Pragmatics* 6/2, 167-190.

- Fraser, Bruce (1998): “Contrastive Discourse Markers in English”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.) (1998): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 301-326).
- Fraser, Bruce (1999): “What are discourse markers?” *Journal of Pragmatics* 31, 931-952.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1993): *Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega Varela)* (Lugo: El Progreso).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da Lingua Galega II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2003): *Gramática da Lingua Galega IV. Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Frías Conde, Francisco Xavier (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas* (Xixón: vtp).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1993a): “Conclusivos y reformulativos”. *Verba* 20, 171-198.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1993b): “Comportamiento discursivo de *bueno, bien, pues bien*”. *Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 9, 205-221.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1994): “Usos discursivos y orientación argumentativa: *de hecho, en efecto y efectivamente*”. *Español Actual* 62, 5-18.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998a): “*Vamos*: un conector coloquial de gran complejidad”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 177-192).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998b) [1996]: *La sintaxis de los relacionantes supraoracionales* (Madrid: Arco Libros).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998c): *Las construcciones adversativas* (Madrid: Arco Libros).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (2000a): *Lingüística pragmática y Análisis del discurso* (Madrid: Arco Libros).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (2000b): “El uso de *pero* en la conexión de párrafos”. En P. Carbonero, M. Casado & P. Gómez (eds.): *Lengua y discurso. Estudios dedicados al profesor Vidal Lamíquiz* (Madrid: Arco Libros, 333-347).
- Fuentes Rodríguez, Catalina & Esperanza R. Alcaide Lara (2002): *Mecanismos lingüísticos de la persuasión* (Madrid: Arco Libros).
- Galán Rodríguez, Carmen (1998): “La dimensión explicativa y deóntica de los conectores *o sea y es decir*”. *Anuario de Estudios Filológicos* 21, 85-104.
- Garachana Camarero, Mar (1998a): “La evolución de los conectores contraargumentativos: la gramaticalización de *no obstante* y *sin embargo*”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 193-212).

- Garachana Camarero, Mar (1998b): “La noción de preferencia en la gramaticalización de *ahora (que), ahora bien, antes, antes bien y más bien*”. En J. L. Cifuentes Honrubia (ed.): *Estudios de Lingüística Cognitiva*. Vol. 2 (Alicante: Universidad de Alicante, 593-614).
- Garcés Gómez, María Pilar (2000): “La ordenación del discurso. Series correlativas”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 359-366).
- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe* (Santiago de Compostela: Universidade, Anexo 27 de Verba).
- García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)* (Burgos: Imprenta y librería de Santiago Rodríguez) (Ed. facsimilar: Anexo 23 de Verba, Universidade de Santiago de Compostela, 1984).
- García Negroni, María Marta (2001): “Les connecteurs espagnols *encima/además*: argumentation transgressive et argumentation normative”. *Langages* 142, 41-56.
- García Represas, Delio (1992): “A afirmación”. *Cadernos de Lingua* 6, 47-64.
- Gillon, Brendan S. (1997): “Anaphora and some non-commutative uses of *or*”. *Journal of Pragmatics* 28, 373-381.
- Giora, Rachel (1997): “Discourse coherence and theory of relevance: Stumbling blocks in search of a unified theory”. *Journal of Pragmatics* 27, 17-34.
- Giora, Rachel (1998): “Discourse coherence is an independent notion: A reply to Deirdre Wilson”. *Journal of Pragmatics* 29, 75-86.
- Gómez Clemente, Xosé María (1991): “Notas sobre a expresión concesiva no galego medieval”. En M. Brea & F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 1 (Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega/Universidade, 179-198).
- Gonçalves, Miguel (2002a): *A Interjeição em Português. Contributo para uma Abordagem em Semântica Discursiva* ([Lisboa]: Fundação Calouste Gulbenkian & Fundação para a Ciência e a Tecnologia).
- Gonçalves, Miguel (2002b): “O conceito de conector nos diversos estádios do sistema teórico de Ducrot e da sua equipa”. En I. M. Duarte, J. Barbosa, S. Matos & T. Hüsken: *Encontro Comemorativo dos 25 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Vol. 2 (Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, 203-216).
- Gonçalves, Miguel (2004): “Conectores opositivos e conectores de ruptura enunciativa do discurso: ‘or’, ‘ahora bien’ e ‘ora bem’”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 383-401).
- González Condom, Montserrat (2000): “Los marcadores del discurso como piezas del engranaje textual”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 565-580).

- González García, Luis & M^a Rosario Soto Arias (2000): “O Galego na produción de Emilia Pardo Bazán”. *Revista Galega de Filoloxía* 1, 97-155.
- Greasley, Peter (1994): “An investigation into the use of the particle *well*: Commentaries on a game of snooker”. *Journal of Pragmatics* 22, 477-494.
- Grice, Herbert Paul (1975): “Logic and conversation”. In P. Cole & J. L. Morgan (orgs.): *Syntax and Semantics 3: Speech Acts* (New York: Academic Press, 41-58).
- Guimarães, Eduardo (2002): *Texto e argumentação. Um estudo de conjunções do português* (Campinas: Pontes).
- Gutiérrez Ordóñez, Salvador (2002): *De pragmática y semántica* (Madrid: Arco Libros).
- Halliday, M. A. K. & Ruqaiya Hasan (1976): *Cohesion in English* (London: Longman).
- Hopper, Paul J. (1991): “On Some Principles of Grammaticalization”. En E. C. Traugott & B. Heine (eds.): *Approaches to grammaticalization* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, 17-35).
- Hopper, Paul J. & Elizabeth Closs Traugott (1993): *Grammaticalization* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Huber, Joseph (1986) [1933]: *Gramática do Português Antigo* (Lisboa: Calouste Gulbenkian).
- Instituto da Língua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II: *Morfoloxía non Verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Jucker, Andreas H. (1993): “The Discourse Marker *well*: A relevance-theoretical account”. *Journal of Pragmatics* 19, 435-452.
- Jucker, Andreas H. & Sara W. Smith (1998): “*And people just you know like ‘wow’*. Discourse Markers as Negotiating Strategies”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 171-201).
- Jucker, Andreas H. & Yael Ziv (1998): “Discourse markers: Introduction”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 1-12).
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual* (Vigo: Xerais).
- Koch, Ingedore G. Villaça (2002) [1984]: *Argumentação e Linguagem* (São Paulo: Cortez).
- Koch, Ingedore G. Villaça (1987): “Dificuldades na leitura/produção de textos: os conectores interfrásticos”. In M. Kirst & E. Clemente (org.): *Lingüística Aplicada ao Ensino de Português* (Porto Alegre: Mercado Aberto, 83-98).
- Koch, Ingedore G. Villaça (2001) [1989]: *A Coesão Textual* (São Paulo: Contexto).
- Koch, Ingedore G. Villaça (2003a) [1993]: *A inter-ação pela linguagem* (São Paulo: Contexto).

- Koch, Ingedore G. Villaça (2003b) [1997]: *O texto e a construção dos sentidos* (São Paulo: Contexto).
- Koch, Ingedore G. Villaça & Luiz Carlos Travaglia (2002a) [1989]: *Texto e Coerência* (São Paulo: Cortez).
- Koch, Ingedore G. Villaça & Luiz Carlos Travaglia (2002b) [1990]: *A Coerência Textual* (São Paulo: Contexto).
- Levinson, Stephen C. (1983): *Pragmatics* (Cambridge, New York, Melbourne: Cambridge University Press).
- Llorente Arcocha, María Teresa (1996): *Organizadores de la conversación. Operadores discursivos en español* (Salamanca: Publicaciones Universidad Pontificia/Caja Salamanca y Soria).
- Lopes, Ana Cristina Macário (2004): “De facto”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 417-429).
- López Varela, Elisardo (1998): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices*. Vol. 1 (A Coruña: Deputación Provincial).
- Lorenzo, Ramón (1975): *La traducción gallega de la Cronica General y de la Cronica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario II. Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’).
- Lugrís Freire, Manuel. (1931) [1922]: *Gramática do Idioma Galego* (A Coruña: Moret).
- Luria, A. R. (1980): *Lenguaje y pensamiento* (Barcelona: Fundamentos).
- Maia, Clarinda de Azevedo (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).
- Maingueneau, Dominique (1997) [1987]: *Novas Tendências em Análise do Discurso* (Campinas: Pontes).
- Maingueneau, Dominique (1996): *Pragmática para o discurso literario* (São Paulo: Martins Fontes).
- Marcuschi, Luiz Antônio (1983): *Lingüística de Texto: o que é e como se faz* (Recife: Universidade Federal de Pernambuco).
- Marcuschi, Luiz Antônio (2001) [1986]: *Análise da Conversação* (São Paulo: Ática).
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renascenza* (A Coruña: Universidade, Monografía 2 da Revista Galega de Filoloxía).
- Marques, Maria Aldina de Bessa Ferreira Rodrigues (2000): *Funcionamento do Discurso Político Parlamentar. A Organização Enunciativa no Debate da Interpelação ao Governo* (Braga: Universidade do Minho & Centro de Estudos Humanísticos).

- Marques, Maria Aldina (2002): “Conectores fálicos e construción da relación interlocutiva”. En I. M. Duarte, J. Barbosa, S. Matos & T. Hüsgen: *Encontro Comemorativo dos 25 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Vol. 2 (Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, 31-39).
- Marques, Maria Aldina (2004): “Outras vozes. Outros discursos”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 431-450).
- Martín Zorraquino, M^a Antonia (1994): “‘Bueno’ como operador pragmático en español actual”. En Alegría Alonso, Beatriz Garza & José A. Pascual (eds.): *II Encuentro de lingüistas y filólogos de España y México* (Salamanca: Junta de Castilla y León / Universidad de Salamanca, 403-412).
- Martín Zorraquino, M^a Antonia (1998): “Los marcadores del discurso desde el punto de vista gramatical”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 19-53).
- Martín Zorraquino, M^a Antonia & Estrella Montolío Durán (coords.) (1998): *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros).
- Martín Zorraquino, M^a Antonia & José Portolés Lázaro (1999): “Los marcadores del discurso”. En I. Bosque & V. Demonte (eds.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. 3 (Madrid: Espasa Calpe, 4051-4213).
- Mateo Rodríguez, José Eugenio (1996): “Los marcadores digresivos en español actual. Estudio especial de *por cierto*”. En M. Casado, A. Freire, J. E. López & J. I. Pérez (eds.): *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*. Vol. 2 (A Coruña: Universidade da Coruña, 531-552).
- Mateus, Maria Helena Mira, Ana Maria Brito, Inês Duarte & Isabel Hub Faria (2003) [1983]: *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Caminho).
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (1984): “*Pero e porém*: mudanças em curso na fase arcaica da língua portuguesa”. *Boletim de Filologia* 29, 129-152.
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Moeschler, Jacques (1985): *Argumentation et Conversation. Éléments pour une analyse pragmatique du discours* (Paris/Genève: Hatier-Crédif).
- Montolío Durán, Estrella (1998): “La teoría de la relevancia y el estudio de los marcadores discursivos”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 93-119).
- Montolío Durán, Estrella (2000): “Sobre el valor discursivo de la construcción causal [como A, B]”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 359-366).
- Montolío Durán, Estrella (2001): *Conectores de la lengua escrita* (Barcelona: Ariel).

- Montolío Durán, Estrella & Virginia Unamuno (2000): “El marcador del discurso *a ver* (catalan *a veure*) en la interacción profesor-alumno”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 603-620).
- Muniz da Cunha Moreno, Ana Lucilia (2000): “Algunas señales discursivas de acuerdo: *exacto, exactamente, así es, efectivamente*”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 621-631).
- Murillo Ornat, Silvia (2000): “Some Notes on the Informative Meaning of English Reformulatory Discourse Markers”. En P. Gallardo & E. Llorca (eds.): *Proceedings of the XXII International Conference of AEDEAN* (Lleida: Universitat de Lleida, 197-202).
- Nunes, José Joaquim (1989): *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa* (Lisboa: Clássica).
- Olivares Pardo, María Amparo (2001): “Marcadores de reformulación en francés y construcción de sentido”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 149-174.
- Oller Piqué, Anna (2000): “Una muestra de investigación en corpus orales informatizados: el *llavors (entonces)* coloquial”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 633-653).
- Padilla de Zerdán, Constanza (2001): “Configuraciones lingüísticas de las relaciones lógico-semánticas y pragmáticas: los conectores argumentativos”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 197-217.
- Pêcheux, M. (1997): “A Análise do Discurso: três épocas (1983)”. In F. Gadet & T. Hak (orgs.): *Por uma Análise Automática do Discurso: Uma introdução à obra de Michel Pêcheux* (Campinas: Editora da Unicamp, 3^a ed., 311-318).
- Pensado, José Luis (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Pereira, M. G. Dias (1995): “Marcadores discursivos em comunicações de congresso em lingüística”. En J. Heye (org.): *Flores verbais. Uma homenagem lingüística e literária para Eneida do Rego Monteiro Bomfim no seu 70º aniversário* (Rio de Janeiro: Editora 34, 41-61).
- Pinto, Rosalice (2004): “O ethos e a argumentação nos editoriais portugueses: um desvendar crítico”. En M. A. Marques, M. E. Pereira, R. Ramos & I. Ermida (org.): *Práticas de Investigação em Análise Lingüística do Discurso. Actas do II Encontro Internacional de Análise Lingüística do Discurso* (Braga: Universidade do Minho & Centro de Estudos Humanísticos, 113-135).

- Plantin, Christian (2004): “*Ad passionem*. Affects et logique dans l’argumentation”. En M. A. Marques, M. E. Pereira, R. Ramos & I. Ermida (org.): *Práticas de Investigação em Análise Linguística do Discurso. Actas do II Encontro Internacional de Análise Linguística do Discurso* (Braga: Universidade do Minho & Centro de Estudos Humanísticos, 163-179).
- Pons Bordería, Salvador (1998a): *Conexión y conectores. Estudio de su relación en el registro informal de la lengua* [= Cuadernos de Filología, Anejo XXVII] (València: Universitat de València).
- Pons Bordería, Salvador (1998b): “Oye y mira o los límites de la conexión”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 213-228).
- Pons Bordería, Salvador (2001): “Connectives/Discourse markers. An overview”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 219-243.
- Porroche Ballesteros, Margarita (1998): “Sobre algunos usos de *que*, *si* y *es que* como marcadores discursivos”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 229-242).
- Porroche Ballesteros, Margarita (2000): “Aspectos del uso de *ni* como marcador discursivo”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 669-681).
- Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana* (Santiago de Compostela: Universidade, Anexo 9 de Verba).
- Porto Rey, Francisco (2000): *Diccionario gallego-castellano* [Ed. a cargo de María Jesús Bugarín López e Begoña González Rei] (A Coruña: Real Academia Galega).
- Portolés, José (1989): “El conector argumentativo *pues*”. *Dicenda* 8, 117-132.
- Portolés, José (1993): “La distinción entre los conectores y otros marcadores del discurso en español”. *Verba* 20, 141-170.
- Portolés, José (1995): “Diferencias gramaticales y pragmáticas entre los conectores discursivos *pero*, *sin embargo* y *no obstante*”. *Boletín de la Real Academia Española* 75, 231-269.
- Portolés, José (1998a): “La teoría de la argumentación en la lengua y los marcadores del discurso”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 71-91).
- Portolés, José (1998b): “Dos pares de marcadores del discurso: *en cambio* y *por el contrario*, *en cualquier caso* y *en todo caso*”. En M. A. Martín Zorraquino & E. Montolío Durán (coords.): *Los marcadores del discurso: teoría y análisis* (Madrid: Arco Libros, 243-264).
- Portolés, José (1998c): “El concepto de *suficiencia argumentativa*”. *Signo y seña* 9, 199-224.

- Portolés, José (2000a): “El origen de los marcadores y la deixis discursiva”. En P. Carbonero, M. Casado & P. Gómez (eds.): *Lengua y discurso. Estudios dedicados al profesor Vidal Lamíquiz* (Madrid: Arco Libros, 773-782).
- Portolés, José (2000b): “El significado informativo de los marcadores del discurso”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 683-692).
- Portolés, José (2001) [1998]: *Marcadores del discurso* (Barcelona: Ariel).
- Portolés, José (2004): “Estudios de Lengua y Pragmática”. En M. A. Marques, M. E. Pereira, R. Ramos & I. Ermida (org.): *Práticas de Investigação em Análise Linguística do Discurso. Actas do II Encontro Internacional de Análise Linguística do Discurso* (Braga: Universidade do Minho & Centro de Estudos Humanísticos, 137-161).
- Portolés Lázaro, José & Ignacio Vázquez Orta (2000a): “The Use of *Hombre* as Discourse Marker of Politeness in Spanish and its Relationship to Equivalent Expressions in English”. En P. Gallardo & E. Llurda (eds.): *Proceedings of the XXII International Conference of AEDEAN* (Lleida: Universitat de Lleida, 215-220).
- Portolés Lázaro, José & Ignacio Vázquez Orta (2000b): “Mitigating or Compensatory Strategies in the expression of Politeness in Spanish and English? *Hombre/mujer* as Politeness Discourse Markers Revisited”. En M. P. Navarro, R. Lorés, S. Murillo & C. Buesa (eds.): *Transcultural Communication: Pragmalinguistic Aspects* (Zaragoza: Anubar, 219-226).
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (1995) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Vigo: RAG & ILG).
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (2003) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Vigo: RAG & ILG).
- Real Academia Gallega (1913): *Diccionario gallego-castellano* (Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer).
- Redeker, Gisela (1990): “Ideational and pragmatic markers of discourse structure”. *Journal of Pragmatics* 14, 367-381.
- Redeker, Gisela (1991): “Review article. Linguistic markers of discourse structure”. *Linguistics* 29, 1139-1172.
- Reyes, Graciela (1994) [1990]: *La pragmática lingüística. El estudio del uso del lenguaje* (Barcelona: Montesinos).
- Reyes, Graciela (2002) [1995]: *El abecé de la pragmática* (Madrid: Arco Libros).
- Rodís Martínez, María Xesús (1997): “Procesos de exemplificación no discurso”. *Cadernos de Lingua* 15, 119-140.
- Rodrigues, Isabel Maria Galhano (1998): *Sinais Conversacionais de Alternância de Vez* (Porto: Granito).

- Rodrigues, Isabel Galhano (2004): “Sinais verbais e não-verbais na estruturação do discurso - apartes”. En F. Oliveira & I. M. Duarte (org.): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras, 579-600).
- Rodríguez González, Eladio (1958-1960-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (3 vols.) (Vigo: Galaxia).
- Rodríguez Sousa, M^a Estrella (1979): “La adversatividad en español”. *Verba* 6, 235-312.
- Romero Trillo, Jesús (1997): “Your attention, please: Pragmatic mechanisms to obtain the addressee’s attention in English and Spanish conversations”. *Journal of Pragmatics* 28, 205-221.
- Rosales Sequeiros, Xosé (2005): *Current Issues in Galician Semantics and Pragmatics* (Muenchen: LINCOM).
- Rossari, Corinne (1997) [1994]: *Les opérations de reformulation. Analyse du processus et des marques dans une perspective contrastive français-italien* (Berna: Peter Lang).
- Rouchota, Villy (1996): “Discourse connectives: What do they link?”. *UCL Working Papers in Linguistics* 8, 199-212.
- Rouchota, Villy (1998): “Procedural Meaning and Parenthetical Discourse Markers”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.) (1998): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 97-126).
- Roulet, E. (1987): “Complétude interactive et connecteurs reformulatifs”. *Cahiers de Linguistique Française* 8, 111-140.
- Rubio Martínez, Juan Carlos (2000): “La polifuncionalidad de ‘si’ en español”. En J. J. de Bustos, P. Charaudeau, J. L. Girón, S. Iglesias & C. López (eds.): *Lengua, discurso, texto (I Simposio Internacional de Análisis del Discurso)*. Vol. 1 (Madrid: Visor, 415-431).
- Ruiz Gurillo, L. & S. Pons (1996): “Escalas morfológicas o escalas argumentativas”. *Español Actual* 64, 53-74.
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Salvador, Vicent (1998): “Concessivity and processes of grammaticalization: the case of the catalan connective *encara que*”. En J. L. Cifuentes Honrubia (ed.): *Estudios de Lingüística Cognitiva*. Vol. 2 (Alicante: Universidad de Alicante, 863-872).
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2002): “Arredor dos elementos décticos adverbiais representativos”. En X. A. Fernández Roca & M. J. Martínez López: *Vir bonus docendi peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco* (A Coruña: Facultade de Filoloxía / Universidade da Coruña, 407-417).
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición e estudo de J. L. Pensado (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Schiffrin, Deborah (1987): *Discourse markers* (Cambridge: Cambridge University Press).

- Schmidt-Radefeldt, Jürgen (1993): “Partículas discursivas e interaccionais no português e no espanhol em contraste com o alemão”. En J. Schmidt-Radefeldt (ed.): *Semiótica e linguística portuguesa e românica. Homenagem a José Herculano de Carvalho* (Tübingen: Gunter Narr, 63-78).
- Schourup, L. (1999): “Discourse markers”. *Lingua* 107, 227-265.
- Schwenter, Scott A. (1996): “Some reflections on *o sea*: A discourse marker in Spanish”. *Journal of Pragmatics* 25, 855-874.
- Schwenter, Scott A. (2000): “Lo relativo y lo absurdo de las partículas escalares *incluso y hasta*”. *Oralia* 3, 169-197.
- Schwenter, Scott A. (2001): “Additive particles and the construction of context”. *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 6, 245-262.
- Scotti-Rosin, Michael (1984): “Fórmulas interlocutórias no texto português”. In José G. Herculano de Carvalho & Jürgen Schmidt-Radefeldt (eds.): *Estudos de Linguística Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora, 195-212).
- Searle, John R. (1969): *Speech Acts* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Shloush, Shelley (1998): “A Unified Account of Hebrew *bikicur* ‘in short’: Relevance Theory and Discourse Structure Considerations”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 61-82).
- Silva, Giselle M. de Oliveira & Alzira Tavares de Macedo (1992): “Discourse markers in the spoken Portuguese of Rio de Janeiro”. *Language Variation and Change* 4, 235-249.
- Sperber, Dan & Deirdre Wilson (1986): *Relevance. Communication and Cognition* (Oxford: Basil Blackwell).
- Stenström, Anna-Brita (1998): “From Sentence to Discourse: *Cos (because)* in Teenage Talk”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 127-146).
- Taboada, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín* (Santiago de Compostela: Universidade, Anexo 15 de *Verba*).
- Takahara, Paul O. (1998): “Pragmatic Functions of the English Discourse Marker *anyway* and its Corresponding Contrastive Japanese Discourse Markers”. En A. H. Jucker & Y. Ziv (eds.): *Discourse Markers. Descriptions and Theory* (Amsterdam: John Benjamins, 327-351).
- Teyssier, Paul (1959): *La langue de Gil Vicente* (Paris: Librairie C. Klincksieck).
- Traugott, Elizabeth Closs (1989): “On the rise of epistemic meanings in English: an example of subjectification in semantic change”. *Language* 65, 31-55.
- Traugott, Elizabeth Closs (1995): “Subjectification in grammaticalisation”. En D. Stein & S. Wright (eds.): *Subjectivity and subjectivisation* (Cambridge: Cambridge University Press, 31-54).

- Traugott, Elizabeth Closs & Richard B. Dasher (2002): *Regularity in semantic change* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Traugott, Elizabeth Closs & Bernd Heine (1991): “Introduction”. En E. C. Traugott & B. Heine (eds.): *Approaches to grammaticalization* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, 1-14).
- Traugott, Elizabeth Closs & Ekkehard König (1991): “The Semantics-Pragmatics of Grammaticalization Revisited”. En E. C. Traugott & B. Heine (eds.): *Approaches to grammaticalization* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, 189-218).
- Turell, M. Teresa & Cristina Corcoll (2000): “The Effect of Individual, Pragmatic and Socio-Collective Factors in CS Directionality: The Case of Reformulation”. En P. Gallardo & E. Llorca (eds.): *Proceedings of the XXII International Conference of AEDEAN* (Lleida: Universitat de Lleida, 225-230).
- Valladares, Marcial (1970) [1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).
- Van de Voorde, Katrien (1992): “De deux à trois *mais*: essai de vérification des approches d’Anscombe et Ducrot et de Blumenthal”. *Travaux de Linguistique* 24, 57-80.
- Varela Cabezas, Rodrigo (1997): “Galeguismos en *La madre naturaleza*, de Emilia Pardo Bazán”. *Cadernos de Lingua* 16, 103-129.
- Vázquez Veiga, Nancy (1994/1995): “Una aproximación a algunos marcadores con función textual de ‘resumen’, ‘conclusión’ y ‘cierre’”. *Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 10, 349-390.
- Vázquez Veiga, Nancy & Cristina Fernández Bernárdez (1996): “Un caso de interferencia lingüística: la forma y *luego* en el castellano de Galicia”. En M. Casado, A. Freire, J. E. López & J. I. Pérez (eds.): *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*. Vol. 2 (A Coruña: Universidade da Coruña, 715-735).
- Vilela, Mário (1998): “Da palavra ao discurso: palavra-frase-discurso. Estrutura frásica e adverbais”. *Revista Portuguesa de Filologia* 22, 71-112.
- Vilela, Mário (1999): *Gramática da Língua Portuguesa* (Coimbra: Almedina).
- Vilela, Mário (2000): “Estereótipo e estereótipos na língua portuguesa actual”. *Revista Galega de Filoloxía* 1, 11-33.
- Vilela, Mário & Ingedore V. Koch (2001): *Gramática da Língua Portuguesa* (Coimbra: Almedina).
- Watts, Richard J. (1989): “Taking the pitcher to the ‘well’: Native speakers’ perception of their use of discourse markers in conversation”. *Journal of Pragmatics* 13, 203-237.
- Wilson, Deirdre & Dan Sperber (1993): “Linguistic form and relevance”. *Lingua* 90, 1-25.
- Yus Ramos, F. (1998): “A decade of relevance theory”. *Journal of Pragmatics* 20, 305-345.
- Zwicky, Arnold M. (1985): “Clitics and particles”. *Language* 61, 283-305.

Desenvolvimento das abreviaturas utilizadas para os textos

- Amado Carballo, OPV = Amado Carballo, Luis (1982): *Obras en prosa e verso* (Vigo: Castrelos).
- ANT = A Nosa Terra (Vigo: Promocións Culturais Galegas).
- Añón, CP = “Corpus poético de Añón”. En Bel Ortega, Fernando (1991): *Vida e obra de Francisco Añón* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 231-487).
- Armada, NME = Armada Teixeira, Ramón (1886): *¡Non máis emigración!* (Habana: Imprenta d’A Correspondenza de Cuba).
- Avelina Valladares, PEG = “Poemas en galego”. En Luna Sanmartín, Xosé (2000): *Ond’o sol facheaba ô amañecer. Vida e obra da cantora da Ulla Avelina Valladares Núñez* (A Estrada: Fouce, 93-110).
- Blanco-Amor, AE = Blanco-Amor, Eduardo (1978) [1959]: *A Esmorga* (Vigo: Galaxia).
- Blanco-Amor, XL = Blanco-Amor, Eduardo (1976) [1972]: *Xente ao lonxe* (Vigo: Galaxia).
- Boado, DLG = Boado Sánchez, Pedro (1823): *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. CUADERNO PRIMERO al cual seguirá el segundo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á los que comunmente se llaman derechos de estola y pie de Altar* (Orense: Oficina de D. Juan María de Pazos) [Hai unha 2ª ed. de 1841].
- Camino, PG = Camino, Alberto (1896): *Poesías gallegas* (Coruña: A. Martínez).
- Carré, RA = Carré Aldao, Eugenio (1898): *Rayolas* (A Cruña: Empreita e librería de E. Carré).
- Carvalho, SC = Carvalho Calero, Ricardo (1987): *Scórpio* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Castelao, Vello = R. Castelao, Alfonso (1953): *Os vellos non deben de namorarse* (Vigo: Galaxia).
- CLU = Centro de Estudos Fingoy (ed.) (1979) [1963]: *Contos populares da provincia de Lugo* (Vigo: Galaxia).
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reimpresión facsimilar da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego*. 3 Vols. (Madrid: Akal).

- Curros, *AMT* = Curros Enríquez, Manuel (1978) [reproducción facsimilar da edición de 1886]: *Aires d'a miña terra* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Curros, *DS* = Curros Enríquez, Manuel (1969) [1888]: *O divino sainete* (A Cruña: Edicións do Castro).
- DA* = (1836) *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso* (Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño).
- Dieste, *AFV* = Dieste, Rafael (1958) [1927]: *A fiesta valdeira. Comedia de remate ledado en tres lances, o derradeiro c'un respiro* (Buenos Aires: Citania).
- DL* = (1836) *Diálogo 2º En la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitoso y un Cura errante que toma parte en la conversación* (Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo).
- ESC* = Blanco, D. (ed.). (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 8. *Escolma de literatura popular galega* (Vigo: A Nosa Terra).
- Fandiño, *C* = Barreiro, X. R. / Tato, L. / Blanco, C. (eds.) (2000): Antonio Benito Fandiño, *A casamenteira* (Ourense: Linteo).
- Fernández y Morales, *EP* = Fernández y Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano, por el comandante de infantería e inspector provincial de estadística, D. Antonio Fernández y Morales* (León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñón).
- Fernández y Neyra, *PRG* = Fernández y Neyra, José (1984) [reproducción facsimilar da edición de 1810]: *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote* (Pontevedra: Bibliófilos Gallegos).
- Fole, *ALC* = Fole, Ánxel (1953): *Á lús do candil. Contos a carón do lume* (Vigo: Galaxia).
- G. Barros, *CPT* = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999): *Cos pés na Terra. Personalidade e obra inédita ou esquecida de Manuel García Barros* (A Estrada: Fouce).
- G. Barros, *CT* = García Barros, Manuel (1952) [1931]: *Contiños da Terra* (Buenos Aires: Talleres Caporaletti Hnos.).
- G. Cuevas & Caruncho, *M* = García Cuevas, Francisco & Caruncho, Ricardo (1897): *Maruxiña. Comedia en tres actos y en prosa* (Madrid: Hijos de A. Gullón).
- G. Ferreiro, *LG* = García Ferreiro, Alberto (1891): *Leenda de groria (poema)* (Ourense: Imprenta La Popular).
- Gonsar, *CTS* = Gonsar, Camilo (1980): *Cara a Times Square* (Vigo: Galaxia).
- Lamas Carvajal, *OLX* = García Negro, María Pilar / Gómez, Anxo / Queixas, Mercedes (ed.) (1996): Lamas Carvajal, Valentín, *A Nosa Literatura*. Vol. 15. *Obra literaria e xornalística. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Lamas Carvajal, *PG* = García Negro, María Pilar (ed.) (1998): Lamas Carvajal, Valentín, *Poesía galega* (Sada-A Coruña: O Castro).

- LFF* = García Negro, María Pilar / Gómez Sánchez, Anxo / Rodríguez Sánchez, Francisco (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 12. *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX* (Vigo: A Nosa Terra).
- LGPR* = García Negro, María Pilar / Gómez Sánchez, Anxo (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 9. *A literatura galega do pre-renacemento (1808-1863)* (Vigo: A Nosa Terra).
- Lois, *ES* = Lois Estévez, Roxelio (1894): *Estrugas* (Pontevedra: Tip. de la V. de J. A. Antunez).
- López Ferreiro, *Castelo* = López Ferreiro, Antonio (1895): *O castelo de Pambre* (Santiago de Compostela: El Pensamiento Gallego / Alende).
- López Ferreiro, *Niño* = López Ferreiro, Antonio (1905): *O niño de pombas* (Santiago de Compostela: Tip. Galáica).
- López Ferreiro, *Tecedeira* = López Ferreiro, Antonio (1895) [1894]: *A tecedeira de Bonaval* (Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- Losada, *PO* = Losada, Benito (1878): *Poesías* (Coruña: Imprenta de D. Domingo Puga).
- Losada, *SV* = Losada, Benito (1886): *Soazes d'un vello. Poesías gallegas* (A Coruña: Latorre y Martínez).
- Manteiga, *TG* = Tato, Laura (ed.) (2003): Manteiga, Luís, *Teatro galego* (Sada-A Coruña: O Castro).
- Mirás, *CGG-C* = Mirás, Francisco (1978) [Reproducción facsimilada da edición de 1864]: *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Madrid: Akal).
- Noriega, *LF* = Noriega Varela, Antonio (1899): *Leite fresco* (Luarca: Imp. de Ramiro P. del Río).
- Noriega, *RU* = Noriega Varela, Antonio (1895): *De ruada* (Luarca: Imp. de Rollán y Compañía).
- Noriega, *OC* = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1994): Antonio Noriega Varela. *Estudio e edición da obra completa*. Vols. I e II (Lugo: Deputación Provincial).
- Otero, *LA* = Otero Pedrayo, Ramón (1928): *A lagarada* (A Cruña: Nós).
- Pérez Placer, *CR* = Pérez Placer, Heraclio (1887): *Cantares premeados n-o certame d'Ourense* (Santiago: Librería de José Galí).
- Pintos, *GG* = Pintos, Xoán Manuel (1981) [reproducción facsimilada da edición de 1853]: *A gaita gallega tocada polo gaitero, ou sea, Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda mais* (A Coruña: La Voz de Galicia).

- PLM* = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 5. *Antoloxía da prosa literaria medieval* (Vigo: A Nosa Terra).
- Pondal, *QP* = Ferreiro, Manuel (ed.) (1995): Eduardo Pondal, *Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PPR* = Gómez, Anxo / Lourenzo, M. / Obelleiro, Luis / Tato, Laura (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 10. *A prosa do Primeiro Renacemento* (Vigo: A Nosa Terra).
- Quintanilla, *DO* = Tato, Laura (ed.) (1997): Quintanilla, Xaime (1997), *Donosiña* (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor).
- REG* = López Navia, Santiago Alfonso (ed.) (1992): *O Repertorio Galego dos Refranes o Proverbios en Romance do Comendador Hernán Núñez (1555)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Risco, *BU* = Risco, Vicente (1928): *O bufón d'el-rei* (A Cruña: Nós).
- Risco, *PDP* = Risco, Vicente (1979) [1972]: *O porco de pé* (Vigo: Galaxia).
- Rodríguez González, *FO* = Rodríguez González, Eladio (1894): *Folerpas* (Coruña: Andrés Martínez).
- Rosalía, *CG* = Pociña, A. / López, A. (eds.) (1993) [1992]: Rosalía de Castro, *Poesía galega completa I. Cantares gallegos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Rosalía, *FN* = Castro, Rosalía de (1982) [reproducción facsimilada da edición de 1880]: *Follas novas. Versos en gallego precedidos de un prólogo por Emilio Castelar* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Real Academia Galega).
- Sarmiento, *C* = Mariño Paz, Ramón (ed.) (1995): Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vin-tecatro galegos rústicos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- S. de Toro, *CD* = Toro, Suso de (1984): *Caixón desastre* (Santiago de Compostela: Universidade).
- S. de Toro, *ET* = Toro, Suso de (2004): *Españois todos* (Vigo: Xerais).
- SEI* = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Sende, *OR* = Sende, Séchu (2004): *Orixe* (Vigo: Galaxia).
- ST* = (1836) Núm.2º. *Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los Consabidos Farruco, Pepe, Andruco, Catuxâ, y un Abad recién llegado* (Santiago: Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo).
- Taxes, *CA* = Taxes, Francisco (2004): *Casta i Albito* (A Coruña: Biblos).
- TP* = (1836) *La Tertulia de Picaños, Patria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de várias Cofradías, con voto decisivo en ellas, &., Individuos que asisten a ella: Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, e Catuxâ* ([Santiago]: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo).

- TQ* = (1820) *La Tertulia en la Quintana, ó Dialogo entre Andruco, Xâcôbe è Alberte el día de Corpus* (Santiago: Imprenta de D. Manuel Antonio Rey).
- Vaamonde, *COA* = Vaamonde, Florencio (1986) [reproducción facsimilar das edicións de 1894 e 1897]: *Os calaicos / Odas de Anacreonte* (Sada-A Coruña: O Castro).

ESTA OBRA
SAÍU DO PRELO
DE LUGAMI EN BETANZOS
O DÍA
12 DE DECEMBRO DE 2005



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

Outras publicacións:

Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA. (Edición de Laura Tato).
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR. (Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet).
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE. (Edición de Emílio Xosé Ínsua López).
4. Oscar Wilde: ERNEST. (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero).
5. Aristóteles: POÉTICA. (Edición bilingüe de Fernando Muñoz).
6. Hildegard de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES. (Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz).
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (TRES TEXTOS DRAMÁTICOS). (Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei).
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS. (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet).
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996).
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS. (Edición bilingüe de Xesús González Gómez).
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO. (Edición de Laura Tato).
12. António Ferreira: CASTRO. (Edición de María Rosa Álvarez Sellers).
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA. (Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz).
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS. (Edición bilingüe de Xesús González Gómez).
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I.
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO. (Edición bilingüe de Xesús González Gómez).
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA E MARÍA PITA*.
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS. (Edición bilingüe de Xesús González Gómez).
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO. (Edição de Juan M. Carrasco González).
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei).
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edição de Maria Aparecida Ribeiro).
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edição de Eisenhower Moreno).
23. Joan Guasp: O VENDEADOR DE AMENDOÍNS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez).
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro).
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. *ESBOÇOS TEATRAIS NO CANCIONEIRO GERAL* DE GARCIA DE RESENDE.
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO.
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL.
28. Francisco Gomes de Amorim: FIGADOS DE TIGRE (Edição de Carme Fernández Pérez-Sanjulián).
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES (Edição de Xoán Carlos Lagares).
30. Manuel María: EDIPO (Edición de Miguel A. Mato Fondo).
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANO. (Edición bilingüe de Ana Luna Alonso).

32. Manuel Lourenzo: INSOMNES.
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontañá).
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL.
35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TEATRO BREVE.
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO SÉCULO XX.
37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE.
38. Xesús Pisón: NOITE INVADIDA.
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÊS: ESTRUTURA E TRANSVERSALIDADE.
40. Afonso Becerra de Becerreá: O RITMO NA DRAMATURXIA.
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (Edición de Silvana Castro García).
42. Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata: QUE (NON) É O TEATRO?

Serie “Clásicos e Modernos”

Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

1. CLÁSICOS E MODERNOS / 1 (1999). Xosé Luís Méndez Ferrín (Álvaro Cunqueiro), Pilar Pallarés (Manuel Antonio) e Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Celso Emilio Ferreiro).
2. CLÁSICOS E MODERNOS / 2 (2000). Manuel María (Ánxel Fole), Xosé Manuel Martínez Oca (Castelao), Xosé Carlos Caneiro (Otero Pedrayo) e María Xosé Queizán (Blanco Amor).

Actas

CASTELAO NA GALIZA DO SÉCULO XX (2000). En colaboración coa ASPG.

RICARDO CALVALHO CALERO, MEMORIA DO SÉCULO. En colaboración coa ASPG.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 1.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 2.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 3.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 4.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 5.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 6.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA. MONOGRAFÍA 1. Xosé Manuel Sánchez Rei:
OS PRONOMES DEMOSTRATIVOS: DO LATÍN AO GALEGO CONTEMPORÁNEO.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA. MONOGRAFÍA 2. Ramón Mariño Paz:
O IDIOMA GALEGO NO LIMAR DA SÚA RENACENZA.

